

MATERIAIS LINGÜÍSTICOS

Gómez Guinovart, Xavier

Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán: baleirado terminolóxico documentado no Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo / Xavier Gómez Guinovart, Ánxeles Torres Padín

Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, D.L. 2005

540 p. ; 24 cm. – (Materiais lingüísticos; 8)

D.L. C-219-2005 – I.S.B.N. 84-8158-282-4

1. Galego (Lingua) – Galego xurídico 2. Español (Lingua) – Español xurídico I. Torres Padín, Ánxeles II. Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, ed. 806.99-3:34

Edición:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Reitoría da Universidade de Vigo

r/ O Porto, 1

36201 Vigo

Tel. 986 813574

Fax: 986 813559

© Xavier Gómez Guinovart, Ánxeles Torres Padín

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2004

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2004

Printed in Spain - Impreso en España

I.S.B.N. 84-8158-282-4

Depósito Legal: C-219-2005

Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación SL

Imprime: Plana Artes Gráficas, S.L.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos

VOCABULARIO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO GALEGO-CASTELÁN

Baleirado terminolóxico documentado
no Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo

Xavier Gómez Guinovart
Ánxeles Torres Padín



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Índice

1. PRESENTACIÓN (ANXO M. LORENZO SUÁREZ)	5
2. LIMIAR (XERMÁN GARCÍA CANCELA)	6
3. INTRODUCCIÓN (XAVIER GÓMEZ GUINOVART)	11
4. ABREVIATURAS	14
5. VOCABULARIO GALEGO-CASTELÁN	16
6. ÍNDICE CASTELÁN-GALEGO	519

Presentación

A Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo continúa a promover a elaboración de materiais lingüísticos xerais e especializados, e a súa difusión entre a comunidade universitaria e entre os especialistas e interesados en cada ámbito de coñecemento específico.

A estas alturas do proceso de institucionalización do idioma galego, unha tarefa totalmente necesaria é a de presentar materiais que mostren os usos e as tendencias lingüísticas neses ámbitos específicos. Sen dúbida o ámbito xurídico-administrativo é un deses recantos da nosa sociedade onde a lingua galega transitou en poucos anos da nada case completa a contar na actualidade cun corpus de materiais, de moi diferentes clases, moi estimable. É precisamente este un dos aspectos máis salientables do vocabulario xurídico-administrativo que aquí presentamos: a selección de entradas procede dun corpus lingüístico real que os autores do vocabulario recompilaron e sistematizaron.

En consecuencia, non podo deixar de agradecer explicitamente nesta presentación, no nome da Universidade de Vigo, o labor do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo, encabezado polo seu responsable, Xavier Gómez Guinovart, e a Ánxeles Torres Padín, como coautora deste vocabulario. Este proxecto e outros que neste momento están en vías de realización van facer mudar nos próximos anos o coñecemento que temos do corpus da lingua galega e van achegar novas aplicacións e ferramentas baseadas no que temos e no que aprendemos dos ditos corpus. Este tipo de iniciativas merecen o recoñecemento e os parabéns de todos e todas os que nos dedicamos ás actividades de promoción da lingua galega.

*Anxo M. Lorenzo Suárez
Director da Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo*

EN DECEMBRO (na súa portada, reza *Nadal*) de 1978 vía a luz o número 0 do *Boletín Oficial da Xunta de Galicia*, precedente do que catro anos máis tarde, en 1982, se convertería no actual *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Estamos nos inicios da preautonomía e tamén nos inicios dunha publicación que, nos vinteseis anos seguintes, en canto que medio de difusión das normas emanadas do poder autonómico, se acabou transformando en importante reflexo do desenvolvemento na nosa lingua da variedade xurídico-administrativa. Nestes anos, son milleiros as páxinas redactadas en galego para expresar uns contidos xurídico-administrativos que tradicionalmente se asociaban entre nós exclusivamente ao castelán.

Ben é certo que a expresión en lingua galega das normas emanadas do novo poder autonómico non se pode cualificar de orixinal, por canto xurdiu dunha formulación que fixo da tradución o mecanismo obrigado, para o que se organizaron estruturas administrativas inicialmente e aínda agora chamadas, precisamente, servizos de tradución, nas principais institucións de autogoberno¹.

De feito, o boletín de que estamos a falar nace cunha expresión nas dúas linguas, co mecanismo da dobre columna, afortunadamente superado en 1984, a partir do mes de xullo, en que se edita en versións separadas. Deste xeito, e sendo ademais a versión galega a de maior tiraxe, deuse un paso moi importante, ao converter o galego na única lingua de redacción das normas para a gran maioría de subscritores e lectores do DOG, co que iso significa no labor de implantación da variedade xurídico-administrativa e no prestixio para o galego.

De por parte, malia a pexa de a lingua normativa se fixar inicialmente sobre o modelo do castelán, pouco e pouco e seguindo o mesmo camiño ca o trazado

¹ Concretamente, o Servizo de Tradución da Xunta de Galicia está inserto na estrutura orgánica da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Ten encomendadas, entre outras, funcións como “os traballos de tradución, do castelán para o galego e do galego para o castelán, e de revisión lingüística das disposicións e textos que se publiquen no Diario Oficial de Galicia” e de “tradución das disposicións que se publiquen na versión en lingua galega do Boletín Oficial del Estado”, para o cal “realizará traballos de investigación lingüística dirixidos a incorporar á lingua galega novos rexistros para a creación e fixación dun estilo administrativo e dunha terminoloxía específica que comprenda os campos máis diversos” (formulación recollida na última modificación efectuada no organigrama da consellería polo Decreto 255/2003, DOG do 16.05.2003).

para o proceso de fixación do corpus da lingua xeral, o galego xurídico foi gañando en orixinalidade, coa achega de recursos xenuínos fronte ao arquetipo do castelán. E non tanto, se cadra, no eido do léxico e da terminoloxía, onde a marxe para a orixinalidade é máis escasa, senón no do estilo. Aquí, e ben se pode comprobar na evolución seguida nestes vinteseis anos, os servizos lingüísticos fixeron un esforzo considerable de superación do modelo castelán, caracterizado por unha linguaxe tradicionalmente ampulosa e complicada, arredada dos usos comúns, inzada de arcaísmos, de maiúsculas e de reverencias (nestes primeiros anos aínda afloraban con frecuencia os tratamentos protocolarios, os *Dios guarde a V.I.*, os *SUPLICA a V.I. tenga a bien conceder*, que tanto marcan o estilo decimonónico da linguaxe da administración española).

Na superación deste modelo cómpre non esquecer as iniciativas xurdidas d arredor da Sección de Linguaxe Administrativa do Instituto da Lingua Galega nin as promovidas, entre outros, pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia. En xornadas organizadas en 1983 xa se debatían aspectos da configuración do estilo administrativo, partindo de iniciativas anovadoras emprendidas máis nas emerxentes administracións autonómicas con lingua propia (Cataluña, País Vasco, Illas Baleares, Galicia, etc.) ca na propia Administración central.

E de reunións celebradas por eses anos na devandita sección do ILG saíron moitas das propostas que co tempo acabaron callando en cuestións como a supresión dos tratamentos protocolarios nos documentos de trámite, a eliminación da maiúscula inicial en moitos contextos habitualmente tendentes a este uso, a preferencia pola voz activa fronte á voz pasiva, a preferencia pola frase curta fronte á frase longa e mal construída e tantas outras que se foron trasladando á redacción normativa. As recomendacións aplicadas nos servizos lingüísticos trasladáronse tamén a publicacións como o *Manual de linguaxe administrativa*, editado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en 1991, e ás actividades formativas organizadas por esta institución nos cursos de linguaxe administrativa para o funcionariado das distintas administracións².

2 A EGAP, creada sen personalidade xurídica propia en 1982, constitúese coa configuración actual por unha lei de 1987. Entre os seus fins estatutarios figuran “a difusión e a normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.” Ademais do labor docente e da edición do Manual de linguaxe administrativa, ten elaborado outros materiais e feito achegas teóricas de interese, entre as que citamos: GONZÁLEZ NAVARRO, F., *A linguaxe do poder*, Santiago de Compostela, EGAP, 1992; VEGA LORENZO, M., *O poder que nos fala*, Santiago de Compostela, EGAP, 1995; e GALANES SANTOS, I., *A lingua galega do dereito. Unha achega á súa definición e calidade a partir da traducción xurídica en Galicia*, Santiago de Compostela, EGAP, 2001.

Tamén no aspecto léxico e terminolóxico se fixeron nos primeiros anos apostas de superación do modelo castelán, ben é certo que non da forma sistemática e planificada que cumpriría pero, ao menos, apuntando algunhas das direccións que sen dúbida deben tomarse para a configuración dunha terminoloxía xurídica e técnica en galego enraizada na tradición e configurada sobre bases orixinais: aproveitamento da riqueza dialectal e de formas medievais; ampliación semántica de palabras da lingua común; creación neolóxica cos mecanismos de formación de palabras aplicados historicamente para o enriquecemento do acervo léxico; acomodación ás solucións maioritarias das linguas da nosa contorna, sobre todo do portugués, fronte ao modelo exclusivo do castelán, etc.

A comparación dos textos iniciais recollidos nos boletíns oficiais dos primeiros momentos permite constatar que, fronte aos calcos deses primeiros momentos, foron de a pouco xurdindo acuñacións terminolóxicas hoxe en plena circulación entre os redactores das normas, os especialistas e o usuario da lingua en xeral. Así, os *axuntamento*, *creto*, *invertir*, *inversión*, *pliego de condicións*, *regramento*, *turno*, *vacuna* e *vía de apremio* deron en *concello*, *crédito*, *invertir*, *investimento*, *prego de condicións*, *regulamento*, *quenda*, *vacina* e *vía de constrinximento* da man, non poucas veces, das propostas elaboradas desde os servizos lingüísticos oficiais. Algunhas das propostas chegaron a sorprender inicialmente os redactores das normas pero co tempo a sorpresa mudou en hábito e hoxe ninguén se asombra de ver utilizadas estas voces non só na lingua da administración senón en todos os ámbitos de uso.

Polo medio, ademais do crecemento en número de páxinas do DOG –nos últimos anos, máis de 16.000 páxinas cada ano– vinculado ao incremento das competencias da Administración autonómica, outras iniciativas viñéronse sumar ao arrenqueamento da literatura xurídica en lingua galega: a tradución de importantes códigos e leis administrativas, nomeadamente o Código civil e penal en 1984; a edición en lingua galega do BOE, froito dun acordo da Administración central e dun convenio coa Xunta de Galicia, desde 1998; ou a edición en lingua galega por parte do BOE da súa colección de textos legais, con catro volumes xa editados e outros tantos en preparación.

Que agora, ao cabo de máis de vinte anos de produción ininterrompida de textos de especialidade na nosa lingua, con base precisamente neles se elabore un vocabulario coma este, non pode ser máis ca motivo de felicitación. Persoalmente, sempre desexei que o importante corpus que constitúen os milleiros de textos inseridos no DOG en todos estes anos servisen para a elaboración de traballos especializados que inclúisen, coma neste caso, unha recompilación das formas acuñadas e en circulación, cos contextos de uso; reflexións teóricas da parte dos terminólogos sobre os procedementos aplicados para a fixación

terminolóxica e propostas de (re)elaboración da terminoloxía con base nunha metodoloxía ben construída, na liña de traballo emprendida pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega³; ou traballos sistemáticos coma os emprendidos polo *Proxecto Com-Forma*⁴.

Unha ollada aos termos incluídos nesta publicación, cos contextos en que foron empregados, permítenos a un tempo observar a tendencia seguida na fixación terminolóxica ata o momento e apuntar algunhas liñas de traballo para o futuro.

Así, vemos que nunha porcentaxe moi elevada, a terminoloxía xurídico-administrativa, polo seu carácter culto, non presenta dificultades de adaptación ao galego, pois ofrece un grao de equivalencia formal e semántica elevada coas linguas próximas (*amortización, apud acta, avocar, beneficiario, casación, caución, compulsión, irrogar, laudo, pro indiviso*). Aínda así, termos que en aparencia non son discutibles si que merecen unha revisión (*actor/autor; axuízamento/xulgamento/procesamento; plus/complemento/gratificación*, por exemplo).

Por outra banda, a exploración da vía medieval ten dado algúns froitos moi interesantes (*a pedimento de, axuda de custo, constrinximento, danos e perdas, desafiuzamento, soar*). Cumpriría afondar nesta liña, aínda sabedores das limitacións inherentes ao traslado sen máis de formas medievais que expresan conceptos dun mundo xurídico moi afastado do actual.

Tamén merece unha exploración máis profunda a vía da extensión semántica de termos da lingua común, xa testada en casos significados (*avinza, poxa, quenda, etc.*).

A constante confrontación dos termos acordados para o galego coas solucións consolidadas nas linguas próximas, en especial no portugués, ten demostrado a súa validez para superar o calco sen máis do castelán (*alínea, casamento, investir, orzamento, validación*). No terreo do léxico xurídico-administrativo, e do técnico e científico en xeral, non hai dúbida ningunha da necesidade de apelar constantemente ao principio de harmonía co resto das linguas románicas e co portugués, en particular.

Insisto en que necesitamos liñas metodolóxicas precisas e ben elaboradas. Pero como paso previo, traballos coma o presente son, ao meu ver, imprescindibles

3 Dentro desta sección, a Comisión Técnica de Linguaxes de Especialidade, en que se integran persoas que desenvolven o seu labor en servizos lingüísticos, promoveu a elaboración de metodoloxías para o traballo terminográfico puntual e sistemático. A primeira delas, xa editada (RODRÍGUEZ RÍO, X.A., *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*, Santiago de Compostela, CCG, 2003), é unha boa mostra da necesidade de abordar a fixación da terminoloxía con criterios rigorosos e fiables.

4 É un proxecto de compilación e formalización do galego de uso xurídico, na definición dos seus promotores. Pode atoparse información sobre el na páxina de internet <http://club.telepolis.com/conforma/>.



para termos unha perspectiva o máis exacta posible do terreo en que nos move-mos. De feito, entendo que, alén do baleirado da terminoloxía de corte máis xurídico-administrativo, sería de moita utilidade elaborar vocabularios do tipo do presente que, con base en toda a produción textual dos últimos anos, abran-gan tamén outras áreas de especialización. O camiño está ben encetado.

*Xermán García Cancela
Xefe do Servizo de Tradución
Consellaría da Presidencia
Xunta de Galicia*

Introdución

ESTE VOCABULARIO bilingüe galego-castelán da linguaxe xurídico-administrativa é resultado da investigación sobre lingüística de corpus do galego que se desenvolve no Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo (<http://webs.uvigo.es/sli/>), actualmente centrada na construción e procesamento do Corpus CLUVI (Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo)⁵.

O Corpus CLUVI é un corpus textual aberto de rexistros especializados de lingua galega contemporánea. No seu estado actual de desenvolvemento, os textos da sección principal do CLUVI pertencen a cinco rexistros especializados (dos ámbitos xurídico-administrativo, xornalístico, informático, literario e de divulgación científica) e a cinco combinacións lingüísticas en relación ao galego (monolingüe galego, tradución galego-castelán, tradución francés-galego, tradución inglés-galego e tradución inglés-galego-francés-castelán), e posúen unha extensión total aproximada de 8 millóns de palabras. Os textos do CLUVI están distribuídos en seis subcorpus, cada un deles de máis dun millón de palabras: o corpus paralelo TECTRA de textos literarios inglés-galego, o corpus paralelo FECA de textos literarios francés-galego, o corpus paralelo LEGA de textos xurídico-administrativos galego-castelán (fonte deste Vocabulario), o corpus paralelo de *O Correo da Unesco* de textos de divulgación científica inglés-galego-francés-castelán, o corpus monolingüe XIGA de textos sobre informática en galego e o corpus monolingüe MEGA de linguaxe dos medios de comunicación social.

A consulta pública dos corpus paralelos do CLUVI faise a través dunha interface web deseñada polo SLI e dispoñíbel no enderezo <http://sli.uvigo.es/CLUVI/>. Esta utilidade permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras illadas ou de secuencias de palabras, e observar as equivalencias plurilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso en traducións reais e

⁵ A investigación sobre o Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo está financiada pola Xunta de Galicia, dentro do proxecto “Estudo e adquisición de recursos básicos de lingüística computacional do galego para a elaboración e mellora de aplicacións informáticas de tecnoloxía lingüística” (ref. PGIDT01TICCO6E); e mais polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (MCYT) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do proxecto “Procesamiento lingüístico-computacional del Corpus Lingüístico de la Universidad de Vigo (CLUVI)” (ref. BFF2002-01385), proxecto cofinanciado pola Dirección Xeral de I+D da Xunta de Galicia e pola Universidade de Vigo.

documentadas. O número de obras aliñadas e os pares de linguas dispoñíbeis na páxina web aumentan con regularidade, xa que o CLUVI é un proxecto académico de investigación en curso de grande vitalidade. Arestora, as páxinas do Corpus Paralelo CLUVI permiten consultar, alén dos catro corpus paralelos de máis entidade (TECTRA inglés-galego, FEGA francés-galego, LEGA galego-castelán e *O Correo da Unesco* inglés-galego-francés-castelán), outros corpus paralelos menores en fase de desenvolvemento, entre os que cómpre salientar o corpus paralelo VEIGA de subtítulo cinematográfico inglés-galego e o corpus paralelo EGAL de textos de economía galego-castelán.

A compilación do Corpus CLUVI por parte do SLI ten como obxectivo principal a súa utilización como material de referencia e estudo en diferentes actividades académicas de investigación, dentro das que se enmarca a elaboración de repertorios léxicos especializados e de repertorios de equivalencias de tradución bilingües inglés-galego, francés-galego e galego-castelán. No eido do traballo terminolóxico, a consulta pública a través de internet do Corpus CLUVI fornece unha ferramenta que permite coñecer o uso real do galego escrito en diversos usos técnicos ou especializados para, a partir desta constatación, se cadra, poder realizar propostas terminolóxicas normativas axustadas á realidade lingüística plasmada nos textos. Por outra banda, o Corpus CLUVI, tamén debe abrir a porta a investigacións lingüísticas fundamentadas sobre o uso social das propostas terminolóxicas, xa que a través dos textos é posible observar de maneira empírica a dirección da selección léxica, isto é, as vacilacións e preferencias actuais nos usos terminolóxicos na lingua galega escrita contemporánea.

O *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán* que aquí presentamos é un repertorio terminolóxico bilingüe do léxico da administración pública documentado no CLUVI. Todos os termos bilingües incluídos no glosario aparecen documentados nalgún dos textos (boletíns oficiais e corpo lexislativo) que forman parte do corpus paralelo xurídico-administrativo LEGA de dous millóns de palabras integrante do CLUVI. O propósito primeiro do glosario é descritivo: trátase de ilustrar o uso real da linguaxe neste ámbito específico de comunicación, e mais de amosar cales son as equivalencias entre o galego e o castelán empregadas efectivamente nesta especialidade da tradución. Con este obxectivo, todas as traducións incluídas no glosario van acompañadas dun exemplo (orixinal e tradución) tirado do corpus. Nos exemplos indícase a súa fonte mediante un sistema de cita comprimida formado pola abreviatura da obra na que aparece o exemplo, seguida dun número entre parénteses que indica o número da súa unidade de tradución no CLUVI (un concepto técnico da traductoloxía que coincide, aproximadamente, co número da frase no texto).

Malia o seu carácter prioritariamente descritivo, e xa que logo non prescricional, este *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán* pode ser utilizado

tamén como obra de consulta lexicográfica, do mesmo xeito no que se empregan habitualmente os repertorios terminolóxicos. A razón é evidente: as persoas que realizaron as traducións entre o galego e o castelán das leis e boletíns oficiais recompilados no CLUVI son profesionais que merecen toda a nosa admiración e respecto, de maneira que as súas escollas terminolóxicas posúen, nun certo senso, o valor que lles outorga a autoridade lingüística derivada do seu coñecemento e da súa actividade. Para facilitar o manexo deste *Vocabulario xurídico-administrativo galego-castelán* a xeito de dicionario bidireccional (galego-castelán e castelán-galego), incluímos nas últimas páxinas un índice inverso castelán-galego que contén unha listaxe de todos os termos en castelán seguidos dun número que remite ao número da entrada no índice principal galego-castelán.

A autora e o autor desta obra son, e non pode ser doutro modo, as responsábeis fundamentais dos seus acertos e desacertos. Porén, queremos deixar aquí constancia do noso agradecemento a Alberto Álvarez Lugrís, Eva Díaz Rodríguez, Xosé María Gómez Clemente, Santiago González Lopo e Elena Sacau Fontenla, polas súas contribucións científicas e humanas ao proxecto do CLUVI ao longo destes últimos anos; a Xermán García Cancela, Xefe do Servizo de Tradución da Consellaría da Presidencia da Xunta de Galicia, polo seu apoio persoal e axuda inestimábel; e ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e ao seu Director, Anxo M. Lorenzo Suárez, pola confianza depositada desde o inicio no noso traballo.

*Xavier Gómez Guinovart
Seminario de Lingüística Informática
Universidade de Vigo*

4

Abreviaturas

Indicacións gramaticais

adv.	adverbio
adx.	adxectivo
com.	común
conx.	conxunción
f.	feminino
i.	intransitivo
lat.	latín
loc.	locución
m.	masculino
p.	pronominal
part.	participio
pl.	plural
prep.	preposición
s.	substantivo
t.	transitivo
v.	verbo

Linguas

GL	galego
ES	castelán

Fontes

CAL	Lei Orgánica de Calidade da Educación, 23/12/2002
CIV	Lei de Axuízamento Civil, 7/1/2000
CON	Constitución Española, 27/12/1978
D01	Diario Oficial de Galicia, 3/1/2000
D02	Diario Oficial de Galicia, 4/1/2000
D03	Diario Oficial de Galicia, 5/1/2000
D04	Diario Oficial de Galicia, 7/1/2000

D05	Diario Oficial de Galicia, 10/1/2000
D06	Diario Oficial de Galicia, 11/1/2000
D07	Diario Oficial de Galicia, 12/1/2000
D08	Diario Oficial de Galicia, 13/1/2000
D09	Diario Oficial de Galicia, 14/1/2000
D10	Diario Oficial de Galicia, 17/1/2000
D11	Diario Oficial de Galicia, 6/7/2004
D12	Diario Oficial de Galicia, 12/7/2004
D13	Diario Oficial de Galicia, 14/7/2004
D14	Diario Oficial de Galicia, 22/7/2004
D15	Diario Oficial de Galicia, 10/8/2004
D16	Diario Oficial de Galicia, 13/8/2004
D17	Diario Oficial de Galicia, 20/8/2004
D18	Diario Oficial de Galicia, 26/8/2004
D19	Diario Oficial de Galicia, 7/9/2004
D20	Diario Oficial de Galicia, 9/9/2004
D21	Diario Oficial de Galicia, 10/9/2004
EST	Estatuto de Galicia, 6/4/1981
LOU	Lei Orgánica de Universidades, 21/12/2001
LPM	Lei de Pesca Marítima do Estado, 26/3/2001

5

Vocabulario

A

1

á alza [loc. adv.]

ES *al alza*

GL O tipo de licitación fíxase en 30.000.000 de ptas. e poderá ser mellorado **á alza**.

ES El tipo de licitación se fija e 30.000.000 de ptas. y podrá ser mejorado **al alza**.
[Fonte: D02 (2615)]

2

a cargo de [loc. prep.]

ES *a cargo de*

GL Os gastos de desprazamento necesarios correrán **a cargo da** empresa.

ES Los gastos de desplazamiento necesarios correrán **a cargo de** la empresa.
[Fonte: D16 (608)]

3

a continuación de [loc. prep.]

ES *a continuación de*

GL A reconvencción proporase **a continuación da** contestación e acomodarse ó que para a demanda se establece no artigo 399.

ES La reconvencción se propondrá **a continuación de** la contestación y se acomodará a lo que para la demanda se establece en el artículo 399.
[Fonte: CIV (3005)]

ES *acto continuo de*

GL Por instancia de parte e á súa custa, o tribunal poderá determinar mediante providencia que as testemuñas sexan examinadas **a continuación do** recoñecemento xudicial, cando a vista do lugar ou das cousas ou persoas poida contribuír á claridade do seu testemuño.

ES A instancia de parte y a su costa, el tribunal podrá determinar mediante providencia que los testigos sean examinados **acto continuo del** reconocimiento judicial, cuando la vista del lugar o de las cosas o personas pueda contribuir a la claridad de su testimonio.

[Fonte: CIV (2737)]

4 a curto prazo [loc. adv.]

ES *a corto plazo*

GL Créditos e dereitos realizables no acto ou **a curto prazo**, e títulos, valores ou outros instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado secundario oficial de valores.

ES Créditos y derechos realizables en el acto o **a corto plazo**, y títulos, valores u otros instrumentos financieros admitidos a negociación en un mercado secundario oficial de valores.

[Fonte: CIV (4178)]

5 a diferenza de [loc. prep.]

ES *a diferencia de*

GL A representación da empresa argumenta, en síntese, que entende que o convenio aplicable debe ser o do metal, xa que a función de mantemento que desempeñan estes traballadores, **a diferenza doutros** produtores da empresa neste centro de traballo, está directamente relacionada con esta actividade.

ES La representación de la empresa argumenta, en síntesis, que entiende que el convenio aplicable debe ser el del metal, ya que la función de mantenimiento que desempeñan estos trabajadores, **a diferencia de** otros productores de la empresa en este centro de trabajo, está directamente relacionada con esta actividad.

[Fonte: D19 (102)]

6 a falta de [loc. prep.]

ES *a falta de*

GL **A falta de** dereito propio de Galicia, será de aplicación supletoria o dereito do Estado.

ES **A falta de** Derecho propio de Galicia, será de aplicación supletoria el Derecho del Estado.

[Fonte: EST (243)]

7 a fin de que [loc. conx.]

ES *a fin de que*

GL Cando faleza o procurador, faráselle saber ó poderdante a defunción, **a fin de que** proceda á designación de novo procurador no prazo de dez días.

ES Cuando fallezca el procurador, se hará saber al poderdante la defunción, **a fin de que** proceda a la designación de nuevo procurador en el plazo de diez días.

[Fonte: CIV (780)]

8 a grandes trazos [loc. adv.]

ES *a grandes rasgos*

GL **A grandes trazos**, o desenvolvemento do proceso ordinario pódese resumir como segue.

ES **A grandes rasgos**, el desarrollo del proceso ordinario puede resumirse como sigue.

[Fonte: CIV (302)]

9 a longo prazo [loc. adv.]

ES *a largo plazo*

GL A paralización definitiva de buques pesqueiros aplicarase a aquelas flotas e pesqueiras cunha situación que aconselle un axuste estrutural **a longo prazo**, co fin de reduci-lo esforzo pesqueiro e propicia-la recuperación dos recursos.

ES La paralización definitiva de buques pesqueros se aplicará a aquellas flotas y pesquerías cuya situación aconseje un ajuste estructural **a largo plazo**, con el fin de reducir el esfuerzo pesquero y propiciar la recuperación de los recursos.

[Fonte: LPM (495)]

10 a medida que [loc. conx.]

ES *a medida que*

GL Agás o disposto na Lei de asistencia xurídica gratuíta, cada parte pagará os gastos e custas do proceso causados pola súa instancia **a medida que** se vaian producindo.

ES Salvo lo dispuesto en la Ley de Asistencia Jurídica Gratuita, cada parte pagará los gastos y costas del proceso causados a su instancia **a medida que** se vayan produciendo.

[Fonte: CIV (1996)]

11 **a medio prazo** [loc. adv.]

ES *a medio plazo*

- GL** O Consello da Unión Europea nas súas decisións do 22 de decembro de 1995, modificada por decisión do 2 de decembro de 1996, relativa ó cuarto programa de acción comunitaria **a medio prazo** para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, establece como un medio de execución das áreas previstas na Plataforma de Acción as de realización de estudos sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- ES** El Consejo de la Unión Europea en sus decisiones de 22 de diciembre de 1995, modificada por decisión de 2 de diciembre de 1996, relativa al cuarto programa de acción comunitaria **a medio plazo** para la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres, establece como un medio de ejecución de las áreas previstas en la Plataforma de Acción las de realización de estudios sobre la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres.
- [Fonte: D10 (3163)]

12 **a menos que** [loc. conx.]

ES *a menos que*

- GL** Conforme o establecido no artigo 11.4º da Lei 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servizos de saúde, as prazas adxudicadas serán irrenunciabes, **a menos que** durante o prazo de toma de posesión se obtivese outro destino mediante convocatoria pública, caso no que o interesado poderá optar entre os postos que lle fosen adxudicados, estando obrigado a comunicarlle-la opción realizada ós organismos convocantes dos concursos en que participase, dentro do prazo de tres días.
- ES** Conforme a lo establecido en el artículo 11.4º de la Ley 30/1999, de 5 de octubre, de selección y provisión de plazas de personal estatutario de los servicios de salud, las plazas adjudicadas serán irrenunciabes, **a menos que** durante el plazo de toma de posesión se obtuviese otro destino mediante convocatoria pública, caso en el que el interesado podrá optar entre los puestos que le fuesen adjudicados, estando obligado a comunicar la opción realizada a los organismos convocantes de los concursos en que participara, dentro del plazo de tres días.
- [Fonte: D05 (791)]

13 **a nivel (local, autonómico, etc.)** [loc. adv.]

ES *a nivel (local, autonómico, etc.)*

GL Analiza-las características, elementos e sistemas organizativos de diferentes programas de integración social **a nivel** local, autonómico, estatal e internacional, aplicados a diversos contextos.

ES Analizar las características, elementos y sistemas organizativos de diferentes programas de integración social **a nivel** local, autonómico, estatal e internacional, aplicados a diversos contextos.

[Fonte: D02 (578)]

14 **a non ser que** [loc. conx.]

ES *a no ser que*

GL Nas notificacións, citacións e emprazamentos non se admitirá nin consignará resposta ningunha do interesado, **a non ser que** así se mandase.

ES En las notificaciones, citaciones y emplazamientos no se admitirá ni consignará respuesta alguna del interesado, **a no ser que** así se hubiera mandado.

[Fonte: CIV (1474)]

ES *salvo que*

GL Documentos privados, en cambio, son os que, de seu, non gozan desa forza fundamentadora da certeza procesual e, xa que logo, **a non ser que** a súa autenticidade sexa recoñecida polos suxeitos ós que pode prexudicar, quedan suxeitos á valoración libre ou conforme as regras da sa crítica.

ES Documentos privados, en cambio, son los que, en sí mismos, no gozan de esa fuerza fundamentadora de la certeza procesal y, por ello, **salvo que** su autenticidad sea reconocida por los sujetos a quienes puedan perjudicar, quedan sujetos a la valoración libre o conforme a las reglas de la sana crítica.

[Fonte: CIV (264)]

15 **a partir de** [loc. prep.]

ES *a partir de*

GL A primeira designación de cada lista efectuarase por sorteo realizado en presenza do secretario xudicial, e **a partir dela** efectuaranse as seguintes designacións por orde correlativa.

ES La primera designación de cada lista se efectuará por sorteo realizado en presencia del Secretario Judicial, y **a partir de** ella se efectuarán las siguientes designaciones por orden correlativo.

[Fonte: CIV (2639)]

ES *desde*

- GL** Se a resolución comporta o reingresso ó servicio activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse **a partir do** día seguinte ó da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia.
 - ES** Si la resolución comporta al reingresso al servicio activo, el plazo de toma de posesión comenzará a contarse **desde** el día siguiente al de la publicación de la resolución en el Diario Oficial de Galicia.
- [Fonte: D06 (2584)]

16 a pedimento de [loc. prep.]

ES *a instancias de*

- GL** Examinado o expediente instruído **a pedimento de** Energías Ambientales, S.A.(EASA), con enderezo para efectos de notificacións en Bugallal Marchesi 10, 1º Esq., 15008 A Coruña, sobre autorización das instalacións do parque eólico denominado Monte Vilalbesa, resultan os seguintes antecedentes de feito.
 - ES** Examinado el expediente instruido **a instancias de** Energías Ambientales, S.A.(EASA), con domicilio a efectos de notificaciones en Bugallal Marchesi 10, 1º Izq., 15008 A Coruña, sobre autorización de las instalaciones del parque eólico denominado Monte Vilalbesa resultan los siguientes antecedentes de hecho.
- [Fonte: D02 (2223)]

ES *a petición de*

- GL** Tamén se poderá practicar, **a pedimento de** parte, o interrogatorio da contraria cando se dean as mesmas circunstancias sinaladas no punto anterior.
 - ES** También se podrá practicar, **a petición de** parte, el interrogatorio de la contraria cuando se den las mismas circunstancias señaladas en el apartado anterior.
- [Fonte: CIV (2738)]

17 a pesar de que [loc. conx.]

ES *a pesar de que*

- GL** Os cursos nos que, **a pesar de que** se intentase completa-lo número de alumnas, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ó 50% do número programado, poderán ser suspendidos polo Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

ES Los cursos en los que, **a pesar de que** se intentase completar el número de alumnas, disminuya el número de participantes hasta una cantidad inferior al 50% del número programado, podrán ser suspendidos por el Servicio Gallego de Promoción de la Igualdad del Hombre y de la Mujer.

[Fonte: D09 (488)]

18 **a prazos** [loc. adv.]

ES *a plazos*

GL Nos xuízos que versen sobre a existencia, validez ou eficacia dun título obrigacional, o seu valor calcularase polo total do debido, aínda que sexa pagadoiro **a prazos**.

ES En los juicios que versen sobre la existencia, validez o eficacia de un título obligacional, su valor se calculará por el total de lo debido, aunque sea pagadero **a plazos**.

[Fonte: CIV (2106)]

19 **a propósito de** [loc. prep.]

ES *a propósito de*

GL **A propósito das** partes, aínda que na verdade reborde amplamente o que é o seu recoñecemento e tratamento procesual, parece oportuno dar razón do modo en que esta lei aborda a realidade da tutela de intereses xurídicos colectivos, levados ó proceso, non xa por quen se vise lesionado directamente e para a súa protección individual, ou por grupos de afectados, senón por persoas xurídicas constituídas e habilitadas legalmente para a defensa daqueles intereses.

ES **A propósito de** las partes, aunque en verdad desborde ampliamente lo que es su reconocimiento y tratamiento procesal, parece oportuno dar razón del modo en que la presente Ley aborda la realidad de la tutela de intereses jurídicos colectivos, llevados al proceso, no ya por quien se haya visto lesionado directamente y para su individual protección, o por grupos de afectados, sino por personas jurídicas constituidas y legalmente habilitadas para la defensa de aquellos intereses.

[Fonte: CIV (82)]

20 **a proposta de** [loc. prep.]

ES *a propuesta de*

GL Por Lei das Cortes Xerais, **a proposta do** Goberno, de acordo co Consello de Goberno da comunidade autónoma no ámbito territorial da cal vaian establecerse.

ES Por Ley de las Cortes Generales, **a propuesta del** Gobierno, de acuerdo con el Consejo de Gobierno de la Comunidad Autónoma en cuyo ámbito territorial hayan de establecerse.

[Fonte: LOU (146)]

21 **a razón de** [loc. prep.]

ES *a razón de*

GL Servicios prestados na Universidade da Coruña como contratado laboral non permanente en postos de funcións similares ó da praza solicitada, cos requisitos fixados na relación de postos de traballo, **a razón de** 1 punto por cada mes completo ata un máximo de 28 puntos.

ES Servicios prestados en la Universidad de A Coruña como contratado laboral no permanente en puestos de funciones similares al de la plaza solicitada, con los requisitos fijados en la relación de puestos de trabajo, **a razón de** 1 punto por cada mes completo hasta un máximo de 28 puntos.

[Fonte: D03 (2602)]

22 **a requirimento de** [loc. prep.]

ES *a requirimento de*

GL Cando, sobre feitos relevantes para o proceso, sexa pertinente que informen persoas xurídicas e entidades públicas en canto tales, por se referiren eses feitos á súa actividade, sen que caiba ou sexa necesario individualizar en persoas físicas determinadas o coñecemento do que para o proceso interese, a parte a quen conveña esta proba poderá propor que a persoa xurídica ou entidade, **a requirimento do** tribunal, responda por escrito sobre os feitos nos dez días anteriores ó xuízo ou á vista.

ES Cuando, sobre hechos relevantes para el proceso, sea pertinente que informen personas jurídicas y entidades públicas en cuanto tales, por referirse esos hechos a su actividad, sin que quepa o sea necesario individualizar en personas físicas determinadas el conocimiento de lo que para el proceso interese, la parte a quien convenga esta prueba podrá proponer que la persona jurídica o entidad, **a requirimento del** tribunal, responda por escrito sobre los hechos en los diez días anteriores al juicio o a la vista.

[Fonte: CIV (2857)]

a seguir [loc. adv.]

23

ES *a continuación*

GL Se o Congreso lle nega a súa confianza ó Goberno, este presentaralle a súa dimisión ó rei e **a seguir** procederáse á designación de presidente do Goberno, segundo o disposto no artigo 99.

ES Si el Congreso niega su confianza al Gobierno, éste presentará su dimisión al Rey, procediéndose **a continuación** a la designación de Presidente del Gobierno, según lo dispuesto en el artículo 99.

[Fonte: CON (543)]

ES *seguidamente*

GL **A seguir**, informarán, pola súa orde, o demandante e o demandado ou o recorrente e o recorrido, por medio dos seus avogados, ou as partes mesmas, cando a lei o permita.

ES **Seguidamente**, informarán, por su orden, el actor y el demandado o el recurrente y el recurrido, por medio de sus abogados, o las partes mismas, cuando la ley lo permita.

[Fonte: CIV (1662)]

a ser posible [loc. adv.]

24

ES *a ser posible*

GL Co fin de efectua-lo seguimento da actividade pesqueira, poderán establecerse sistemas de comunicacións periódicas que posibiliten o coñecemento, **a ser posible** en tempo real, das entradas ou saídas dos caladoiros, a súa estancia neles, as capturas, a saída e chegada a porto ou outras circunstancias que regulamentariamente se establezan.

ES Con el fin de efectuar el seguimiento de la actividad pesquera, podrán establecerse sistemas de comunicaciones periódicas que posibiliten el conocimiento, **a ser posible** en tiempo real, de las entradas o salidas de los caladeros, su estancia en los mismos, las capturas, la salida y llegada a puerto u otras circunstancias que reglamentariamente se establezcan.

[Fonte: LPM (320)]

á súa vez [loc. adv.]

25

ES *a su vez*

GL Considerarase como parcela agrícola a que conteña **á súa vez** árbores, sempre que o cultivo herbáceo ou os labores de barbeito, no caso de que sexa afectada ó cumprimento do requisito de retirada de terras, poidan ser realizados en condicións similares ás das parcelas non arbóreas da mesma zona.

ES Se considerará como parcela agrícola la que contenga **a su vez** árboles,

siempre que el cultivo herbáceo o las labores de barbecho, en el caso de que sea afectada a la cumplimentación del requisito de retirada de tierras, puedan ser realizados en condiciones similares a las de las parcelas no arbóreas de la misma zona.

[Fonte: D02 (1663)]

a tempo completo [loc. adv.]

26

ES *a tiempo completo*

GL O profesorado das universidades públicas exercerá as súas funcións preferentemente en réxime de dedicación **a tempo completo**, ou ben a tempo parcial.

ES El profesorado de las Universidades públicas ejercerá sus funciones preferentemente en régimen de dedicación **a tiempo completo**, o bien a tiempo parcial.

[Fonte: LOU (635)]

a tempo parcial [loc. adv.]

27

ES *a tiempo parcial*

GL Buscarase a equidade sen discriminación ningunha debida ás causas extraprofesionais, se ben a empresa poderá preferir en igualdade de méritos os que desempeñasen ou desempeñen funcións na empresa con carácter eventual, interino, contratación temporal ou contratación **a tempo parcial** e en prácticas.

ES Se buscará la equidad sin discriminación alguna debida a causas extraprofesionales, si bien la empresa podrá preferir en igualdad de méritos a quienes hayan desempeñado o desempeñen funciones en la empresa con carácter eventual, interino, contratación temporal o contratación **a tiempo parcial** y en prácticas.

[Fonte: D07 (972)]

a teor de [loc. prep.]

28

ES *a tenor de*

GL Non poderán cesar na prestación do servizo por motivos vacacionais aquelas farmacias que voluntariamente realicen horarios ampliados **a teor do** establecido no artigo 3º deste decreto.

ES No podrán cesar la prestación del servicio por motivos vacacionales



aquellas farmacias que voluntariamente realicen horarios ampliados a **tenor de** lo establecido en el artículo 3º de este decreto.

[Fonte: D02 (1450)]

a través de [loc. prep.]

29

ES *a través de*

GL Mantense o sistema ordinario de denuncia dos casos de nulidade radical **a través dos** recursos ou da súa declaración, de oficio, antes de se dictar resolución que poña fin ó proceso.

ES Se mantiene el sistema ordinario de denuncia de los casos de nulidad radical **a través de** los recursos o de su declaración, de oficio, antes de dictarse resolución que ponga fin al proceso.

[Fonte: CIV (203)]

á vez [loc. adv.]

30

ES *a la vez*

GL Esas cuestión procesuais son, **á vez**, “garantías constitucionais” desde o punto de vista do artigo 123 da Constitución.

ES Esas cuestiones procesales son, **a la vez**, “garantías constitucionales” desde el punto de vista del artículo 123 de la Constitución.

[Fonte: CIV (362)]

á vista de [loc. prep.]

31

ES *a la vista de*

GL Practicadas as actuacións anteriores ou, de non ser necesario, **á vista da** solicitude de división xudicial da herdanza mandarase convocar á xunta os herdeiros, os legatarios de parte alícuota e o cónxuxe sobrevivente, e sinalarase día dentro dos dez seguintes.

ES Practicadas las actuaciones anteriores o, si no fuera necesario, **a la vista de** la solicitud de división judicial de la herencia se mandará convocar a Junta a los herederos, a los legatarios de parte alícuota y al cónyuge sobreviviente, señalando día dentro de los diez siguientes.

[Fonte: CIV (5403)]

a xuízo de [loc. prep.]

32

ES *a juicio de*

- GL** Os menores de catorce anos poderán declarar como testemuñas se, **a xuízo do** tribunal, posúen o discernimento necesario para coñeceren e para declararen verazmente.
- ES** Los menores de catorce años podrán declarar como testigos si, **a juicio del** tribunal, poseen el discernimiento necesario para conocer y para declarar verazmente.

[Fonte: CIV (2755)]

ab intestato [loc. adv. lat.]

33

ES *abintestato*

- GL** Na falta doutros medios, o tribunal ordenará mediante providencia que sexan examinados os parentes, amigos ou veciños do defunto sobre o feito de ter morto este **ab intestato** e sobre se ten parentes con dereito á sucesión lexítima.
- ES** A falta de otros medios, el tribunal ordenará mediante providencia que sean examinados los parientes, amigos o vecinos del difunto sobre el hecho de haber muerto éste **abintestato** y sobre si tiene parientes con derecho a la sucesión legítima.

[Fonte: CIV (5456)]

aboar [v. t.]

34

ES *abonar*

- GL** Os salarios do persoal docente serán **aboados** pola Administración ó profesorado como pagamento delegado e en nome da entidade titular do centro, con cargo e á conta das cantidades previstas no punto anterior.
- ES** Los salarios del personal docente serán **abonados** por la Administración al profesorado como pago delegado y en nombre de la entidad titular del centro, con cargo y a cuenta de las cantidades previstas en el apartado anterior.

[Fonte: CAL (842)]

aboamento [s. m.]

35

ES *abono*

- GL** En tal caso, o **aboamento** dos honorarios do perito corresponderalles realizalo a ámbolos litigantes por partes iguais, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas.
- ES** En tal caso, el **abono** de los honorarios del perito corresponderá realizarlo

a ambos litigantes por partes iguales, sin perjuicio de lo que pudiere acordarse en materia de costas.

[Fonte: CIV (2626)]

absolución [s. f.]

36

ES *absolución*

GL En ningún caso se considerará formulada reconvencción no escrito do demandado que finalice solicitando a súa **absolución** respecto da pretensión ou pretensións da demanda principal.

ES En ningún caso se considerará formulada reconvencción en el escrito del demandado que finalice solicitando su **absolución** respecto de la pretensión o pretensiones de la demanda principal.

[Fonte: CIV (3007)]

abstención [s. f.]

37

ES *abstención*

GL Son precisos tamén certos cambios nas leis procesuais laboral e penal, regulando de modo completo a **abstención** e a recusación nos correspondentes procesos e algúns outros extremos concretos.

ES Son necesarios también ciertos cambios en las leyes procesales laboral y penal, regulando de modo completo la **abstención** y recusación en los correspondientes procesos y algunos otros extremos concretos.

[Fonte: CIV (559)]

abster [v. p.]

38

ES *abstener*

GL **Absteranse** igualmente de coñeceren os tribunais civís cando se lles sometan asuntos dos que corresponda coñecer ós tribunais doutra orde xurisdiccional da xurisdicción ordinaria.

ES **Se abstendrán** igualmente de conocer los tribunales civiles cuando se les sometan asuntos de los que corresponda conocer a los tribunales de otro orden jurisdiccional de la jurisdicción ordinaria.

[Fonte: CIV (838)]

acareo [s. m.]

39

ES *careo*

GL Cando as testemuñas incorran en graves contradicións, o tribunal, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar que se sometan a un **acareo**.

ES Cuando los testigos incurran en graves contradicciones, el tribunal, de oficio o a instancia de parte, podrá acordar que se sometan a un **careo**.

[Fonte: CIV (2815)]

acatamento [s. m.]

40

ES *acatamiento*

GL **Acatamento** e cumprimento das sentencias constitutivas.

ES **Acatamiento** y cumplimiento de las sentencias constitutivas.

[Fonte: CIV (3730)]

acatar [v. t.]

41

ES *acatar*

GL Tódalas persoas e autoridades, especialmente as encargadas dos rexistros públicos, deben **acatar** e cumpri-lo que se dispoña nas sentencias constitutivas e aterse ó estado ou situación xurídicos que xurda delas, agás que existan obstáculos derivados do propio rexistro conforme a súa lexislación específica.

ES Todas las personas y autoridades, especialmente las encargadas de los Registros públicos, deben **acatar** y cumplir lo que se disponga en las sentencias constitutivas y atenerse al estado o situación jurídicos que surja de ellas, salvo que existan obstáculos derivados del propio Registro conforme a su legislación específica.

[Fonte: CIV (3732)]

accidente laboral [s. m.]

42

ES *accidente laboral*

GL As empresas afectadas polo presente convenio aboaranlles a aqueles traballadores que se atopen na situación de incapacidade temporal, como consecuencia de **accidente laboral** ocorrido no centro de traballo e du-

rante as horas deste e durante o tempo que dure a hospitalización, unha compensación económica consistente na diferenza que exista entre as prestacións que o traballador perciba da Seguridade Social e o salario real que lle corresponda segundo a súa categoría profesional.

ES Para quienes violen lo dispuesto en el **apartado** anterior, en los términos que la ley fije se establecerán sanciones penales o, en su caso, administrativas, así como la obligación de reparar el daño causado.

[Fonte: CON (219)]

127 **apelación** [s. f.]

ES *apelación*

GL A **apelación** reafírmase como plena revisión xurisdiccional da resolución obxecto de apelación e, se esta é unha sentenza recaída en primeira instancia, determínase legalmente que a segunda instancia non constitúe un novo xuízo, en que se poidan aducir toda clase de feitos e argumentos ou formularse pretensións novas sobre o caso.

ES La **apelación** se reafirma como plena revisión jurisdiccional de la resolución apelada y, si ésta es una sentencia recaída en primera instancia, se determina legalmente que la segunda instancia no constituye un nuevo juicio, en que puedan aducirse toda clase de hechos y argumentos o formularse pretensiones nuevas sobre el caso.

[Fonte: CIV (320)]

128 **apelado** [adx.-s.]

ES *apelado*

GL A sentenza non poderá prexudica-lo apelante, agás que o prexuízo proveña de estima-la impugnación da resolución de que se trate, formulada polo inicialmente **apelado**.

ES La sentencia no podrá perjudicar al apelante, salvo que el perjuicio provenga de estimar la impugnación de la resolución de que se trate, formulada por el inicialmente **apelado**.

[Fonte: CIV (3403)]

129 **apelante** [adx.-s. com.]

ES *apelante*

GL No escrito de preparación o **apelante** limitarase a cita-la resolución contra a que se apela e a manifesta-la súa vontade de interpor recurso con expresión dos pronunciamentos que impugna.

ES En el escrito de preparación el **apelante** se limitará a citar la resolución apelada y a manifestar su voluntad de recurrir con expresión de los pronunciamientos que impugna.

[Fonte: CIV (3354)]

130 **apelar** [v. i.]

ES *apelar*

GL De se **apelar** contra a sentenza que decida sobre a incapacitación, ordenarase tamén de oficio na segunda instancia a práctica das probas preceptivas a que se refiren os números anteriores deste artigo.

ES Si la sentencia que decida sobre la incapacitación fuere **apelada**, se ordenará también de oficio en la segunda instancia la práctica de las pruebas preceptivas a que se refieren los apartados anteriores de este artículo.

[Fonte: CIV (5216)]

131 **apercibir** [v. t.]

ES *apercibir*

GL Tamén se **apercibirá** o demandado, de se-lo caso, de que a mesma sentenza se dictará se comparece ó acto da vista, pero non presta caución, na contía que, tras oílo, o tribunal determine, dentro da solicitada polo demandante.

ES También se **apercibirá** al demandado, en su caso, de que la misma sentencia se dictará si comparece al acto de la vista, pero no presta caución, en la cuantía que, tras oírle, el tribunal determine, dentro de la solicitada por el actor.

[Fonte: CIV (3236)]

132 **apoderamento** [s. m.]

ES *apoderamiento*

GL O poderdante poderá, no obstante, excluír do poder xeral asuntos e actuacións para as que a lei non esixa **apoderamento** especial. A exclusión deberá ser consignada expresa e inequivocamente

ES El poderdante podrá, no obstante, excluir del poder general asuntos y actuaciones para las que la ley no exija **apoderamiento** especial. La exclusión habrá de ser consignada expresa e inequívocamente.

[Fonte: CIV (732)]

133 **aprazar** [v. t.]

ES *aplazar*

GL Simultaneamente anúnciase concurso público, se ben a licitación se **aprazará**, cando resulte necesario, no suposto de que se formulen reclamacións contra o prego de condicións.

ES Simultáneamente se anuncia concurso público, si bien la licitación se **aplazará**, cuando resulte necesario, en el supuesto de que se formulen reclamaciones contra el pliego de condiciones.

[Fonte: D05 (1347)]

134 **aprobación** [s. f.]

ES *aprobación*

GL As correspondentes disposicións da Lei de axuízamento civil de 1881 permanecerán en vigor só ata a **aprobación** e vixencia destas leis.

ES Las correspondientes disposiciones de la Ley de Enjuiciamiento Civil de 1881 permanecerán en vigor sólo hasta la **aprobación** y vigencia de estas leyes.

[Fonte: CIV (57)]

135 **aprobatorio** [adx.]

ES *aprobatorio*

GL No caso das axudas e subvencións, a achega económica da consellería para cada proxecto de escola obradoiro e casa de oficios, que se determinará na correspondente resolución **aprobatoria** da subvención, destinarase exclusivamente a sufragar os custos de formación profesional ocupacional, incluídas as bolsas dos alumnos durante a primeira etapa de formación, e, se é o caso, os de educación básica complementaria, así como os custos salariais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social na parte que se determine, dos alumnos-traballadores e persoal directivo, docente e de apoio.

ES En el caso de las ayudas y subvenciones, la aportación económica de la consellería para cada proyecto de escuela taller y casa de oficios, que se determinará en la correspondiente resolución **aprobatoria** de la subvención, se destinará exclusivamente a sufragar los costes de formación profesional ocupacional, incluidas las becas de los alumnos durante la primera etapa de formación y, en su caso, los de educación básica complementaria, así como los costes salariales, incluidas las cotizaciones a la Seguridad Social en la parte que se determine, de los alumnos-trabajadores y personal directivo, docente y de apoyo.

[Fonte: D03 (198)]

136 **aproveitamento** [s. m.]

ES *aprovechamiento*

GL Nos casos en que a reclamación verse sobre usufructo ou a núa propiedade, o uso, a habitación, o **aproveitamento** por quendas ou outro dereito real limitativo do dominio non suxeito a regra especial, o valor da demanda fixarase atendendo á base impositiva tributaria sobre a que xire o imposto para a constitución ou transmisión destes dereitos.

ES En los casos en que la reclamación verse sobre usufructo o la nuda propiedade, el uso, la habitación, el **aprovechamiento** por turnos u otro dereito real limitativo del dominio no suxeito a regra especial, el valor de la demanda se fijará atendendo a la base impositiva tributaria sobre la que gire el impuesto para la constitución o transmisión de estos dereitos.

[Fonte: CIV (2101)]

137 **apud acta** [loc. adv. lat.]

ES *apud acta*

GL A escritura de poder xuntarásele ó primeiro escrito que o procurador presente ou, se é o caso, ó realiza-la primeira actuación; e o outorgamento “**apud acta**” deberá ser efectuado ó mesmo tempo que a presentación do primeiro escrito ou, se é o caso, antes da primeira actuación.

ES La escritura de poder se acompañará al primer escrito que el procurador presente o, en su caso, al realizar la primera actuación; y el otorgamiento “**apud acta**” deberá ser efectuado al mesmo tempo que la presentación del primer escrito o, en su caso, antes de la primera actuación.

[Fonte: CIV (728)]

138 **arancel** [s. m.]

ES *arancel*

GL Os avogados, peritos e demais profesionais e funcionarios que non estean suxeitos a **arancel** fixarán os seus honorarios con suxeición, de se-lo caso, ás normas reguladoras do seu estatuto profesional.

ES Los abogados, peritos y demás profesionales y funcionarios que no estén sujetos a **arancel** fijarán sus honorarios con sujeción, en su caso, a las normas reguladoras de su estatuto profesional.

[Fonte: CIV (2011)]

139 **arancelario** [adx.]

ES *arancelario*

GL Dereitos **arancelarios** que deban aboarse como consecuencia de actuacións necesarias para o desenvolvemento do proceso.

ES Derechos **arancelarios** que deban abonarse como consecuencia de actuaciones necesarias para el desarrollo del proceso.

[Fonte: CIV (2003)]

140 **arbitraxe** [s. f.]

ES *arbitraje*

GL Para a renuncia, a transacción, a desistencia, a conformidade, o sometemento a **arbitraxe** e as manifestacións que poidan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesal ou carencia sobrevida de obxecto.

ES Para la renuncia, la transacción, el desistimiento, el allanamiento, el sometimiento a **arbitraje** y las manifestaciones que puedan comportar sobreseimiento del proceso por satisfacción extraprocesal o carencia sobrevenida de objeto.

[Fonte: CIV (734)]

141 **arbitrio** [s. m.]

ES *arbitrio*

GL Se o piden varios da mesma prelación, decidirá o tribunal mediante providencia segundo o seu prudente **arbitrio**.

ES Si lo pidieran varios de la misma prelación, decidirá el tribunal mediante providencia a su prudente **arbitrio**.

[Fonte: CIV (4803)]

142 **arquivar** [v. t.]

ES *archivar*

GL O prazo para a emenda será de dez días, pasados os cales se **arquivará** definitivamente a demanda.

ES El plazo para la subsanación será de diez días, pasados los cuales se **archivará** definitivamente la demanda.

[Fonte: CIV (2142)]

143 **arquivo** [s. m.]

ES *archivo*

GL En ningún caso se considerará imposible a designación de domicilio para efectos de actos de comunicación se o dito domicilio consta en **arquivos** ou rexistros públicos, ós que se poida ter acceso.

ES En ningún caso se considerará imposible la designación de domicilio a efectos de actos de comunicación si dicho domicilio constara en **archivos** o registros públicos, a los que pudiere tenerse acceso.

[Fonte: CIV (1500)]

144 **arranxo** [s. m.]

ES *arreglo*

GL Para o efecto do intento de **arranxo** ou transacción, cando as partes non concorran persoalmente senón a través do seu procurador, deberán outorgarlle a este poder para renunciar, conformarse ou transixir.

ES Al efecto del intento de **arreglo** o transacción, cuando las partes no concurrieren personalmente sino a través de su procurador, habrán de otorgar a éste poder para renunciar, allanarse o transigir.

[Fonte: CIV (3048)]

145 **arrendador** [adx.-s.]

ES *arrendador*

GL Non se admitirán as demandas de desafiuzamento de predio urbano por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas polo arrendatario se o **arrendador** non indica as circunstancias concorrentes que poidan permitir ou non, no caso concreto, a enervación do desafiuzamento.

ES No se admitirán las demandas de desahucio de finca urbana por falta de pago de las rentas o cantidades debidas por el arrendatario si el **arrendador** no indicare las circunstancias concurrentes que puedan permitir o no, en el caso concreto, la enervación del desahucio.

[Fonte: CIV (3226)]

146 **arrendamento** [s. m.]

ES *arrendamiento*

GL Nos xuízos sobre **arrendamentos** de inmobles e nos de desafiuzamento, será competente o tribunal do lugar en que estea situado o predio.

ES En los juicios sobre **arrendamientos** de inmuebles y en los de desahucio, será competente el tribunal del lugar en que esté sita la finca.

[Fonte: CIV (918)]

147 **arrendamento financeiro** [s. m.]

ES *arrendamiento financieros*

GL Resolución do 13 de decembro de 1999 pola que se publican os tipos de xuro máximos que as entidades financeiras aplicarán durante o ano 2000 ós contratos de **arrendamento financeiro** subvencionados ó abeiro dos convenios de apoio financeiro dos investimentos das Pemes.

ES Resolución de 13 de diciembre de 1999 por la que se publican los tipos de interés máximos que las entidades financieras aplicarán durante el año 2000 a los contratos de **arrendamiento financiero** subvencionados al amparo de los convenios de apoyo financiero de las inversiones de las Pymes.

[Fonte: D05 (482)]

148 **arrendatario** [adx.-s.]

ES *arrendatario*

GL Non se admitirán as demandas de desafiuamento de predio urbano por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas polo **arrendatario** se o arrendador non indica as circunstancias concurrentes que poidan permitir ou non, no caso concreto, a enervación do desafiuamento.

ES No se admitirán las demandas de desahucio de finca urbana por falta de pago de las rentas o cantidades debidas por el **arrendatario** si el arrendador no indicare las circunstancias concurrentes que puedan permitir o no, en el caso concreto, la enervación del desahucio.

[Fonte: CIV (3226)]

149 **artigo** [s. m.]

ES *artículo*

GL Non se pode desdeñar, en efecto, a consideración de que, ó abeiro do **artigo** 24 da Constitución, teñen cabida legal recursos de amparo –a gran maioría deles– sobre moitas cuestións procesuais.

ES No puede desdeñarse, en efecto, la consideración de que, al amparo del **artículo** 24 de la Constitución, tienen cabida legal recursos de amparo –la gran mayoría de ellos– sobre muchas cuestiones procesales.

[Fonte: CIV (361)]

150 **asalariado** [adx.]

ES *asalariado*

GL Trabajo **asalariado**, na Administración e por conta propia.

ES Trabajo **asalariado**, en la Administración y por cuenta propia.

[Fonte: D02 (1321)]

151 **ascendente** [s. com.]

ES *ascendiente*

GL A declaración de incapacidade poden promoverla o cónxuxe ou quen se encontre nunha situación de feito asimilable, os descendentes, os **ascendentes** ou os irmáns do presunto incapaz.

ES La declaración de incapacidad pueden promoverla el cónyuge o quien se encuentre en una situación de hecho asimilable, los descendientes, los **ascendientes** o los hermanos del presunto incapaz.

[Fonte: CIV (5201)]

152 **asegurador** [adx.-s.]

ES *asegurador*

GL Cando os danos causados ás persoas teñan que sufrilos estas durante máis de tres meses ou a súa exacta valoración non poida ser determinada para efectos da consignación, o tribunal, á vista das circunstancias do caso e dos dictames e informes que precise, resolverá sobre a suficiencia ou ampliación da cantidade consignada polo **asegurador**, atendendo ós criterios e dentro dos límites indemnizatorios fixados no anexo desta lei.

ES Cuando los daños causados a las personas hubiesen de sufrirse por éstas durante más de tres meses o su exacta valoración no pudiera ser determinada a efectos de la consignación, el tribunal, a la vista de las circunstancias del caso y de los dictámenes e informes que precise, resolverá sobre la suficiencia o ampliación de la cantidad consignada por el **asegurador**, atendiendo a los criterios y dentro de los límites indemnizatorios fijados en el anexo de la presente Ley.

[Fonte: CIV (5937)]

153 **asemade** [adv.]

ES *a la vez*

GL Mais ten que significar, **asemade**, unha resposta xudicial máis rápida, moito máis próxima no tempo ás demandas de tutela, e con maior capacidade de transformación real das cousas.

ES Pero tiene que significar, **a la vez**, una respuesta judicial más pronta, mucho más cercana en el tiempo a las demandas de tutela, y con mayor capacidad de transformación real de las cosas.

[Fonte: CIV (7)]

ES *al mismo tiempo*

GL **Asemade**, nomearase secretario-interventor de entre os que presten os seus servicios como tales nalgún dos concellos consorciados.

ES **Al mismo tiempo**, se nombrará secretario-interventor de entre los que presten sus servicios como tales en alguno de los ayuntamientos consorciados.

[Fonte: D09 (355)]

154 **asamblea** [s. f.]

ES *asamblea*

GL O proxecto de estatuto será elaborado por unha **asamblea** composta polos membros da deputación ou órgano interinsular das provincias afectadas e polos deputados e senadores elixidos nelas e seralle elevado ás Cortes Xerais para a súa tramitación como lei.

ES El proyecto de Estatuto será elaborado por una **asamblea** compuesta por los miembros de la Diputación u órgano interinsular de las provincias afectadas y por los Diputados y Senadores elegidos en ellas y será elevado a las Cortes Generales para su tramitación como ley.

[Fonte: CON (696)]

155 **asentimiento** [s. m.]

ES *asentimiento*

GL Os pais que pretendan que se recoñeza a necesidade do seu **asentimiento** para a adopción poderán comparecer ante o tribunal que estea coñecendo do correspondente expediente e manifestalo así.

ES Los padres que pretendan que se reconozca la necesidad de su **asentimiento** para la adopción podrán comparecer ante el tribunal que esté conociendo del correspondiente expediente y manifestarlo así.

[Fonte: CIV (5382)]

156 **asento** [s. m.]

ES *asiento*

GL Cando proceda, as sentencias e demais resolucións dictadas nos procedementos a que se refire este título comunicaránselles de oficio ós rexistros civís para a práctica dos **asentos** que correspondan.

ES Cuando proceda, las sentencias y demás resoluciones dictadas en los procedimientos a que se refiere este Título se comunicarán de oficio a los Registros Civiles para la práctica de los **asientos** que correspondan.

[Fonte: CIV (5192)]

157 **asesor** [adx.-s.]

ES *asesor*

GL A comisión mixta, de común acordo, poderá utiliza-los servicios ocasionais ou permanentes de **asesores** en cantas reunións sexan da súa competencia.

ES La comisión mixta, de común acuerdo, podrá utilizar los servicios ocasionales o permanentes de **asesores** en cuantas materias sean de su competencia.

[Fonte: D08 (479)]

158 **asesoramento** [s. m.]

ES *asesoramiento*

GL Tampouco corresponde á lexislación procesual dirimir controversias interpretativas das normas sobre a función de dar fe ou acerca do **asesoramento** xurídico co que se contribúe á instrumentación documental dos negocios xurídicos.

ES Tampoco corresponde a la legislación procesal dirimir controversias interpretativas de las normas sobre la función de dar fe o acerca del **asesoramiento** jurídico con el que se contribuye a la instrumentación documental de los negocios jurídicos.

[Fonte: CIV (267)]

159 **asesoría** [s. f.]

ES *asesoría*

GL O importe citado será pagado pola Escola Galega de Administración Pública, logo de certificación emitida polo director xeral xefe da **Asesoría** Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, acreditativa das tarefas executadas.

ES El importe citado será pagado por la Escuela Gallega de Administración Pública, tras la certificación emitida por el director general jefe de la **Asesoría** Jurídica General de la Xunta de Galicia, acreditativa de las tareas ejecutadas.

[Fonte: D02 (2078)]

160 **así mesmo** [loc. adv.]

ES *asimismo*

GL Poderán, **así mesmo**, solicitarse todos aqueles informes que se estimen convenientes para resolver sobre a suspensión condicional.

ES Podrán, **asimismo**, solicitarse todos aquellos informes que se estimen convenientes para resolver sobre la suspensión condicional.

[Fonte: LPM (862)]

161 **así que** [loc. conx.]

ES *en cuanto*

GL Se as partes non están representadas por procurador, as comunicacións efectuadas en calquera dos lugares previstos no número anterior, que se designasen como domicilios, producirán plenos efectos **así que** se acredite a correcta remisión do que teña que comunicarse aínda que non conste a súa recepción polo destinatario.

ES Si las partes no estuviesen representadas por procurador, las comunicaciones efectuadas en cualquiera de los lugares previstos en el apartado anterior, que se hayan designado como domicilios, surtirán plenos efectos **en cuanto** se acredite la correcta remisión de lo que haya de comunicarse aunque no conste su recepción por el destinatario.

[Fonte: CIV (1494)]

162 **asinamento** [s. m.]

ES *firma*

GL As representacións económica e social, que chegaron á elaboración, redacción e **asinamento** deste convenio colectivo, dentro das boas relacións

humanas e profesionais que existen na empresa, fan patente o seu desexo de reforzalas para a consecución dunha mellor convivencia e produtividade.

ES Las representaciones económica y social, que han llegado a la elaboración, redacción y **firma** de este convenio colectivo, dentro de las buenas relaciones humanas y profesionales que existen en la empresa, hacen patente su deseo de reforzarlas para la consecución de una mejor convivencia y productividad.

[Fonte: D07 (297)]

163 **asinamento (de tratados, contratos, etc.)** [s. m.]

ES *celebración (de tratados, contratos, etc.)*

GL Mediante lei orgánica poderá autorizarse o **asinamento** de tratados polos que se lle atribúa a unha organización ou institución internacional o exercicio de competencias derivadas da Constitución.

ES Mediante la ley orgánica se podrá autorizar la **celebración** de tratados por los que se atribuya a una organización o institución internacional el ejercicio de competencias derivadas de la Constitución.

[Fonte: CON (459)]

164 **asinante** [adx.-s. com.]

ES *firmante*

GL Para a interpretación, vixilancia e cumprimento do presente convenio, constitúese unha comisión mixta paritaria, que estará formada polas partes **asinantes** do presente convenio.

ES Para la interpretación, vigilancia y cumplimiento del presente convenio, se constituye una comisión mixta paritaria, que estará formada por las partes **firmantes** de este convenio.

[Fonte: D01 (449)]

165 **asinar** [v. t.]

ES *firmar*

GL Remitiráselle a este servicio, por duplicado, a copia da resolución ou a cédula, das que o procurador recibirá un exemplar e **asinará** outro que será devolto ó tribunal polo propio servicio.

ES Se remitirá a este servicio, por duplicado, la copia de la resolución o la cédula, de las que el procurador recibirá un exemplar y **firmará** otro que será devuelto al tribunal por el propio servicio.

[Fonte: CIV (1483)]

166 **asistencia xurídica** [s. f.]

ES *asistencia jurídica*

GL Canto á gratuidade da **asistencia xurídica**, non é a Lei de axuízamento civil a norma adecuada para decidir a qué entidades e en qué casos se lles debe recoñecer ou outorgar.

ES En cuanto a la gratuidad de la **asistencia jurídica**, no es la Ley de Enjuiciamiento Civil la norma adecuada para decidir a qué entidades, y en qué casos, ha de reconocerse u otorgarse.

[Fonte: CIV (92)]

167 **ater** [v. p.]

ES *atener*

GL A administración para pagamento **aterase** ó que pacten executante e executado; en ausencia de pacto, entenderase que os bens han de ser administrados segundo o costume do país.

ES La administración para pago se **atendrá** a lo que pactaren ejecutante y ejecutado; en ausencia de pacto, se entenderá que los bienes han de ser administrados según la costumbre del país.

[Fonte: CIV (4719)]

ES *estar a*

GL Para a creación e supresión dos institutos universitarios de investigación haberá que **aterse** ó disposto no número 2 do artigo 8.

ES Para la creación y supresión de los Institutos Universitarios de Investigación se **estará a** lo dispuesto en el apartado 2 del artículo 8.

[Fonte: LOU (205)]

ES *estar en*

GL As resolucións firmes pasan en autoridade de cousa xulgada e o tribunal do proceso en que recaesen deberá **aterse** en todo caso ó disposto nelas.

ES Las resoluciones firmes pasan en autoridad de cosa juzgada y el tribunal del proceso en que hayan recaído deberá **estar en** todo caso a lo dispuesto en ellas.

[Fonte: CIV (1798)]

168 **atopar** [v. t.]

ES *encontrar*

GL A tramitación dos expedientes continuará no trámite no que se **atopaban** ó final do exercicio anterior.

ES La tramitación de los expedientes continuará en el trámite en el que se **encontraban** al final del ejercicio anterior.

[Fonte: D02 (2063)]

ES *hallar*

GL Como é lóxico, esta lei beneficiábase de canto de positivo se podía **atopar** na regulación procesual de 1985.

ES Como es lógico, la presente Ley se beneficia de cuanto de positivo podía **hallarse** en la regulación procesal de 1985.

[Fonte: CIV (61)]

169 **atraso** [s. m.]

ES *retraso*

GL Sen embargo, se o executado acredita que a resolución fronte á que recorre lle produce dano de difícil reparación poderá solicitar do tribunal a suspensión da actuación contra a que se recorre, prestando, nas formas permitidas por esta lei, caución suficiente para responder dos prexuízos que o **atraso** puidese producir.

ES Sin embargo, si el ejecutado acredita que la resolución frente a la que recurre le produce daño de difícil reparación podrá solicitar del tribunal la suspensión de la actuación recurrida, prestando, en las formas permitidas por esta Ley, caución suficiente para responder de los perjuicios que el **retraso** pudiera producir.

[Fonte: CIV (4044)]

170 **audiencia** [s. f.]

ES *audiencia*

GL A lei opta, pois, por afronta-la nulidade conforme a súa natureza e non segundo a similitude coas realidades que determinan a existencia doutros institutos, como o denominado recurso de revisión ou a **audiencia** do condenado en rebeldía.

ES La Ley opta, pues, por afrontar la nulidad conforme a su naturaleza y no según la similitud con las realidades que determinan la existencia de otros institutos, como el denominado recurso de revisión o la **audiencia** del condenado en rebeldía.

[Fonte: CIV (209)]

171 **audiencia nacional** [s. f.]

ES *audiencia nacional*

GL Cando o recusado sexa o presidente ou un ou máis maxistrados da Sala do Social do Tribunal Supremo, da sala do social dos tribunais superiores de xustiza, ou da Sala do Social da **Audiencia Nacional**, un maxistrado da sala á que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

ES Cuando el recusado sea el Presidente o uno o más Magistrados de la Sala de lo Social del Tribunal Supremo, de la Sala de lo Social de los Tribunales Superiores de Justicia, o de la Sala de lo Social de la **Audiencia Nacional**, un Magistrado de la Sala a la que pertenezca el recusado, designado en virtud de un turno establecido por orden de antigüedad.

[Fonte: CIV (5876)]

172 **audiencia pública** [s. f.]

ES *audiencia pública*

GL As actuacións de proba, as vistas e as comparecencias que teñan por obxecto oír as partes antes de dictar unha resolución practicaranse en **audiencia pública**.

ES Las actuaciones de prueba, las vistas y las comparecencias cuyo objeto sea oír a las partes antes de dictar una resolución se practicarán en **audiencia pública**.

[Fonte: CIV (1393)]

173 **audiencia territorial** [s. f.]

ES *audiencia territorial*

GL Nas comunidades autónomas onde teñan a súa sede máis dunha **audiencia territorial**, os estatutos de autonomía respectivos poderán mante-las existentes, distribuíndo as competencias entre elas, sempre de conformidade co previsto na Lei orgánica do poder xudicial e dentro da unidade e independencia deste.

ES En las Comunidades Autónomas donde tengan su sede más de una **Audiencia Territorial**, los Estatutos de Autonomía respectivos podrán mantener las existentes, distribuyendo las competencias entre ellas, siempre de conformidad con lo previsto en la Ley Orgánica del Poder Judicial y dentro de la unidad e independencia de éste.

[Fonte: CON (892)]

174 **auditoría** [s. f.]

ES *auditoría*

- GL** As comunidades autónomas establecerán as normas e procedementos para o desenvolvemento e execución do orzamento das universidades, así como para o control dos investimentos, gastos e ingresos daquelas, mediante as correspondentes técnicas de **auditoría**, baixo a supervisión dos Consellos Sociais.
- ES** Las Comunidades Autónomas establecerán las normas y procedimientos para el desarrollo y ejecución del presupuesto de las Universidades, así como para el control de las inversiones, gastos e ingresos de aquéllas, mediante las correspondientes técnicas de **auditoría**, bajo la supervisión de los Consejos Sociales.

[Fonte: LOU (739)]

175 **auto** [s. m.]

ES *auto*

- GL** Así, toda cuestión procesal que requira unha decisión xudicial debe ser resolta necesariamente polos tribunais, ben por medio unha providencia ben a través dun **auto**, segundo os casos.
- ES** Así, toda cuestión procesal que requiera una decisión judicial ha de ser resuelta necesariamente por los tribunales, bien por medio de una providencia bien a través de un **auto**, según los casos.

[Fonte: CIV (189)]

176 **auto de sobreseimento** [s. m.]

ES *auto de sobreseimiento*

- GL** Se o demandado está conforme coa desistencia ou non se opón a ela dentro do prazo expresado no parágrafo anterior, o tribunal dictará **auto de sobreseimento** e o demandante poderá promover un novo xuízo sobre o mesmo obxecto.
- ES** Si el demandado prestare su conformidad al desistimiento o no se opusiere a él dentro del plazo expresado en el párrafo anterior, el tribunal dictará **auto de sobreseimiento** y el actor podrá promover nuevo juicio sobre el mismo objeto.

[Fonte: CIV (698)]

177 **autogoberno** [s. m.]

ES *autogobierno*

GL Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ó seu **autogoberno**, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

ES Galicia, nacionalidad histórica, se constituye en Comunidad Autónoma para acceder a su **autogobierno** de conformidad con la Constitución Española y con el presente Estatuto, que es su norma institucional básica.

[Fonte: EST (8)]

178 **autoliquidación** [s. f.]

ES *autoliquidación*

GL Tributos, pola que se actualizan os anexos V, VI e VII da Orde do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de **autoliquidación** das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pagamento das taxas por servicios administrativos de compulsa de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación, así como os anexos I e II da Orde do 29 de xuño de 1994, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

ES Tributos, por la que se actualizan los anexos V, VI y VII de la Orden de 30 de junio de 1992, por la que se aprueba el modelo de **autoliquidación** de las tasas de la Comunidad Autónoma de Galicia y se establece la utilización de efectos timbrados para el pago de la tasas por servicios administrativos de compulsa de documentos y de bastateo de poderes y documentos acreditativos de legitimación, así como los anexos I y II de la Orden de 29 de junio de 1994, por la que se regula el procedimiento de recaudación voluntaria de las tasas y precios de la Comunidad Autónoma de Galicia.

[Fonte: D08 (7)]

179 **autoridade competente** [s. f.]

ES *autoridad competente*

GL Os capitáns dos buques que desembarquen capturas en territorio español deberán presentar ás **autoridades competentes** unha declaración de desembarque, que deberá reflecti-las cantidades desembarcadas de cada especie, a zona de procedencia e demais datos que regulamentariamente se establezan.

ES Los capitanes de los buques que desembarquen capturas en territorio español deberán presentar a las **autoridades competentes** una declaración de desembarque, que deberá reflejar las cantidades desembarcadas de cada especie, la zona de procedencia y demás datos que reglamentariamente se establezcan.

[Fonte: LPM (327)]

180 **autoridade portuaria** [s. f.]

ES *autoridad portuaria*

GL O establecemento do porto base será outorgado pola comunidade autónoma que autorice a construción do buque e corresponderá a un dos portos do seu litoral, logo de informe, se é o caso, da **autoridade portuaria**.

ES El establecimiento del puerto base será otorgado por la Comunidad Autónoma que autorice la construcción del buque y corresponderá a uno de los puertos de su litoral, previo informe, en su caso, de la **Autoridad Portuaria**.

[Fonte: LPM (522)]

181 **autoridade xudicial** [s. f.]

ES *autoridad judicial*

GL O disposto polas ditas normas aplicarase tamén cando as **autoridades xudiciais** estranxeiras soliciten a cooperación dos xulgados e tribunais españois.

ES A lo dispuesto por dichas normas se estará también cuando las **autoridades judiciales** extranjeras soliciten la cooperación de los juzgados y tribunales españoles.

[Fonte: CIV (1610)]

182 **auxilio xudicial** [s. m.]

ES *auxilio judicial*

GL Para o **auxilio xudicial**, no réxime do cal, entre outros perfeccionamentos, se precisa o que corresponde prestar ós xulgados de paz, a lei conta co sistema informático xudicial.

ES Para el **auxilio judicial**, en cuyo régimen, entre otros perfeccionamientos, se precisa el que corresponde prestar a los Juzgados de Paz, la Ley cuenta con el sistema informático judicial.

[Fonte: CIV (174)]

183 **aval** [s. m.]

ES *aval*

GL A caución poderá constituírse en diñeiro efectivo, mediante **aval** solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, de se-lo caso, da cantidade de que se trate.

ES La caución podrá constituírse en dinero efectivo, mediante **aval** solidario de duración indefinida y pagadero a primer requirimento emitido por entidad de crédito o sociedad de garantía recíproca o por cualquier otro medio que, a juicio del tribunal, garantice la inmediata disponibilidad, en su caso, de la cantidad de que se trate.

[Fonte: CIV (3789)]

184 **aval bancario** [s. m.]

ES *aval bancario*

GL Presentar xustificante de que depositaron na conta de depósitos e consignacións ou de que prestaron **aval bancario** polo 20 por 100 do valor de taxación dos bens.

ES Presentar resguardo de que han depositado en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones o de que han prestado **aval bancario** por el 20 por 100 del valor de tasación de los bienes.

[Fonte: CIV (4530)]

185 **avaliación** [s. f.]

ES *avalúo*

GL En relación coa subsistencia e cancelación de cargas optouse por mante-lo sistema de subsistencia das cargas anteriores ó gravame que se executa e cancelación das cargas posteriores, sistema que se complementa deducindo da **avaliación** o importe das cargas subsistentes para determina-lo valor polo que os inmobles han saír á poxa.

ES En relación con la subsistencia y cancelación de cargas se ha optado por mantener el sistema de subsistencia de las cargas anteriores al gravamen que se ejecuta y cancelación de las cargas posteriores, sistema que se complementa deduciendo del **avalúo** el importe de las cargas subsistentes para determinar el valor por el que los inmuebles han de salir a subasta.

[Fonte: CIV (470)]

ES *evaluación*

- GL** Se, dentro do prazo legal, o debedor se opón motivadamente á petición do demandante, sexa en canto ás partidas de danos e perdas, sexa en canto á súa valoración en diñeiro, substanciarase a liquidación de danos e perdas polos trámites establecidos para os xuízos verbais nos artigos 441 e seguintes, pero o tribunal poderá, mediante providencia, por instancia de parte ou de oficio, se o considera necesario, nomear un perito que dictamine sobre a efectiva produción dos danos e a súa **avaliación** en diñeiro.
- ES** Si, dentro del plazo legal, el deudor se opusiera motivadamente a la petición del actor, sea en cuanto a las partidas de daños y perjuicios, sea en cuanto a su valoración en dinero, se sustanciará la liquidación de daños y perjuicios por los trámites establecidos para los juicios verbales en los artículos 441 y siguientes, pero podrá el tribunal, mediante providencia, a instancia de parte o de oficio, si lo considera necesario, nombrar un perito que dictamine sobre la efectiva producción de los daños y su **evaluación** en dinero.

[Fonte: CIV (4957)]

186

aviso previo [s. m.]

ES *preaviso*

- GL** Cando as condicións do exercicio da actividade o permitan, poderá esixirse que previamente á descarga ou desembarque se realice un **aviso previo** de chegada por parte da empresa, ou que a descarga ou desembarque se produzan en presenza de inspectores de pesca.
- ES** Cuando las condiciones del ejercicio de la actividad lo permitan, podrá exigirse que previamente a la descarga o desembarque se realice un **preaviso** de llegada por parte de la empresa, o que la descarga o desembarque se produzcan en presencia de inspectores de pesca.

[Fonte: LPM (369)]

ES *previo aviso*

- GL** Durante os períodos que se sinalan, tanto o traballador como a empresa poderán desistir da proba ou proceder á rescisión do contrato, sen **aviso previo** nin dereito á indemnización.
- ES** Durante los períodos que se señalan, tanto el trabajador como la empresa podrán desistir de la prueba o proceder a la rescisión del contrato, sin **previo aviso** ni derecho a indemnización.

[Fonte: D03 (1887)]

187 **avocar** [v. t.]

ES *recabar*

GL O Pleno poderá, con todo, **avocar** en calquera momento o debate e votación de calquera proxecto ou proposición de lei que xa fora obxecto desta delegación.

ES El Pleno podrá, no obstante, **recabar** en cualquier momento el debate y votación de cualquier proyecto o proposición de ley que haya sido objeto de esta delegación.

[Fonte: CON (382)]

188 **avogacía** [s. f.]

ES *abogacía*

GL As responsabilidades de procuradoría e **avogacía** acentúanse no novo sistema procesual, de modo que se salienta a xustificación das súas respectivas funcións.

ES Las responsabilidades de procuraduría y **abogacía** se acentúan en el nuevo sistema procesal, de modo que se subraya la justificación de sus respectivas funciones.

[Fonte: CIV (96)]

189 **avogado** [s.]

ES *abogado*

GL A obrigada representación mediante procurador e a imperativa asistencia de **avogado** configúranse nesta lei sen variación substancial respecto das disposicións anteriores.

ES La obligada representación mediante procurador y la imperativa asistencia de **abogado** se configuran en esta Ley sin variación sustancial respecto de las disposiciones anteriores.

[Fonte: CIV (93)]

190 **axencia de extensión agraria** [s. f.]

ES *agencia de extensión agraria*

GL Sen prexuízo do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, as solicitudes de axuda presentaranse, preferentemente, nas **axencias de Extensión Agraria** da bisbarra na que está situada a explotación ou, de se-lo caso, onde estea a maior parte da superficie da relación de parcelas agrícolas incluídas na solicitude de axuda por superficie.

ES Sin perjuicio de lo dispuesto en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, modificada por la Ley 4/1999, de 13 de enero, las solicitudes de ayuda se presentarán, preferentemente, en las **agencias de Extensión Agraria** de la comarca en que está ubicada la explotación o, en su caso, donde esté la mayor parte de la superficie de la relación de parcelas agrícolas incluidas en la solicitud de ayuda por superficie.

[Fonte: D02 (1654)]

191 **axencia estatal de administración tributaria** [s. f.]

ES *agencia estatal de administración tributaria*

GL Na medida en que a través do indicado marco de colaboración se poida dispoñer da dita información, non se lles esixirá ós interesados que achen individualmente certificacións expedidas pola **Axencia Estatal de Administración Tributaria**, nin a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias.

ES En la medida en que a través del indicado marco de colaboración se pueda disponer de dicha información, no se exigirá a los interesados que aporten individualmente certificaciones expedidas por la **Agencia Estatal de Administración Tributaria**, ni la presentación, en original, copia o certificación, de sus declaraciones tributarias.

[Fonte: CAL (1236)]

192 **axencia nacional de avaliación da calidade e acreditación** [s. f.]

ES *agencia nacional de evaluación de la calidad y acreditación*

GL Neste segundo suposto, a **Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación** recibirá, en todo caso, copia do mencionado informe.

ES En este segundo supuesto, la **Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación** recibirá, en todo caso, copia del mencionado informe.

[Fonte: LOU (762)]

193 **axuda de custo** [s. f.]

ES *dieta*

GL En casos especiais, co consentimento do xefe correspondente, se as necesidades do traballo urxente o requiren, poderíase autorizarlo pagamento da **axuda de custo** sen a partición da xornada laboral establecida.

ES En casos especiales, con el consentimiento de su jefe correspondiente, si las necesidades del trabajo urgente lo requieren, se podría autorizar al pago de la **dieta** sin la partición de la jornada laboral establecida.

[Fonte: D03 (2077)]



194 axuda pública [s. f.]

ES *ayuda pública*

GL As **axudas públicas** que se concedan para a modernización e reconversión de buques pesqueiros serán condicionadas á obxectivación das melloras sociais establecidas no punto 1 deste artigo.

ES Las **ayudas públicas** que se concedan para la modernización y reconversión de buques pesqueros serán condicionadas a la objetivación de las mejoras sociales contempladas en el apartado 1 de este artículo.

[Fonte: LPM (486)]

195 axuizamento [s. m.]

ES *enjuiciamiento*

GL Esta nova Lei de **axuizamento** civil inspírase e diríxese na súa totalidade ó interese de tódolos suxeitos xurídicos e, por conseguinte, da sociedade enteira.

ES Esta nueva Ley de **Enjuiciamiento** Civil se inspira y se dirige en su totalidad al interés de los justiciables, lo que es tanto como decir al interés de todos los sujetos jurídicos y, por consiguiente, de la sociedad entera.

[Fonte: CIV (13)]

B

196 **baixo apercibimento de** [loc. prep.]

ES *bajo apercibimiento de*

GL Presentada a conta, mandarase que se requira ó poderdante para que pague a dita suma, coas custas, ou impugne a conta, no prazo de dez días, **baixo apercibimento de** constrinximento se non paga nin formula impugnación.

ES Presentada la cuenta, se mandará que se requiera al poderdante para que pague dicha suma, con las costas, o impugne la cuenta, en el plazo de diez días, **bajo apercibimiento de** apremio si no pagare ni formulare impugnación.

[Fonte: CIV (809)]

197 **balance** [s. m.]

ES *balance*

GL Coñece-lo **balance**, a conta de resultados, a memoria, e, no caso de que a empresa revista a forma de sociedade por accións ou participacións, dos demais documentos que se lles dean a coñecer ós socios, e nas mesmas condicións que a estas.

ES Conocer el **balance**, la cuenta de resultados, la memoria y, en el caso de que la empresa revista la forma de sociedad por acciones o participaciones, de los demás documentos que se den a conocer a los socios, y en las mismas condiciones que a éstos.

[Fonte: D07 (711)]

198 **bancario** [adx.]

ES *bancario*

GL Malia o disposto no número anterior, poderán embargarse os depósitos **bancarios** e os saldos favorables que presenten as contas abertas en entidades de crédito, sempre que, en razón do título executivo, se determine, por medio de auto, unha cantidade como límite máximo. Do que exceda dese límite poderá o executado dispor libremente.

ES No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, podrán embargarse los depósitos **bancarios** y los saldos favorables que arrojen las cuentas abiertas en entidades de crédito, siempre que, en razón del título ejecutivo, se determine, por medio de auto, una cantidad como límite máximo. De lo que exceda de ese límite podrá el ejecutado disponer libremente.
[Fonte: CIV (4155)]

199 **baremo** [s. m.]

ES *baremo*

GL Incluirán un único **baremo** de méritos, entre os que se terán en conta os cursos de formación e perfeccionamento superados, os méritos académicos e profesionais, a antigüidade e, se é o caso, estar en posesión da categoría de director.

ES Incluirán un único **baremo** de méritos, entre los que se tendrán en cuenta los cursos de formación y perfeccionamiento superados, los méritos académicos y profesionales, la antigüedad y, en su caso, estar en posesión de la categoría de Director.

[Fonte: CAL (1161)]

200 **base imponible** [s. f.]

ES *base imponible*

GL Nos casos en que a reclamación verse sobre usufructo ou a núa propiedade, o uso, a habitación, o aproveitamento por quendas ou outro dereito real limitativo do dominio non suxeito a regra especial, o valor da demanda fixarase atendendo á **base imponible** tributaria sobre a que xire o imposto para a constitución ou transmisión destes dereitos.

ES En los casos en que la reclamación verse sobre usufructo o la nuda propiedad, el uso, la habitación, el aprovechamiento por turnos u otro derecho real limitativo del dominio no sujeto a regla especial, el valor de la demanda se fijará atendiendo a la **base imponible** tributaria sobre la que gire el impuesto para la constitución o transmisión de estos derechos.

[Fonte: CIV (2101)]

201 **ben** [s. m.]

ES *bien*

GL En materia de execución en diñeiro, a lei ocúpase, en primeiro lugar, do embargo ou afección de **bens** e da garantía desta afección, segundo a distinta natureza do que sexa obxecto desta fundamental fase da actividade xurisdiccional executiva.

ES En materia de ejecución dineraria, la Ley se ocupa, en primer lugar, del embargo o afección de **bienes** y de la garantía de esta afección, según la distinta naturaleza de lo que sea objeto de esta fundamental fase de la actividad jurisdiccional ejecutiva.

[Fonte: CIV (450)]

202 **ben de dominio público** [s. m.]

ES bien de dominio público

GL A lei regulará o réxime xurídico dos **bens de dominio público** e dos comunais, inspirándose nos principios de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, así como a súa desafectación.

ES La ley regulará el régimen jurídico de los **bienes de dominio público** y de los comunales, inspirándose en los principios de inalienabilidad, imprescriptibilidad e inembargabilidad, así como su desafectación.

[Fonte: CON (624)]

203 **ben de interese cultural** [s. m.]

ES bien de interés cultural

GL Resolución do 24 de novembro de 1999, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se deixa sen efecto a incoación da declaración de **ben de interese cultural** coa categoría de conxunto histórico a favor da vila de Ribadeo, provincia de Lugo.

ES Resolución de 24 de noviembre de 1999, de la Dirección General de Patrimonio Cultural, por la que se deja sin efecto la incoación de la declaración de **bien de interés cultural** con la categoría de conjunto histórico a favor de la villa de Ribadeo, provincia de Lugo.

[Fonte: D04 (242)]

204 **ben inmovible** [s. m.]

ES bien inmueble

GL Se antes de que se venda ou adjudique na execución un **ben inmovible** e despois de se anota-lo seu embargo ou de se consignar rexistralmente o comezo do procedemento de constrinximento, pasa aquel ben a poder dun terceiro posuidor, este, acreditando a inscrición do seu título, poderá pedir que se lle exhiban os autos na secretaría, o que se acordará sen paraliza-lo curso do procedemento, entendéndose tamén con el as actuacións ulteriores.

ES Si antes de que se venda o adjudique en la ejecución un **bien inmueble** y después de haberse anotado su embargo o de consignado registralmente el comienzo del procedimiento de apremio, pasare aquel bien a poder de un tercer poseedor, éste, acreditando la inscripción de su título, podrá pedir que se le exhiban los autos en la Secretaría, lo que se acordará sin paralizar el curso del procedimiento, entendiéndose también con él las actuaciones ulteriores.

[Fonte: CIV (4626)]

205 **ben moble** [s. m.]

ES *bien mueble*

GL Se o depositario é persoa distinta do executante, do executado e do terceiro posuidor do **ben moble** obxecto do depósito terá dereito ó reembolso dos gastos ocasionados polo transporte, conservación, custodia, exhibición e administración dos bens, e poderá ser acordado polo tribunal, mediante providencia, o adianto dalgunha cantidade polo executante, sen prexuízo do seu dereito ó reintegro en concepto de custas.

ES Si el depositario fuera persona distinta del ejecutante, del ejecutado y del tercero poseedor del **bien mueble** objeto del depósito tendrá derecho al reembolso de los gastos ocasionados por el transporte, conservación, custodia, exhibición y administración de los bienes, pudiendo acordarse por el tribunal, mediante providencia, el adelanto de alguna cantidad por el ejecutante, sin perjuicio de su derecho al reintegro en concepto de costas.

[Fonte: CIV (4394)]

206 **beneficiario** [adx.-s.]

ES *beneficiario*

GL Se o executado é **beneficiario** de máis dunha percepción, acumularanse todas elas para deducir unha soa vez a parte inembargable.

ES Si el ejecutado es **beneficiario** de más de una percepción, se acumularán todas ellas para deducir una sola vez la parte inembargable.

[Fonte: CIV (4272)]

207 **bens gananciais** [s. m. pl.]

ES *bienes gananciales*

GL A oposición á execución poderá fundarse nas mesmas causas que correspondan ó executado e, ademais, en que os **bens gananciais** non deben

responder da débeda pola que se despachase a execución. Cando a oposición se funde nesta última causa, corresponderalle ó acredor proba-la responsabilidade dos bens gananciais.

- ES** La oposición a la ejecución podrá fundarse en las mismas causas que correspondan al ejecutado y, además, en que los **bienes gananciales** no deben responder de la deuda por la que se haya despachado la ejecución. Cuando la oposición se funde en esta última causa, corresponderá al acreedor probar la responsabilidad de los bienes gananciales.

[Fonte: CIV (3866)]

208 **bens hereditarios** [s. m. pl.]

ES *bienes hereditarios*

- GL** A Comunidade Autónoma galega tomou posesión dos **bens hereditarios** conforme o disposto no artigo 8.1º do Decreto 94/1999, do 25 de marzo, que regula a sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma.

- ES** La Comunidad Autónoma gallega tomó posesión de los **bienes hereditarios** conforme a lo dispuesto en el artículo 8.1º del Decreto 94/1999, de 25 de marzo, que regula la sucesión intestada a favor de la Comunidad Autónoma.

[Fonte: D05 (817)]

209 **bens inmobles** [s. m. pl.]

ES *bienes inmuebles*

- GL** O alleamento en poxa de **bens inmobles** recibe a singular atención lexislativa que merece, con especial coidado sobre os aspectos rexistrals e a protección de terceiros.

- ES** La enajenación en subasta de **bienes inmuebles** recibe la singular atención legislativa que merece, con especial cuidado sobre los aspectos registrales y la protección de terceros.

[Fonte: CIV (469)]

210 **bens mobles** [s. m. pl.]

ES *bienes muebles*

ES A todas las **disposiciones generales** sobre la jurisdicción y la competencia, los sujetos del proceso, sus actos y diligencias, las resoluciones judiciales, los recursos, etc., concede la Ley la importancia que merecen, a fin de que constituyan pautas realmente aplicables en las distintas fases del proceso, sin necesidad de reiterar normas y regulaciones enteras.

[Fonte: CIV (78)]

541 **ditame** [s. m.]

ES *dictamen*

GL A Comisión Consultiva terá como función participar na elaboración e deseño dos programas e actuacións en seguridade e saúde laboral e no impulso, actualización e seguimento das actuacións que se deriven destes, así como, emitir **ditame** do plan anual do instituto para a súa aprobación polo Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

ES La Comisión Consultiva tendrá como función participar en la elaboración y diseño de los programas y actuaciones en seguridad y salud laboral; y en el impulso, actualización y seguimiento de las actuaciones que se deriven de éstos, así como, emitir **dictamen** del plan anual del instituto para su aprobación por el Consejo Gallego de Seguridad y Salud Laboral.

[Fonte: CIV (278)]

542 **ditar** [v. t.]

ES *dictar*

GL Así mesmo, o tribunal, por proposta do Servizo Galego de Defensa da Competencia, poderá adoptar, consonte o establecido na lexislación estatal, as medidas preventivas necesarias tendentes a aseguraren a eficacia da resolución que se **dite** no seu momento.

ES Asimismo, el tribunal, a propuesta del Servicio Gallego de Defensa de la Competencia, podrá adoptar, conforme a lo establecido en la legislación estatal, las medidas preventivas necesarias tendentes a asegurar la eficacia de la resolución que se **dicte** en su momento.

[Fonte: D14 (111)]

543 **ditar sentenza** [loc. v.]

ES *dictar sentencia*

GL Elma Monzón Cuesta, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número un da Coruña, dá fe e certifica que neste xulgado se seguen autos de xuízo ordinario nº 632/2003-M entre as partes que se dirá, nos que se **ditou sentenza** cuxo encabezamento e ditame son do teor literal seguinte.

ES Elma Monzón Cuesta, secretaria del Juzgado de Primera Instancia número uno de A Coruña, doy fe y certifico que en este juzgado se siguen autos de juicio ordinario nº 632/2003-M entre las partes que se dirá, en los que se **dictó sentencia**, cuyo encabezamiento y fallo son del tenor literal siguiente.

[Fonte: D15 (1023)]

544 **doazón** [s. f.]

ES *donación*

GL Os ingresos procedentes de transferencias de entidades públicas e privadas, así como de herdanzas, legados ou **doazóns**.

ES Los ingresos procedentes de transferencias de entidades públicas y privadas, así como de herencias, legados o **donaciones**.

[Fonte: LOU (725)]

545 **documento de acreditación** [s. m.]

ES *documento de acreditación*

GL O delegado provincial expedirá o **documento de acreditación** para o exercicio da dirección ó que fai referencia o artigo 2.2º do Decreto 176 /1996 ós profesores acreditados pola comisión de acreditación e pertencentes ó seu ámbito provincial, de acordo co modelo do anexo IV da Orde do 21 de maio de 1996.



ES El delegado provincial expedirá el **documento de acreditación** para el ejercicio de la dirección al que hace referencia el artículo 2.2º del Decreto 176/1996 los profesores acreditados por la comisión de acreditación y pertenecientes a su ámbito provincial, de acuerdo con el modelo del anexo IV de la Orden de 21 de mayo de 1996.

[Fonte: D09 (216)]

546 **documento nacional de identidade** [s. m.]

ES *documento nacional de identidad*

GL Xunto coa instancia xuntarase fotocopia do **documento nacional de identidade**, acreditándose ademais o pagamento dos dereitos de exame na forma prevista no punto 1.2.

ES Junto con la instancia se acompañará fotocopia del **documento nacional de identidad**, acreditándose además el pago de los derechos de examen en la forma prevista en el punto 1.2.

[Fonte: D03 (2510)]

547 **documento privado** [s. m.]

ES *documento privado*

GL Se a parte só posúe copia simple do **documento privado**, poderá presentar esta, que producirá os mesmos efectos que o orixinal, sempre que a conformidade daquela con este non sexa cuestionada por calquera das demais partes. 3.

ES Si la parte sólo posee copia simple del **documento privado**, podrá presentar ésta, que surtirá los mismos efectos que el original, siempre que la conformidad de aquélla con éste no sea cuestionada por cualquiera de las demás partes.

[Fonte: CIV (2238)]

548 **documento público** [s. m.]

ES *documento público*

GL Calquera outro **documento público** que, pola súa índole, careza de orixinal ou rexistro co que poida cotexarse ou comprobarse.

ES Cualquier otro **documento público** que, por su índole, carezca de original o registro con el que pueda cotejarse o comprobarse.

[Fonte: CIV (2537)]

549 **dolo** [s. m.]

ES *dolo*

- GL** As certificacións e testemuños que acrediten ter rematado o proceso e terse nel reclamado ou interposto recurso cando se interpoña demanda de responsabilidade civil contra xuíces emaxistrados por danos e perdas causados no exercicio das súas funcións, con **dolo**, culpa ou ignorancia inescusable.
- ES** Las certificaciones y testimonios que acrediten haber terminado el proceso y haberse en él reclamado o recurrido cuando se interponga demanda de responsabilidad civil contra Jueces y Magistrados por daños y perjuicios causados en el ejercicio de sus funciones, con **dolo**, culpa o ignorancia inexcusable.

[Fonte: CIV (2227)]

550 **domicilio conxugal** [s. m.]

ES *domicilio conyugal*

- GL** Agás que expresamente se dispoña outra cosa, será tribunal competente para coñecer dos procedementos a que se refire este capítulo o xulgado de primeira instancia do lugar do **domicilio conxugal**.
- ES** Salvo que expresamente se disponga otra cosa, será tribunal competente para conocer de los procedimientos a que se refiere este capítulo el Juzgado de Primera Instancia del lugar del **domicilio conyugal**.

[Fonte: CIV (5281)]

551 **domicilio social** [s. m.]

ES *domicilio social*

- GL** Poderán optar a estas subvencións os particulares, as asociacións e institucións culturais legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, con **domicilio social** en Galicia, así como que realicen as súas actividades culturais, de interese xeral, na Comunidade Autónoma de Galicia, que sexan de especial relevancia cultural e cunha repercusión no ámbito autonómico ou provincial e cunha acreditada continuidade no tempo.
- ES** Podrán optar a estas subvenciones los particulares, asociaciones e instituciones culturales legalmente constituídas, sin ánimo de lucro, con **domicilio social** en Galicia, así como que realicen sus actividades culturales, de interés general, en la Comunidad Autónoma de Galicia, y sean de especial relevancia cultural y con una repercusión en el ámbito autonómico o provincial y con una acreditada continuidad en el tiempo.

[Fonte: D05 (346)]

552 **dotación** [s. f.]

ES *dotación*

GL A **dotación** económica de cada bolsa será de 132.850 pesetas mensuais.

ES La **dotación** económica de cada beca será de 132.850 pesetas mensuales.
[Fonte: D02 (2077)]

553 **dote** [s. f.]

ES *dote*

GL A **dote** do persoal fixo que case consistirá no aboamento dunha mensuralidade por cada ano de servizo nun máximo de seis.

ES El **dote** del personal fijo que se case consistirá en el abono de una mensualidad por cada año de servicio en un máximo de seis.

[Fonte: D04 (369)]

E

554 **edicto** [s. m.]

ES *edicto*

GL Se estas pescudas resultaren infructuosas, a comunicación levarase a cabo mediante **edictos**.

ES Si estas averiguaciones resultaren infructuosas, la comunicación se llevará a cabo mediante **edictos**.

[Fonte: CIV (1502)]

555 **efecto probatorio** [s. m.]

ES *efecto probatorio*

GL Cando sexan públicos os documentos que teñan que achegarse conforme o disposto no artigo 265, poderán presentarse por copia simple e, de se impugna-la súa autenticidade, poderá levarse ós autos orixinal, copia ou certificación do documento cos requisitos necesarios para que produza os seus **efectos probatorios**.

ES Cuando sean públicos los documentos que hayan de aportarse conforme a lo dispuesto en el artículo 265, podrán presentarse por copia simple y, si se impugna su autenticidad, podrá llevarse a los autos original, copia o certificación del documento con los requisitos necesarios para que surta sus **efectos probatorios**.

[Fonte: CIV (2234)]

556 **efecto procesal** [s. m.]

ES *efecto procesal*

GL Os documentos ós que se lles poden atribuír **efectos procesuais** moi relevantes, pero sen que sexa razoable consideralos títulos executivos encontran, nesta lei, dentro do proceso monitorio o seu adecuado lugar.

ES Los documentos a los que se pueden atribuir **efectos procesales** muy relevantes, pero sin que sea razonable considerarlos títulos ejecutivos encuentran, en esta Ley, dentro del proceso monitorio, su adecuado lugar.
[Fonte: CIV (442)]

557 **embargar** [v. t.]

ES *embargar*

GL Se acredor e debedor non pactan outra cosa, dentro ou fóra da execución, o tribunal **embargará** os bens do executado procurando ter en conta a maior facilidade do seu alleamento e a menor onerosidade desta para o executado.
ES Si acreedor y deudor no hubieren pactado otra cosa, dentro o fuera de la ejecución, el tribunal **embargará** los bienes del ejecutado procurando tener en cuenta la mayor facilidad de su enajenación y la menor onerosidad de ésta para el ejecutado.
[Fonte: CIV (4175)]

558 **embargo** [s. m.]

ES *embargo*

GL En materia de execución en diñeiro, a lei ocúpase, en primeiro lugar, do **embargo** ou afección de bens e da garantía desta afección, segundo a distinta natureza do que sexa obxecto desta fundamental fase da actividade xurisdiccional executiva.
ES En materia de ejecución dineraria, la Ley se ocupa, en primer lugar, del **embargo** o afección de bienes y de la garantía de esta afección, según la distinta naturaleza de lo que sea objeto de esta fundamental fase de la actividad jurisdiccional ejecutiva.
[Fonte: CIV (450)]

559 **embargo preventivo** [s. m.]

ES *embargo preventivo*

GL A eficaz protección do crédito cambiario queda asegurada polo inmediato **embargo preventivo**, que se converte automaticamente en executivo se o debedor non formula oposición ou se esta é desestimada.
ES La eficaz protección del crédito cambiario queda asegurada por el inmediato **embargo preventivo**, que se convierte automáticamente en ejecutivo si el deudor no formula oposición o si ésta es desestimada.
[Fonte: CIV (538)]

560 **emenda** [s. f.]

ES *enmienda*

GL Cando unha proposición de lei ou unha **emenda** sexa contraria a unha delegación lexislativa en vigor, o Goberno está facultado para se opoñer á súa tramitación.

ES Cuando una proposición de ley o una **enmienda** fuere contraria a una delegación legislativa en vigor, el Gobierno está facultado para oponerse a su tramitación.

[Fonte: CON (424)]

ES *subsanción*

GL **Emenda** e complemento de sentencias e autos defectuosos ou incompletos.

ES **Subsanción** y complemento de sentencias y autos defectuosos o incompletos.

[Fonte: CIV (1837)]

561 **emendable** [adx.]

ES *subsancible*

GL Cando o defecto ou falta non sexan **emendables** nin corrixibles ou non se emenden ou corrixan no prazo concedido darase por concluída a audiencia e dictarase un auto que poña fin ó proceso, agás o disposto no punto seguinte deste precepto.

ES Cuando el defecto o falta no sean **subsancibles** ni corregibles o no se subsanen o corrijan en el plazo concedido se dará por concluida la audiencia y se dictará auto poniendo fin al proceso, salvo lo dispuesto en el apartado siguiente de este precepto.

[Fonte: CIV (3082)]

562 **emendar** [v. t.]

ES *subsancir*

GL Nos casos a que se refire o artigo anterior, a omisión da presentación de copias dos escritos e documentos non será motivo para deixar de admitir uns e outros. Esta omisión faráselle notar á parte, que deberá **emendala** no prazo de cinco días.



ES En los casos a que se refiere el artículo anterior, la omisión de la presentación de copias de los escritos y documentos no será motivo para dejar de admitir unos y otros. Dicha omisión se hará notar a la parte, que habrá de **subsanarla** en el plazo de cinco días.

[Fonte: CIV (2273)]

563 **emitir** [v. t.]

ES *emitir*

GL Cando sexan necesarios coñecementos científicos, artísticos, técnicos ou prácticos para valorar feitos ou circunstancias relevantes no asunto ou adquirir certeza sobre eles, as partes poderán achegar ó proceso o dictame de peritos que posúan os coñecementos correspondentes ou solicitar, nos casos previstos nesta lei, que sexa **emitido** dictame por un perito designado polo tribunal.

ES Cuando sean necesarios conocimientos científicos, artísticos, técnicos o prácticos para valorar hechos o circunstancias relevantes en el asunto o adquirir certeza sobre ellos, las partes podrán aportar al proceso el dictamen de peritos que posean los conocimientos correspondientes o solicitar, en los casos previstos en esta ley, que se **emita** dictamen por perito designado por el tribunal.

[Fonte: CIV (2598)]

564 **emolumento** [s. m.]

ES *emolumento*

GL Ó producirse a xubilación dun traballador/a que leve, como mínimo, quince anos de servizo na empresa, percibirá dúas mensualidades, incrementadas con tódolos **emolumentos** inherentes a ela, e unha mensuralidade máis por cada cinco anos que exceda dos quince de referencia.

ES Al producirse la jubilación de un trabajador/a que lleve, como mínimo, quince años al servicio en la empresa, percibirá dos mensualidades, incrementadas con todos los **emolumentos** inherentes a la misma y una mensualidad más por cada cinco años que exceda de los quince de referencia.

[Fonte: D04 (423)]

565 **emprazamento** [s. m.]

ES *emplazamiento*

GL Acordada a notificación, emprazarase o terceiro para contesta-la demanda na mesma forma e en idénticos termos ós establecidos para o **emprazamento** do demandado.

ES Acordada la notificación, se emplazará al tercero para contestar a la demanda en la misma forma y en idénticos términos a los establecidos para el **emplazamiento** del demandado.

[Fonte: CIV (647)]

566 **emprazar** [v. t.]

ES *emplazar*

GL Acordada a notificación, **emprazarase** o terceiro para contesta-la demanda na mesma forma e en idénticos termos ós establecidos para o emprazamento do demandado.

ES Acordada la notificación, se **emplazará** al tercero para contestar a la demanda en la misma forma y en idénticos términos a los establecidos para el emplazamiento del demandado.

[Fonte: CIV (647)]

567 **empregado** [s.]

ES *empleado*

GL Se o domicilio onde se pretende practica-la comunicación é o lugar en que o destinatario teña o seu domicilio segundo o padrón municipal ou para efectos fiscais ou segundo rexistro oficial ou publicacións de Colexios profesionais, e non se encontra alí o dito destinatario, poderá efectuar-se a entrega a calquera **empregado** ou familiar, maior de catorce anos, que se encuentre nese lugar, ou ó conserxe do predio, se o tiver, advertindo ó receptor que está obrigado a lle entrega-la copia da resolución ou a cédula ó destinatario dela, ou a darlle aviso, se sabe o seu paradoiro.

ES Si el domicilio donde se pretende practicar la comunicación fuere el lugar en que el destinatario tenga su domicilio según el padrón municipal o a efectos fiscales o según Registro oficial o publicaciones de Colegios profesionales, y no se encontrare allí dicho destinatario, podrá efectuarse la entrega a cualquier **empleado** o familiar, mayor de catorce años, que se encuentre en ese lugar, o al conserje de la finca, si lo tuviere, advirtiéndolo al receptor que está obligado a entregar la copia de la resolución o la cédula al destinatario de la misma, o a darle aviso, si sabe su paradero.

[Fonte: CIV (1528)]

568 **empregador** [s.]

ES *empleador*

GL Con tal fin, o titular do centro, na súa condición de **empregador** na relación laboral, facilitará á Administración as nóminas correspondentes, así como as súas eventuais modificacións.

ES A tal fin, el titular del centro, en su condición de **empleador** en la relación laboral, facilitará a la Administración las nóminas correspondientes, así como sus eventuales modificaciones.

[Fonte: CAL (843)]

569 **emprego** [s. m.]

ES *empleo*

GL Co fin de realizar un adecuado seguimento das actividades destas empresas, créase o Rexistro de Empresas Pesqueiras en Países Terceiros, que inclúe tanto as sociedades mixtas como as empresas radicadas en países terceiros que cumpran determinados requisitos de **emprego** de traballadores españois e de participación no capital social.

ES Con el fin de realizar un adecuado seguimiento de las actividades de estas empresas, se crea el Registro de Empresas Pesqueras en Países Terceros, que incluye tanto a las sociedades mixtas como a las empresas radicadas en terceros países, que cumplan determinados requisitos de **empleo** de trabajadores españoles y de participación en el capital social.

[Fonte: LPM (78)]

570 **empresa mixta** [s. f.]

ES *empresa mixta*

GL O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación levará un rexistro público das **empresas mixtas**, e das demais modalidades contractuais regulamentariamente previstas, onde se inscribirán as que cumpran determinados requisitos relativos á súa actividade, composición do capital social, ou traballadores empregados, entre outros.

ES El Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación llevará un Registro público de las **empresas mixtas**, y de las demás modalidades contractuales reglamentariamente previstas, donde se inscribirán las que cumplan determinados requisitos relativos a su actividad, composición del capital social, o trabajadores empleados, entre otros.

[Fonte: LPM (511)]

571 **en activo** [loc. adv.]

ES *en activo*

GL Os xuíces e maxistrados, e mailos fiscais, mentres estean **en activo**, non poderán desempeñar outros cargos públicos nin pertencer a partidos políticos ou sindicatos.

ES Los Jueces y Magistrados así como los Fiscales, mientras se hallen **en activo**, no podrán desempeñar otros cargos públicos, ni pertenecer a partidos políticos o sindicatos.

[Fonte: CON (603)]

572 **en atención a** [loc. prep.]

ES *en atención a*

GL Para fixa-la contía das multas, terase en conta a cantidade pola que se despachase execución, a resistencia á presentación da relación de bens e a capacidade económica do requirido, e poderase modificar ou deixar sen efecto o constrinximento económico **en atención á** ulterior conducta do requirido e ás alegacións que poida efectuar para xustificarse.

ES Para fijar la cuantía de las multas, se tendrá en cuenta la cantidad por la que se haya despachado ejecución, la resistencia a la presentación de la relación de bienes y la capacidad económica del requerido, pudiendo modificarse o dejarse sin efecto el apremio económico **en atención a** la ulterior conducta del requerido y a las alegaciones que pudiere efectuar para justificarse.

[Fonte: CIV (4161)]

573 **en beneficio de** [loc. prep.]

ES *en beneficio de*

GL Esta solución presenta a vantaxe de que asegura que as cantidades que se ofrezan na poxa, por pequenas que sexan, van redundar sempre **en beneficio da** execución pendente, o que non se conseguiría sempre coa tradicional liquidación de cargas.

ES Esta solución presenta la ventaja de que asegura que las cantidades que se ofrezcan en la subasta, por pequeñas que sean, van a redundar siempre **en beneficio de** la ejecución pendiente, lo que no se conseguiría siempre con la tradicional liquidación de cargas.

[Fonte: CIV (471)]

ES *en aras de*

GL Non se trata, é certo, dun recurso en sentido propio, pois a sentenza que se dicte non revogará outra sentenza non firme (nin rescindirán a firme), pero óptase por manter esta denominación, **en beneficio do** que resulta, polos precedentes, máis expresivo e comunicativo.

ES No se trata, es cierto, de un recurso en sentido propio, pues la sentencia que se dicte no revocará otra sentencia no firme (ni rescindirán la firme), pero se opta por mantener esta denominación, **en aras de** lo que resulta, por los precedentes, más expresivo y comunicativo.

[Fonte: CIV (383)]

574 **en calidade de** [loc. prep.]

ES *en calidad de*

GL Toda suspensión que o tribunal acorde comunicaráselle inmediatamente ás partes comparecidas e a quen fose citado xudicialmente **en calidade de** testemuña, perito ou noutra condición.

ES Toda suspensión que el tribunal acuerde se comunicará inmediatamente a las partes personadas y a quienes hubiesen sido citados judicialmente **en calidad de** testigos, peritos o en otra condición.

[Fonte: CIV (1688)]

575 **en cantidade suficiente** [loc. adv.]

ES *en cantidad suficiente*

GL Acordarase, en todo caso, cando o executante o solicite, o embargo de bens do executado **en cantidade suficiente** para asegura-lo pagamento das eventuais indemnizacións substitutorias e as custas da execución.

ES Se acordará, en todo caso, cuando el ejecutante lo solicite, el embargo de bienes del ejecutado **en cantidad suficiente** para asegurar el pago de las eventuales indemnizaciones sustitutorias y las costas de la ejecución.

[Fonte: CIV (4876)]

576 **en canto** [loc. conx.]

ES *en cuanto*

GL Por todo isto, menospreza-las resolucións do Tribunal Supremo **en canto** carezan de eficacia directa sobre outras sentencias ou sobre os dereitos

de determinados suxeitos xurídicos non sería nin coherente co valor sempre atribuído no noso ordenamento á doutrina xurisprudencial nin acorde cos máis rigorosos estudos iuscomparatísticos e coas modernas tendencias, antes xa aludidas, sobre o papel dos órganos xurisdiccionais situados no vértice ou cúspide da Administración de Xustiza.

- ES** Por todo esto, menospreciar las resoluciones del Tribunal Supremo **en cuanto** carezcan de eficacia directa sobre otras sentencias o sobre los derechos de determinados sujetos jurídicos no sería ni coherente con el valor siempre atribuido en nuestro ordenamiento a la doctrina jurisprudencial ni acorde con los más rigurosos estudios iuscomparatísticos y con las modernas tendencias, antes ya aludidas, sobre el papel de los órganos jurisdiccionales situados en el vértice o cúspide de la Administración de Justicia.

[Fonte: CIV (390)]

ES *hasta que*

- GL** **En canto** non se complete o traspaso dos servicios correspondentes ás competencias fixadas á Comunidade Autónoma neste Estatuto, o Estado garantirá o financiamento dos servicios transferidos á Comunidade cunha cantidade igual ó custo efectivo do servicio en Galicia no momento da transferencia.

- ES** **Hasta que** se haya completado el traspaso de los servicios correspondientes a las competencias fijadas a la Comunidad Autónoma en este Estatuto, el Estado garantizará la financiación de los servicios transferidos a la Comunidad con una cantidad igual al coste efectivo del servicio en Galicia en el momento de la transferencia.

[Fonte: EST (400)]

ES *mientras*

- GL** Mercé ó recurso en interese da lei, alén de se completaren as posibilidades de crear doutrina xurisprudencial singularmente autorizada, por proceder do Tribunal Supremo, non quedan as materias procesuais excluídas do que facer do alto tribunal, **en canto** non se produza colisión co recurso de amparo que corresponde ó Tribunal Constitucional.

- ES** Merced al recurso en interés de la ley, además de completarse las posibilidades de crear doctrina jurisprudencial singularmente autorizada, por proceder del Tribunal Supremo, no quedan las materias procesales excluidas del quehacer del alto tribunal, **mientras** no se produzca colisión con el recurso de amparo que corresponde al Tribunal Constitucional.

[Fonte: CIV (384)]

577 **en canto a** [loc. prep.]

ES *en cuanto a*

GL Cando sexan desestimadas tódalas pretensións dun recurso de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación, aplicarase, **en canto ás** costas do recurso, o disposto no artigo 394.

ES Cuando sean desestimadas todas las pretensiones de un recurso de apelación, extraordinario por infracción procesal o casación, se aplicará, **en cuanto a** las costas del recurso, lo dispuesto en el artículo 394.

[Fonte: CIV (2953)]

578 **en comparanza con** [loc. prep.]

ES *en comparación con*

GL Certo é que, **en comparanza co** tratamento dispensado ós limitados tipos de asuntos accesibles á casación segundo a Lei de 1881 e as súas numerosas reformas, no recurso de casación desta lei non caberá xa pretendela anulación da sentenza obxecto de recurso con reenvío á instancia e, á vez, subsidiariamente, a substitución da sentenza de instancia por non ser conforme co dereito substantivo.

ES Verdad es que, **en comparación con** el tratamiento dispensado a los limitados tipos de asuntos accesibles a la casación según la Ley de 1881 y sus numerosas reformas, en el recurso de casación de esta Ley no cabrá ya pretender la anulación de la sentencia recurrida con reenvío a la instancia y, a la vez, subsidiariamente, la sustitución de la sentencia de instancia por no ser conforme al Derecho sustantivo.

[Fonte: CIV (356)]

579 **en consecuencia** [loc. adv.]

ES *en consecuencia*

GL **En consecuencia**, como xa se apuntou, só é conveniente acudir á máxima concentración de actos para asuntos litixiosos desprovistos de complexidade ou que reclamen unha tutela con singular rapidez.

ES **En consecuencia**, como ya se apuntó, sólo es conveniente acudir a la máxima concentración de actos para asuntos litigiosos desprovistos de complejidad o que reclamen una tutela con singular rapidez.

[Fonte: CIV (290)]

580 **en curso** [loc. adv.]

ES *en curso*

- GL** A tercería de dominio resolverase por medio de auto, que se pronunciará sobre a pertenza do ben e a procedencia do seu embargo para os únicos efectos da execución **en curso**, sen que produza efectos de cousa xulgada en relación coa titularidade do ben.
- ES** La tercería de dominio se resolverá por medio de auto, que se pronunciará sobre la pertenencia del bien y la procedencia de su embargo a los únicos efectos de la ejecución **en curso**, sin que produzca efectos de cosa juzgada en relación con la titularidad del bien.

[Fonte: CIV (4239)]

581 **en debida forma** [loc. adv.]

ES *en debida forma*

- GL** Cando non compareza o demandado emprazado **en debida forma**, nos casos en que a competencia internacional dos tribunais españois unicamente puidese fundarse na submisión tácita das partes.
- ES** Cuando no comparezca el demandado emplazado **en debida forma**, en los casos en que la competencia internacional de los tribunales españoles únicamente pudiera fundarse en la sumisión tácita de las partes.

[Fonte: CIV (833)]

582 **en defecto de** [loc. prep.]

ES *en defecto de*

- GL** **En defecto de** disposición expresa en tales leis, os feitos, actos ou estados de cousas que consten nos referidos documentos teranse por certos, para os efectos da sentenza que se dicte, agás que outros medios de proba desvirtúen a certeza do documentado.
- ES** **En defecto de** disposición expresa en tales leyes, los hechos, actos o estados de cosas que consten en los referidos documentos se tendrán por ciertos, a los efectos de la sentencia que se dicte, salvo que otros medios de prueba desvirtúen la certeza de lo documentado.

[Fonte: CIV (2519)]

583 en definitiva [loc. adv.]

ES *en definitiva*

GL Non son os prazos moi breves ningunha panacea para lograr que, **en definitiva**, se dicte, coas debidas garantías, unha resolución que provexa sen demora ás pretensións de tutela efectiva.

ES No son los plazos muy breves ninguna panacea para lograr que, **en definitiva**, se dicte, con las debidas garantías, una resolución que provea sin demora a las pretensiones de tutela efectiva.

[Fonte: CIV (157)]

584 en diñeiro [loc. adx.]

ES *dinerario*

GL Pero a xenuína oposición prevista é diferente segundo se trate de condena **en diñeiro** ou de condena que non sexa en diñeiro.

ES Pero la genuina oposición prevista es diferente según se trate de condena **dineraria** o de condena no dineraria.

[Fonte: CIV (216)]

585 en materia de [loc. prep.]

ES *en materia de*

GL Posto que os asuntos civís **en materia de** dereitos fundamentais poden ser levados en todo caso ó Tribunal Constitucional, cabería entender que está de máis o seu acceso á casación ante o Tribunal Supremo.

ES Puesto que los asuntos civiles **en materia de** derechos fundamentales pueden ser llevados en todo caso al Tribunal Constitucional, cabría entender que está de más su acceso a la casación ante el Tribunal Supremo.

[Fonte: CIV (373)]

586 en metálico [loc. adx.]

ES *en metálico*

GL A substitución **en metálico** será a que corresponda ó traballador/a polo salario total dunha xornada normal.

ES La sustitución **en metálico** será la que corresponda al trabajador/a por el salario total de una jornada normal.

[Fonte: D04 (440)]

587 **en nome e representación de** [loc. prep.]

ES *en nombre y representación de*

GL ... que interveñen no seu propio nome e dereito e Antonio Campos Romay, ademais, **en nome e representación da** Asociación Instituto de Estudios Políticos y Sociales.

ES ... que intervienen en su propio nombre y derecho y Antonio Campos Romay, además, **en nombre y representación de** la Asociación Instituto de Estudios Políticos y Sociales.

[Fonte: D02 (1473)]

588 **en posesión de** [loc. prep.]

ES *en posesión de*

GL O exercicio de actividades profesionais pesqueiras sen estar **en posesión da** titulación que acredita a capacitación e formación profesional náutico-pesqueira.

ES El ejercicio de actividades profesionales pesqueras sin estar **en posesión de** la titulación que acredita la capacitación y formación profesional náutico-pesquera.

[Fonte: LPM (798)]

589 **en presenza de** [loc. prep.]

ES *en presencia de*

GL Así mesmo, poderá entrevistar a calquera membro do persoal da instalación **en presenza de** representantes dela e solicitar, unicamente, a información e os datos que sexan necesarios para a realización da inspección.

ES Asimismo, podrá entrevistar a cualquier miembro del personal de la instalación **en presencia de** representantes de la misma y solicitar, únicamente, la información y los datos que sean necesarios para la realización de la inspección.

[Fonte: D18 (171)]

590 **en primeiro lugar** [loc. adv.]

ES *en primer lugar*

GL Cando non é preceptiva a representación por procurador ou este aínda non compareceu, a comunicación inténtase **en primeiro lugar** mediante correo certificado con aviso da recepción ó lugar designado como domicilio ou, se o tribunal o considera máis conveniente para o éxito da comunicación, a varios lugares.

ES Cuando no es preceptiva la representación por procurador o éste aún no se ha personado, la comunicación se intenta **en primer lugar** mediante correo certificado con acuse de recibo al lugar designado como domicilio o, si el tribunal lo considera más conveniente para el éxito de la comunicación, a varios lugares.

[Fonte: CIV (151)]

591 **en prol de** [loc. prep.]

ES *en aras de*

GL Pero o lexislador non pode, **en prol da** firmeza, pecha-los ollos á antecedente nulidade radical, que afecta a resolución, con tódalas súas características –firmeza incluída– e con tódolos seus efectos.

ES Pero el legislador no puede, **en aras de** la firmeza, cerrar los ojos a la antecedente nulidad radical, que afecta a la resolución, con todas sus características -firmeza incluida- y con todos sus efectos.

[Fonte: CIV (208)]

592 **en relación con** [loc. prep.]

ES *en relación con*

GL Algún precepto illado da Lei de axuizamento de 1881 xa establecía unha consecuencia procesual **en relación co** reparto.

ES Algún precepto aislado de la Ley de Enjuiciamiento de 1881 ya establecía una consecuencia procesal **en relación con** el reparto.

[Fonte: CIV (110)]

593 **en resumo** [loc. adv.]

ES *en resumen*

GL O recurso de casación perante o Tribunal Supremo pódese presentar, **en resumo**, con estes dous obxectos.

ES El recurso de casación ante el Tribunal Supremo puede plantearse, **en resumen**, con estos dos objetos.

[Fonte: CIV (370)]

594 **en suspenso** [loc. adv.]

ES *en suspenso*

- GL** O prazo concedido ó demandado para contesta- la demanda quedará **en suspenso** desde a solicitude a que se refire a regra 1. a e proseguirase coa notificación ó demandado da desestimación da súa petición ou, se é estimada, co traslado do escrito de contestación presentado polo terceiro e, en todo caso, ó expira-lo prazo concedido a este último para contesta-la demanda.
- ES** El plazo concedido al demandado para contestar a la demanda quedará **en suspenso** desde la solicitud a que se refiere la regla 1. a y se reanudará con la notificación al demandado de la desestimación de su petición o, si es estimada, con el traslado del escrito de contestación presentado por el tercero y, en todo caso, al expirar el plazo concedido a este último para contestar a la demanda.

[Fonte: CIV (649)]

595 **en todo caso** [loc. adv.]

ES *en todo caso*

- GL** Esta insistencia en normas xerais encontrará despois plena concreción na regulación dos distintos procesos, pero, **en todo caso**, sanciónase con nulidade radical a infracción do disposto sobre presenza xudicial ou inmediateción en sentido amplo.
- ES** Esta insistencia en normas generales encontrará luego plena concreción en la regulación de los distintos procesos, pero, **en todo caso**, se sanciona con nulidad radical la infracción de lo dispuesto sobre presencia judicial o intermediación en sentido amplio.

[Fonte: CIV (138)]

596 **en vigor** [loc. adv.]

ES *en vigor*

- GL** As correspondentes disposicións da Lei de axuízamento civil de 1881 permanecerán **en vigor** só ata a aprobación e vixencia destas leis.
- ES** Las correspondientes disposiciones de la Ley de Enjuiciamiento Civil de 1881 permanecerán **en vigor** sólo hasta la aprobación y vigencia de estas leyes.

[Fonte: CIV (57)]

597 **en virtude de** [loc. prep.]

ES *en virtud de*

GL Se se pensa en procesos declarativos posteriores á execución forzosa, é obvio que se esta se despachou **en virtude** de sentenza, deberá opera- la forza que a esta caiba atribuírle.

ES Si se piensa en procesos declarativos posteriores a la ejecución forzosa, es obvio que si ésta se ha despachado **en virtud de** sentencia, habrá de operar la fuerza que a ésta quepa atribuir.

[Fonte: CIV (446)]

598 **encabezamento** [s. m.]

ES *encabezamiento*

GL No **encabezamento** deberán expresarse os nomes das partes e, cando sexa necesario, a lexitimación e representación en virtude das cales actúen, así como os nomes dos avogados e procuradores e o obxecto do xuízo.

ES En el **encabezamiento** deberán expresarse los nombres de las partes y, cuando sea necesario, la legitimación y representación en virtud de las cuales actúen, así como los nombres de los abogados y procuradores y el objeto del juicio.

[Fonte: CIV (1809)]

599 **encarga** [s. f.]

ES *encargo*

GL Nos casos do número anterior, a persoa ou entidade especializada deberá prestar caución na contía que o tribunal determine para responder do cumprimento da **encarga**.

ES En los casos del apartado anterior, la persona o entidad especializada deberá prestar caución en la cuantía que el tribunal determine para responder del cumplimiento del **encargo**.

[Fonte: CIV (4485)]

600 **encomenda** [s. f.]

ES *encomienda*

GL Finalizado este período, extínguese a súa responsabilidade ou **encomenda** podendo ser relevado o titor da súa responsabilidade ou ben ser renovada a esta.

ES Finalizado este período, se extingue su responsabilidad o **encomienda** pudiendo ser relevado el tutor de su responsabilidad o bien ser renovada la misma.

[Fonte: D07 (137)]

601 **endebedamento** [s. m.]

ES *endeudamiento*

GL O produto das operacións de crédito que concerten, debendo ser compensado para a consecución do necesario equilibrio orzamentario da comunidade autónoma, a cal, en todo caso, deberá autorizar calquera operación de **endebedamento**.

ES El producto de las operaciones de crédito que concierten, debiendo ser compensado para la consecución del necesario equilibrio presupuestario de la Comunidad Autónoma, la cual, en todo caso, deberá autorizar cualquier operación de **endeudamiento**.

[Fonte: LOU (729)]

602 **endereço** [s. m.]

ES *dirección*

GL As partes e os profesionais que interveñan no proceso deberán comunicarlle ó tribunal o feito de dispoñer dos medios antes indicados e o seu **endereço**.

ES Las partes y los profesionales que intervengan en el proceso deberán comunicar al tribunal el hecho de disponer de los medios antes indicados y su **dirección**.

[Fonte: CIV (1536)]

603 **entidade benéfica** [s. f.]

ES *entidade benéfica*

GL As capturas pesqueiras comisadas de tamaño antirreglamentario, apto para o consumo, poderán distribuírse entre **entidades benéficas** e outras institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro ou, en caso contrario, procederase á súa destrución.

ES Las capturas pesqueras decomisadas de talla antirreglamentaria, apta para el consumo, podrán distribuirse entre **entidades benéficas** y otras instituciones públicas y privadas sin ánimo de lucro o, en caso contrario, se procederá a su destrucción.

[Fonte: LPM (713)]

604 entidade de crédito [s. f.]

ES *entidad de crédito*

GL A caución poderá constituírse en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por **entidade de crédito** ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, de se-lo caso, da cantidade de que se trate.

ES La caución podrá constituirse en dinero efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida y pagadero a primer requirimento emitido por **entidad de crédito** o sociedad de garantía recíproca o por cualquier otro medio que, a juicio del tribunal, garantice la inmediata disponibilidad, en su caso, de la cantidad de que se trate.

[Fonte: CIV (3789)]

605 entidade emisora [s. f.]

ES *entidad emisora*

GL Se o embargado son valores ou outros instrumentos financeiros, o embargo notificaráselle a quen resulte obrigado ó pagamento, en caso de que este se deba efectuar periodicamente ou en data determinada, ou á **entidade emisora**, no suposto de que sexan redimibles ou amortizables por vontade de quen as teña ou sexa propietario deles.

ES Si lo embargado fueran valores u otros instrumentos financieros, el embargo se notificará a quien resulte obligado al pago, en caso de que éste debiere efectuarse periódicamente o en fecha determinada, o a la **entidad emisora**, en el supuesto de que fueran redimibles o amortizables a voluntad del tenedor o propietario de los mismos.

[Fonte: CIV (4361)]

606 entidade pública [s. f.]

ES *entidad pública*

GL Respostas escritas a cargo de persoas xurídicas e **entidades públicas**.

ES Respuestas escritas a cargo de personas jurídicas y **entidades públicas**.

[Fonte: CIV (2856)]

607 **entrada en vigor** [s. f.]

ES *entrada en vigor*

GL Ás resolucións interlocutorias ou non definitivas que se dicten en toda clase de procesos e instancias trala **entrada en vigor** desta lei seralles de aplicación o réxime de recursos ordinarios que nela se establece.

ES A las resoluciones interlocutorias o no definitivas que se dicten en toda clase de procesos e instancias tras la **entrada en vigor** de esta Ley les será de aplicación el régimen de recursos ordinarios que en ella se establece.

[Fonte: CIV (5687)]

608 **entrar en vigor** [loc. v.]

ES *entrar en vigor*

GL As disposicións transitorias prevén, conforme criterios racionais de doada comprensión e aplicación, os problemas que se poden suscitar canto ós procesos pendentes ó tempo de **entrar en vigor** a lei, trala vacación dun ano prevista na correspondente disposición derradeira.

ES Las disposiciones transitorias prevén, conforme a criterios racionales de fácil comprensión y aplicación, los problemas que se pueden suscitar en cuanto a los procesos pendientes al tiempo de **entrar en vigor** la Ley, tras la vacación de un año prevista en la correspondiente disposición final.

[Fonte: CIV (542)]

609 **entrementes** [conx.]

ES *en tanto*

GL **Entrementes** non se cancele por mandamento xudicial a dita nota marxinal, o rexistrador non poderá cancela- la hipoteca por causas distintas da propia execución.

ES **En tanto** no se cancele por mandamiento judicial dicha nota marginal, el registrador no podrá cancelar la hipoteca por causas distintas de la propia ejecución.

[Fonte: CIV (4791)]

ES *entre tanto*

GL **Entrementes** manterase vixente o actual sistema de acceso ós estudos universitarios.

ES **Entre tanto**, se mantendrá vigente el actual sistema de acceso a los estudios universitarios.

[Fonte: LOU (986)]

610 epígrafe [s. m.]

ES *apartado*

GL As puntuacións finais de cada aspirante no proceso selectivo virán determinadas pola suma das puntuacións acadadas nas dúas fases en cada **epígrafe** ou especialidade.

ES Las puntuaciones finales de cada aspirante en el proceso selectivo vendrán determinadas por la suma de las puntuaciones obtenidas en sus fases en cada **apartado** o especialidad.

[Fonte: D03 (2318)]

ES *epígrafe*

GL Outros requisitos: acreditación da solvencia económica, financeira e técnica polos medios dos artigos 16, 17 e 19 da Lei 13/1995 que se sinalan no anexo I, **epígrafe** 5 do cadro de características do contrato.

ES Otros requisitos: acreditación de la solvencia económica, financiera y técnica por los medios de los artículos 16, 17 y 19 de la Ley 13/1995, que se señalan en el anexo I, **epígrafe** 5 del cuadro de características del contrato.

[Fonte: D08 (1327)]

611 equidade [s. f.]

ES *equidad*

GL As excepcións desta regra foron meditadas de vagar e responden a criterios de **equidade**, sen que supoñan ocasión inxustificada para desordenar a estrutura procesual ou menoscaba-la igualdade da contradicción.

ES Las excepciones a esta regla han sido meditadas detenidamente y responden a criterios de **equidad**, sin que supongan ocasión injustificada para desordenar la estructura procesal o menoscabar la igualdad de la contradicción.

[Fonte: CIV (311)]

612 escala [s. f.]

ES *escala*

GL As universidades poderán crear **escalas** de persoal propio de acordo cos grupos de titulación esixidos de conformidade coa lexislación xeral da Función Pública.

ES Las Universidades podrán crear **escalas** de personal propio de acuerdo con los grupos de titulación exigidos de conformidad con la legislación general de la función pública.

[Fonte: LOU (677)]

613 **esclarecimiento** [s. m.]

ES *esclarecimiento*

GL O recoñecemento xudicial acordarase cando para o **esclarecimiento** e apreciación dos feitos sexa necesario ou conveniente que o tribunal examine por si mesmo algún lugar, obxecto ou persoa.

ES El reconocimiento judicial se acordará cuando para el **esclarecimiento** y apreciación de los hechos sea necesario o conveniente que el tribunal examine por sí mismo algún lugar, objeto o persona.

[Fonte: CIV (2717)]

614 **escolla** [s. f.]

ES *elección*

GL Será incompatible o exercicio simultáneo de dúas ou máis accións nun mesmo xuízo e non poderán, por tanto, acumularse cando se exclúan mutuamente ou sexan contrarias entre si, de xeito que a **escolla** dunha impida ou faga ineficaz o exercicio da outra ou outras.

ES Será incompatible el ejercicio simultáneo de dos o más acciones en un mismo juicio y no podrán, por tanto, acumularse cuando se excluyan mutuamente o sean contrarias entre sí, de suerte que la **elección** de una impida o haga ineficaz el ejercicio de la otra u otras.

[Fonte: CIV (1027)]

615 **escrito de interposición** [s. m.]

ES *escrito de interposición*

GL Se o apelante non presenta o **escrito de interposición** dentro de prazo, declararase deserto o recurso de apelación e quedará firme a resolución contra a que se recorreu.

ES Si el apelante no presentare el **escrito de interposición** dentro de plazo, se declarará desierto el recurso de apelación y quedará firme la resolución recurrida.

[Fonte: CIV (3361)]

616 escritura [s. f.]

ES *escritura*

GL Esta **escritura** foi emendada por outra posterior con data do dezanove de novembro de 1999, outorgada ante o mesmo notario e co número de protocolo dous mil seiscentos vinteoito.

ES Esta **escritura** fue subsanada por otra posterior de fecha diecinueve de noviembre de 1999, otorgada ante el mismo notario y con el número de protocolo dos mil seiscientos veintiocho.

[Fonte: D02 (1474)]

617 escritura de poder [s. f.]

ES *escritura de poder*

GL A **escritura de poder** xuntarásele ó primeiro escrito que o procurador presente ou, se é o caso, ó realiza-la primeira actuación; e o outorgamento “apud acta” deberá ser efectuado ó mesmo tempo que a presentación do primeiro escrito ou, se é o caso, antes da primeira actuación.

ES La **escritura de poder** se acompañará al primer escrito que el procurador presente o, en su caso, al realizar la primera actuación; y el otorgamiento “apud acta” deberá ser efectuado al mismo tiempo que la presentación del primer escrito o, en su caso, antes de la primera actuación.

[Fonte: CIV (728)]

618 escritura pública [s. f.]

ES *escritura pública*

GL Na **escritura pública** de transmisión farase mención de que os terreos están afectados e deberanse explicar con claridade as consecuencias da transmisión en relación coas obrigas económicas pendentes.

ES En la **escritura pública** de transmisión se hará mención de la afección de los terrenos y deberán especificarse con claridad las consecuencias de la transmisión en relación a las obligaciones económicas pendientes.

[Fonte: D09 (1162)]

619 espoliación [s. f.]

ES *explotación*

GL Defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a **esplotación**.

ES Defensa del patrimonio cultural, artístico y monumental español contra la exportación y la **expoliación**.

[Fonte: CON (765)]

620 **establecimiento** [s. m.]

ES *establecimiento*

GL Ter participación nunha sociedade, **establecemento** ou empresa que sexa parte do proceso.

ES Tener participación en sociedade, **establecimiento** o empresa que sea parte del proceso.

[Fonte: CIV (1312)]

621 **estadía** [s. f.]

ES *estancia*

GL Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros públicos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en **estadías** e intercambios con centros educativos doutros países da Unión Europea para favorecer a aprendizaxe activa de linguas e realizar estadías en empresas.

ES Orden de 14 de diciembre de 1999 por la que se conceden ayudas a alumnos y profesores de centros públicos docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia sostenidos con fondos públicos que participen en **estancias** e intercambios con centros educativos de otros países de la Unión Europea para favorecer el aprendizaje activo de lenguas y realizar estancias en empresas.

[Fonte: D07 (9)]

622 **estado civil** [s. m.]

ES *estado civil*

GL Os poderes públicos aseguran, tamén, a protección integral dos fillos, iguais estes ante a lei con independencia da súa filiación, e a das nais, calquera que sexa o seu **estado civil**.

ES Los poderes públicos aseguran asimismo, la protección integral de los hijos, iguales éstos ante la ley con independencia de su filiación, y de las madres, cualquiera que sea su **estado civil**.

[Fonte: CON (194)]

623 estado de dereito [s. m.]

ES *estado de derecho*

GL Consolidar un **Estado de dereito** que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

ES Consolidar un **Estado de Derecho** que asegure el imperio de la ley como expresión de la voluntad popular.

[Fonte: CON (7)]

624 estado de excepción [s. m.]

ES *estado de excepción*

GL O **estado de excepción** será declarado polo Goberno mediante decreto acordado en Consello de Ministros logo de autorización do Congreso dos Deputados.

ES El **estado de excepción** será declarado por el Gobierno mediante decreto acordado en Consejo de Ministros, previa autorización del Congreso de los Diputados.

[Fonte: CON (555)]

625 estado de sitio [s. m.]

ES *estado de sitio*

GL O **estado de sitio** será declarado pola maioría absoluta do Congreso dos Deputados, por proposta exclusiva do Goberno.

ES El **estado de sitio** será declarado por la mayoría absoluta del Congreso de los Diputados, a propuesta exclusiva del Gobierno.

[Fonte: CON (557)]

626 estado membro [s. m.]

ES *estado miembro*

GL Pola súa parte, os múltiples acordos de pesca entre a Comunidade Europea e países terceiros en nome dos **estados membros**, conteñen a normativa que ten que respecta-la nosa flota en augas dos ditos estados, coa correspondente obriga de velar polo seu cumprimento.

ES Por su parte, los múltiples Acuerdos de pesca entre la Comunidad Europea y países terceros en nombre de los **Estados miembros**, contienen la normativa que ha de respetar nuestra flota en aguas de dichos Estados, con la correspondiente obligación de velar por su cumplimiento.

[Fonte: LPM (22)]

627 **estatal** [adx.]

ES *estatal*

GL No marco da normativa básica **estatal** a que se refiére o artigo anterior e da que no seu desenvolvemento establezan as comunidades autónomas competentes en materia de ordenación do sector pesqueiro, correspóndelle a estas a expedición dos títulos e demais acreditacións de carácter profesional que se establezan.

ES En el marco de la normativa básica **estatal** a que se refiére el artículo anterior y de la que en su desarrollo establezcan las Comunidades Autónomas competentes en materia de ordenación del sector pesquero, corresponde a éstas la expedición de los títulos y demás acreditaciones de carácter profesional que se establezcan.

[Fonte: LPM (402)]

628 **estatutario** [adx.]

ES *estatutario*

GL O procurador que incorra en dolo ou morosidade nos actos de comunicación dos que asumise a práctica ou non respecte algunha das formalidades legais establecidas, causándolle prexuízo a terceiro, será responsable dos danos e perdas ocasionados e poderá ser sancionado conforme o disposto nas normas legais ou **estatutarias**.

ES El procurador que incurriere en dolo o morosidad en los actos de comunicación cuya práctica haya asumido o no respetare alguna de las formalidades legales establecidas, causando perjuicio a tercero, será responsable de los daños y perjuicios ocasionados y podrá ser sancionado conforme a lo dispuesto en las normas legales o **estatutarias**.

[Fonte: CIV (1561)]

629 **estatuto** [s. m.]

ES *estatuto*

GL As entidades de xestión, unha vez autorizadas, estarán lexitimadas nos termos que resulten dos seus propios **estatutos**, para exercer os dereitos confiados á súa xestión e facelos valer en toda clase de procedementos administrativos ou xudiciais.

ES Las entidades de gestión, una vez autorizadas, estarán legitimadas en los términos que resulten de sus propios **estatutos**, para ejercer los derechos confiados a su gestión y hacerlos valer en toda clase de procedimientos administrativos o judiciales.

[Fonte: CIV (5770)]

630 estatuto de autonomía [s. m.]

ES *estatuto de autonomía*

GL Os **estatutos de autonomía** atribúenlles ás comunidades autónomas competencias de desenvolvemento lexislativo e execución da normativa básica do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro.

ES Los **Estatutos de Autonomía** atribuyen a las Comunidades Autónomas competencias de desarrollo legislativo y ejecución de la normativa básica del Estado en materia de ordenación del sector pesquero.

[Fonte: CIV (184)]

631 estatuto dos traballadores [s. m.]

ES *estatuto de los trabajadores*

GL Conforme o disposto no **Estatuto dos traballadores**, as horas extraordinarias aboaranse cunha recarga do 75% sobre o valor da hora ordinaria.

ES Conforme a lo dispuesto en el **Estatuto de los trabajadores**, las horas extraordinarias se abonarán con un recargo del 75% sobre el valor de la hora ordinaria.

[Fonte: D01 (404)]

632 estimación [s. f.]

ES *estimación*

GL A parte dispositiva, que se acomodará ó previsto nos artigos 216 e seguintes, conterà, numerados, os pronunciamentos correspondentes ás pretensións das partes, aínda que a **estimación** ou desestimación de todas ou algunhas destas pretensións puidese deducirse dos fundamentos xurídicos, así como o pronunciamento sobre as custas.

ES El fallo, que se acomodará a lo previsto en los artículos 216 y siguientes, contendrá, numerados, los pronunciamientos correspondientes a las pretensiones de las partes, aunque la **estimación** o desestimación de todas o algunas de dichas pretensiones pudiera deducirse de los fundamentos jurídicos, así como el pronunciamiento sobre las costas.

[Fonte: CIV (1812)]

633 **estimar** [v. t.]

ES *estimar*

GL Se o recurso por infracción procesal é **estimado**, deberase dictar nova sentenza e se esta incorre en infraccións do dereito material ou substantivo, poderase impugnar en casación a sentenza, coma no réxime anterior a esta lei.

ES Si el recurso por infracción procesal es **estimado**, habrá de dictarse una nueva sentencia y si ésta incurriere en infracciones del Derecho material o sustantivo, podrá recurrirse en casación la sentencia, como en el régimen anterior a esta Ley.

[Fonte: CIV (355)]

634 **estimativo** [adx.]

ES *estimativo*

GL En todo caso serán de aplicación os criterios **estimativos** do artigo 43 da Lei de expropiación forzosa.

ES En todo caso serán de aplicación los criterios **estimativos** del artículo 43 de la Ley de expropiación forzosa.

[Fonte: D09 (1199)]

635 **estipulación** [s. f.]

ES *estipulación*

GL O asinamento dun tratado internacional que conteña **estipulacións** contrarias á Constitución esixirá a previa revisión constitucional.

ES La celebración de un tratado internacional que contenga **estipulaciones** contrarias a la Constitución exigirá la previa revisión constitucional.

[Fonte: CON (470)]

636 **exacción** [s. f.]

ES *exacción*

GL Cando haxa condena en custas, logo que sexa firme, procederase á súa **exacción** polo procedemento de constrinximento, logo da súa taxación, se a parte condenada non as satisfixo antes de a contraria solicitar esta taxación.



ES Cuando hubiere condena en costas, luego que sea firme, se procederá a la **exacción** de las mismas por el procedimiento de apremio, previa su tasación, si la parte condenada no las hubiere satisfecho antes de que la contraria solicite dicha tasación.

[Fonte: CIV (2007)]

637 **excedencia** [s. f.]

ES *excedencia*

GL Accedesen a cargo público ou profesión incompatible co exercicio da función xurisdiccional ou pasasen á situación de **excedencia** voluntaria para se presentaren como candidatos a cargos de elección popular.

ES Hubiesen accedido a cargo público o profesión incompatible con el ejercicio de la función jurisdiccional o pasado a la situación de **excedencia** voluntaria para presentarse como candidatos a cargos de elección popular.

[Fonte: CIV (1727)]

638 **excedente** [s. com.]

ES *excedente*

GL A solicitude de reingreso deberá comunicárselle á empresa cunha antelación de 2 meses ó termo da duración do período de excedencia, transcorridos os cales perderá o **excedente** tódolos seus dereitos.

ES La solicitud de reingreso habrá de comunicarse a la empresa con una antelación de 2 meses al término de la duración del período de excedencia, transcurridos los cuales perderá el **excedente** todos sus derechos.

[Fonte: D07 (444)]

639 **execución** [s. m.]

ES *ejecución*

GL Aínda que, como respecto doutros dereitos procesuais, sempre cabe o risco de abuso da solicitude excepcional de nulidade de actuacións, a lei prevén o dito risco, non só coa coidadosa determinación dos casos en que a solicitude pode fundarse, senón con outras regras: non-suspensión da **execución**, condena en custas en caso de desestimación daquela e imposición de multa cando se considere temeraria.

ES Aunque, como respecto de otros derechos procesales, siempre cabe el riesgo de abuso de la solicitud excepcional de nulidad de actuaciones, la Ley previene dicho riesgo, no sólo con la cuidadosa determinación de los casos en que la solicitud puede fundarse, sino con otras reglas: no suspensión de la **ejecución**, condena en costas en caso de desestimación de aquélla e imposición de multa cuando se considere temeraria.

[Fonte: CIV (211)]

640 **ejecución provisional** [s. f.]

ES ejecución provisional

GL Establecido un novo sistema de **ejecución provisional**, a lei non considera necesario nin oportuno xeneraliza- la esixencia de depósito para o acceso ó recurso de casación (ou ó recurso extraordinario por infracción de lei procesal).

ES Establecido un nuevo sistema de **ejecución provisional**, la Ley no considera necesario ni oportuno generalizar la exigencia de depósito para el acceso al recurso de casación (o al recurso extraordinario por infracción de ley procesal).

[Fonte: CIV (347)]

641 **executante** [s. com.]

ES ejecutante

GL Suspenderase a execución provisional de pronunciamentos de condena ó pagamento de cantidades de diñeiro líquidas cando o executado poña á disposición do xulgado, para a súa entrega ó **executante**, sen prexuízo do disposto na sección seguinte, a cantidade á que foi condenado, mailos xuros correspondentes e as custas que se producen ata ese momento.

ES Se suspenderá la ejecución provisional de pronunciamentos de condena al pago de cantidades de dinero líquidas cuando el ejecutado pusiere a disposición del Juzgado, para su entrega al **ejecutante**, sin perjuicio de lo dispuesto en la sección siguiente, la cantidad a la que hubiere sido condenado, más los intereses correspondientes y las costas que se hubieren producido hasta ese momento.

[Fonte: CIV (3800)]

642 **executar** [v. t.]ES *ejecutar*

GL Trátase de que as medidas resulten en verdade eficaces para lograr, non só que a sentenza de condena se poida **executar** dalgunha maneira, senón para evitar que sexa ilusoria, nos seus propios termos.

ES Se trata de que las medidas resulten en verdad eficaces para lograr, no sólo que la sentencia de condena pueda **ejecutarse** de alguna manera, sino para evitar que sea ilusoria, en sus propios términos.

[Fonte: CIV (502)]

643 **exención** [s. f.]ES *exención*

GL O establecemento, a modificación e supresión dos seus propios impostos, taxas e contribucións especiais, e das **exencións** ou bonificacións que lles afecten.

ES El establecimiento, la modificación y supresión de sus propios impuestos, tasas y contribuciones especiales y de las **exenciones** o bonificaciones que les afecten.

[Fonte: EST (308)]

644 **exención fiscal** [s. f.]ES *exención fiscal*

GL O funcionamento dos colexios maiores regularase polos estatutos de cada Universidade e os propios de cada colexio maior e gozarán dos beneficios e **exencións fiscais** da Universidade á que estean adscritos.

ES El funcionamiento de los colegios mayores se regulará por los Estatutos de cada Universidad y los propios de cada colegio mayor y gozarán de los beneficios y **exenciones fiscales** de la Universidad a la que estén adscritos.

[Fonte: LOU (810)]

645 **exención tributaria** [s. f.]ES *exención tributaria*

GL Os bens afectos ó cumprimento dos seus fins e os actos que para o desenvolvemento inmediato de tales fins realicen, así como os seus rendementos, gozarán de **exención tributaria**, sempre que os tributos e exencións recaian directamente sobre as universidades en concepto legal de contribuíntes, a non ser que sexa posible legalmente a translación da carga tributaria.

ES Los bienes afectos al cumplimiento de sus fines y los actos que para el desarrollo inmediato de tales fines realicen, así como sus rendimientos, disfrutarán de **exención tributaria**, siempre que los tributos y exenciones recaigan directamente sobre las Universidades en concepto legal de contribuyentes, a no ser que sea posible legalmente la traslación de la carga tributaria.

[Fonte: LOU (706)]

646 **exento** [adx.]

ES *exento*

GL Pasado o dito termo sen facerse oposición ás contas, o tribunal dictará auto aprobándolas e declarando **exento** de responsabilidade o administrador. No mesmo auto, o tribunal mandaralle devolver ó administrador a caución que prestase.

ES Pasado dicho término sin hacerse oposición a las cuentas, el tribunal dictará auto aprobándolas y declarando **exento** de responsabilidad al administrador. En el mismo auto, el tribunal mandará devolver al administrador la caución que hubiere prestado.

[Fonte: CIV (5518)]

647 **exercer** [v. t.]

ES *ejercer*

GL Poderán comparecer en xuízo varias persoas, como demandantes ou como demandados, cando as accións que se **exerczan** proveñan dun mesmo título ou causa de pedir.

ES Podrán comparecer en juicio varias personas, como demandantes o como demandados, cuando las acciones que se **ejerciten** provengan de un mismo título o causa de pedir.

[Fonte: CIV (628)]

648 **ejercicio** [s. m.]

ES *ejercicio*

GL Só poderán comparecer en xuízo os que estean no pleno **ejercicio** dos seus dereitos civís.

ES Sólo podrán comparecer en juicio los que estén en el pleno **ejercicio** de sus derechos civiles.

[Fonte: CIV (601)]

649 **exercitar** [v. t.]

ES *ejercitar*

GL Nos xuízos en que se **exerciten** accións reais sobre bens inmobles será tribunal competente o do lugar en que estea situada a cousa litixiosa.

ES En los juicios en que se **ejerciten** acciones reales sobre bienes inmuebles será tribunal competente el del lugar en que esté sita la cosa litigiosa.

[Fonte: CIV (911)]

650 **exhorto** [s. m.]

ES *exhorto*

GL Se para o cumprimento do **exhorto** fose preciso xuntar documentos, farase expresa mención de todos eles.

ES Si para el cumplimiento del **exhorto** fuera preciso acompañar documentos, se hará expresa mención de todos ellos.

[Fonte: CIV (1583)]

651 **eximir** [v. t.]

ES *eximir*

GL A inscrición no Rexistro de Buques Pesqueiros non **eximirá** do cumprimento do deber de inscrición no Rexistro Mercantil e noutros rexistros públicos que poidan existir.

ES La inscripción en el Registro de Buques Pesqueros no **eximirá** del cumplimiento del deber de inscripción en el Registro Mercantil y en otros Registros públicos que puedan existir.

[Fonte: LPM (469)]

652 **expedición** [s. f.]

ES *expedición*

GL A **expedición** e autorización dos exhortos corresponderalle ó secretario xudicial.

ES La **expedición** y autorización de los exhortos corresponderá al Secretario Judicial.

[Fonte: CIV (1584)]

ES *libramiento*

- GL** Mandamentos, para ordena-la **expedición** de certificacións ou testemuños e a práctica de calquera actuación que lles corresponda executar ós rexistradores da propiedade, mercantís, de buques, de vendas a prazos de bens mobles, notarios, corredores colexiados de comercio ou axentes de xulgado ou tribunal.
- ES** Mandamientos, para ordenar el **libramiento** de certificaciones o testimonios y la práctica de cualquier actuación cuya ejecución corresponda a los registradores de la propiedad, mercantiles, de buques, de ventas a plazos de bienes muebles, notarios, corredores colegiados de comercio o agentes de Juzgado o Tribunal.

[Fonte: CIV (1454)]

653 **expediente** [s. m.]

ES *expediente*

- GL** Aquí, coma noutros puntos, a lei acentúa as cargas das partes, restrinxindo ó máximo a posibilidade de se remitir a **expedientes**, arquivos ou rexistros públicos.
- ES** Aquí como en otros puntos, la Ley acentúa las cargas de las partes, restringiendo al máximo la posibilidad de remitirse a **expedientes**, archivos o registros públicos.

[Fonte: CIV (240)]

654 **expediente disciplinario** [s. m.]

ES *expediente disciplinario*

- GL** Declaración xurada ou promesa de que non foi separado, mediante **expediente disciplinario**, do servizo de ningunha Administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- ES** Declaración jurada o promesa de que no fue separado, mediante **expediente disciplinario**, del servicio de ninguna Administración pública ni estar inhabilitado para el ejercicio de funciones públicas.

[Fonte: D03 (2569)]

655 expediente sancionador [s. m.]

ES *expediente sancionador*

GL De non se aprecia-la existencia de delicto ou falta, o órgano administrativo competente continuará o **expediente sancionador**.

ES De no haberse apreciado la existencia de delito o falta, el órgano administrativo competente continuará el **expediente sancionador**.

[Fonte: LPM (690)]

656 expedir [v. t.]

ES *expedir*

GL Por petición das persoas a que se refire o número anterior, e á súa custa, o secretario xudicial **expedirá** os testemuños que soliciten, con expresión do seu destinatario.

ES A petición de las personas a que se refiere el apartado anterior, y a su costa, se **expedirán** por el Secretario Judicial los testimonios que soliciten, con expresión de su destinatario.

[Fonte: CIV (1402)]

657 expirar [v. i.]

ES *expirar*

GL Cando no mes do vencemento non haxa día equivalente ó inicial do cómputo, entenderase que o prazo **expira** o derradeiro do mes.

ES Cuando en el mes del vencimiento no hubiera día equivalente al inicial del cómputo, se entenderá que el plazo **expira** el último del mes.

[Fonte: CIV (1365)]

658 expoñer [v. t.]

ES *exponer*

GL A presentación de denuncia ou a interposición de querela en que se **expoñan** feitos de aparencia delictuosa relacionados co título executivo ou co despacho da execución forzosa non determinarán, por si soas, que se decrete a suspensión desta.

ES La presentación de denuncia o la interposición de querella en que se **expongan** hechos de apariencia delictiva relacionados con el título ejecutivo o con el despacho de la ejecución forzosa no determinarán, por sí solas, que se decrete la suspensión de ésta.

[Fonte: CIV (4051)]

659 **expropiación** [s. f.]

ES *expropiación*

GL Transcorrido este último prazo sen se ter efectuado o pagamento, o consello rector procederá contra o moroso por vía de constrinximento ou utilizando o dereito de **expropiación**, nos termos do artigo 181 do Regulamento de xestión urbanística.

ES Transcurrido este último término sin haberse efectuado el pago, el consejo rector procederá contra el moroso por vía de apremio o utilizando el derecho de **expropiación**, en los términos del artículo 181 del Reglamento de gestión urbanística.

[Fonte: D09 (1174)]

660 **expropiación forzosa** [s. f.]

ES *expropiación forzosa*

GL No anexo que se inclúe máis abaixo transcríbese o petionario do aproveitamento solicitado, onde figuran os datos máis relevantes que o definen, ademais dunha breve descrición das obras que hai que executar, facendo consta-la petición de declaración de utilidade pública do aproveitamento para os efectos de **expropiación forzosa**, e a relación concreta na que se recollen os bens e/ou dereitos afectados cos seus propietarios.

ES En el anexo que se incluye más abajo se transcribe el petionario del aprovechamiento solicitado, donde figuran los datos más relevantes que lo definen, además de una breve descripción de las obras a ejecutar, haciendo constar la petición de declaración de utilidad pública del aprovechamiento a los efectos de **expropiación forzosa**, y la relación concreta en la que se recogen los bienes y/o derechos afectados con sus propietarios.

[Fonte: D05 (1106)]

661 **expropiar** [v. t.]

ES *expropiar*

GL Os terreos que se pretenden **expropiar** están clasificados como solo urbano coa cualificación de sistema local rede viaria.

ES Los terrenos que se pretenden **expropiar** están clasificados como suelo urbano con la calificación de sistema local red viaria.

[Fonte: D08 (780)]

662 **extracto** [s. m.]

ES *extracto*

GL O documento ou documentos en que se exprese o saldo resultante da liquidación efectuada polo acreedor, así como o **extracto** das partidas de cargo e aboamento e as correspondentes á aplicación de xuros que determinan o saldo concreto polo que se pide o despacho da execución.

ES El documento o documentos en que se exprese el saldo resultante de la liquidación efectuada por el acreedor, así como el **extracto** de las partidas de cargo y abono y las correspondientes a la aplicación de intereses que determinan el saldo concreto por el que se pide el despacho de la ejecución.

[Fonte: CIV (4075)]

663 **extraxudicial** [adx.]

ES *extrajudicial*

GL Algúns deses preceptos que permanecen mencionan expresamente a proba, pero, alén de non seren contradictorios, senón harmónicos, cos desta lei, débese entender que tratan da certeza e eficacia **extraxudiciais**.

ES Algunos de esos preceptos que permanecen mencionan expresamente la prueba, pero, además de no ser contradictorios, sino armónicos, con los de esta Ley, ha de entenderse que tratan de la certeza y eficacia **extrajudiciales**.

[Fonte: CIV (551)]

F

664 **facenda** [s. f.]

ES *hacienda*

GL As comunidades autónomas gozarán de autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias de acordo cos principios de coordinación coa **Facenda** estatal e de solidariedade entre tódolos españois.

ES Las Comunidades Autónomas gozarán de autonomía financiera para el desarrollo y ejecución de sus competencias con arreglo a los principios de coordinación con la **Hacienda** estatal y de solidaridad entre todos los españoles.

[Fonte: CON (817)]

665 **facenda pública** [s. f.]

ES *hacienda pública*

GL Tratados ou convenios que impliquen obrigas financeiras para a **Facenda pública**.

ES Tratados o convenios que impliquen obligaciones financieras para la **Hacienda Pública**.

[Fonte: CON (466)]

666 **facer fe** [loc. v.]

ES *fehaciente (ser ...)*

GL Así, a lei esixe a intervención do fedatario público xudicial para a constancia, que **faga fe**, das actuacións procesuais levadas a cabo no tribunal ou perante el e recoñece a recepción de escritos no rexistro que se poida ter establecido para o efecto, entendendo que a fe pública xudicial garante os datos do dito rexistro relativos á recepción.

ES Así, la Ley exige la intervención del fedatario público judicial para la constancia **fehaciente** de las actuaciones procesales llevadas a cabo en el tribunal o ante él y reconoce la recepción de escritos en el registro que pueda haberse establecido al efecto, entendiendo que la fe pública judicial garantiza los datos de dicho registro relativos a la recepción.

[Fonte: CIV (140)]

667 **falsidade** [s. f.]

ES *falsedad*

GL Unicamente determina unha suspensión inmediata o caso especial da **falsidade** penal dun documento achegado ó proceso civil, sempre que tal documento poida ser determinante do sentido da sentenza.

ES Únicamente determina una suspensión inmediata el caso especial de la **falsedad** penal de un documento aportado al proceso civil, siempre que tal documento pueda ser determinante del sentido del fallo.

[Fonte: CIV (120)]

668 **falso testemuño** [s. m.]

ES *falso testimonio*

GL Antes de declarar, cada testemuña prestará xuramento ou promesa de dicir verdade, coa cominación das penas establecidas para o delicto de **falso testemuño** en causa civil, das que será instruída polo tribunal se manifesta ignoralas.

ES Antes de declarar, cada testigo prestará juramento o promesa de decir verdad, con la conminación de las penas establecidas para el delito de **falso testimonio** en causa civil, de las que le instruirá el tribunal si manifestare ignorarlas.

[Fonte: CIV (2771)]

669 **falta** [s. f.]

ES *falta*

GL Cando nun proceso civil se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delicto ou **falta** perseguible de oficio, o tribunal civil, mediante providencia, porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, por se hai lugar ó exercicio da acción penal.

ES Cuando en un proceso civil se ponga de manifiesto un hecho que ofrezca apariencia de delito o **falta** perseguible de oficio, el tribunal civil, mediante providencia, lo pondrá en conocimiento del Ministerio Fiscal, por si hubiere lugar al ejercicio de la acción penal.

[Fonte: CIV (850)]

670 **falta de asistencia** [s. f.]

ES falta de asistencia

GL A **falta de asistencia**, sen causa xustificada, dalgún dos cónxuxes á comparecencia poderá determinar que se consideren admitidos os feitos alegados polo cónxuxe presente para fundamenta-las súas peticións sobre medidas provisionais de carácter patrimonial.

ES La **falta de asistencia**, sin causa justificada, de alguno de los cónyuges a la comparecencia podrá determinar que se consideren admitidos los hechos alegados por el cónyuge presente para fundamentar sus peticiones sobre medidas provisionales de carácter patrimonial.

[Fonte: CIV (5310)]

671 **falta de pagamento** [s. f.]

ES falta de pago

GL Cando a cantidade reclamada exceda de tal cantidade, as accións de reclamación de rendas e de desafiuzamento por **falta de pagamento** poderán acumularse no xuízo ordinario.

ES Cuando la cantidad reclamada excediera de dicha cantidad, las acciones de reclamación de rentas y de desahucio por **falta de pago** podrán acumularse en el juicio ordinario.

[Fonte: CIV (3217)]

ES impago

GL Cando a débeda se acredite mediante certificacións de **falta de pagamento** de cantidades debidas en concepto de gastos comúns de comunidades de propietarios de inmuebles urbanos.

ES Cuando la deuda se acredite mediante certificaciones de **impago** de cantidades debidas en concepto de gastos comunes de Comunidades de propietarios de inmuebles urbanos.

[Fonte: CIV (5597)]

672 falta grave [s. f.]

ES *falta grave*

GL Dada a transcendencia da información que figura nestes documentos para a boa marcha da empresa, a omisión, falseamento ou negligencia na especificación destes datos poderá ser considerada como **falta grave** e a reincidencia dará lugar a aplica-la máxima sanción.

ES Dada la transcendencia de la información que figura en estos documentos para la buena marcha de la empresa, la omisión, falseamiento o negligencia en la especificación de estos datos podrá ser considerada como **falta grave** la reincidencia dará lugar a aplicar la máxima sanción.

[Fonte: D08 (278)]

673 fe de vida [s. f.]

ES *fe de vida*

GL No uso da competencia sobre pensións non contributivas da Seguridade Social, reguladas polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (BOE do 29 de xuño) e, en virtude do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), ó ser devolta polo servizo de correos a petición enviada no seu día, requírese o citado no anexo para que no prazo de 10 días, contado desde o seguinte á data de publicación deste edicto, presente, persoalmente ou acompañada da correspondente **fe de vida**, na Área de Servizos Sociais da Coruña (Concepción Arenal nº 7-9) a declaración anual esixida polo artigo 16.2º do Real decreto 357/1991, do 15 de marzo (BOE 21 de marzo).

ES En uso de la competencia sobre pensiones no contributivas de la Seguridad Social, reguladas por el Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley general de la Seguridad Social (BOE del 29 de junio) y, en virtud de lo dispuesto en el artículo 59 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común (BOE del 27 de noviembre), al haber sido devuelta por el servicio de correos la petición enviada en su día, se requiere a la persona citada en el anexo para que en el plazo de 10 días, a contar desde el siguiente a la fecha de publicación de este edicto, presente, personalmente o acompañada la correspondiente **fe de vida**, en el Área de servicios Sociales de A Coruña (Concepción Arenal nº 7-9) la declaración anual exigida por el artículo 16.2º del Real decreto 357/1991, de 15 de marzo (BOE del 21 de marzo).

[Fonte: D03 (3212)]

674 fe pública [s. f.]

ES *fe pública*

GL Así, a lei esixe a intervención do fedatario público xudicial para a constancia, que faga fe, das actuacións procesuais levadas a cabo no tribunal ou perante el e reconece a recepción de escritos no rexistro que se poida ter establecido para o efecto, entendendo que a **fe pública** xudicial garante os datos do dito rexistro relativos á recepción.

ES Así, la Ley exige la intervención del fedatario público judicial para la constancia fehaciente de las actuaciones procesales llevadas a cabo en el tribunal o ante él y reconoce la recepción de escritos en el registro que pueda haberse establecido al efecto, entendiendo que la **fe pública** judicial garantiza los datos de dicho registro relativos a la recepción.

[Fonte: CIV (140)]

675 fedatario [s.]

ES *fedatario*

GL Canto á dación de fe, a lei rexeita algunhas propostas contrarias a esa esencial función dos secretarios xudiciais, ben que procura non estender esta responsabilidade dos **fedatarios** alén do que resulta verdadeiramente necesario e, por riba, posible.

ES En cuanto a la dación de fe, la Ley rechaza algunas propuestas contrarias a esa esencial función de los Secretarios Judiciales, si bien procura no extender esta responsabilidad de los **fedatarios** más allá de lo que resulta verdaderamente necesario y, por añadidura, posible.

[Fonte: CIV (139)]

676 feito admitido [s. m.]

ES *hecho admitido*

GL A partir dun **feito admitido** ou probado, o tribunal poderá presumir a certeza, para os efectos do proceso, doutro feito, se entre o admitido ou demostrado e o presunto existe un enlace preciso e directo segundo as regras do criterio humano.

ES A partir de un **hecho admitido** o probado, el tribunal podrá presumir la certeza, a los efectos del proceso, de otro hecho, si entre el admitido o demostrado y el presunto existe un enlace preciso y directo según las reglas del criterio humano.

[Fonte: CIV (2893)]

677 feito danoso [s. m.]

ES *hecho dañoso*

GL Os grupos de consumidores ou usuarios afectados por un **feito danoso** cando os individuos que o compoñan estean determinados ou sexan facilmente determinables.

ES Los grupos de consumidores o usuarios afectados por un **hecho dañoso** cuando los individuos que lo compongan estén determinados o sean fácilmente determinables.

[Fonte: CIV (596)]

678 feito presunto [s. m.]

ES *hecho presunto*

GL As presuncións que a lei establece dispensan da proba do **feito presunto** á parte á que este feito favoreza.

ES Las presunciones que la ley establece dispensan de la prueba del **hecho presunto** a la parte a la que este hecho favorezca.

[Fonte: CIV (2888)]

679 feito probado [s. m.]

ES *hecho probado*

GL Cando a lei estableza unha presunción agás proba en contrario, esta poderá dirixirse tanto a proba-la inexistencia do feito presunto como a demostrar que non existe, no caso de que se trate, o enlace que debe haber entre o feito que se presume e o **feito probado** ou admitido que fundamenta a presunción.

ES Cuando la ley establezca una presunción salvo prueba en contrario, ésta podrá dirigirse tanto a probar la inexistencia del hecho presunto como a demostrar que no existe, en el caso de que se trate, el enlace que ha de haber entre el hecho que se presume y el **hecho probado** o admitido que fundamenta la presunción.

[Fonte: CIV (2889)]

680 fiador [s.]

ES *fiador*

GL Neste caso, só se despachará a execución se o acreedor acredita que lles notificou previamente ó executado e ó **fiador**, se o houber, a cantidade esixible resultante da liquidación.

ES En este caso, sólo se despachará la ejecución si el acreedor acredita haber notificado previamente al ejecutado y al **fiador**, si lo hubiere, la cantidad exigible resultante de la liquidación.

[Fonte: CIV (4071)]

681 **fianza** [s. f.]

ES *fianza*

GL O prazo para a prestación da **fianza** será dun mes desde a súa fixación, e poderá ser prorrogado por idéntico tempo e por causas xustificadas.

ES El plazo para la prestación de la **fianza** será de un mes desde su fijación, pudiendo ser prorrogado por idéntico tiempo y por causas justificadas.

[Fonte: LPM (709)]

682 **fidedignamente** [adv.]

ES *fehacientemente*

GL Estas axudas calcularanse en función dos nenos atendidos integrantes dunha unidade familiar cunha renda per cápita mensual inferior a 45.000 ptas., **fidedignamente** acreditada.

ES Estas ayudas se calcularán en función de los niños atendidos integrantes de una unidad familiar con una renta per cápita mensual inferior a 45.000 ptas., **fehacientemente** acreditada.

[Fonte: D07 (1077)]

683 **fiduciario** [adx.]

ES *fiduciario*

GL Acorda-lo exercicio das facultades **fiduciarias** que a lexislación vixente lles outorga ás xuntas de compensación, que comprende a posibilidade de concertar créditos con garantía hipotecaria dos predios pertencentes ós propietarios membros da xunta, pero non a facultade de allea-los ditos predios.

ES Acordar el ejercicio de las facultades **fiduciarias** que la legislación vigente otorga a las juntas de compensación, que comprende la posibilidad de concertar créditos con garantía hipotecaria de las fincas pertenecientes a los propietarios miembros de la junta, pero no la facultad de enajenar dichas fincas.

[Fonte: D09 (1071)]

684 **financeiro** [adx.]

ES *financiero*

- GL** As que, con fundamento na falta de pagamento da renda ou cantidades debidas polo arrendatario, ou na expiración do prazo fixado contractualmente, pretendan que o dono, usufructuario ou calquera outra persoa con dereito a posuír un predio rústico ou urbano, dado en arrendamento, ordinario ou **financeiro**, ou en parcería, recuperen a posesión deste predio.
- ES** Las que, con fundamento en el impago de la renta o cantidades debidas por el arrendatario, o en la expiración del plazo fijado contractualmente, pretendan que el dueño, usufructuario o cualquier otra persona con derecho a poseer una finca rústica o urbana, dada en arrendamiento, ordinario o **financiero**, o en aparcería, recuperen la posesión de dicha finca.

[Fonte: CIV (2077)]

685 **financiamiento** [s. m.]

ES *financiación*

- GL** Cando se embarguen saldos favorables en contas de calquera clase abertas en entidades de crédito, aforro ou **financiamiento**, o tribunal enviaralle á entidade orde de retención das cantidades concretas que sexan embargadas ou co límite máximo a que se refire o número 2 do artigo 588.
- ES** Cuando se embargaren saldos favorables en cuentas de cualquier clase abiertas en entidades de crédito, ahorro o **financiación**, el tribunal enviará a la entidad orden de retención de las concretas cantidades que sean embargadas o con el límite máximo a que se refiere el apartado segundo del artículo 588.

[Fonte: CIV (4352)]

686 **financiar** [v. t.]

ES *financiar*

- GL** A Comunidade Autónoma, mediante acordo do Parlamento, poderá emitir débeda pública para **financiar** gastos de investimento.
- ES** La Comunidad Autónoma, mediante acuerdo del Parlamento, podrá emitir deuda pública para **financiar** gastos de inversión.

[Fonte: EST (294)]

687 **fiscal** [s. com.]ES *fiscal*

GL Os xuíces, maxistrados, secretarios xudiciais, **fiscais** e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón, alegando descoñecemento dela que poida producir indefensión.

ES Los Jueces, Magistrados, Secretarios Judiciales, **Fiscales** y demás funcionarios de Juzgados y Tribunales podrán usar también la lengua oficial propia de la Comunidad Autónoma, si ninguna de las partes se opusiere, alegando desconocimiento de ella que puidere producir indefensión.

[Fonte: CIV (1411)]

688 **fiscalía** [s. f.]ES *fiscalía*

GL Un representante nomeado pola **Fiscalía** Xeral de Galicia.

ES Un representante nombrado por la **Fiscalía** General de Galicia.

[Fonte: D03 (141)]

689 **fiscalización** [s. f.]ES *fiscalización*

GL As universidades están obrigadas a render contas da súa actividade ante o órgano de **fiscalización** de contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas.

ES Las Universidades están obligadas a rendir cuentas de su actividad ante el órgano de **fiscalización** de cuentas de la Comunidad Autónoma, sin perjuicio de las competencias del Tribunal de Cuentas.

[Fonte: LOU (734)]

690 **flagrante delito** [s. m.]ES *flagrante delito*

GL Durante o período do seu mandato os deputados e senadores gozarán tamén de inmunity e só poderán ser detidos en caso de **flagrante delito**.

ES Durante el período de su mandato los Diputados y Senadores gozarán asimismo de inmunity e sólo poderán ser detenidos en caso de **flagrante delito**.

[Fonte: CON (358)]

691 **folga** [s. f.]

ES *huelga*

GL Recoñécese o dereito á **folga** dos traballadores para a defensa dos seus intereses.

ES Se reconoce el derecho a la **huelga** de los trabajadores para la defensa de sus intereses.

[Fonte: CON (151)]

692 **folia de aprecio** [s. f.]

ES *hoja de aprecio*

GL Terceiro.–As taxacións foron notificadas individualmente ós que aparecían como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente **folia de aprecio** e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formularasen alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación, tal e como sinala o artigo 145.4º da LSG.

ES Tercero.–Las tasaciones fueron notificadas individualmente a los que aparecían como titulares de bienes y derechos en el expediente, mediante traslado literal de la correspondiente **hoja de aprecio** y de la propuesta de fijación de los criterios de valoración, para que formularan alegaciones en el plazo de un mes, contado a partir de la fecha de notificación, tal y como señala el artículo 145.4º de la LSG.

[Fonte: D08 (807)]

693 **fondos públicos** [s. m. pl.]

ES *caudales públicos*

GL As cantidades de diñeiro e demais bens embargados terán, desde que se depositen ou se ordene a súa retención, a consideración de efectos ou **fondos públicos**.

ES Las cantidades de dinero y demás bienes embargados tendrán, desde que se depositen o se ordene su retención, la consideración de efectos o **caudales públicos**.

[Fonte: CIV (4376)]

ES *fondos públicos*

GL Os profesores, os pais e, se procede, os alumnos intervirán no control e xestión de tódolos centros sostidos pola administración con **fondos públicos**, nos termos que a lei estableza.

ES Los profesores, los padres y, en su caso, los alumnos intervendrán en el control y gestión de todos los centros sostenidos por la Administración con **fondos públicos**, en los términos que la ley establezca.

[Fonte: CON (142)]

694 **formalización** [s. f.]

ES cumplimentación

GL Faranse comprobacións relativas á **formalización** das solicitudes e á documentación que se achegará a elas, dando traslado ós interesados das incidencias detectadas para que sexan emendadas.

ES Se harán comprobaciones relativas a la **cumplimentación** de las solicitudes y a la documentación que acompaña a las mismas, dando traslado a los interesados de las incidencias detectadas para que sean subsanadas.

[Fonte: D02 (1565)]

ES formalización

GL Poderalle pedir ó tribunal medidas cautelares quen acredite ser parte dun proceso arbitral pendente en España ou, se é o caso, ter pedido a **formalización** xudicial a que se refire o artigo 38 da Lei de arbitrase, ou no suposto dunha arbitrase institucional, quen acredite que presentou a debida solicitude ou encarga á institución correspondente segundo o seu regulamento.

ES Podrá pedir al tribunal medidas cautelares quien acredite ser parte de un proceso arbitral pendiente en España; o, en su caso, haber pedido la **formalización** judicial a que se refiere el artículo 38 de la Ley de Arbitraje; o en el supuesto de un arbitraje institucional, haber presentado la debida solicitud o encargo a la institución correspondiente según su Reglamento.

[Fonte: CIV (4989)]

695 **formalizar** [v. t.]

ES formalizar

GL A recusación que se formule verbalmente deberá conter expresión sucinta da causa ou causas e deberá **formalizarse** por escrito no prazo de tres días. De non facerse así dentro do dito prazo, non será admitida e impoñeráselle ó recusante unha multa de 25. 000 a 100. 000 pesetas, condenándose, ademais, ó pagamento das custas ocasionadas coa suspensión.

ES La recusación que se formule verbalmente habrá de contener expresión sucinta de la causa o causas y deberá **formalizarse** por escrito en el plazo de tres días. Si así no se hiciere dentro de dicho plazo, no será admitida y se impondrá al recusante una multa de 25. 000 a 100. 000 pesetas, condenándole, además, al pago de las costas ocasionadas con la suspensión.
[Fonte: CIV (1697)]

696 foro [s. m.]

ES *fuero*

GL O mesmo se acordará cando a competencia territorial do tribunal non poida fundarse en ningún dos **foros** legais, imperativos ou non, que resulten aplicables en atención ó que o solicitante pretenda reclamar no xuízo principal.

ES Lo mismo se acordará cuando la competencia territorial del tribunal no pueda fundarse en ninguno de los **fueros** legales, imperativos o no, que resulten aplicables en atención a lo que el solicitante pretenda reclamar en el juicio principal.

[Fonte: CIV (5004)]

697 forza maior [s. f.]

ES *fuerza mayor*

GL Os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás en casos de **forza maior**, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

ES Los particulares, en los términos establecidos por la ley, tendrán derecho a ser indemnizados por toda lesión que sufran en cualquiera de sus bienes y derechos, salvo en los casos de **fuerza mayor**, siempre que la lesión sea consecuencia del funcionamiento de los servicios públicos.

[Fonte: CON (516)]

698 forza probatoria [s. f.]

ES *fuerza probatoria*

GL A específica **forza probatoria** dos documentos públicos deriva da confianza depositada na intervención de distintos fedatarios legalmente autorizados ou habilitados.

ES La específica **fuerza probatoria** de los documentos públicos deriva de la confianza depositada en la intervención de distintos fedatarios legalmente autorizados o habilitados.

[Fonte: CIV (265)]

699 **franquía** [s. f.]

ES *franquicia*

GL Se na declaración do agricultor, correspondente a cada campaña, non se respecta este valor, cunha **franquía** de 10 puntos, o conxunto da superficie para a que se solicita axuda será axustado de xeito proporcional a esa diferenza, ata que se alcance o valor do índice de barbeito correspondente.

ES Si en la declaración del agricultor, correspondiente a cada campaña, no se respeta este valor, con una **franquicia** de 10 puntos, el conjunto de la superficie para la que se solicita la ayuda será ajustado de forma proporcional a esa diferencia, hasta que se alcance el valor del índice de barbecho correspondiente.

[Fonte: D02 (1708)]

700 **fraude de lei** [s. m.]

ES *fraude de ley*

GL Cando o demandado se conforme con tódalas pretensións do demandante, o tribunal dictará sentenza condenatoria de acordo co solicitado por este, pero se a conformidade se fai en **fraude de lei** ou supón renuncia contra o interese xeral ou prexuízo de terceiro, dictarase auto rexeitándoa e seguirá o proceso adiante.

ES Cuando el demandado se allane a todas las pretensiones del actor, el tribunal dictará sentencia condenatoria de acuerdo con lo solicitado por éste, pero si el allanamiento se hiciera en **fraude de ley** o supusiera renuncia contra el interés general o perjuicio de tercero, se dictará auto rechazándolo y seguirá el proceso adelante.

[Fonte: CIV (702)]

701 **fumus boni iuris** [loc. s. lat.]

ES *fumus boni iuris*

GL O “**fumus boni iuris**” ou aparencia de bo dereito, o perigo da mora procesual e a prestación de caución son, desde logo, factores fundamentais imprescindibles para a adopción de medidas cautelares.

ES El “*fumus boni iuris*” o apariencia de buen derecho, el peligro de la mora procesal y la prestación de caución son, desde luego, factores fundamentales imprescindibles para la adopción de medidas cautelares.
[Fonte: CIV (498)]

702 **función nomofiláctica** [s. f.]

ES *función nomofiláctica*

GL Non pertence á nosa tradición histórica nin constitúe esixencia constitucional que a **función nomofiláctica** da casación se proxecte sobre calquera sentenza nin sobre calquera cuestión e materia.

ES No pertenece a nuestra tradición histórica ni constituye exigencia constitucional alguna que la **función nomofiláctica** de la casación se proyecte sobre cualesquiera sentencias ni sobre cualesquiera cuestiones y materias.
[Fonte: CIV (334)]

703 **función pública** [s. f.]

ES *función pública*

GL Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración ou promesa de non estaren sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á **función pública**.

ES Los aspirantes que no posean la nacionalidad española deberán presentar declaración o promesa de no estar sometidos a sanción disciplinaria o condena penal que impidan en su Estado el acceso a la **función pública**.
[Fonte: D03 (2570)]

704 **funcionario** [s.]

ES *funcionario*

GL Os secretarios xudiciais ou os **funcionarios** designados por eles porán dilixencias para facer consta-lo día e a hora de presentación das demandas, dos escritos de iniciación do procedemento e de calquera outro en que a presentación estea suxeita a prazo perentorio.

ES Os secretarios xudiciais ou os **funcionarios** designados por eles porán dilixencias para facer consta-lo día e a hora de presentación das demandas, dos escritos de iniciación do procedemento e de calquera outro en que a presentación estea suxeita a prazo perentorio.
[Fonte: CIV (1375)]

705 **fundamento xurídico** [s. m.]

ES *fundamento jurídico*

GL É a quen cre necesitar tutela a quen se lle atribúen as cargas de pedir, determinala con suficiente precisión, alegar e proba-los feitos e aduci-los **fundamentos xurídicos** correspondentes ás pretensións daquela tutela.

ES Es a quien cree necesitar tutela a quien se atribuyen las cargas de pedirla, determinarla con suficiente precisión, alegar y probar los hechos y aducir los **fundamentos jurídicos** correspondientes a las pretensiones de aquella tutela.

[Fonte: CIV (72)]

706 **fungible** [adx.]

ES *fungible*

GL O embargo preventivo de bens, para asegura-la execución de sentencias de condena á entrega de cantidades de diñeiro ou de froitos, rendas e cousas **fungibles** computables en metálico por aplicación de prezos certos.

ES El embargo preventivo de bienes, para asegurar la ejecución de sentencias de condena a la entrega de cantidades de dinero o de frutos, rentas y cosas **fungibles** computables ametálico por aplicación de precios ciertos.

[Fonte: CIV (5016)]

G

707 **garantía hipotecaria** [s. f.]

ES *garantía hipotecaria*

GL Por excepción, tales situacións non impedirán o inicio da execución singular, se esta se limita ós bens previamente hipotecados ou peñorados en garantía da débeda reclamada, nin a continuación do procedemento xa iniciado que se dirixa exclusivamente contra estes bens, o cal seguirá ata a satisfacción do acreedor e, de se-lo caso, dos acredores hipotecarios posteriores, dentro dos límites das súas respectivas **garantías hipotecarias**, remitiéndose o remanente, se o houber, ó procedemento concursal.

ES Por excepción, tales situaciones no impedirán el inicio de la ejecución singular, si ésta se limitare a los bienes previamente hipotecados o pignorados en garantía de la deuda reclamada, ni la continuación del procedimiento ya iniciado que se dirija exclusivamente contra dichos bienes, el cual seguirá hasta la satisfacción del acreedor y, en su caso, de los acredores hipotecarios posteriores, dentro de los límites de sus respectivas **garantías hipotecarias**, remitiéndose el remanente, si lo hubiere, al procedimiento concursal.

[Fonte: CIV (4048)]

708 **garantías constitucionais** [s. f. pl.]

ES *garantías constitucionales*

GL O Tribunal Supremo, con xurisdicción en toda España, é o órgano xurisdiccional superior en tódalas ordes, salvo o disposto en materia de **garantías constitucionais**.

ES El Tribunal Supremo, con jurisdicción en toda España, es el órgano jurisdiccional superior en todos los órdenes, salvo lo dispuesto en materia de **garantías constitucionales**.

[Fonte: CON (591)]

709 **garantías procesuais** [s. f. pl.]

ES *garantías procesales*

GL Xustiza civil efectiva significa, por consubstancial ó concepto de xustiza, plenitude de **garantías procesuais**.

ES Justicia civil efectiva significa, por consustancial al concepto de Justicia, plenitud de **garantías procesales**.

[Fonte: CIV (6)]

710 **garda** [s. f.]

ES *guarda*

GL A sentenza que declare a incapacitación determinará a extensión e os límites desta, así como o réxime de tutela ou **garda** a que teña que quedar sometido o incapacitado, e pronunciarase, se é o caso, sobre a necesidade de internamento, sen prexuízo do disposto no artigo 763.

ES La sentencia que declare la incapacitación determinará la extensión y los límites de ésta, así como el régimen de tutela o **guarda** a que haya de quedar sometido el incapacitado, y se pronunciará, en su caso, sobre la necesidad de internamento, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 763.

[Fonte: CIV (5219)]

ES *guardia*

GL Nas actuacións ante os tribunais civís, non se admitirá a presentación de escritos no xulgado que preste o servizo de **garda**.

ES En las actuaciones ante los tribunales civiles, no se admitirá la presentación de escritos en el Juzgado que preste el servicio de **guardia**.

[Fonte: CIV (1374)]

711 **garda e custodia** [loc. s.]

ES *guarda y custodia*

GL Os que versen exclusivamente sobre **garda e custodia** de fillos menores ou sobre alimentos reclamados por un proxenitor contra o outro en nome dos fillos menores.

ES Los que versen exclusivamente sobre **guarda y custodia** de hijos menores o sobre alimentos reclamados por un progenitor contra el otro en nombre de los hijos menores.

[Fonte: CIV (5153)]

712 **gardador** [adx.]

ES *guardador*

GL O incumprimento reiterado das obrigas derivadas do réxime de visitas, tanto por parte do proxenitor **gardador** como do non gardador poderá dar lugar á modificación do réxime de garda e visitas.

ES El incumplimiento reiterado de las obligaciones derivadas del régimen de visitas, tanto por parte del progenitor **guardador** como del guardador podrá dar lugar a la modificación del régimen de guarda y visitas.

[Fonte: CIV (5346)]

713 **grande invalidez** [s. f.]

ES *gran invalidez*

GL Entenderase por **grande invalidez** a situación do traballador para efectos de incapacidade permanente absoluta e que, a consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite a asistencia doutra persoa para realiza-los actos máis esenciais da vida, como son vestirse, desprazarase, comer ou análogos.

ES Se entenderá por **gran invalidez** la situación del trabajador a efectos de incapacidad permanente absoluta y que, por consecuencia de pérdidas anatómicas o funcionales, necesite la asistencia de otra persona para realizar los actos más esenciales de la vida, como son vestirse, desplazarse, comer o análogos.

[Fonte: D03 (2104)]

714 **grao** [s. m.]

ES *grado*

GL Ser cónxuxe ou parente por consanguinidade ou afinidade, dentro do cuarto **grao** civil, dunha das partes ou dos seus avogados ou procuradores.

ES Ser cónyuge o pariente por consanguinidad o afinidad, dentro del cuarto **grado** civil de una de las partes o de sus abogados o procuradores.

[Fonte: CIV (2655)]

715 **gratificación** [s. f.]

ES *gratificación*

GL As **gratificacións** extraordinarias de Nadal e xullo serán de 30 días de salario base máis antigüidade.

ES Las **gratificaciones** extraordinarias de Navidad y julio serán de 30 días de salario base más antigüedad.

[Fonte: D01 (377)]

ES *plus*

GL Esta **gratificación** aboarase nas pagas extra.

ES Este **plus** se abonará en las pagas extras.

[Fonte: D03 (2045)]

716 **gravame** [s. m.]

ES *gravamen*

GL É de salientar que nesta lei se establece a obriga do executado de formular manifestación dos seus bens, cos seus **gravames**.

ES Es de subrayar que en esta Ley se establece la obligación del ejecutado de formular manifestación de sus bienes, con sus **gravámenes**.

[Fonte: CIV (452)]

717 **gravar** [v. t.]

ES *gravar*

GL O administrador non poderá allear nin **grava-los** bens inventariados

ES El administrador no podrá enajenar ni **gravar** los bienes inventariados.

[Fonte: CIV (5532)]

H

718 **haber lugar** [loc. v.]

ES *haber lugar*

GL Se estima que a causa non é das tipificadas na lei, declarará non **haber lugar** á recusación. Contra este auto non se dará recurso de ningunha clase.

ES Si estima que la causa no es de las tipificadas en la Ley, declarará no **haber lugar** a la recusación. Contra este auto no se dará recurso alguno.

[Fonte: CIV (1281)]

719 **habilitación** [s. f.]

ES *habilitación*

GL As persoas físicas que non se achen no caso do número anterior terán de comparecer mediante a representación ou coa asistencia, a autorización, a **habilitación** ou o defensor esixidos pola lei.

ES Las personas físicas que no se hallen en el caso del apartado anterior habrán de comparecer mediante la representación o con la asistencia, la autorización, la **habilitación** o el defensor exigidos por la ley.

[Fonte: CIV (602)]

720 **habilitado** [adx.]

ES *habilitado*

GL A específica forza probatoria dos documentos públicos deriva da confianza depositada na intervención de distintos fedatarios legalmente autorizados ou **habilitados**.

ES La específica fuerza probatoria de los documentos públicos deriva de la confianza depositada en la intervención de distintos fedatarios legalmente autorizados o **habilitados**.

[Fonte: CIV (265)]

721 **habilitar** [v. t.]

ES *habilitar*

- GL** Nas actuacións orais, o tribunal por medio de providencia poderá **habilitar** como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua empregada, logo de xuramento ou promesa de tradución fiel.
- ES** En las actuaciones orales, el tribunal por medio de providencia podrá **habilitar** como intérprete a cualquier persona conocedora de la lengua empleada, previo juramento o promesa de fiel traducción.
- [Fonte: CIV (1414)]

722 **herdanza** [s. f.]

ES *herencia*

- GL** En segundo lugar, os procesos de división xudicial de patrimonios, rúbrica baixo a que se regulan a división xudicial da **herdanza** e o novo procedemento para a liquidación do réxime económico matrimonial, que permitirán resolver cuestións desa índole que non se quixeron ou non se puideron resolver sen contenda xudicial.
- ES** En segundo lugar, los procesos de división judicial de patrimonios, rúbrica bajo la que se regulan la división judicial de la **herencia** y el nuevo procedimiento para la liquidación del régimen económico matrimonial, que permitirán solventar cuestiones de esa índole que no se hayan querido o podido resolver sin contienda judicial.
- [Fonte: CIV (517)]

ES *caudal*

- GL** Os interesados deberán pórse de acordo sobre o nomeamento dun contador que practique as operacións divisorias da **herdanza**, así como sobre o nomeamento do perito ou peritos que teñan que intervir na taxación dos bens. Non poderá designarse máis dun perito para cada clase de bens que deban ser taxados.
- ES** Los interesados deberán ponerse de acuerdo sobre el nombramiento de un contador que practique las operaciones divisorias del **caudal**, así como sobre el nombramiento del perito o peritos que hayan de intervenir en el avalúo de los bienes. No podrá designarse más de un perito para cada clase de bienes que hayan de ser justipreciados.
- [Fonte: CIV (5411)]

ES *caudal hereditario*

- GL** Solicitada a división xudicial da herdanza acordarase, cando así se pedise e resultase procedente, a intervención da **herdanza** e a formación de inventario.
- ES** Solicitada la división judicial de la herencia se acordará, cuando así se hubiere pedido y resultare procedente, la intervención del **caudal hereditario** y la formación de inventario.

[Fonte: CIV (5402)]

723 **herdeiro** [adx.-s.]

ES *heredero*

- GL** Canto ó seu contido xeral, esta lei configúrase con exclusión da materia relativa á denominada xurisdicción voluntaria, que, coma noutros países, parece preferible regular en lei distinta, onde se han leva-las disposicións sobre unha conciliación que deixou de ser obrigatoria e sobre a declaración de **herdeiros** sen contenda xudicial.

- ES** En cuanto a su contenido general, esta Ley se configura con exclusión de la materia relativa a la denominada jurisdicción voluntaria, que, como en otros países, parece preferible regular en ley distinta, donde han de llevarse las disposiciones sobre una conciliación que ha dejado de ser obligatoria y sobre la declaración de **herederos** sin contienda judicial.

[Fonte: CIV (55)]

724 **hipoteca** [s. f.]

ES *hipoteca*

- GL** Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o propietario do ben hipotecado é o propio debedor, o prezo do remate, na contía que exceda do límite da cobertura hipotecaria, destinarase ó pagamento da totalidade do que se lle deba ó executante polo crédito que sexa obxecto da execución, unha vez satisfeitos, se é o caso, os créditos inscritos ou anotados posteriores á **hipoteca** e sempre que o debedor non se encontre en situación de suspensión de pagamentos, concurso ou quebra.

- ES** No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior, cuando el propietario del bien hipotecado fuera el propio deudor, el precio del remate, en la cuantía que exceda del límite de la cobertura hipotecaria, se destinará al pago de la totalidad de lo que se deba al ejecutante por el crédito que sea objeto de la ejecución, una vez satisfechos, en su caso, los créditos inscritos o anotados posteriores a la **hipoteca** y siempre que el deudor no se encuentre en situación de suspensión de pagos, concurso o quiebra.

[Fonte: CIV (4820)]

725 **hipotecario** [adx.]

ES *hipotecario*

- GL** Para a execución das hipotecas sobre bens inmobles constituídas a favor dunha entidade das que legalmente poden chegar a emitir cédulas **hipotecarias** ou que, ó iniciarse o procedemento, garantan créditos e préstamos afectos a unha emisión de bonos hipotecarios, abondará coa presentación dunha certificación do Rexistro da Propiedade que acredite a inscrición e subsistencia da hipoteca.
- ES** Para la ejecución de las hipotecas sobre bienes inmuebles constituidas a favor de una Entidad de las que legalmente pueden llegar a emitir cédulas **hipotecarias** o que, al iniciarse el procedimiento, garanticen créditos y préstamos afectos a una emisión de bonos hipotecarios, bastará la presentación de una certificación del Registro de la Propiedad que acredite la inscripción y subsistencia de la hipoteca.

[Fonte: CIV (4773)]

726 **hora hábil** [s. f.]

ES *hora hábil*

- GL** Enténdese por **horas hábiles** as que median desde as oito da mañá ás oito da tarde, salvo que a lei, para unha actuación concreta, dispoña outra cousa. Para os actos de comunicación e execución tamén se consideran horas hábiles as que transcorren desde as oito ata as dez da noite.
- ES** Se entiende por **horas hábiles** las que median desde las ocho de la mañana a las ocho de la tarde, salvo que la ley, para una actuación concreta, disponga otra cosa. Para los actos de comunicación y ejecución también se considerarán horas hábiles las que transcurren desde las ocho hasta las diez de la noche.

[Fonte: CIV (1347)]

I

727 **imperativo legal** [s. m.]

ES *imperativo legal*

GL Procederase á disolución cando se ordene por **imperativo legal** e, se é o caso, por acordo adoptado por maioría absoluta dos seus integrantes.

ES Se procederá a la disolución cuando sea ordenado por **imperativo legal** y, en su caso, por acuerdo adoptado por mayoría absoluta de sus integrantes.

[Fonte: D09 (438)]

728 **impuesto** [s. m.]

ES *impuesto*

GL Os rendementos dos **impuestos** cedidos polo Estado a que se refire a disposición adicional primeira e de todos aqueles de cesión aprobada polas Cortes Xerais.

ES Los rendimientos de los **impuestos** cedidos por el Estado a que se refiere la disposición adicional primera y de todos aquéllos cuya cesión sea aprobada por las Cortes Generales.

[Fonte: EST (271)]

ES *tributo*

GL A eventual supresión ou modificación dalgún destes **impuestos** implicará a extinción ou modificación da cesión.

ES La eventual supresión o modificación de alguno de estos **tributos** implicará la extinción o modificación de la cesión.

[Fonte: EST (355)]

729 **imposto de sucesións e doazóns** [s. m.]

ES *impuesto de sucesiones y donaciones*

- GL** Tendo en conta o informado polo Servicio Técnico-Xurídico e de conformidade co sinalado no artigo 59.3º da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia e 10.1º do Decreto 406/1996, e considerando que ó expediente figuran unidos o certificado de defunción, a certificación do Rexistro de derradeiras vontades, e declaración notarial de herdeiros ab-intestado de Manuel Oubiña Otero, a relación de bens e a documentación acreditativa do pagamento ou da presentación ó pagamento do **imposto de sucesións e doazóns**, esta consellería accedeu ó solicitado, declarando titulares da concesión administrativa e do viveiro do que se trata, nas mesmas condicións cás expresamente consignadas na orde ministerial de outorgamento, a favor de Carmen Viana Gómez.
- ES** Teniendo en cuenta lo informado por el Servicio Técnico-Jurídico y de conformidad con lo señalado en el artículo 59.3º de la Ley 6/1993, de 11 de mayo, de pesca de Galicia y 10.1º del Decreto 406/1996, y considerando que al expediente figuran unidos el certificado de defunción, la certificación del Registro de últimas voluntades, la declaración notarial de herederos abintestato de Manuel Oubiña Otero, la relación de bienes y la documentación acreditativa del pago o de la presentación al pago del **impuosto de sucesiones y donaciones**, esta consellería tuvo a bien acceder a lo solicitado, declarando titulares de la concesión administrativa y del vivero del que se trata, en las mismas condiciones que las expresamente consignadas en la orden ministerial de otorgamiento, a favor de Carmen Viana Gómez.

[Fonte: D05 (930)]

730 **imposto sobre a renda das persoas físicas** [s. m.]

ES *impuesto sobre la renta de las personas físicas*

- GL** Copia cotexada da declaración do **imposto sobre a renda das persoas físicas** (IRPF) do exercicio 1998.
- ES** Copia compulsada de la declaración del **impuosto sobre la renta de las personas físicas** (IRPF) del ejercicio 1998.

[Fonte: D02 (1539)]

731 **improcedencia** [s. f.]

ES *improcedencia*

GL Nos demais xuízos verbais só se admitirá a reconvenção cando esta se lle notifique ó demandante polo menos cinco días antes da vista, non determine a **improcedencia** do xuízo verbal e exista conexión entre as pretensións da reconvenção e as que sexan obxecto da demanda principal.

ES En los demás juicios verbales sólo se admitirá la reconvenção cuando ésta se notifique al actor al menos cinco días antes de la vista, no determine la **improcedencia** del juicio verbal y exista conexión entre las pretensiones de la reconvenção y las que sean objeto de la demanda principal.

[Fonte: CIV (3210)]

732 **improcedente** [adx.]

ES *improcedente*

GL A lei considera **improcedente** levar a cabo nada do que se puido propor e non se propuxo, así como calquera actividade do tribunal que, con min-gua da igualitaria contenda entre as partes, supla a súa falta de dilixencia e coidado.

ES La Ley considera **improcedente** llevar a cabo nada de cuanto se hubiera podido proponer y no se hubiere propuesto, así como cualquier actividad del tribunal que, con merma de la igualitaria contienda entre las partes, supla su falta de diligencia y cuidado.

[Fonte: CIV (310)]

733 **improrrogable** [adx.]

ES *improrrogable*

GL O tribunal requirente e o requerido emprazarán as partes para que poidan comparecer no prazo **improrrogable** de cinco días ante o tribunal competente e alegaren por escrito o que consideren que convén ó seu dereito.

ES El tribunal requirente y el requerido emplazarán a las partes para que puedan comparecer en el plazo **improrrogable** de cinco días ante el tribunal competente y alegar por escrito lo que consideren que conviene a su derecho.

[Fonte: CIV (1146)]

734 **impugnación** [s. f.]

ES *impugnación*

GL A lei conserva a separación entre unha inmediata preparación do recurso, coa que se manifesta a vontade de **impugnación**, e a ulterior interposición motivada desta.

ES La Ley conserva la separación entre una inmediata preparación del recurso, con la que se manifiesta la voluntad de **impugnación**, y la ulterior interposición motivada de ésta.

[Fonte: CIV (324)]

735 **impugnar** [v. t.]

ES *impugnar*

GL Presentada a conta, mandarase que se requira ó poderdante para que pague a dita suma, coas custas, ou **impugne** a conta, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non paga nin formula impugnación.

ES Presentada la cuenta, se mandará que se requiera al poderdante para que pague dicha suma, con las costas, o **impugne** la cuenta, en el plazo de diez días, bajo apercibimiento de apremio si no pagare ni formulare impugnación.

[Fonte: CIV (809)]

ES *recurir*

GL Se o recurso por infracción procesual é estimado, deberase dictar nova sentenza e se esta incorre en infraccións do dereito material ou substantivo, poderase **impugnar** en casación a sentenza, coma no réxime anterior a esta lei.

ES Si el recurso por infracción procesal es estimado, habrá de dictarse una nueva sentencia y si ésta incurriere en infracciones del Derecho material o sustantivo, podrá **recurirse** en casación la sentencia, como en el régimen anterior a esta Ley.

[Fonte: CIV (355)]

736 **imputación** [s. f.]

ES *imputación*

GL De acordo con todo o anterior, a razón desta orde, sen prexuízo da aplicabilidade directa da normativa comunitaria correspondente que, en parte, se transcribe para unha maior operatividade, é defini-las normas de aplicación e o procedemento para a tramitación e concesión das respectivas axudas nesta Comunidade Autónoma, determinando a súa **imputación** económica con cargo ó orzamento de gastos do Ilgga para o exercicio do ano 2000.

ES De acuerdo con todo lo expuesto, la razón de la presente orden, sin perjuicio de la aplicabilidad directa de la normativa comunitaria correspondiente que, en parte, se transcribe para una mayor operatividad, es definir las normas de aplicación y el procedimiento para la tramitación y concesión de las respectivas ayudas en esta Comunidad Autónoma, determinando su **imputación** económica con cargo al presupuesto de gastos del Ilgga para el ejercicio del año 2000.

[Fonte: D02 (1609)]

737 **imputado** [adx.-s.]

ES *imputado*

GL Os gastos derivados da adopción das medidas cautelares, ou das sancións accesorias, se é o caso, correrán por conta do **imputado**.

ES Los gastos derivados de la adopción de las medidas cautelares, o de las sanciones accesorias, en su caso, correrán a cargo del **imputado**.

[Fonte: LPM (714)]

738 **imputar** [v. t.]

ES *imputar*

GL Gastos xerais, comprendendo aqueles gastos que, sen estaren incluídos nos parágrafos anteriores, se deban **imputar** ou teñan a súa orixe na actividade do curso:

ES Gastos generales, comprendiendo aquellos gastos que, sin estar incluidos en los párrafos anteriores, se deban **imputar** o tengan su origen en la actividad del curso:

[Fonte: D09 (525)]

739 **inadmisión a trámite** [s. f.]

ES *inadmisión a trámite*

GL Neste sentido, a extemporaneidade da recusación regúlase con máis precisión, como motivo de **inadmisión a trámite**, e axilízanse e simplifícanse os trámites iniciais co fin de se produci-la menor alteración posible no procedemento.

ES En este sentido, la extemporaneidad de la recusación se regula más precisamente, como motivo de **inadmisión a trámite**, y se agilizan y simplifican los trámites iniciales a fin de que se produzca la menor alteración procedimental posible.

[Fonte: CIV (66)]

740 **inalleable** [adx.]

ES *inalienable*

GL Non serán en absoluto embargables: Os bens que fosen declarados **inalleables**.

ES No serán en absoluto embargables: Los bienes que hayan sido declarados **inalienables**.

[Fonte: CIV (4250)]

741 **inapelable** [adx.]

ES *inapelable*

GL Se non existise acordo por maioría simple, o asunto será sometido a un técnico designado pola Sección de Minas da Coruña, a decisión do cal será **inapelable**.

ES Si no existiese acuerdo por mayoría simple, el asunto será sometido a un técnico designado por la Sección de Minas de A Coruña, cuya decisión será **inapelable**.

[Fonte: D07 (1003)]

742 **inaprazable** [adx.]

ES *inaplazable*

GL O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades e institucións públicas ou privadas, que presten servizos públicos ou de recoñecida e **inaprazable** necesidade, no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ó mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (Diario Oficial de Galicianº 116, do 20 de xuño), entre os que se atopa a sanidade.

ES El ejercicio de este derecho en la Administración y en las empresas, entidades e instituciones públicas o privadas, que presten servicios públicos o de reconocida e **inaplazable** necesidad, en el ámbito y competencias de la Comunidad Autónoma de Galicia, está condicionado al mantenimiento de los servicios esenciales fijados en el artículo 2 del Decreto 155/1988, de 9 de junio (Diario Oficial de Galicianº 116, del 20 de junio), entre los que se encuentra la sanidad.

[Fonte: D01 (282)]

743 **incapacidade** [s. f.]

ES *incapacidad*

GL A declaración de **incapacidade** poden promovela o cónxuxe ou quen se encontre nunha situación de feito asimilable, os descendentes, os ascendentes ou os irmáns do presunto incapaz.

ES La declaración de **incapacidad** pueden promoverla el cónyuge o quien se encuentre en una situación de hecho asimilable, los descendientes, los ascendientes o los hermanos del presunto incapaz.

[Fonte: CIV (5201)]

744 **incapacidade temporal** [s. f.]

ES *incapacidad temporal*

GL As empresas afectadas polo presente convenio aboaranlles a aqueles traballadores que se atopen na situación de **incapacidade temporal**, como consecuencia de accidente laboral ocorrido no centro de traballo e durante as horas deste e durante o tempo que dure a hospitalización, unha compensación económica consistente na diferenza que exista entre as prestacións que o traballador perciba da Seguridade Social e o salario real que lle corresponda segundo a súa categoría profesional.

ES Las empresas afectadas por el presente convenio abonarán a aquellos de sus trabajadores que se encuentren en situación de **incapacidad temporal**, como consecuencia de accidente laboral ocurrido en el centro de trabajo y durante las horas del mismo y durante el tiempo de la hospitalización, una compensación económica consistente en la diferencia que exista entre las prestaciones que el trabajador perciba de la Seguridad Social y el salario real que le corresponda según su categoría profesional.

[Fonte: D01 (437)]

745 **incentivo fiscal** [s. m.]

ES *incentivo fiscal*

GL En canto ós beneficios fiscais das universidades públicas, aplicarase o disposto para as entidades sen finalidade lucrativa na Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e **incentivos** fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

ES En cuanto a los beneficios fiscales de las Universidades públicas, se estará a lo dispuesto para las entidades sin finalidad lucrativa en la Ley 30/1994, de 24 de noviembre, de Fundaciones e **Incentivos** Fiscales a la Participación Privada en Actividades de Interés General.

[Fonte: LOU (713)]

746 **incoación** [s. f.]

ES *incoación*

GL Para que os tribunais civís teñan competencia en cada caso requírese que o coñecemento do preito lles estea atribuído por normas con rango de lei e anteriores á **incoación** das actuacións de que se trate.

ES Para que los tribunales civiles tengan competencia en cada caso se requiere que el conocimiento del pleito les esté atribuido por normas con rango de ley y anteriores a la **incoación** de las actuaciones de que se trate.

[Fonte: CIV (876)]

747 **incoar** [v. t.]

ES *incoar*

GL Resolución do 18 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador P-115/1999, **incoado** por infracción da Lei de pesca fluvial e devolto polo servicio de correos.

ES Resolución de 18 de noviembre de 1999, de la Delegación Provincial de Lugo, por la que se notifica la resolución del expediente sancionador P-115/1999, **incoado** por infracción de la Ley de pesca fluvial y devuelto por el servicio de correos.

[Fonte: D09 (53)]

748 **incomparencia** [s. f.]

ES *incomparencia*

GL Na citación apercibiráselle ó interesado que, en caso de **incomparencia** inustificada, se producirá o efecto sinalado no parágrafo anterior.

ES En la citación se percibirá al interesado que, en caso de **incomparencia** injustificada, se producirá el efecto señalado en el párrafo anterior.

[Fonte: CIV (2447)]

ES *no personación*

GL Se a **incomparencia** dos sucesores se debe a non quererem comparecer, entenderase que a parte demandante renuncia á acción exercida.

ES Si la **no personación** de los sucesores se debiese a que no quisieran comparecer, se entenderá que la parte demandante renuncia a la acción ejercitada.

[Fonte: CIV (669)]

749 **incompatibilidade** [s. f.]

ES *incompatibilidad*

GL A lei regulará o estatuto dos funcionarios públicos, o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de **incompatibilidades** e as garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións.

ES La ley regulará el estatuto de los funcionarios públicos, el acceso a la función pública de acuerdo con los principios de mérito y capacidad, las peculiaridades del ejercicio de su derecho a sindicación, el sistema de **incompatibilidades** y las garantías para la imparcialidad en el ejercicio de sus funciones.

[Fonte: CON (505)]

750 **incompatible** [adx.]

ES *incompatible*

GL Será **incompatible** o exercicio simultáneo de dúas ou máis accións nun mesmo xuízo e non poderán, por tanto, acumularse cando se exclúan mutuamente ou sexan contrarias entre si, de xeito que a escolla dunha impida ou faga ineficaz o exercicio da outra ou outras.

ES Será **incompatible** el ejercicio simultáneo de dos o más acciones en un mismo juicio y no podrán, por tanto, acumularse cuando se excluyan mutuamente o sean contrarias entre sí, de suerte que la elección de una impida o haga ineficaz el ejercicio de la otra u otras.

[Fonte: CIV (1027)]

751 **incompetente** [adx.]

ES *incompetente*

GL Nos casos a que se refire o número anterior, se o tribunal se considera territorialmente **incompetente**, poderá, emporiso, cando as circunstancias do caso o aconsellen, ordenar en prevención aquelas medidas cautelares que resulten máis urxentes, e remitirille posteriormente os autos ó tribunal que resulte competente.

ES En los casos a que se refiere el apartado anterior, si el tribunal se considerara territorialmente **incompetente**, podrá, no obstante, cuando las circunstancias del caso lo aconsejaren, ordenar en prevención aquellas medidas cautelares que resulten más urgentes, remitiendo posteriormente los autos al tribunal que resulte competente.

[Fonte: CIV (5006)]

752 **incorrer** [v. i.]

ES *incurrir*

GL Se o recurso por infracción procesual é estimado, deberase dictar nova sentenza e se esta **incorre** en infraccións do dereito material ou substantivo, poderase impugnar en casación a sentenza, coma no réxime anterior a esta lei.

ES Si el recurso por infracción procesal es estimado, habrá de dictarse una nueva sentencia y si ésta **incurriere** en infracciones del Derecho material o sustantivo, podrá recurrirse en casación la sentencia, como en el régimen anterior a esta Ley.

[Fonte: CIV (355)]

753 **inculpación** [s. f.]

ES *inculpación*

GL O Presidente e mais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galicia, non poderán ser detidos nin retidos a non ser en situación de flagrante delicto, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa **inculpación**, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

ES El Presidente y los demás miembros de la Junta, durante su mandato y por los actos delictivos cometidos en el territorio de Galicia, no podrán ser detenidos ni retenidos sino en caso de flagrante delito, correspondiendo decidir, en todo caso, sobre su **inculpación**, prisión, procesamiento y juicio al Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

[Fonte: EST (100)]

754 **inculpado** [adx.-s.]

ES *inculpado*

GL Non poderán ser **inculpados** nin procesados sen a previa autorización da cámara respectiva.

ES No podrán ser **inculpados** ni procesados sin la previa autorización de la Cámara respectiva.

[Fonte: CON (359)]

755 **incumplimento** [s. m.]

ES *incumplimiento*

GL Cando a demanda teña por obxecto unha prestación de facer, a súa cantía consistirá no custo daquilo do que se inste a realización ou no importe dos danos e perdas derivados do **incumplimento**, sen que neste caso sexan acumulables ámbalas cantidades, agás se ademais de instarse o cumprimento, se pretende tamén a indemnización.

ES Cuando la demanda tenga por objeto una prestación de hacer, su cuantía consistirá en el coste de aquello cuya realización se inste o en el importe de los daños y perjuicios derivados del **incumplimiento**, sin que en este caso sean acumulables ambas cantidades, salvo si además de instarse el cumplimiento, se pretende también la indemnización.

[Fonte: CIV (2113)]

756 **incumplir** [v. t.]

ES *incumplir*

GL Procederáse desta forma tantas veces **incumpra** a condena e para que desfaga o mal feito será intimado coa imposición de multas por cada mes que transcorra sen desfacerlo.

ES Se procederá de esta forma cuantas veces **incumpla** la condena y para que deshaga lo mal hecho se le intimará con la imposición de multas por cada mes que transcurra sin deshacerlo.

[Fonte: CIV (4936)]

757 **incurso** [adx.]

ES *incurso*

GL Declaración responsable ante notario, autoridade xudicial ou administrativa de non estar **incurso** en prohibicións de contratar conforme o artigo 20 da Lei de CAP.

ES Declaración responsable ante notario, autoridad judicial o administrativa de no estar **incurso** en prohibiciones de contratar conforme al artículo 20 de la Ley CAP.

[Fonte: D02 (2635)]

758 indefensión [s. f.]

ES *indefensión*

GL Xustamente para afrontar esas cargas sen **indefensión** e coas debidas garantías, impónselles ás partes, agás en casos de singular simplicidade, estaren asistidas de avogado.

ES Justamente para afrontar esas cargas sin **indefensión** y con las debidas garantías, se impone a las partes, excepto en casos de singular simplicidad, estar asistidas de abogado.

[Fonte: CIV (73)]

759 indemnización [s. f.]

ES *indemnización*

GL Nos xuízos en que se pida **indemnización** dos danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor será competente o tribunal do lugar en que se causaron os danos.

ES En los juicios en que se pida **indemnización** de los daños y perjuicios derivados de la circulación de vehículos de motor será competente el tribunal del lugar en que se causaron los daños.

[Fonte: CIV (920)]

760 indemnización compensatoria [s. f.]

ES *indemnización compensatoria*

GL Orde do 30 de decembro de 1999 pola que se regulan na Comunidade Autónoma de Galicia as **indemnizacións compensatorias** en zonas desfavorecidas.

ES Orden de 30 de diciembre de 1999 por la que se regulan en la Comunidad Autónoma de Galicia las **indemnizaciones compensatorias** en zonas desfavorecidas.

[Fonte: D02 (15)]

761 indemnización por cesamento [s. f.]

ES *indemnización por cese*

GL No importe total da liquidación final incluírase calquera outro tipo de **indemnización por cesamento** que puidese existir.

ES En el importe total de la liquidación final se incluirá cualquier otro tipo de **indemnización por cese** que pudiera existir.

[Fonte: D07 (667)]

762 **indemnizar** [v. t.]

ES *indemnizar*

GL Se a parte ou partes que teñan que **indemnizar** non o fan no prazo de dez días desde a firmeza da resolución mencionada no parágrafo anterior, a testemuña poderá acudir directamente ó procedemento executivo de constrinximento.

ES Si la parte o partes que hayan de **indemnizar** no lo hiciesen en el plazo de diez días desde la firmeza de la resolución mencionada en el párrafo anterior, el testigo podrá acudir directamente al procedimiento de apremio.

[Fonte: CIV (2827)]

763 **indicio** [s. m.]

ES *indicio*

GL Se se solicitou a exhibición de títulos e documentos e o tribunal aprecia que existen **indicios** suficientes de que poden acharse nun lugar determinado, ordenará a entrada e rexistro dese lugar, procedéndose, de se encontraren, a ocupa-los documentos e a pólos á disposición do solicitante, na sede do tribunal.

ES Si se hubiese solicitado la exhibición de títulos y documentos y el tribunal apreciare que existen **indicios** suficientes de que pueden hallarse en un lugar determinado, ordenará la entrada y registro de dicho lugar, procediéndose, si se encontraren, a ocupar los documentos y a ponerlos a disposición del solicitante, en la sede del tribunal.

[Fonte: CIV (2192)]

764 **inembargable** [adx.]

ES *inembargable*

GL Os bens expresamente declarados **inembargables** por algunha disposición legal.

ES Los bienes expresamente declarados **inembargables** por alguna disposición legal.

[Fonte: CIV (4253)]

765 **inexacto** [adx.]

ES *inexacto*

GL As que supoñan o exercicio da acción de rectificación de feitos **inexactos** e prexudiciais.

ES Las que supongan el ejercicio de la acción de rectificación de hechos **inexactos** y perjudiciales.

[Fonte: CIV (2085)]

766 **infracción** [s. f.]

ES *infracción*

GL E, ben que se considerou constitucionalmente admisible que esa última determinación non se ten que levar a cabo por inmediata aplicación dunha norma con rango formal de lei, non sería aceptable, en boa lóxica e técnica xurídica, que unha sanción gubernativa fose a única consecuencia da inaplicación ou da **infracción** das normas non legais determinantes de que coñeza un “xuíz ordinario”, na vez doutro.

ES Y si bien se ha considerado constitucionalmente admisible que esa última determinación no haya de llevarse a cabo por inmediata aplicación de una norma con rango formal de ley, no sería aceptable, en buena lógica y técnica jurídica, que una sanción gubernativa fuera la única consecuencia de la inaplicación o de la **infracción** de las normas no legales determinantes de que conozca un “juez ordinario”, en vez de otro.

[Fonte: CIV (113)]

767 **infractor** [s.]

ES *infractor*

GL As infraccións cometidas durante a vixencia da Lei 14/1998, do 1 de xuño, pola que se establece o réxime de control para a protección dos recursos pesqueiros, serán obxecto da sanción que resulte máis favorable para o presunto **infractor**.

ES Las infracciones cometidas durante la vigencia de la Ley 14/1998, de 1 de junio, por la que se establece el régimen de control para la protección de los recursos pesqueros, serán objeto de la sanción que resulte más favorable para el presunto **infractor**.

[Fonte: LPM (935)]

768 **infrinxir** [v. t.]

ES *infringir*

GL Para os fins de aseguramento da proba poderán tamén dirixirse mandatos de facer ou non facer, baixo apercibimento de proceder, en caso de os **infrinxir**, por desobediencia á autoridade.

ES Para los fines de aseguramiento de la prueba podrán también dirigirse mandatos de hacer o no hacer, bajo apercibimiento de proceder, en caso de **infringirlos**, por desobediencia a la autoridad.

[Fonte: CIV (2397)]

769 **inhabilitación** [s. f.]

ES *inhabilitación*

GL **Inhabilitación** para o exercicio ou desenvolvemento de actividades pesqueiras durante un período non superior a cinco anos.

ES **Inhabilitación** para el ejercicio o desarrollo de actividades pesqueras durante un período no superior a cinco años.

[Fonte: LPM (814)]

770 **inhibición** [s. f.]

ES *inhibición*

GL Se a decisión de **inhibición** dun tribunal por falta de competencia territorial se adopta en virtude de declinatoria ou con audiencia de tódalas partes, o tribunal a que se remitisen as actuacións observará o decidido e non poderá declarar de oficio a súa falta de competencia territorial.

ES Si la decisión de **inhibición** de un tribunal por falta de competencia territorial se hubiere adoptado en virtud de declinatoria o con audiencia de todas las partes, el tribunal al que se remitieren las actuaciones estará a lo decidido y no podrá declarar de oficio su falta de competencia territorial.

[Fonte: CIV (957)]

771 **inhibir** [v. p.]

ES *inhibir*

GL O tribunal, ó estima-la declinatoria relativa á competencia territorial, **inhibirse** en favor do órgano ó que corresponda a competencia e acordará remitirlle os autos con emprazamento das partes para que comparezan ante el no prazo de dez días.

ES El tribunal, al estimar la declinatoria relativa a la competencia territorial, se **inhibirá** en favor del órgano al que corresponda la competencia y acordará remitirle los autos con emplazamiento de las partes para que comparezcan ante él en el plazo de diez días.

[Fonte: CIV (989)]

772 **inhibitoria** [s. f.]

ES *inhibitoria*

GL A supresión da **inhibitoria**, instituto procesual mantido en a prol dunha facilidade impugnatoria do demandado, xustifícase, non só para facilitar unha conveniente simplificación do tratamento procesual da competencia territorial, tratamento este que a dualidade declinatoria-inhibitoria complicaba de maneira innecesaria e perturbadora a miúdo, senón en razón da dificultade moi inferior que entraña para o demandado, no abrente do século vinteún, comparecer ante o tribunal que estea a coñecer do asunto.

ES La supresión de la **inhibitoria**, instituto procesal mantenido en obsequio de una facilidad impugnatoria del demandado, se justifica, no sólo en aras de una conveniente simplificación del tratamiento procesal de la competencia territorial, tratamiento éste que la dualidad declinatoria-inhibitoria complicaba innecesaria y perturbadoramente con frecuencia, sino en razón de la muy inferior dificultad que para el demandado entraña, en los albores del siglo veintiuno, comparecer ante el tribunal que esté conociendo del asunto.

[Fonte: CIV (100)]

773 **inmoble** [s. m.]

ES *inmueble*

GL A convocatoria da poxa, especialmente cando se trate de **inmuebles**, regúlase de maneira que resulte máis indicativa do valor do ben.

ES La convocatoria de la subasta, especialmente cuando de **inmuebles** se trate, se regula de manera que resulte más indicativa del valor del bien.

[Fonte: CIV (468)]

774 **inmunidade** [s. f.]

ES *inmunidad*

GL Cando se formulase demanda ou se solicitase execución respecto de suxeitos ou bens que gocen de **inmunidade** de xurisdicción ou de execución conforme as normas do dereito internacional público.

ES Cuando se haya formulado demanda o solicitado ejecución respecto de sujetos o bienes que gocen de **inmunidad** de jurisdicción o de ejecución conforme a las normas del Derecho Internacional Público.

[Fonte: CIV (831)]

775 **inscripción** [s. f.]

ES *inscripción*

GL O demandado inscrito no citado rexistro poderá solicita-la cancelación da **inscripción** comunicando o domicilio ó que se lle poden dirixi-las comunicacións xudiciais.

ES El demandado inscrito en el citado Registro podrá solicitar la cancelación de la **inscripción** comunicando el domicilio al que se le pueden dirigir las comunicaciones judiciales.

[Fonte: CIV (1507)]

776 **inserción laboral** [s. f.]

ES *inserción laboral*

GL Desenvolverase en modalidades diferentes que permitirán ós alumnos unha preparación especializada para a súa incorporación a estudos posteriores e para a **inserción laboral**.

ES Se desarrollará en modalidades diferentes que permitirán a los alumnos una preparación especializada para su incorporación a estudios posteriores y para la **inserción laboral**.

[Fonte: CAL (464)]

777 **insolvencia** [s. f.]

ES *insolvencia*

GL Se a lei expresamente establece o carácter subsidiario da responsabilidade dos membros ou integrantes das unións ou agrupacións a que se refire o punto anterior, para o despacho da execución fronte a aqueles será preciso acredita-la **insolvencia** destas.

ES Si la ley expresamente estableciera el carácter subsidiario de la responsabilidad de los miembros o integrantes de las uniones o agrupaciones a que se refiere el apartado anterior, para el despacho de la ejecución frente a aquéllos será preciso acreditar la **insolvencia** de éstas.

[Fonte: CIV (3879)]

778 insolvente [adx.-s.]

ES *insolvente*

GL Co sistema desta lei existe, desde logo, o perigo de que o executante provisional teña cobrado e despois teña pasado a ser **insolvente**, pero, dun lado, este perigo pode ser mínimo en moitos casos respecto de quen dispoña ó seu favor de sentenza executable provisoriamente.

ES Con el sistema de esta Ley, existe, desde luego, el peligro de que el ejecutante provisional haya cobrado y después haya pasado a ser **insolvente**, pero, de un lado, este peligro puede ser mínimo en muchos casos respecto de quienes dispongan a su favor de sentencia provisionalmente ejecutable.

[Fonte: CIV (405)]

779 inspección [s. f.]

ES *inspección*

GL As persoas responsables dos buques pesqueiros, productos ou instalacións obxecto de **inspección** prestarán a súa colaboración para a realización da función inspectora.

ES Las personas responsables de los buques pesqueros, productos o instalaciones objeto de **inspección** prestarán su colaboración para la realización de la función inspectora.

[Fonte: LPM (361)]

780 inspección educativa [s. f.]

ES *inspección educativa*

GL Sen dúbida, a **inspección educativa** é un instrumento de capital importancia para promover a mellora do ensino.

ES Sin duda, la **inspección educativa** es un instrumento de capital importancia para promover la mejora de la enseñanza.

[Fonte: CAL (122)]

781 inspección sanitaria [s. f.]

ES *inspección sanitaria*

GL As actividades da **inspección sanitaria** de forma global deben considerarse como garantes da eficacia-eficiencia do sistema sanitario do que se trate.

ES Las actividades de la **inspección sanitaria** de forma global deben contemplarse como garantes de la eficacia-eficiencia del sistema sanitario del que se trate.

[Fonte: D01 (171)]

782 **inspector** [s.]

ES *inspector*

GL Os **inspectores** de pesca marítima en augas exteriores terán a condición de axentes da autoridade no desempeño da súa actividade inspectora.

ES Los **inspectores** de pesca marítima en aguas exteriores tendrán la condición de agentes de la autoridad en el desempeño de su actividad inspectora.

[Fonte: LPM (359)]

783 **instar** [v. t.]

ES *instar*

GL As que, **instadas** polos titulares de dereitos reais inscritos no Rexistro da Propiedade, demanden a efectividade deses dereitos fronte ós que se opoñan a eles ou perturben o seu exercicio, sen disporen de título inscrito que lexitime a oposición ou a perturbación.

ES Las que, **instadas** por los titulares de derechos reales inscritos en el Registro de la Propiedad, demanden la efectividad de esos derechos frente a quienes se oponga a ellos o perturben su ejercicio, sin disponer de título inscrito que legitime la oposición o la perturbación.

[Fonte: CIV (2083)]

784 **instrucción** [s. f.]

ES *instrucción*

GL Na resolución non se poderán aceptar feitos distintos dos determinados na fase de **instrucción** do procedemento ou, se é o caso, dos que resulten de actuacións complementarias, con independencia da súa diferente valoración xurídica.

ES En la resolución no se podrán aceptar hechos distintos de los determinados en la fase de **instrucción** del procedimiento o, en su caso, de los que resulten de actuaciones complementarias, con independencia de su diferente valoración jurídica.

[Fonte: D17 (471)]

785 **instruír** [v. t.]

ES *instruir*

- GL** No caso de que o beneficiario da subvención incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo **instruír** expediente sancionador, conforme o previsto na vixente Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, se procede, anulará os beneficios concedidos e solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houber, segundo o procedemento que establece o Regulamento xeral de recadación.
- ES** En caso de que el beneficiario de la ayuda incumpliese alguna de las condiciones u obligaciones estipuladas, la Consellería de Cultura, Comunicación Social y Turismo **instruír** expediente sancionador, de acuerdo con lo establecido en la vigente Ley de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común y, si procede, anulará los beneficios concedidos y solicitará la devolución de las cantidades percibidas, si las hubiere, según el procedimiento que establece el Reglamento general de recaudación.

[Fonte: D06 (2257)]

786 **instrutor** [s.]

ES *instructor*

- GL** Concluída, se é o caso, a proba, o **instrutor** do procedemento formulará proposta de resolución na que se fixarán de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideren probados e a súa cualificación xurídica, determinarase a infracción que, se é o caso, aqueles constitúan e os suxeitos que resulten responsables, así como a sanción que lle corresponda, ou ben proponse a declaración de non existencia de infracción ou responsabilidade.
- ES** Concluida, en su caso, la prueba, el **instrutor** del procedimiento formulará propuesta de resolución en la que se fijarán de forma motivada los hechos, especificándose los que se consideren probados y su calificación jurídica, se determinará la infracción que, en su caso, aquéllos constituyan y los sujetos que resulten responsables, así como la sanción que le corresponda, o bien se propondrá la declaración de no existencia de infracción o responsabilidad.

[Fonte: D17 (461)]

787 **interese casacional** [s. m.]

ES *interés casacional*

GL De aí que o **interese casacional**, é dicir, o interese transcendente ás partes procesuais que pode presenta-la resolución dun recurso de casación, se obxectiva nesta lei, non só mediante un parámetro de contía elevada, senón coa esixencia de os asuntos substanciados en razón da materia apareceren resolto con infracción da lei substantiva, desde logo, pero, ademais, contra doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (ou, cando sexa o caso, dos tribunais superiores de xustiza) ou sobre asuntos ou cuestións en que exista xurisprudencia contradictoria das audiencias provinciais.

ES De ahí que el **interés casacional**, es decir, el interés trascendente a las partes procesales que puede presentar la resolución de un recurso de casación, se objeque en esta Ley, no sólo mediante un parámetro de cuantía elevada, sino con la exigencia de que los asuntos sustanciados en razón de la materia aparezcan resueltos con infracción de la ley sustantiva, desde luego, pero, además, contra doctrina jurisprudencial del Tribunal Supremo (o en su caso, de los Tribunales Superiores de Justicia) o sobre asuntos o cuestiones en los que exista jurisprudencia contradictoria de las Audiencias Provinciales.

[Fonte: CIV (343)]

788 **interese público** [s. m.]

ES *interés público*

GL O Congreso e o Senado, e, se é o caso, ámbalas cámaras asemade, poderán nomear comisións de investigación sobre calquera asunto de **interese público**.

ES El Congreso y el Senado, y, en su caso, ambas Cámaras conjuntamente, podrán nombrar Comisiones de investigación sobre cualquier asunto de **interés público**.

[Fonte: CON (385)]

789 **interino** [adx.]

ES *interino*

GL Transcorrido o prazo de dez días desde o requirimento de pagamento ou, cando este se efectuase extraxudicialmente, desde o despacho da execución, o acreedor poderá pedir que se lle confira a administración ou a posesión **interina** do predio ou ben hipotecado.

ES Transcurrido el término de diez días desde el requerimiento de pago o, cuando éste se hubiera efectuado extrajudicialmente, desde el despacho de la ejecución, el acreedor podrá pedir que se le confiera la administración o posesión **interina** de la finca o bien hipotecado.

[Fonte: CIV (4799)]

790 **interpelación** [s. f.]

ES *interpelación*

GL O Gobierno e cada un dos seus membros están sometidos ás **interpelacións** e preguntas que lles formulen nas cámaras.

ES El Gobierno y cada uno de los miembros están sometidos a las **interpelaciones** y preguntas que se le formulen en las Cámaras.

[Fonte: CON (530)]

791 **interpoñer** [v. t.]

ES *interponer*

GL As certificacións e testemuños que acrediten ter rematado o proceso e terse nel reclamado ou interposto recurso cando se **interpoña** demanda de responsabilidade civil contra xuíces emaxistrados por danos e perdas causados no exercicio das súas funcións, con dolo, culpa ou ignorancia inexcusable.

ES Las certificaciones y testimonios que acrediten haber terminado el proceso y haberse en él reclamado o recurrido cuando se **interponga** demanda de responsabilidad civil contra Jueces y Magistrados por daños y perjuicios causados en el ejercicio de sus funciones, con dolo, culpa o ignorancia inexcusable.

[Fonte: CIV (2227)]

792 **interposición** [s. f.]

ES *interposición*

GL A lei conserva a separación entre unha inmediata preparación do recurso, coa que se manifesta a vontade de impugnación, e a ulterior **interposición** motivada desta.

ES La Ley conserva la separación entre una inmediata preparación del recurso, con la que se manifiesta la voluntad de impugnación, y la ulterior **interposición** motivada de ésta.

[Fonte: CIV (324)]

793 **interrogatorio** [s. m.]

ES *interrogatorio*

GL Esta declaración ha versar sobre as preguntas formuladas nun **interrogatorio** libre, o que garante a espontaneidade das respostas, a flexibilidade na realización de preguntas e, en definitiva, a integridade dunha declaración non preparada.

ES Esta declaración ha de versar sobre las preguntas formuladas en un **interrogatorio** libre, lo que garantiza la espontaneidad de las respuestas, la flexibilidad en la realización de preguntas y, en definitiva, la integridad de una declaración no preparada.

[Fonte: CIV (258)]

794 **interventor** [s.]

ES *interventor*

GL De existiren **interventores** designados polos afectados, para o alleamento ou gravame, o administrador convocaraos a unha comparecencia, do resultado da cal se lle dará seguidamente conta ó tribunal, o cal resolverá mediante providencia.

ES De existir **interventores** designados por los afectados, para la enajenación o gravamen, el administrador los convocará a una comparecencia, de cuyo resultado se dará seguidamente cuenta al tribunal, el cual resolverá mediante providencia.

[Fonte: CIV (4419)]

795 **intestado** [adx.-s.]

ES *intestado*

GL Anuncio do 10 de decembro de 1999, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, polo que se da publicidade á apertura do prazo de información pública do expediente sobre a sucesión **intestada**, a favor da Comunidade Autónoma, de José Dopico Cabarcos, veciño das Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

ES Anuncio de 10 de diciembre de 1999, de la Secretaría General y del Patrimonio de la Consellería de Economía y Hacienda, por el que se da publicidad a la apertura del plazo de información pública del expediente sobre la sucesión **intestada**, a favor de la Comunidad Autónoma, de José Dopico Cabarcos, vecino de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

[Fonte: D05 (42)]

796 **invalidez permanente absoluta** [s. f.]

ES *invalidez permanente absoluta*

- GL** Entenderase por **invalidez permanente absoluta** a incapacidade que inhabilite o traballador de modo permanente para toda profesión ou oficio.
- ES** Se entenderá por **invalidez permanente absoluta** la incapacidad que inhabilite al trabajador de modo permanente para toda profesión u oficio.
[Fonte: D03 (2103)]

797 **invalidez permanente total** [s. f.]

ES *invalidez permanente total*

- GL** Entenderase por **invalidez permanente total** a incapacidade que inhabilite o traballador, de modo permanente, para realizar todas ou as fundamentais tarefas da súa profesión habitual, aínda que se poida dedicar a outra distinta.
[Fonte: D08 (192)]

890 **na súa ausencia** [loc. adv.]

ES *en su ausencia*

- GL** Elixir presidente e acorda-lo xeito de substituílo **na súa ausencia**.
ES Elegir presidente y acordar el modo de sustituirlo **en su ausencia**.
 [Fonte: D09 (372)]

891 **negociación colectiva** [s. f.]

ES *negociación colectiva*

- GL** A lei garantirá o dereito á **negociación colectiva** laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios.
ES La ley garantizará el derecho a la **negociación colectiva** laboral entre los representantes de los trabajadores y empresarios, así como la fuerza vinculante de los convenios.
 [Fonte: CON (184)]

892 **negocio xurídico** [s. m.]

ES *negocio jurídico*

- GL** A realización de actos e **negocios xurídicos** que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, ou que impliquen a transmisión ou cesión, intervivos, total ou parcial, a título oneroso ou gratuíto, da titularidade directa ou indirecta que as persoas físicas ou xurídicas teñan sobre as universidades privadas ou centros universitarios privados adscritos a universidades públicas, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma.
ES La realización de actos y **negocios jurídicos** que modifiquen la personalidad jurídica o la estructura de la Universidad privada, o que impliquen la transmisión o cesión, intervivos, total o parcial, a título oneroso o gratuito, de la titularidad directa o indirecta que las personas físicas o jurídicas ostenten sobre las Universidades privadas o centros universitarios privados adscritos a Universidades públicas, deberá ser previamente comunicada a la Comunidad Autónoma.
 [Fonte: LOU (161)]

893 **no ámbito de** [loc. prep.]

ES *en el ámbito de*

GL Nas medidas de fomento que, se é o caso, se dispoñan, o Goberno, oídas as comunidades autónomas, outorgaralles preferencia a aqueles proxectos que manteñan unha porcentaxe significativa de tripulantes ou traballadores comunitarios, en condicións sociolaborais equiparables ás que se aplican **no ámbito da** Unión Europea.

ES En las medidas de fomento que en su caso se dispongan, el Gobierno, oídas las Comunidades Autónomas, otorgará preferencia a aquellos proyectos que mantengan un porcentaje significativo de tripulantes o trabajadores comunitarios, en condiciones socio-laborales equiparables a las que disfrutan **en el ámbito de** la Unión Europea.

[Fonte: LPM (510)]

894 **no exercicio de** [loc. prep.]

ES *en el ejercicio de*

GL As certificacións e testemuños que acrediten ter rematado o proceso e terse nel reclamado ou interposto recurso cando se interpoña demanda de responsabilidade civil contra xuíces emaxistrados por danos e perdas causados **no exercicio das** súas funcións, con dolo, culpa ou ignorancia inescusable.

ES Las certificaciones y testimonios que acrediten haber terminado el proceso y haberse en él reclamado o recurrido cuando se interponga demanda de responsabilidad civil contra Jueces y Magistrados por daños y perjuicios causados **en el ejercicio** de sus funciones, con dolo, culpa o ignorancia inexcusable.

[Fonte: CIV (2227)]

895 **no intre de** [loc. prep.]

ES *al tiempo de*

GL Os territorios que no pasado plebiscitaron afirmativamente proxectos de estatuto de autonomía e contén, **no intre de** se promulgar esta Constitución, con réximes provisionais de autonomía poderán proceder inmediatamente na forma que se prevé no apartado 2 do artigo 148, cando así o acorden, por maioría absoluta, os seus órganos preautonómicos colexiados superiores, comunicándollo ó Goberno.

ES Los territorios que en el pasado hubiesen plebiscitado afirmativamente proyectos de Estatuto de autonomía y cuenten, **al tiempo de** promulgarse esta Constitución, con regímenes provisionales de autonomía podrán proceder inmediatamente en la forma que se prevé en el apartado 2 del artículo 148, cuando así lo acordaren, por mayoría absoluta, sus órganos preautonómicos colegiados superiores, comunicándolo al Gobierno.

[Fonte: CON (897)]

896 **no momento de** [loc. prep.]

ES al tiempo de

GL Se a causa de abstención existe **no momento de** ser designado, o perito non aceptará o cargo, e será substituído no acto polo perito suplente, cando este foi designado.

ES Si la causa de abstención existe **al tiempo de** ser designado, el perito no aceptará el cargo, y será sustituido en el acto por el perito suplente, cuando éste hubiere sido designado.

[Fonte: CIV (1206)]

ES en el momento de

GL Contra as decisións relativas ó reparto non procederá a declinatoria, pero calquera dos litigantes poderá impugna-la infracción das normas de reparto vixentes **no momento** da presentación do escrito ou da solicitude de incoación das actuacións.

ES Contra las decisiones relativas al reparto no procederá la declinatoria, pero cualquiera de los litigantes podrá impugnar la infracción de las normas de reparto vigentes **en el momento** de la presentación del escrito o de la solicitud de incoación de las actuaciones.

[Fonte: CIV (1009)]

897 **no prazo máis breve posible** [loc. adv.]

ES en el plazo más breve posible

GL Nestes casos, se o tribunal o considera oportuno, uniráselle ós autos, **no prazo máis breve posible**, unha transcripción escrita do que quedase rexistrado nos soportes correspondentes. As partes poderán en todo caso solicitar á súa custa unha copia dos soportes en que quedase gravada a vista.



ES En estos casos, si el tribunal lo considera oportuno, se unirá a los autos, **en el plazo más breve posible**, una transcripción escrita de lo que hubiera quedado registrado en los soportes correspondientes. Las partes podrán en todo caso, solicitar a su costa una copia de los soportes en que hubiera quedado grabada la vista.

[Fonte: CIV (1673)]

898 **no seu defecto** [loc. adv.]

ES *en su defecto*

GL Cando o rei for menor de idade, o pai ou a nai do rei e, **no seu defecto**, o parente máis vello máis próximo a suceder na Coroa segundo a orde establecida na Constitución entrará a exercer inmediatamente a rexencia e exercerá durante o tempo da minoría de idade do rei.

ES Cuando el Rey fuere menor de edad, el padre o la madre del Rey y, **en su defecto**, el pariente mayor de edad más próximo a suceder en la Corona, según el orden establecido en la Constitución, entrará a ejercer inmediatamente la Regencia y la ejercerá durante el tiempo de la minoría de edad del Rey.

[Fonte: CON (277)]

899 **no seu día** [loc. adv.]

ES *en su día*

GL Para este efecto terase en conta a súa experiencia docente e as probas que **no seu día** se superaron, quedando exentos da realización da fase de prácticas.

ES A este efecto se tendrá en cuenta su experiencia docente y las pruebas que **en su día** se superaron, quedando exentos de la realización de la fase de prácticas.

[Fonte: CAL (1218)]

900 **no seu lugar** [loc. adv.]

ES *en su defecto*

GL Para compensa-la perda económica que supón a desaparición deste concepto calcularase o equivalente a 8 anos (isto é, segundo o criterio da antiga ordenanza laboral, 1 quinquenio máis tres quintas partes doutro quinquenio), das bases e porcentaxes de concepto de antigüidade de cada convenio ou **no seu lugar** das porcentaxes da ordenanza laboral.

ES Para compensar la pérdida económica que supone la desaparición de este concepto se calculará el equivalente a 8 años (esto es, según el criterio de la antigua ordenanza laboral). Un quinquenio más tres quintas partes de otro quinquenio, de las bases y porcentajes de concepto de antigüedad de cada convenio de ámbito inferior al presente o **en su defecto** de los porcentajes de la ordenanza laboral.

[Fonte: D01 (344)]

ES *en su lugar*

GL No seo desta execución forzosa cabe a limitada oposición prevista **no seu lugar**, pero coa particularidade de que se couta o paso a un proceso ordinario en que se reclame a mesma débeda ou a devolución do que se puidese obter na execución derivada do monitorio.

ES En el seno de esta ejecución forzosa cabe la limitada oposición prevista **en su lugar**, pero con la particularidad de que se cierra el paso a un proceso ordinario en que se reclame la misma deuda o la devolución de lo que pudiera obtenerse en la ejecución derivada del monitorio.

[Fonte: CIV (532)]

901 **no seu momento** [loc. adv.]

ES *en su momento*

GL A empresa estudiará un plan de pensións para todo o persoal que **no seu momento** terá carácter voluntario para os traballadores.

ES La empresa estudiará un plan de pensiones para todo el personal de la misma que **en su momento** habrá de tener carácter voluntario para los trabajadores.

[Fonte: D03 (2126)]

902 **no sucesivo** [loc. adv.]

ES *en lo sucesivo*

GL Na cédula faranse constar, como mínimo, os datos de identificación do buque, o porto base de establecemento e as baixas dos buques achegadas para a súa construción, os cales non poderán ser despachados **no sucesivo** para o exercicio da pesca.

ES En la Cédula se harán constar, como mínimo, los datos de identificación del buque, el puerto base de establecimiento y las bajas de los buques aportadas para su construcción, los cuales no podrán ser despachados **en lo sucesivo** para el ejercicio de la pesca.

[Fonte: LPM (480)]

903 nomeamento [s. m.]

ES *nombramiento*

GL Entenderase revogado tacitamente o poder polo **nomeamento** posterior doutro procurador que comparecese no asunto.

ES Se entenderá revocado tácitamente el poder por el **nombramiento** posterior de otro procurador que se haya personado en el asunto.

[Fonte: CIV (771)]

904 nomear [v. t.]

ES *nombrar*

GL Os peritos deberán posuí-lo título oficial que corresponda á materia obxecto do dictame e á natureza deste. De tratarse de materias que non estean comprendidas en títulos profesionais oficiais, deberán **ser nomeados** entre persoas entendidas naquelas materias.

ES Los peritos deberán poseer el título oficial que corresponda a la materia objeto del dictamen y a la naturaleza de éste. Si se tratare de materias que no estén comprendidas en títulos profesionales oficiales, habrán de **ser nombrados** entre personas entendidas en aquellas materias.

[Fonte: CIV (2633)]

905 nómina [s. f.]

ES *nómina*

GL Con tal fin, o titular do centro, na súa condición de empregador na relación laboral, facilitará á Administración as **nóminas** correspondentes, así como as súas eventuais modificacións.

ES A tal fin, el titular del centro, en su condición de empleador en la relación laboral, facilitará a la Administración las **nóminas** correspondentes, así como sus eventuales modificaciones.

[Fonte: CAL (843)]

906 nominativo [adx.]

ES *nominativo*

GL Os títulos ó portador ou **nominativos**, lexitimamente emitidos, que representen obrigas vencidas e os cupóns, tamén vencidos, destes títulos, sempre que os cupóns confronten cos títulos e estes, en todo caso, cos libros talonarios.

ES Los títulos al portador o **nominativos**, legítimamente emitidos, que representen obligaciones vencidas y los cupones, también vencidos, de dichos títulos, siempre que los cupones confronten con los títulos y éstos, en todo caso, con los libros talonarios.

[Fonte: CIV (3705)]

907 non obstante [loc. conx.]

ES *no obstante*

GL Contra a resolución que denegue a suspensión do asunto civil poderase interpor recurso de reposición. A solicitude de suspensión poderá, **non obstante**, reproducirse durante a segunda instancia e, se é o caso, durante a tramitación dos recursos extraordinarios por infracción procesal ou de casación.

ES Contra la resolución que deniegue la suspensión del asunto civil se podrá interponer recurso de reposición. La solicitud de suspensión podrá, **no obstante**, reproducirse durante la segunda instancia y, en su caso, durante la tramitación de los recursos extraordinarios por infracción procesal o de casación.

[Fonte: CIV (861)]

908 norma procesal [s. f.]

ES *norma procesal*

GL Salvo que se estableza outra cousa en disposicións legais de dereito transitorio, os asuntos que correspondan ós tribunais civís serán substanciados sempre por estes conforme as **normas procesuais** vixentes, que nunca serán retroactivas.

ES Salvo que otra cosa se establezca en disposiciones legales de Derecho transitorio, los asuntos que correspondan a los tribunales civiles se sustanciarán siempre por éstos con arreglo a las **normas procesales** vigentes, que nunca serán retroactivas

[Fonte: CIV (570)]

909 normativa [s. f.]

ES *normativa*

GL A **normativa** básica de ordenación da flota pesqueira, orientada pola política de estruturas comunitaria, está dirixida a adapta-la capacidade da nosa flota ás nosas posibilidades de pesca, evitando a súa infrautilización ou sobredimensión.



ES La **normativa** básica de ordenación de la flota pesquera, orientada por la política de estructuras comunitaria, está dirigida a adaptar la capacidad de nuestra flota a nuestras posibilidades de pesca, evitando la infrautilización o sobredimensión de la misma.

[Fonte: LPM (74)]

910 **nota marxinal** [s. f.]

ES *nota marginal*

GL O rexistrador fará constar por **nota marxinal** a expedición da certificación a que se refire o número anterior, expresando a data e o procedemento a que se refira.

ES El Registrador hará constar por **nota marginal** la expedición de la certificación a que se refiere el apartado anterior, expresando la fecha y el procedimiento a que se refiera.

[Fonte: CIV (4591)]

911 **notaría** [s. f.]

ES *notaría*

GL Para a provisión de **notarías**, os candidatos serán admitidos en igualdade de dereitos, tanto se exercen no territorio de Galicia coma no resto de España.

ES Para la provisión de **notarías**, los candidatos serán admitidos en igualdad de derechos tanto si ejercen en el territorio de Galicia como en el resto de España.

[Fonte: EST (131)]

912 **notario** [s.]

ES *notario*

GL Mandamentos, para ordena-la expedición de certificacións ou testemuños e a práctica de calquera actuación que lles corresponda executar ós rexistradores da propiedade, mercantís, de buques, de vendas a prazos de bens mobles, **notarios**, corredores colexiados de comercio ou axentes de xulgado ou tribunal.

ES Mandamientos, para ordenar el libramiento de certificaciones o testimonios y la práctica de cualquier actuación cuya ejecución corresponda a los registradores de la propiedad, mercantiles, de buques, de ventas a plazos de bienes muebles, **notarios**, corredores colegiados de comercio o agentes de Juzgado o Tribunal.

[Fonte: CIV (1454)]

913 **novación** [s. f.]

ES *novación*

- GL** O arrendatario poderá adiantar ou consigna-lo pagamento de varios períodos non vencidos, os cales se suxeitarán a liquidación unha vez firme a sentenza. En todo caso, o aboamento destes importes non se considerará **novación** do contrato.
 - ES** El arrendatario podrá adelantar o consignar el pago de varios períodos no vencidos, los cuales se sujetarán a liquidación una vez firme la sentencia. En todo caso, el abono de dichos importes no se considerará **novación** del contrato.
- [Fonte: CIV (3305)]

914 **nulidade de actuacións** [s. f.]

ES *nulidad de actuación*

- GL** Certo é que, mediante o incidente excepcional de **nulidade de actuacións**, se poden ver afectadas sentencias e outras resolucións finais, que deben considerarse firmes.
 - ES** Verdad es que, mediante el incidente excepcional de **nulidad de actuaciones**, pueden verse afectadas sentencias y otras resoluciones finales, que han de considerarse firmes.
- [Fonte: CIV (207)]

915 **nulidade de pleno dereito** [s. f.]

ES *nulidad de pleno derecho*

- GL** A **nulidade de pleno dereito**, en todo caso, e os defectos de forma nos actos procesuais que impliquen ausencia dos requisitos indispensables para alcanza-lo seu fin ou determinen efectiva indefensión, faranse valer por medio dos recursos establecidos na lei contra a resolución de que se trate.
 - ES** La **nulidad de pleno derecho**, en todo caso, y los defectos de forma en los actos procesales que impliquen ausencia de los requisitos indispensables para alcanzar su fin o determinen efectiva indefensión, se harán valer por medio de los recursos establecidos en la ley contra la resolución de que se trate.
- [Fonte: CIV (1916)]

916 nulidade matrimonial [s. f.]

ES *nulidad matrimonial*

GL Nos procesos sobre incapacitación, nos de **nulidade matrimonial** e nos de determinación e impugnación da filiación será sempre parte o Ministerio Fiscal, aínda que non fose promotor deles nin deba, conforme a lei, asumi-la defensa dalgunha das partes.

ES En los procesos sobre incapacitación, en los de **nulidad matrimonial** y en los de determinación e impugnación de la filiación será siempre parte el Ministerio Fiscal, aunque no haya sido promotor de los mismos ni deba, conforme a la Ley, asumir la defensa de alguna de las partes.

[Fonte: CIV (5159)]

nulidade radical [s. f.]

917

ES *nulidad radical*

GL Mantense o sistema ordinario de denuncia dos casos de **nulidade radical** a través dos recursos ou da súa declaración, de oficio, antes de se dictar resolución que poña fin ó proceso.

ES Se mantiene el sistema ordinario de denuncia de los casos de **nulidad radical** a través de los recursos o de su declaración, de oficio, antes de dictarse resolución que ponga fin al proceso.

[Fonte: CIV (203)]

numerario [adx.]

918

ES *numerario*

GL Os funcionarios do corpo de profesores **numerarios** de escolas oficiais de náutica, declarado a extinguir polo apartado 9 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na redacción dada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, non integrados dentro do corpo de profesores titulares de Universidade en virtude do establecido na citada lei, quedan integrados nas súas propias prazas, no mencionado corpo, sempre que estean en posesión do título de doutor, ou cando o obteñan no prazo de cinco anos, contados a partir da publicación desta lei.

ES Los funcionarios del cuerpo de Profesores **Numerarios** de Escuelas Ofi-

ciales de Náutica, declarado a extinguir por el apartado 9 de la disposición adicional decimoquinta de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, en la redacción dada por la Ley 23/1988, de 28 de julio, no integrados dentro del cuerpo de Profesores Titulares de Universidad en virtud de lo establecido en la citada Ley, quedan integrados en sus propias plazas, en el mencionado cuerpo, siempre que estén en posesión del título de Doctor, o cuando lo obtengan en el plazo de cinco años, contados a partir de la publicación de la presente Ley.

[Fonte: LOU (947)]

número de identificación fiscal [s. m.]

919

ES *número de identificación fiscal*

- GL Escritura de constitución da Sociedade Mercantil inscrita no Rexistro Mercantil e **nº de identificación fiscal**, cando concorra unha sociedade desta natureza.
- ES Escritura de constitución de la Sociedad Mercantil inscrita en el Registro Mercantil y **nº de identificación fiscal**, cuando concorra una sociedad de esta naturaleza.

[Fonte: D01 (1386)]

O

920 **o antes posible** [loc. adv.]

ES *a la mayor brevedad posible*

GL Para os efectos previstos no artigo anterior, tanto o tribunal requirente como o requirido remitiranlle **o antes posible** ó tribunal competente testemuño do que, para poder resolve-la discrepancia sobre a acumulación, conste nos seus respectivos tribunais.

ES A los efectos previstos en el artículo anterior, tanto el tribunal requirente como el requerido remitirán **a la mayor brevedad posible** al tribunal competente testimonio de lo que, para poder resolver la discrepancia sobre la acumulación, obre en sus respectivos tribunales.

[Fonte: CIV (1145)]

ES *lo antes posible*

GL Na mesma resolución farase o novo sinalamento para a vista **o antes posible**.

ES En la misma resolución se hará el nuevo señalamiento para la vista **lo antes posible**.

[Fonte: CIV (1698)]

921 **o máis axiña posible** [loc. adv.]

ES *lo más pronto posible*

GL E coa oportuna disposición transitoria, preténdese que este novo réxime de recursos sexa de aplicación **o máis axiña posible**.

ES Y con la oportuna disposición transitoria, se pretende que este nuevo régimen de recursos sea de aplicación **lo más pronto posible**.

[Fonte: CIV (319)]

922 **obriga de pagamento** [s. f.]

ES *pagaré*

GL Só procederá o xuízo cambiario se, ó incoalo, se presenta letra de cambio, cheque ou **obriga de pagamento** que reúnan os requisitos previstos na Lei cambiaria e do cheque.

ES Sólo procederá el juicio cambiario si, al incoarlo, se presenta letra de cambio, cheque o **pagaré** que reúnan los requisitos previstos en la Ley cambiaria y del cheque.

[Fonte: CIV (5630)]

ES *obligación de pago*

GL En moeda estranxeira convertible, sempre que a **obriga de pagamento** nela estea autorizada ou resulte permitida legalmente.

ES En moneda extranjera convertible, siempre que la **obligación de pago** en la misma esté autorizada o resulte permitida legalmente.

[Fonte: CIV (3721)]

ES *justificación de pago*

GL Se o debedor atende o requirimento de pagamento, tan pronto como o acredite, faráselle entrega de **obriga de pagamento** e arquivaranse as actuacións.

ES Si el deudor atendiere el requerimiento de pago, tan pronto como lo acredite, se le hará entrega de **justificante de pago** y se archivarán las actuaciones.

[Fonte: CIV (5617)]

923 **obriga legal** [s. f.]

ES *obligación legal*

GL Se a parte chamada a declarar se nega a facelo, o tribunal apercibiraa no acto de que, agás que conorra unha **obriga legal** de gardar segredo, pode considerar recoñecidos como certos os feitos a que se refiran as preguntas, sempre que o interrogado interviñese neles persoalmente e a súa fixación como certos lle resulte prexudicial en todo ou en parte.

ES Si la parte llamada a declarar se negare a hacerlo, el tribunal la apercibirá en el acto de que, salvo que concurra una **obligación legal** de guardar secreto, puede considerar reconocidos como ciertos los hechos a que se refieran las preguntas, siempre que el interrogado hubiese intervenido en ellos personalmente y su fijación como ciertos le resultare perjudicial en todo o en parte.

[Fonte: CIV (2460)]

924 obriga tributaria [s. f.]

ES *obligación tributaria*

GL A tramitación do pagamento da subvención esixirá do beneficiario a presentación de certificacións acreditativas do cumprimento das **obrigas tributarias** e sociais e de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

ES La tramitación del pago de la subvención exigirá del beneficiario la aportación de las certificaciones acreditativas del cumplimiento de las **obligaciones tributarias** y sociales y de no haber contraído ninguna deuda, por ningún concepto, con la Administración pública de la Comunidad Autónoma, según lo dispuesto en el Decreto legislativo 1/1999, de 7 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de régimen financiero y presupuestario de Galicia.

[Fonte: D06 (2246)]

925 obrigacionista [s. com.]

ES *obligacionista*

GL As demandas sobre impugnación de acordos sociais adoptados por xuntas ou asembleas xerais ou especiais de socios ou de **obligacionistas** ou por órganos colexiados de administración en entidades mercantís.

ES Las demandas sobre impugnación de acuerdos sociales adoptados por Juntas o Asambleas Generales o especiales de socios o de **obligacionistas** o por órganos colegiados de administración en entidades mercantiles.

[Fonte: CIV (2067)]

926 observancia [s. f.]

ES *observancia*

GL Cando non se realice no tempo indicado, para o cal se requirirá o tribunal para a súa **observancia**, expresaranse, se é o caso, as causas da dilación.

ES Cuando no se realice en el tiempo indicado, a cuyo efecto se requerirá al tribunal para su **observancia**, se habrán de expresar, en su caso, las causas de la dilación.

[Fonte: CIV (1549)]

927 **observar** [v. t.]

ES *estar a*

GL Se, dentro do citado prazo, os honorarios se impugnan por indebidos, **ob-servarase** o disposto nos parágrafos segundo e terceiro do número 2 do artigo anterior.

ES Si, dentro del citado plazo, los honorarios se impugnaren por indebidos, se **estará a** lo dispuesto en los párrafos segundo y tercero del apartado 2 del artículo anterior.

[Fonte: CIV (817)]

ES *observar*

GL Que no outorgamento ou confección do documento se **observasen** os requisitos que se esixan no país onde se outorgasen para que o documento faga proba plena en xuízo.

ES Que en el otorgamiento o confección del documento se **hayan observado** los requisitos que se exijan en el país donde se hayan otorgado para que el documento haga prueba plena en juicio.

[Fonte: CIV (2543)]

928 **obstrucción** [s. f.]

ES *obstrucción*

GL Os propietarios de buques ou armadores, no caso de mediar unha denuncia por suposta infracción administrativa de pesca marítima, debidamente requiridos para iso teñen o deber de identificar o patrón responsable da embarcación e se incumpren esta obriga serán sancionados como autores dunha infracción grave de falta de colaboración ou de **obstrucción** aos labores de inspección.

ES Los propietarios de buques o armadores, en caso de mediar una denuncia por supuesta infracción administrativa de pesca marítima, debidamente requeridos para ello tienen el deber de identificar al patrón responsable de la embarcación y si incumplen esta obligación serán sancionados como autores de una infracción grave de falta de colaboración o de **obstrucción** a las labores de inspección.

[Fonte: D17 (73)]

929 **obxecto litixioso** [s. m.]

ES *objeto litigioso*

GL Serán considerados partes lexítimas os que comparezan e actúen en xuízo como titulares da relación xurídica ou **obxecto litixioso**.

ES Serán considerados partes legítimas quienes comparezcan y actúen en juicio como titulares de la relación jurídica u **objeto litigioso**.

[Fonte: CIV (618)]

930 **oficio** [s. m.]

ES *oficio*

GL Non obstante, a declinatoria poderá presentarse tamén ante o tribunal do domicilio do demandado, que a fará chegar polo medio de comunicación máis rápido posible ó tribunal ante o que se presentara a demanda, sen prexuízo de lla remitir por **oficio** ó día seguinte da súa presentación.

ES No obstante, la declinatoria podrá presentarse también ante el tribunal del domicilio del demandado, que la hará llegar por el medio de comunicación más rápido posible al tribunal ante el que se hubiera presentado la demanda, sin perjuicio de remitírsela por **oficio** al día siguiente de su presentación.

[Fonte: CIV (976)]

931 **omisión de pronunciamiento** [s. f.]

ES *omisión de pronunciamiento*

GL Os prazos para estes recursos, de seren procedentes, comezarán a computarse desde o día seguinte ó da notificación do auto que recoñecese ou negase a **omisión de pronunciamiento** e acordase ou denegase remediala.

ES Los plazos para estos recursos, si fueren procedentes, comenzarán a computarse desde el día siguiente a la notificación del auto que reconociera o negara la **omisión de pronunciamiento** y acordara o denegara remediarla.

[Fonte: CIV (1842)]

932 **oneroso** [adx.]

ES *oneroso*

- GL** A realización de actos e negocios xurídicos que modifiquen a personalidade xurídica ou a estrutura da universidade privada, ou que impliquen a transmisión ou cesión, intervivos, total ou parcial, a título **oneroso** ou gratuíto, da titularidade directa ou indirecta que as persoas físicas ou xurídicas teñan sobre as universidades privadas ou centros universitarios privados adscritos a universidades públicas, deberá ser previamente comunicada á comunidade autónoma.
- ES** La realización de actos y negocios jurídicos que modifiquen la personalidad jurídica o la estructura de la Universidad privada, o que impliquen la transmisión o cesión, intervivos, total o parcial, a título **oneroso** o gratuito, de la titularidad directa o indirecta que las personas físicas o jurídicas ostenten sobre las Universidades privadas o centros universitarios privados adscritos a Universidades públicas, deberá ser previamente comunicada a la Comunidad Autónoma.

[Fonte: LOU (161)]

933 **oposición** [s. f.]

ES *oposición*

- GL** No escrito de **oposición** poderanse alegar tamén as causas de inadmisibilidade do recurso que se consideren existentes e que non fosen xa rexeitadas polo tribunal, solicita-las probas que se estimen imprescindibles e pedi-la celebración de vista.
- ES** En el escrito de **oposición** se podrán alegar también las causas de inadmisibilidad del recurso que se consideren existentes y que no hayan sido ya rechazadas por el tribunal, solicitar las pruebas que se estimen imprescindibles y pedir la celebración de vista.

[Fonte: CIV (3453)]

934 **opositor** [s.]

ES *opositor*

- GL** Os **opositores** que non se encontren incluídos nesta relación terán a consideración de non ter aprobadas as probas selectivas.
- ES** Los **opositores** que no se encuentren incluidos en esta relación tendrán la consideración de no haber aprobado las pruebas selectivas.

[Fonte: D03 (2272)]

935 **orde** [s. f.]

ES *orden*

GL O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante **orde**, e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegura-lo mantemento de tales servizos, así como para determina-lo persoal necesario para a súa prestación.

ES El artículo 3 del citado decreto faculta a los conselleiros competentes, por razón de los servizos esenciais afectados, para que, mediante **orden**, y ante cada situación de huelga, decidan el mínimo de actividad necesaria para asegurar el mantemento de tales servizos, así como para determinar el persoal necesario para su prestación.

[Fonte: D01 (284)]

936 **orde de escalafón** [s. f.]

ES *orden de escalafón*

GL A antigüidade rexerese pola **orde de escalafón** na carreira xudicial.

ES La antigüedad se regirá por el **orden de escalafón** en la carrera judicial.

[Fonte: CIV (5879)]

937 **orde do día** [s. f.]

ES *orden do día*

GL As sesións extraordinarias deberanse convocar sobre unha **orde do día** determinada e serán clausuradas unha vez que esta se esgote.

ES Las sesiones extraordinarias deberán convocarse sobre un **orden del día** determinado y serán clausuradas una vez que éste haya sido agotado.

[Fonte: CON (371)]

938 **orde ministerial** [s. f.]

ES *orden ministerial*

GL O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante **orde ministerial**, poderá declarar zonas de protección pesqueira para favorece-la protección e rexeneración dos recursos mariños vivos.

ES El Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, mediante **Orden ministerial**, podrá declarar zonas de protección pesquera para favorecer la protección y regeneración de los recursos marinos vivos.

[Fonte: LPM (208)]

939 **orde pública** [s. f.]

ES *orden público*

GL Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, cá necesaria para a conservación da **orde pública**, protexida pola lei.

ES Se garantiza la libertad ideológica, religiosa y de culto de los individuos y las comunidades sin más limitación, en sus manifestaciones, que la necesaria para el mantenimiento del **orden público** protegido por la ley.

[Fonte: CON (76)]

940 **ordenación** [s. f.]

ES *ordenación*

GL Os estatutos de autonomía atribúenlles ás comunidades autónomas competencias de desenvolvemento lexislativo e execución da normativa básica do Estado en materia de **ordenación** do sector pesqueiro.

ES Los Estatutos de Autonomía atribuyen a las Comunidades Autónomas competencias de desarrollo legislativo y ejecución de la normativa básica del Estado en materia de **ordenación** del sector pesquero.

[Fonte: CIV (184)]

941 **ordenamento xurídico** [s. m.]

ES *ordenamiento jurídico*

GL Con estes criterios, que se deben harmonizar coa plenitude das garantías procesuais, a presente lei, entre outras disposicións, establece unha regra de preclusión de alegacións de feitos e de fundamentos xurídicos, xa coñecida no noso dereito e noutros **ordenamentos xurídicos**.

ES Con estos criterios, que han de armonizarse con la plenitud de las garantías procesales, la presente Ley, entre otras disposiciones, establece una regla de preclusión de alegaciones de hechos y de fundamentos jurídicos, ya conocida en nuestro Derecho y en otros **ordenamientos jurídicos**.

[Fonte: CIV (128)]

942 ordenanza [s. f.]

ES *ordenanza*

GL Certificado do concello correspondente no que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as **ordenanzas** municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta.

ES Certificado del ayuntamiento correspondiente en el que se haga constar que los planes urbanísticos aprobados y las **ordenanzas** municipales en vigor permiten la realización de la obra que se proyecta.

[Fonte: D06 (2322)]

943 organismo público [s. m.]

ES *organismo público*

GL Así mesmo, constituirase no Ministerio de Xustiza un rexistro accesible electronicamente dos medios indicados e os enderezos correspondentes ós **organismos públicos**.

ES Asimismo se constituirá en el Ministerio de Justicia un Registro accesible electrónicamente de los medios indicados y las direcciones correspondientes a los **organismos públicos**.

[Fonte: CIV (1537)]

944 organización territorial [s. f.]

ES *organización territorial*

GL A **organización territorial** terá en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamiento.

ES La **organización territorial** tendrá en cuenta la distribución de la población gallega y sus formas tradicionales de convivencia y asentamiento.

[Fonte: EST (13)]

945 órgano colegiado [s. m.]

ES *órgano colegiado*

GL A Xunta é o **órgano colegiado** de Goberno de Galicia.

ES La Junta es el **órgano colegiado** de Gobierno de Galicia.

[Fonte: EST (91)]

946 **órgano de gobierno** [s. m.]

ES *órgano de gobierno*

- GL** No marco do previsto na normativa aplicable, será o director xeral do Igape, como **órgano de gobierno**, quen autorice o asinamento destes contratos, dando conta ó consello de dirección na súa sesión inmediata posterior no suposto de que supoña unha variación sobre as previsións orzamentarias, e de acordo co seguinte procedemento.
- ES** En el marco de lo previsto en la normativa aplicable, será el director general del Igape, como **órgano de gobierno**, quien autorice la celebración de estos contratos, dando cuenta al consejo de dirección en su sesión inmediata posterior en el supuesto de que suponga una variación sobre las previsiones presupuestarias, y de acuerdo con el siguiente procedimiento
[Fonte: D05 (517)]

947 **órgano xudicial** [s. m.]

ES *órgano judicial*

- GL** Cando un **órgano xudicial** considere, nalgún proceso, que unha norma con categoría de lei, aplicable ó caso, da validez da cal dependa a sentenza, poida ser contraria á Constitución, formulará a cuestión perante o Tribunal Constitucional nos supostos, na forma e cos efectos que estableza a lei, que en ningún caso serán suspensivos.
- ES** Cuando un **órgano judicial** considere, en algún proceso, que una norma con rango de ley, aplicable al caso, de cuya validez dependa el fallo, pueda ser contraria a la Constitución, planteará la cuestión ante el Tribunal Constitucional en los supuestos, en la forma y con los efectos que establezca la ley, que en ningún caso serán suspensivos.
[Fonte: CON (860)]

948 **órgano xurisdiccional** [s. m.]

ES *órgano jurisdiccional*

- GL** Contra a resolución do recurso de alzada, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o **órgano xurisdiccional** competente, no prazo de dous meses (2) contados desde o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co establecido no artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ES Contra la resolución del recurso de alzada, que pone fin a la vía administrativa, los interesados podrán interponer recurso contencioso-administrativo ante el **órgano jurisdiccional** competente, en el plazo de dos meses (2) contados desde el día siguiente al de esta publicación, de conformidad con lo establecido en el artículo 46.1º de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa.
[Fonte: D19 (846)]

949 **orixinal** [s. m.]

ES *original*

GL Os documentos privados que teñan que se achegar presentaranse en **orixinal** ou mediante copia autenticada polo fedatario público competente e uniranse ós autos ou deixaranse testemuño deles, con devolución dos orixinais ou copias, que fagan fe, presentadas, se así o solicitan os interesados.

ES Los documentos privados que hayan de aportarse se presentarán en **original** o mediante copia autenticada por el fedatario público competente y se unirán a los autos o se dejará testimonio de ellos, con devolución de los originales o copias fehacientes presentadas, si así lo solicitan los interesados.

[Fonte: CIV (2237)]

950 **orzamentario** [adx.]

ES *presupuestario*

GL Toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos **orzamentarios** requirirá a conformidade do Goberno para a súa tramitación.

ES Toda proposición o enmienda que suponga aumento de los créditos o diminución de los ingresos **presupuestarios** requirirá la conformidad del Gobierno para su tramitación.

[Fonte: CON (638)]

951 **orçamento** [s. m.]

ES *presupuesto*

GL As Cortes Xerais exercen a potestade lexislativa do Estado, aproban os seus **orçamentos**, controlan a acción do Goberno e teñen as demais competencias que lles atribúa a Constitución.

ES Las Cortes Generales ejercen la potestad legislativa del Estado, aprueban sus **Presupuestos**, controlan la acción del Gobierno y tienen las demás competencias que les atribuya la Constitución.

[Fonte: CON (320)]

952 **outorgamento** [s. m.]

ES *otorgamiento*

GL Que no **outorgamento** ou confección do documento se observasen os requisitos que se esixan no país onde se outorgasen para que o documento faga proba plena en xuízo.

ES Que en el **otorgamiento** o confección del documento se hayan observado los requisitos que se exijan en el país donde se hayan otorgado para que el documento haga prueba plena en juicio.

[Fonte: CIV (2543)]

P

953 **padrón** [s. m.]

ES *padrón*

GL A declaración de superficies para a presente campaña deberá facerse de acordo co catastro vixente na data de publicación do **padrón** do ano 1999, aínda no caso de que o catastro fora renovado con posterioridade.

ES La declaración de superficies para la presente campaña deberá de hacerse de acuerdo con el catastro vigente en la fecha de publicación del **padrón** del año 1999, aún en el caso de que el catastro haya sido renovado con posterioridad.

[Fonte: D02 (1743)]

954 **paga** [s. f.]

ES *paga*

GL O persoal administrativo, por renunciar no seu día a desfrutar da xornada intensiva de verán, percibirá, como compensación a iso, un complemento salarial do 12% sobre o salario inicial, repartido entre as 16 **pagas** do ano.

ES El personal administrativo, por haber renunciado en su día a disfrutar de la jornada intensiva de verano, percibirá, como compensación a ello, un complemento salarial del 12% sobre el salario inicial, repartido entre las 16 **pagas** del año.

[Fonte: D07 (473)]

955 **paga extra** [s. f.]

ES *paga extra*

GL Esta gratificación aboarase nas **pagas extra**.

ES Este plus se abonará en las **pagas extras**.

[Fonte: D03 (2041)]

956 **paga extraordinaria** [s. f.]

ES *paga extraordinaria*

GL O traballador que se incorpore ó servizo militar, con polo menos unha antigüidade na empresa de doce meses, terá dereito a percibir íntegras as catro **pagas extraordinarias** do ano.

ES El trabajador que se incorpore al servicio militar, con al menos una antigüedad en la empresa de doce meses, tendrá derecho a percibir íntegras las cuatro **pagas extraordinarias** del año.

[Fonte: D07 (590)]

957 **pagadoiro** [adx.]

ES *pagadero*

GL Nos xuízos que versen sobre a existencia, validez ou eficacia dun título obrigacional, o seu valor calcularase polo total do debido, aínda que sexa **pagadoiro** a prazos.

ES En los juicios que versen sobre la existencia, validez o eficacia de un título obligacional, su valor se calculará por el total de lo debido, aunque sea **pagadero** a plazos.

[Fonte: CIV (2106)]

958 **pagamento** [s. m.]

ES *pago*

GL Tamén se regula con maior realismo a administración para **pagamento**, que adquire autonomía respecto da realización mediante alleamento forzoso.

ES También se regula con mayor realismo la administración para **pago**, que adquiere autonomía respecto de la realización mediante enajenación forzosa.

[Fonte: CIV (482)]

959 **pagamento compensatorio** [s. m.]

ES *pago compensatorio*

GL Quedarán exentos desta obriga os solicitantes que reciban **pagamentos compensatorios** como superficie de regadío na campaña anterior.

ES Quedarán exentos de esta obligación los solicitantes que hayan recibido **pagos compensatorios** como superficie de regadío en la campaña anterior.

[Fonte: D02 (1759)]

960 **país terceiro** [s. m.]

ES *país tercero*

GL Pola súa parte, os múltiples acordos de pesca entre a Comunidade Europea e **países terceiros** en nome dos estados membros, conteñen a normativa que ten que respecta-la nosa flota en augas dos ditos estados, coa correspondente obriga de velar polo seu cumprimento.

ES Por su parte, los múltiples Acuerdos de pesca entre la Comunidad Europea y **países terceros** en nombre de los Estados miembros, contienen la normativa que ha de respetar nuestra flota en aguas de dichos Estados, con la correspondiente obligación de velar por su cumplimiento.

[Fonte: LPM (22)]

961 **para os efectos de** [loc. prep.]

ES *a efectos de*

GL As universidades, obtido o informe da comunidade autónoma, remitiránlle os plans de estudos ó Consello de Coordinación Universitaria **para os efectos de** verificación do seu axuste ás directrices xerais a que se refire o número 1 e da consecuenta homologación destes polo antedito Consello.

ES Las Universidades, obtenido el informe de la Comunidad Autónoma, remitirán los planes de estudios al Consejo de Coordinación Universitaria **a efectos de** verificación de su ajuste a las directrices generales a que se refiere el apartado 1 y de la consecuenta homologación de los mismos por dicho Consejo.

[Fonte: LOU (398)]

ES *a los efectos de*

GL Deste dictame daráselles traslado ás partes por se consideran necesario que o perito conorra ó xuízo ou á vista **para os efectos de** que achegue as aclaracións ou explicacións que sexan oportunas.

ES De dicho dictamen se dará traslado a las partes por si consideran necesario que el perito concurra al juicio o a la vista **a los efectos de** que aporte las aclaraciones o explicaciones que sean oportunas.

[Fonte: CIV (2676)]

962 **para tal efecto** [loc. adv.]

ES *a tal efecto*

GL **Para tal efecto**, oíranse as partes e, de se-lo caso, practícaranse as probas pertinentes e útiles que se propoñan no acto sobre o concreto extremo da referida ilicitude.

ES **A tal efecto**, se oír a las partes y, en su caso, se practicarán las pruebas pertinentes y útiles que se propongan en el acto sobre el concreto extremo de la referida ilicitud.

[Fonte: CIV (2342)]

963 **paradoiro** [s. m.]

ES *paradero*

GL Pero se o demandado se achar en **paradoiro** descoñecido, a notificación farase por medio de edicto, que se publicará no boletín oficial da comunidade autónoma ou no “Boletín Oficial del Estado”.

ES Pero si el demandado se hallare en **paradero** desconocido, la notificación se hará por medio de edicto, que se publicará en el “Boletín Oficial de la Comunidad Autónoma” o en el “Boletín Oficial del Estado”.

[Fonte: CIV (3597)]

964 **parágrafo** [s. m.]

ES *párrafo*

GL Se o demandado está conforme coa desistencia ou non se opón a ela dentro do prazo expresado no **parágrafo** anterior, o tribunal dictará auto de sobrosemento e o demandante poderá promover un novo xuízo sobre o mesmo obxecto.

ES Si el demandado prestare su conformidad al desistimiento o no se opusiere a él dentro del plazo expresado en el **párrafo** anterior, el tribunal dictará auto de sobreseimiento y el actor podrá promover nuevo juicio sobre el mismo objeto.

[Fonte: CIV (698)]

ES *apartado*

GL Adóptase o criterio de división dos artigos, sempre que sexa necesario, en **parágrafos** numerados e procúrase que estes teñan sentido por si mesmos, a diferenza das simples alíneas, que se deben entender interrelacionadas.



ES Se acoge el criterio de división de los artículos, siempre que sea necesario, en **apartados** numerados y se procura que éstos tengan sentido por sí mismos, a diferencia de los simples párrafos, que han de entenderse interrelacionados.
[Fonte: CIV (52)]

965 **parcería** [s. f.]

ES *aparcería*

GL As que, con fundamento na falta de pagamento da renda ou cantidades debidas polo arrendatario, ou na expiración do prazo fixado contractualmente, pretendan que o dono, usufructuario ou calquera outra persoa con dereito a posuír un predio rústico ou urbano, dado en arrendamento, ordinario ou financeiro, ou en **parcería**, recuperen a posesión deste predio.

ES Las que, con fundamento en el impago de la renta o cantidades debidas por el arrendatario, o en la expiración del plazo fijado contractualmente, pretendan que el dueño, usufructuario o cualquier otra persona con derecho a poseer una finca rústica o urbana, dada en arrendamiento, ordinario o financiero, o en **aparcería**, recuperen la posesión de dicha finca.
[Fonte: CIV (2077)]

966 **paritario** [adx.]

ES *paritario*

GL Se non hai acordo entrabas, intentarase obtelo mediante a creación dunha comisión de composición **paritaria** de deputados e senadores, que presentará un texto que será votado polo Congreso e o Senado.

ES Si no hubiera acuerdo entre ambas, se intentará obtenerlo mediante la creación de una Comisión de composición **paritaria** de Diputados y Senadores, que presentará un texto que será votado por el Congreso y el Senado.
[Fonte: CON (874)]

967 **parte alícuota** [s. f.]

ES *parte alícuota*

GL Calquera coherdeiro ou legatario de **parte alícuota** poderá reclamar xudicialmente a división da herdanza, sempre que esta non deba efectualala un comisario ou contador-partidor designado polo testador, por acordo entre os coherdeiros ou por resolución xudicial.

ES Cualquier coheredero o legatario de **parte alícuota** podrá reclamar judicialmente la división de la herencia, siempre que ésta no deba efectuarla un comisario o contador- partidador designado por el testador, por acuerdo entre los coherederos o por resolución judicial.

[Fonte: CIV (5395)]

968 **parte contraria** [s. f.]

ES *parte contraria*

GL Se unha parte pretende engadir algunha petición accesoria ou complementaria das formuladas nos seus escritos, admitirase tal adición se a **parte contraria** se mostra conforme.

ES Si una parte pretendiere añadir alguna petición accesoria o complementaria de las formuladas en sus escritos, se admitirá tal adición si la **parte contraria** se muestra conforme.

[Fonte: CIV (3128)]

969 **parte demandante** [s. f.]

ES *parte demandante*

GL Se a incomparecencia dos sucesores se debe a non quererem comparecer, entenderase que a **parte demandante** renuncia á acción exercida.

ES Si la no personación de los sucesores se debiese a que no quisieran comparecer, se entenderá que la **parte demandante** renuncia a la acción ejercitada.

[Fonte: CIV (669)]

970 **parte dispositiva** [s. f.]

ES *fallo*

GL A **parte dispositiva**, que se acomodará ó previsto nos artigos 216 e seguintes, conterà, numerados, os pronunciamentos correspondentes ás pretensións das partes, aínda que a estimación ou desestimación de todas ou algunhas destas pretensións puidese deducirse dos fundamentos xurídicos, así como o pronunciamento sobre as custas.



ES El **fallo**, que se acomodará a lo previsto en los artículos 216 y siguientes, contendrá, numerados, los pronunciamientos correspondientes a las pretensiones de las partes, aunque la estimación o desestimación de todas o algunas de dichas pretensiones pudiera deducirse de los fundamentos jurídicos, así como el pronunciamiento sobre las costas.

[Fonte: CIV (1812)]

ES *parte dispositiva*

GL Resolución do 16 de decembro de 1999 pola que se lle dá publicidade á **parte dispositiva** da sentenza 937/1997, do 17 de xullo, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

ES Resolución de 16 de diciembre de 1999 por la que se da publicidad a la **parte dispositiva** de la sentencia 937/1997, de 17 de julio, de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

[Fonte: D10 (13)]

971 **partícipe** [s. com.]

ES *partícipe*

GL Sen prexuízo da responsabilidade que, conforme a lei, lles poida corresponder ós xestores ou ós **partícipes**, poderán ser demandadas, en todo caso, as entidades que, sen teren cumprido os requisitos legalmente establecidos para se constituíren en persoas xurídicas, estean formadas por unha pluralidade de elementos persoais e patrimoniais postos ó servizo dun fin determinado.

ES Sin perjuicio de la responsabilidad que, conforme a la ley, pueda corresponder a los gestores o a los **partícipes**, podrán ser demandadas, en todo caso, las entidades que, no habiendo cumplido los requisitos legalmente establecidos para constituirse en personas jurídicas, estén formadas por una pluralidad de elementos personales y patrimoniales puestos al servicio de un fin determinado.

[Fonte: CIV (598)]

972 **partida** [s. f.]

ES *partida*

GL Unha vez acordado o traslado a que se refire o número anterior non se admitirá a inclusión ou adición de ningunha **partida**, reservándolle ó interesado o seu dereito para reclamala de quen e como corresponda.

ES Una vez acordado el traslado a que se refiere el apartado anterior no se admitirá la inclusión o adición de **partida** alguna, reservando al interesado su derecho para reclamarla de quien y como corresponda.

[Fonte: CIV (2021)]

973 **partido xudicial** [s. m.]

ES *partido judicial*

GL As actuacións que deban realizarse fóra do **partido xudicial** onde radique a sede do tribunal que coñeza do proceso practicaranse, cando proceda, mediante auxilio xudicial.

ES Las actuaciones que deban realizarse fuera del **partido judicial** donde radique la sede del tribunal que conozca del proceso se practicarán, cuando proceda, mediante auxilio judicial.

[Fonte: CIV (1337)]

974 **patria potestade** [s. f.]

ES *patria potestad*

GL Malia o disposto nos números anteriores, a incapacitación de menores de idade, nos casos en que proceda consonte a lei, só poderá ser promovida por quen exerza a **patria potestade** ou a tutela.

ES No obstante lo dispuesto en los apartados anteriores, la incapacitación de menores de edad, en los casos en que proceda conforme a la Ley, sólo podrá ser promovida por quienes ejerzan la **patria potestad** o la tutela.

[Fonte: CIV (5205)]

975 **patrimonio** [s. m.]

ES *caudal*

GL Cando se estea a seguir un proceso sucesorio ó que se encontre suxeito o patrimonio contra o que se formulou ou se formule unha acción relativa ó dito **patrimonio**.

ES Cuando se esté siguiendo un proceso sucesorio al que se halle sujeto el caudal contra el que se haya formulado o se formule una acción relativa a dicho **caudal**.

[Fonte: CIV (1167)]

ES *patrimonio*

GL As masas patrimoniais ou os **patrimonios** separados que carezan transitivamente de titular ou cando este fose privado das súas facultades de disposición e administración.

ES Las masas patrimoniales o los **patrimonios** separados que carezcan transitivamente de titular o cuyo titular haya sido privado de sus facultades de disposición y administración.

[Fonte: CIV (593)]

976 **peche** [s. m.]

ES *cierre*

GL Erro na determinación da cantidade esixible, cando a débeda garantida sexa o saldo que presente o **peche** dunha conta entre executante e executado.

ES Error en la determinación de la cantidad exigible, cuando la deuda garantizada sea el saldo que arroje el **cierre** de una cuenta entre ejecutante y ejecutado.

[Fonte: CIV (4842)]

977 **pecuniario** [adx.]

ES *pecuniario*

GL Se a resolución provisionalmente executada que se revogase condena á entrega dun ben determinado, restituiráselle este ó executado, no concepto en que o tivese, mailas rendas, froitos ou produtos, ou o valor **pecuniario** da utilización do ben.

ES Si la resolución provisionalmente ejecutada que se revocase hubiere condenado a la entrega de un bien determinado, se restituirá éste al ejecutado, en el concepto en que lo hubiere tenido, más las rentas, frutos o productos, o el valor **pecuniario** de la utilización del bien.

[Fonte: CIV (3817)]

978 **pena** [s. f.]

ES *pena*

GL Queda abolida a **pena** de morte, salvo o que se poida dispoñer nas leis penais militares para tempos de guerra.

ES Queda abolida la **pena** de muerte, salvo lo que puedan disponer las leyes penales militares para tiempos de guerra.

[Fonte: CON (74)]

979 **penal** [adx.]

ES *penal*

GL Prevese, ademais, a ocorrencia de cuestións prexudiciais non **penais** con posibles efectos suspensivos e vinculantes, cando as partes do proceso civil se mostren conformes cos ditos efectos.

ES Se prevé, además, el planteamiento de cuestiones prejudiciales no **penales** con posibles efectos suspensivos y vinculantes, cuando las partes del proceso civil se muestren conformes con dichos efectos.

[Fonte: CIV (122)]

980 **penalización** [s. f.]

ES *penalización*

GL Para o cálculo da **penalización**, ós animais presentes no control sumaranse as baixas por causa natural ou por forza maior que foran comunicadas polo gandeiro.

ES Para el cálculo de la **penalización**, a los animales presentes en el control se sumarán las bajas por causa natural o por fuerza mayor que hayan sido comunicadas por el ganadero.

[Fonte: D02 (1976)]

981 **peñor** [s. m.]

ES *prenda*

GL En caso de execución sobre bens hipotecados ou sobre bens en réxime de **peñor** sen desprazamento, se non pode presentarse o título inscrito, deberá xuntarse co que se presente certificación do Rexistro que acredite a inscrición e subsistencia da hipoteca.

ES En caso de ejecución sobre bienes hipotecados o sobre bienes en régimen de **prenda** sin desplazamiento, si no pudiese presentarse el título inscrito, deberá acompañarse con el que se presente certificación del Registro que acredite la inscripción y subsistencia de la hipoteca.

[Fonte: CIV (4771)]



982 **peñorado** [adx.]

ES *pignorado*

GL Así, na oposición á execución, as especialidades razoables en función do carácter xudicial ou non xudicial do título ou as que resultan necesarias cando a execución se dirixe exclusivamente contra bens hipotecados ou **peñorados**.

ES Así, en la oposición a la ejecución, las especialidades razonables en función del carácter judicial o no judicial del título o las que resultan necesarias cuando la ejecución se dirige exclusivamente contra bienes hipotecados o **pignorados**.

[Fonte: CIV (426)]

983 **pequena e mediana empresa** [s. f.]

ES *pequeña y mediana empresa*

GL Mediante Resolución do 27 de maio de 1999 fíxose público o contido do convenio de apoio financeiro ós investimentos das **pequenas e medianas empresas** financiado, mediante contratos de arrendamento financeiro, polo Instituto Galego de Promoción Económica, Igape, e diversas entidades de crédito.

ES Mediante Resolución de 27 de mayo de 1999 se hizo público el contenido del convenio de apoyo financiero a las inversiones de las **pequeñas y medianas empresas** financiado, mediante contratos de arrendamiento financiero, por el Instituto Gallego de Promoción Económica, Igape, y diversas entidades de crédito.

[Fonte: D05 (501)]

984 **perante** [prep.]

ES *ante*

GL Con esta opción, alén de evitar unha reiteración constante en moitos artigos da expresión “xulgados e tribunais”, tense en conta que, segundo a lexislación orgánica, cabe que se siga **perante** tribunais colexiados a primeira instancia de certos procesos civís.

ES Con esta opción, además de evitar una constante reiteración, en no pocos artículos, de la expresión “Juzgados y Tribunales”, se tiene en cuenta que, según la legislación orgánica, cabe que se siga **ante** tribunales colegiados la primera instancia de ciertos procesos civiles.

[Fonte: CIV (54)]

985 **percepción** [s. f.]

ES *percepción*

GL Se a sentenza revogatoria non é firme, a **percepción** das cantidades e incrementos previstos nos puntos anteriores deste artigo poderá pretenderse por vía de constringimento ante o tribunal que substanciase a execución provisional.

ES Si la sentencia revocatoria no fuera firme, la **percepción** de las cantidades e incrementos previstos en los apartados anteriores de este artículo, podrá pretenderse por vía de apremio ante el tribunal que hubiere sustanciado la ejecución provisional.

[Fonte: CIV (3812)]

986 **perceptor** [adx.-s.]

ES *perceptor*

GL Tamén poderá o tribunal acorda-la administración xudicial cando se comprobe que a entidade pagadora ou **perceptora** ou, se é o caso, o mesmo executado, non cumpren a orde de retención ou ingreso dos froitos e rendas a que se refire o punto primeiro deste artigo.

ES También podrá el tribunal acordar la administración judicial cuando se comprobare que la entidad pagadora o **perceptora** o, en su caso, el mismo ejecutado, no cumplen la orden de retención o ingreso de los frutos y rentas a que se refiere el apartado primero de este artículo.

[Fonte: CIV (4358)]

987 **perentorio** [adx.]

ES *perentorio*

GL Os secretarios xudiciais ou os funcionarios designados por eles porán dilixencias para facer consta-lo día e a hora de presentación das demandas, dos escritos de iniciación do procedemento e de calquera outro en que a presentación estea suxeita a prazo **perentorio**.



ES Los Secretarios Judiciales o los funcionarios designados por ellos pondrán diligencias para hacer constar el día y hora de presentación de las demandas, de los escritos de iniciación del procedimiento y de cualesquiera otros cuya presentación esté sujeta a plazo **perentorio**.

[Fonte: CIV (1375)]

988 **pericial** [adx.]

ES *pericial*

GL Agás que se refira a alegacións ou pretensións non contidas na demanda, non se poderá solicitar, con posterioridade á demanda ou á contestación, informe **pericial** elaborado por perito designado xudicialmente.

ES Salvo que se refiera a alegaciones o pretensiones no contenidas en la demanda, no se podrá solicitar, con posterioridad a la demanda o a la contestación, informe **pericial** elaborado por perito designado judicialmente.

[Fonte: CIV (2623)]

989 **periculum in mora** [loc. s. lat.]

ES *periculum in mora*

GL Aínda que necesarias para conxura-lo “**periculum in mora**”, as medias cautelares non deixan de entrañar, como é sabido, outros perigos e riscos.

ES Aunque necesarias para conjurar el “**periculum in mora**”, las medidas cautelares no dejan de entrañar, como es sabido, otros peligros y riesgos.

[Fonte: CIV (503)]

990 **período de proba** [s. m.]

ES *período de prueba*

GL O traballador disfrutará durante o **período de proba** da retribución que corresponda á categoría profesional do traballo no que se tivese clasificado.

ES El trabajador disfrutará, durante el **período de prueba**, de la retribución que corresponda a la categoría profesional del trabajo en el que se haya clasificado.

[Fonte: D03 (1889)]

991 **perito** [s.]

ES *perito*

GL E por iso se introducen os dictames de peritos designados polas partes e se reserva a designación polo tribunal de **perito** para os casos en que así o soliciten as partes ou resulte estrictamente necesario.

ES Y, por ello, se introducen los dictámenes de peritos designados por las partes y se reserva la designación por el tribunal de **perito** para los casos en que así le sea solicitado por las partes o resulte estrictamente necesario.

[Fonte: CIV (278)]

992 **permuta** [s. f.]

ES *permuta*

GL O traballador que se ache en tal situación poderá cambiar de quenda, dentro do horario que ten asignado, se atopa un compañeiro que estea de acordo na **permuta** e, obviamente, mentres persista a causa que motivou o cambio.

ES El trabajador que se halle en tal situación podrá cambiar de turno, dentro del horario que tiene asignado, si encuentra un compañero que esté de acuerdo en la **permuta** y, obviamente, mientras persista la causa que motivó el cambio.

[Fonte: D07 (397)]

993 **persoa física** [s. f.]

ES *persona física*

GL Poderán optar a estas subvencións as **persoas físicas** ou xurídicas que acrediten a súa condición de produtores discográficos segundo a lexislación vixente e que cumpran os requisitos esixidos nesta orde.

ES Podrán optar a estas subvenciones las **personas físicas** o jurídicas que acrediten su condición de productores discográficos según la legislación vigente y cumplan los requisitos exigidos en esta orden.

[Fonte: D06 (2217)]

994 **persoa natural** [s. f.]

ES *persona natural*

GL Para interpoñeren o recurso de amparo, toda **persoa natural** ou xurídica que invoque un interese lexítimo, así como o defensor do pobo e o ministerio fiscal.

ES Para interponer el recurso de amparo, toda **persona natural** o jurídica que invoque un interés legítimo, así como el Defensor del Pueblo y el Ministerio Fiscal.

[Fonte: CON (857)]

995 **persoa xurídica** [s. f.]

ES *persona jurídica*

GL Por un lado, a actuación procesal das **persoas xurídicas** e dos grupos faise posible sen dificultade canto á súa personalidade, capacidade e representación procesuais.

ES Por un lado, la actuación procesal de las **personas jurídicas** y de los grupos se hace posible sin dificultad en cuanto a su personalidad, capacidad y representación procesales.

[Fonte: CIV (85)]

996 **persoal de administración e servicios** [s. m.]

ES *personal de administración y servicios*

GL O **persoal de administración e servicios** das universidades estará formado por persoal funcionario das escalas das propias universidades e persoal laboral contratado pola propia Universidade, así como por persoal funcionario pertencente ós corpos e escalas doutras Administracións públicas.

ES El **personal de administración y servicios** de las Universidades estará formado por personal funcionario de las escalas de las propias Universidades y personal laboral contratado por la propia Universidad, así como por personal funcionario perteneciente a los cuerpos y escalas de otras Administraciones públicas.

[Fonte: LOU (667)]

997 **persoal laboral** [s. m.]

ES *personal laboral*

- GL** Ó abeiro do disposto na base 4.2 e 5 da Resolución do 3 de setembro de 1999, do Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de **persoal laboral** fixo de operadores de ordenador, anúnciase que o director xeral deste centro dictou Resolución do 5 de xaneiro de 2000, pola que declara aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos de operadores de ordenador e se nomea o tribunal cualificador das probas.
- ES** Al amparo de lo dispuesto en la base 4.2 e 5 de la Resolución de 3 de septiembre de 1999, del Centro Informático de Gestión Tributaria, Económico-Financiera y Contable por la que se convocan pruebas selectivas para el ingreso en la plantilla de **personal laboral** fijo de operadores de ordenador, se anuncia que el director general de este centro dictó Resolución de 5 de enero de 2000, por la que declara aprobada la lista definitiva de admitidos y excluidos de operadores de ordenador y se nombra al tribunal calificador de las pruebas.

[Fonte: D09 (946)]

998 **persoalísimo** [adx.]

ES *personalísimo*

- GL** Cando o título executivo se refira a un facer **persoalísimo**, o executado poderalle manifestar ó tribunal, dentro do prazo que se lle concedese para cumpri-lo requirimento a que se refire o artigo 699, os motivos polos que se nega a face-lo que o título dispón e alega-lo que teña por conveniente sobre o carácter persoalísimo ou non persoalísimo da prestación debida.
- ES** Cuando el título ejecutivo se refiera a un hacer **personalísimo**, el ejecutado podrá manifestar al tribunal, dentro del plazo que se le haya concedido para cumplir el requerimiento a que se refiere el artículo 699, los motivos por los que se niega a hacer lo que el título dispone y alegar lo que tenga por conveniente sobre el carácter personalísimo o no personalísimo de la prestación debida.

[Fonte: CIV (4926)]

999 **personalidade xurídica** [s. f.]

ES *personalidad jurídica*

GL As confrarías de pescadores gozan de **personalidade xurídica** plena e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

ES Las Cofradías de Pescadores gozan de **personalidad jurídica** plena y capacidad de obrar para el cumplimiento de sus fines.

[Fonte: LPM (414)]

1000 **pescura** [s. f.]

ES *averiguación*

GL Se estas **pescuras** resultaren infructuosas, a comunicación levarase a cabo mediante edictos.

ES Si estas **averiguaciones** resultaren infructuosas, la comunicación se llevará a cabo mediante edictos.

[Fonte: CIV (1502)]

1001 **petionario** [s.]

ES *petionario*

GL No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o **petionario** presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

ES En el momento de la justificación de la ejecución total del proyecto y, en cualquier caso, antes del último pago, el **petionario** presentará una declaración complementaria de todas las ayudas solicitadas, tanto de las aprobadas o concedidas como las pendientes de resolución, para un mismo proyecto, de las distintas administraciones públicas o cualquiera de sus organismos, entes o sociedades.

[Fonte: D06 (2494)]

1002 **peza** [s. f.]

ES *pieza*

GL A **peza** de recusación será instruída polo propio xuíz ou maxistrado cando o recusado sexa un secretario de xulgado de primeira instancia ou de paz, e polo relator cando o sexa dunha sección da audiencia provincial, da sala do civil e penal do tribunal superior de xustiza ou da Sala do Civil do Tribunal Supremo.

ES La **pieza** de recusación se instruirá por el propio Juez o Magistrado cuando el recusado fuera un Secretario de Juzgado de primera instancia o de paz, y por el Ponente cuando lo fuera de una Sección de la Audiencia Provincial, de la Sala de lo Civil y Penal del Tribunal Superior de Justicia o de la Sala de lo Civil del Tribunal Supremo.

[Fonte: CIV (1273)]

1003 **plenario** [adx.]

ES *plenario*

GL Resolución do 30 de decembro de 1999 pola que se fai público o acordo **plenario** do día 29 de decembro de 1999 polo que se establece o número, distribución de asuntos e composición das seccións do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2000.

ES Resolución de 30 de diciembre de 1999 por la que se hace público el acuerdo **plenario** del día 29 de diciembre de 1999 por el que se establece el número, distribución de asuntos y composición de las secciones del Consejo Consultivo de Galicia para el año 2000.

[Fonte: D10 (3241)]

1004 **pleno** [s. m.]

ES *pleno*

GL O **Pleno** poderá, con todo, avocar en calquera momento o debate e votación de calquera proxecto ou proposición de lei que xa fora obxecto desta delegación.

ES El **Pleno** podrá, no obstante, recabar en cualquier momento el debate y votación de cualquier proyecto o proposición de ley que haya sido objeto de esta delegación.

[Fonte: CON (382)]

1005 plurianual [adx.]

ES *plurianual*

GL En consideración ós programas de orientación **plurianuais** aprobados pola Comisión para España, a política de construción, modernización e reconversión de buques está dirixida a non aumenta-lo esforzo pesqueiro agás en supostos excepcionais.

ES En consideración a los programas de orientación **plurianuales** aprobados por la Comisión para España, la política de construcción, modernización y reconversión de buques está dirigida a no aumentar el esfuerzo pesquero salvo en supuestos excepcionales.

[Fonte: LPM (75)]

1006 plus [s. m.]

ES *plus*

GL O traballador que ingresase na empresa antes do 1 de xaneiro de 1979 e cumpra os requisitos para acceder á prexubilación pola Seguridade Social adquirirá, ó cumpri-los 60 anos, o dereito á xubilación, garantíndolle a empresa o 100%, da súa percepción bruta correspondente ó salario base máis complemento convenio, antigüidade e **plus** de posto ou de responsabilidade no momento de se xubilar, isto é, completándolle en cada momento ata esa porcentaxe a prestación da Seguridade Social ata a idade de 65 anos, momento en que quedará a empresa desvinculada deste compromiso.

ES El trabajador cuya fecha de ingreso en la empresa haya sido anterior al 1 de enero de 1979 y cumpla los requisitos para acceder a prejubilación por la Seguridad Social, adquirirá, al cumplir los 60 años, el derecho a la jubilación, garantizándole la empresa el 100% de su percepción bruta correspondiente a salario base más complemento convenio, antigüedad y **plus** de puesto o de responsabilidad en el momento de jubilarse, esto es, completándole en cada momento, hasta ese porcentaje, la prestación de la Seguridad Social hasta la edad de 65 años, en cuyo momento quedará desligada la empresa de ese compromiso.

[Fonte: D08 (430)]

1007 pluspetición [s. f.]

ES *pluspetición*

GL En caso de que a oposición se fundase en **pluspetición** e esta se desestime parcialmente, a execución declararase procedente só pola cantidade que corresponda.

ES En caso de que la oposición se hubiese fundado en **pluspetición** y ésta se desestimare parcialmente, la ejecución se declarará procedente sólo por la cantidad que corresponda.

[Fonte: CIV (4006)]

1008 plusvalía [s. f.]

ES *plusvalía*

GL A comunidade participará nas **plusvalías** que nazan da acción urbanística dos entes públicos.

ES La comunidad participará en las **plusvalías** que genere la acción urbanística de los entes públicos.

[Fonte: CON (226)]

1009 poder [s. m.]

ES *poder*

GL O **poder** en que a parte lle outorgue a súa representación ó procurador deberá estar autorizado por notario ou ser conferido por comparecencia ante o secretario xudicial do tribunal que teña de coñecer do asunto.

ES El **poder** en que la parte otorgue su representación al procurador habrá de estar autorizado por notario o ser conferido por comparecencia ante el Secretario Judicial del tribunal que haya de conocer del asunto.

[Fonte: CIV (727)]

1010 poder público [s. m.]

ES *poder público*

GL Son centros públicos aqueles en que o titular sexa un **poder público**.

ES Son centros públicos aquellos cuyo titular sea un **poder público**.

[Fonte: CAL (739)]

1011 poderdante [s.]

ES *poderdante*

GL O poder xeral para preitos facultará o procurador para realizar validamente, en nome de seu **poderdante**, tódolos actos procesuais comprendidos, de ordinario, na tramitación daqueles.

ES El poder general para pleitos facultará al procurador para realizar válidamente, en nombre de su **poderdante**, todos los actos procesales comprendidos, de ordinario, en la tramitación de aquéllos.

[Fonte: CIV (731)]

1012 **pola contra** [loc. adv.]

ES *por el contrario*

GL **Pola contra**, a competencia, o esforzo e o interese dos lexitimados garanten que o Tribunal Supremo, constitucionalmente superior en tódalas ordes, pero non chamado pola nosa Constitución a coñecer de todo tipo de asuntos, como é obvio, deberá de seguir ocupándose de cuestións procesuais de importancia.

ES **Por el contrario**, la competencia, el esfuerzo y el interés de los legitimados garantizan que el Tribunal Supremo, constitucionalmente superior en todos los órdenes, pero no llamado por nuestra Constitución a conocer de todo tipo de asuntos, como es obvio, habrá de seguir ocupándose de cuestiones procesales de importancia.

[Fonte: CIV (385)]

1013 **pola súa banda** [loc. adv.]

ES *a su vez*

GL **Pola súa banda**, o ámbito da actividade comercial dos produtos da pesca viuse modificado pola política pesqueira común, os acordos da Organización Mundial do Comercio e o Espacio Económico Europeo, que produciron modificacións substanciais nos intercambios comerciais.

ES **A su vez**, el ámbito de la actividad comercial de los productos de la pesca se ha visto modificado por la política pesquera común, los acuerdos de la Organización Mundial del Comercio y el Espacio Económico Europeo, que han producido modificaciones sustanciales en los intercambios comerciales.

[Fonte: LPM (23)]

ES *por su parte*

GL **Pola súa banda**, o capítulo V do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), e o Regulamento (CE) 1750/1999, da Comisión, do 23 de xullo, que establece as disposicións de aplicación do anterior, introducen algunhas variacións sobre as axudas nas ditas zonas desfavorecidas.

ES **Por su parte**, el capítulo V del Reglamento (CE) 1257/1999, del Consejo, de 17 de mayo, sobre la ayuda al desarrollo rural a cargo del Fondo Europeo de Orientación y Garantía Agrícola (FEOGA), y el Reglamento (CE) 1750/1999, de la Comisión, de 23 de julio, que establece las disposiciones de aplicación del anterior, introducen algunas variaciones sobre las ayudas en dichas zonas desfavorecidas.

[Fonte: D02 (1506)]

1014 **pola súa parte** [loc. adv.]

ES *por su parte*

GL O xuízo cambiario, **pola súa parte**, non é senón a canle procesual que merecen os créditos documentados en letras de cambio, cheques e obrigas de pagamento.

ES El juicio cambiario, **por su parte**, no es sino el cauce procesal que merecen los créditos documentados en letras de cambio, cheques y pagarés.

[Fonte: CIV (536)]

1015 **pola súa vez** [loc. adv.]

ES *a su vez*

GL A lei consta de seis títulos, ordenados en capítulos e estes, **pola súa vez**, en seccións.

ES La Ley consta de seis Títulos, ordenados en capítulos y éstos, **a su vez**, en secciones.

[Fonte: LPM (40)]

1016 **póliza** [s. f.]

ES *póliza*

GL As **pólizas** de contratos mercantís asinadas polas partes e por corredor de comercio colexiado que as interveña, con tal que se xunte certificación na que o devandito corredor acredite a conformidade da póliza cos asentos do seu libro rexistro e a data destes.

ES Las **pólizas** de contratos mercantiles firmadas por las partes y por corredor de comercio colegiado que las intervenga, con tal que se acompañe certificación en la que dicho corredor acredite la conformidad de la póliza con los asientos de su libro registro y la fecha de éstos.

[Fonte: CIV (3704)]

1017 **póliza de seguros** [s. f.]

ES *póliza de seguros*

GL As empresas estarán obrigadas a concertar con primas íntegras ó seu cargo, no prazo de 3 meses a partir da contratación dun traballador, unha **póliza de seguros** para a cobertura de riscos de falecemento ou de incapacidade dos traballadores por accidente de traballo, incluídos os in itinere que garanta o traballador accidentado ou os seus habentes-causa, no caso de falecemento producido por causa fortuíta, espontánea, exterior e independente.

ES Las empresas vendrán obligadas a concertar con primas íntegras a su cargo, en el plazo de tres meses a partir de la contratación de un trabajador, una **póliza de seguros** para la cobertura de riesgos de fallecimiento o incapacidad de los trabajadores por accidente de trabajo, incluidos los in itinere que garanticen al trabajador accidentado o a sus causa-habientes, en caso de fallecimiento producido por causa fortuita, espontánea, exterior e independente.

[Fonte: D01 (439)]

1018 **polo menos** [loc. adv.]

ES *al menos*

GL Agás nos casos en que a lei dispoña outra cousa, entre o sinalamento e a celebración da vista deberán mediar, **polo menos**, dez días hábiles.

ES Salvo en los casos en que la ley disponga otra cosa, entre el señalamiento y la celebración de la vista deberán mediar, **al menos**, diez días hábiles.

[Fonte: CIV (1658)]

ES *por lo menos*

GL O tribunal sinalará con cinco días de antelación, **polo menos**, o día e hora en que teña que practicarse o recoñecemento xudicial.

ES El tribunal señalará con cinco días de antelación, **por lo menos**, el día y hora en que haya de practicarse el reconocimiento judicial.

[Fonte: CIV (2720)]

1019 **polo tanto** [loc. adv.]

ES *por lo tanto*

GL **Polo tanto**, esta poderá adoptar libremente medidas no referente á determinación, clasificación, modificación ou supresión dos servicios e departamentos dela, podendo, igualmente, implantar cantos sistemas crea necesarios para a súa estrutura, racionalización e automatización dos labores.

ES **Por lo tanto**, ésta podrá adoptar libremente medidas en lo referente a la determinación, clasificación, modificación o supresión de los servicios y departamentos de la misma, pudiendo, igualmente, implantar cuantos sistemas crea necesarios en orden a su estructura, racionalización y automatización de labores.

[Fonte: D07 (301)]

ES *por tanto*

GL De seguridade e hixiene no traballo son responsables tanto a empresa como os seus traballadores. Non poderán, **polo tanto**, deixar de colaborar nin un só deles no estudio, vixilancia, control, aplicación e cumprimento das normas establecidas.

ES De seguridad e higiene en el trabajo son responsables tanto la empresa como sus trabajadores, no pudiendo **por tanto** dejar de colaborar ni un sólo de ellos en el estudio, vigilancia, control, aplicación y cumplimiento de las normas establecidas.

[Fonte: D07 (697)]

1020 **por canto que** [loc. conx.]

ES *por cuanto que*

GL En desenvolvemento dos reais decretos 127/1984 e 2708/1982, a Orde do 22 de xuño de 1995 veu detalla-lo sistema de avaliación da formación dos médicos especialistas, a constitución e o funcionamento dos órganos competentes para a súa aplicación e, ó mesmo tempo, tiña en conta determinadas especificidades en canto ó programa formativo en medicina familiar e comunitaria, **por canto que** o seu período de formación se desenvolve tanto no ámbito intrahospitalario como no extrahospitalario.

ES En desarrollo de los reales decretos 127/1984 y 2708/1982, la Orden de 22 de junio de 1995 vino a detallar el sistema de evaluación de la formación de los médicos especialistas, la constitución y funcionamiento de los órganos competentes para su aplicación y, al mismo tiempo, contemplaba determinadas especialidades en cuanto al programa formativo en medicina familiar y comunitaria, **por cuanto que** su período de formación se desarrolla tanto en el ámbito intrahospitalario como en el extrahospitalario.

[Fonte: D07 (75)]

1021 **por causa de** [loc. prep.]

ES *por causa de*

GL Continua-las ditas actividades, alomenos, durante cinco anos, salvo causa de forza maior, expropiación forzosa ou transmisión **por causa de** utilidade pública.

ES Continuar dichas actividades, al menos, durante cinco años, salvo causa de fuerza mayor, expropiación forzosa o transmisión **por causa de** utilidad pública.

[Fonte: D02 (1529)]

1022 **por conseguinte** [loc. adv.]

ES *por consiguiente*

GL Esta nova Lei de axuizamento civil inspírase e diríxese na súa totalidade ó interese de tódolos suxeitos xurídicos e, **por conseguinte**, da sociedade enteira.

ES Esta nueva Ley de Enjuiciamiento Civil se inspira y se dirige en su totalidad al interés de los justiciables, lo que es tanto como decir al interés de todos los sujetos jurídicos y, **por consiguiente**, de la sociedad entera.

[Fonte: CIV (13)]

1023 **por conta de** [loc. prep.]

ES *a cargo de*

GL Reclamada xudicialmente a filiación, o tribunal poderá acordar alimentos provisionais **por conta do** demandado e, se é o caso, adopta-las medidas de protección a que se refire o número anterior.

ES Reclamada judicialmente la filiación, el tribunal podrá acordar alimentos provisionales **a cargo del** demandado y, en su caso, adoptar las medidas de protección a que se refiere el apartado anterior.

[Fonte: CIV (5273)]

ES *por cuenta de*

GL O importe deste anuncio será **por conta do** adxudicatario.

ES El importe de este anuncio será **por cuenta del** adjudicatario.

[Fonte: D07 (1811)]

1024 **por delegación** [loc. adv.]

ES *por delegación*

- GL** A Federación Nacional poderá integrar, se é o caso, as confrarías e actuará como órgano interlocutor entre estas e a Administración xeral do Estado en materia de pesca marítima, realizando aquelas actuacións que **por delegación** lle encomende a Administración xeral do Estado.
- ES** La Federación Nacional podrá integrar, en su caso, a las Cofradías y actuará como órgano interlocutor entre éstas y la Administración General del Estado en materia de pesca marítima, realizando aquellas actuaciones que **por delegación** le encomiende la Administración General del Estado.

[Fonte: LPM (82)]

1025 **por iniciativa de** [loc. prep.]

ES *a iniciativa de*

- GL** As organizacións de produtores son entidades recoñecidas oficialmente, constituídas **por iniciativa dos** produtores co fin de garanti-lo exercicio racional da pesca e a mellora das condicións de venda da súa produción.
- ES** Las organizaciones de productores son entidades reconocidas oficialmente, constituidas **a iniciativa de** los productores con el fin de garantizar el ejercicio racional de la pesca y la mejora de las condiciones de venta de su producción.

[Fonte: LPM (442)]

ES *por iniciativa de*

- GL** Se a acusación fose por traizón ou por calquera delicto contra a seguridade do Estado no exercicio das súas funcións, só poderá ser formulada **por iniciativa da** cuarta parte dos membros do Congreso, e coa aprobación da maioría absoluta deste.
- ES** Si la acusación fuere por traición o por cualquier delito contra la seguridad del Estado en el ejercicio de sus funciones, sólo podrá ser planteada **por iniciativa de** la cuarta parte de los miembros del Congreso, y con aprobación de la mayoría absoluta del mismo.

[Fonte: CON (500)]

por instancia de [loc. prep.]

1026

ES *a instancia de*

GL Incrementátese a seguridade xurídica ó perfilar axeitadamente os casos en que estas dúas últimas proceden e introdúcese un instrumento para corri-xir rapidamente, de oficio ou **por instancia de** parte, as manifestas omisións de pronunciamiento, completando as sentencias en que, por erro, se cometesen tales omisións.

ES Se incrementa la seguridad jurídica al perfilar adecuadamente los casos en que éstas dos últimas proceden y se introduce un instrumento para subsanar rápidamente, de oficio o **a instancia de** parte, las manifiestas omisiones de pronunciamiento, completando las sentencias en que, por error, se hayan cometido tales omisiones.

[Fonte: CIV (179)]

por medio de [loc. prep.]

1027

ES *por medio de*

GL E, en certos casos, son modificados **por medio de** disposicións derradeiras, de diversa índole, ás que se fará referencia de seguida.

ES Y, en ciertos casos, son modificados **por medio de** disposiciones finales, de diversa índole, a las que enseguida se hará referencia.

[Fonte: CIV (549)]

por mor de [loc. prep.]

1028

ES *a causa de*

GL Non se aceptan xa no mundo, **por mor da** febleza das súas bases xurídicas e dos seus fracasos reais, fórmulas simplistas de renovación da Xustiza civil, inspiradas nuns poucos elementos entendidos como panceas.

ES No se aceptan ya en el mundo, **a causa de** la endeblez de sus bases jurídicas y de sus fracasos reales, fórmulas simplistas de renovación de la Justicia civil, inspiradas en unos pocos elementos entendidos como panceas.

[Fonte: CIV (16)]

por pedimento de [loc. prep.]

1029

ES *a instancia de*

- GL** Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización do SU-32, polígono 5 A, **por pedimento de** Manuel Fernández González, en representación de Viñafersa, S.L., logo de constitución de garantía por importe de 25.799.685 pesetas co obxecto de asegurarse a correcta execución das obras e o seu carácter previo ou simultáneo coas de edificación.
- ES** Aprobar inicialmente el proyecto de urbanización del SU-32, polígono 5 A, **a instancia de** Manuel Fernández González, en representación de Viñafersa, S.L., previa constitución de garantía por importe de 25.799.685 pesetas al objeto de asegurar la correcta ejecución de las obras y su carácter previo o simultáneo con las de edificación.

[Fonte: D01 (1320)]

por proposta de [loc. prep.]

1030

ES *a proposta de*

- GL** Os demais membros do Goberno serán nomeados e separados polo rei, **por proposta do** seu presidente.
- ES** Los demás miembros del Gobierno serán nombrados y separados por el Rey, **a propuesta de** su Presidente.

[Fonte: CON (494)]

por razón de [loc. prep.]

1031

ES *por razón de*

- GL** Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha **por razón de** nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- ES** Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna **por razón de** nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social.

[Fonte: CON (69)]

por suposto [loc. adv.]

1032

ES *por supuesto*

GL A execución forzosa provisional non é, **por suposto**, ningunha medida cautelar e supón, de ordinario, efectos de máis forza e intensidade que os propios das medidas cautelares.

ES La ejecución forzosa provisional no es, **por supuesto**, ninguna medida cautelar y supone, de ordinario, efectos de más fuerza e intensidad que los propios de las medidas cautelares.

[Fonte: CIV (415)]

por tanto [loc. adv.]

1033

ES *por tanto*

GL Non se incorre, **por tanto**, nin en duplicidade normativa nin en extralimitación do específico ámbito lexislativo.

ES No se incurre, **por tanto**, ni en duplicidad normativa ni en extralimitación del específico ámbito legislativo.

[Fonte: CIV (108)]

ES *por lo tanto*

GL **Por tanto**, a retribución normal está composta dunha parte fixa e outra variable.

ES **Por lo tanto**, la retribución normal está compuesta de una parte fija y otra variable.

[Fonte: D08 (315)]

por unanimidade [loc. adv.]

1034

ES *por unanimidad*

GL As resolucións ou acordos adoptados **por unanimidade** pola comisión mixta terán carácter vinculante.

ES Las resoluciones o acuerdos adoptados **por unanimidad** por la comisión mixta tendrán carácter vinculante.

[Fonte: D08 (481)]

porcentaxe [s. f.]

1035

ES *porcentaje*

GL En atención ás cargas familiares do executado, o tribunal poderá aplicar unha rebaixa de entre un 10 a un 15 por 100 nas **porcentaxes** establecidas nos puntos 1. o, 2. o, 3. o e 4. o do número 2 deste artigo.

ES En atención a las cargas familiares del ejecutado, el tribunal podrá aplicar una rebaja de entre un 10 a un 15 por 100 en los **porcentajes** establecidos en los números 1. o, 2. o, 3. o y 4. o del apartado 2 del presente artículo.

[Fonte: CIV (4274)]

porcentual [adx.]

1036

ES *porcentual*

GL O incremento **porcentual**, é dicir, o 1,5%, aplicarase a tódolos conceptos salariais, excepto no seguro de accidentes (neste último caso aplicarase o 4%).

ES El incremento **porcentual**, es decir el 1,5%, se aplicará a todos los conceptos salariales, excepto en el seguro de accidentes (en este último se aplicará el 4%).

[Fonte: D03 (2004)]

posesorio [adx.]

1037

ES *posesorio*

GL Ademais, ordénase que no anuncio de poxa se exprese, co posible detalle, a situación **posesoria** do inmovible, para os eventuais licitadores poderen avalia-las dificultades que encontraría un eventual desaloxo.

ES Además, se ordena que en el anuncio de la subasta se exprese, con el posible detalle, la situación **posesoria** del inmueble, para que los eventuales postores puedan evaluar las dificultades que encontraría un eventual desalojo.

[Fonte: CIV (478)]

posto que [loc. conx.]

1038

ES *puesto que*

GL **Posto que** os asuntos civís en materia de dereitos fundamentais poden ser levados en todo caso ó Tribunal Constitucional, cabería entender que está de máis o seu acceso á casación ante o Tribunal Supremo.

ES **Puesto que** los asuntos civiles en materia de derechos fundamentales pue-



den ser llevados en todo caso al Tribunal Constitucional, cabría entender que está de más su acceso a la casación ante el Tribunal Supremo.
[Fonte: CIV (373)]

posuidor [s.]

1039

ES *poseedor*

GL O documento en que conste de maneira que faga fe a sucesión “mortis causa” en favor do demandante, así como a relación das testemuñas que poidan declarar sobre a ausencia de **posuidor** a título de dono ou usufructuario, cando se pretenda que o tribunal poña o demandante en posesión duns bens que se afirme ter adquirido en virtude daquela sucesión.

ES El documento en que conste fehacientemente la sucesión “mortis causa” en favor del demandante, así como la relación de los testigos que puedan declarar sobre la ausencia de **poseedor** a título de dueño o usufructuario, cuando se pretenda que el tribunal ponga al demandante en posesión de unos bienes que se afirme haber adquirido en virtud de aquella sucesión.

[Fonte: CIV (2230)]

potestade [s. f.]

1040

ES *potestad*

GL Mentres dure o procedemento polo que se impugne a filiación, o tribunal adoptará as medidas de protección oportunas sobre a persoa e bens do sometido á **potestade** do que aparece como proxenitor.

ES Mientras dure el procedimiento por el que se impugne la filiación, el tribunal adoptará las medidas de protección oportunas sobre la persona y bienes del sometido a la **potestad** del que aparece como progenitor.

[Fonte: CIV (5272)]

potestade lexislativa [s. f.]

1041

ES *potestad legislativa*

GL As Cortes Xerais exercen a **potestade lexislativa** do Estado, aproban os seus orzamentos, controlan a acción do Goberno e teñen as demais competencias que lles atribúa a Constitución.

ES Las Cortes Generales ejercen la **potestad legislativa** del Estado, aprueban

sus Presupuestos, controlan la acción del Gobierno y tienen las demás competencias que les atribuya la Constitución.

[Fonte: CON (320)]

potestativo [adx.]

1042

ES *potestativo*

GL Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, se é o caso, recurso **potestativo** de reposición no prazo dun mes contados desde o día seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir da citada data.

ES Contra la presente resolución, que es definitiva en vía administrativa, cabe interponer, en su caso, recurso **potestativo** de reposición en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de su notificación o bien directamente recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de A Coruña, en el plazo de dos meses contados a partir de la citada fecha.

[Fonte: D02 (2245)]

poxa [s. f.]

1043

ES *subasta*

GL Con independencia das melloras introducidas na regulación da **poxa**, a lei abre camiño a vías de alleamento forzoso alternativas que, en determinadas circunstancias, permitirán axiliza-la realización emellora-lo seu rendemento.

ES Con independencia de las mejoras introducidas en la regulación de la **subasta**, la Ley abre camino a vías de enajenación forzosa alternativas que, en determinadas circunstancias, permitirán agilizar la realización y mejorar su rendimiento.

[Fonte: CIV (466)]

poxar [v. t.]

1044

ES *subastar*

GL Se, **poxados** os bens hipotecados ou peñorados, o seu produto é insuficiente para cubri-lo crédito, o executante poderá pedi-lo embargo pola cantidade que falte e a execución continuará consonte as normas ordinarias aplicables a toda execución.

ES Si, **subastados** los bienes hipotecados o pignorados, su producto fuera insuficiente para cubrir el crédito, el ejecutante podrá pedir el embargo por la cantidad que falte y la ejecución proseguirá con arreglo a las normas ordinarias aplicables a toda ejecución.

[Fonte: CIV (4114)]

ES *pujar*

GL Destino dos depósitos constituídos para **poxar**.

ES Destino de los depósitos constituídos para **pujar**.

[Fonte: CIV (4565)]

prazo de execución [s. m.]

1045

ES *plazo de ejecución*

GL Esixirase rigorosamente o cumprimento do **prazo de execución** ofertado polo contratista e o seu incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

ES Se exigirá rigurosamente el cumplimiento del **plazo de ejecución** ofertado por el contratista y su incumplimiento dará lugar a la resolución del contrato.

[Fonte: D03 (3786)]

prazo procesual [s. m.]

1046

ES *plazo procesal*

GL Tamén se dará conta, no seguinte día hábil, do transcurso dos **prazos procesuais** e do conseguente estado dos autos, así como das dilixencias de ordenación que se dictasen.

ES También se dará cuenta, en el siguiente día hábil, del transcurso de los **plazos procesales** y del consiguiente estado de los autos, así como de las diligencias de ordenación que se hubieren dictado.

[Fonte: CIV (1618)]

precedente [s. m.]

1047

ES *precedente*

GL Neste punto, e para termina-lo relativo ós recursos extraordinarios, semella oportuno recordar que, precisamente no noso sistema xurídico, a xurisprudencia ou o **precedente** goza de relevancia práctica pola súa autoridade e forza exemplar, pero non pola súa forza vinculante.

ES En este punto, y para terminar lo relativo a los recursos extraordinarios, parece oportuno recordar que, precisamente en nuestro sistema jurídico, la jurisprudencia o el **precedente** goza de relevancia práctica por su autoridad y fuerza ejemplar, pero no por su fuerza vinculante.

[Fonte: CIV (387)]

preceptivo [adx.]

1048

ES *preceptivo*

GL Se no proceso é **preceptiva** a intervención de procurador ou se, non o sendo, as partes comparecen con esa representación, os actos de comunicación, calquera que for o seu obxecto, lévanse a cabo cos procuradores.

ES Si en el proceso es **preceptiva** la intervención de procurador o si, no siéndolo, las partes se personan con esa representación, los actos de comunicación, cualquiera que sea su objeto, se llevan a cabo con los procuradores.

[Fonte: CIV (150)]

precepto [s. m.]

1049

ES *precepto*

GL Verbo das partes, a lei contén novos **preceptos** que regulan esa materia de xeito máis completo e con máis orde e claridade, superando, para efectos procesuais, o dualismo das persoas físicas e xurídicas e con mellora doutros aspectos, relativos á sucesión procesal, á intervención adhesiva litisconsorcial e á intervención provocada.

- [Fonte: CIV (5676)]

1132 **rebaixa** [s. f.]

ES *rebaja*

- GL** En canto ó criterio de adjudicación económico, identificado co número de orde 4º, puntuarase proporcionalmente ás **rebaixas** sobre o orzamento máximo autorizado que presentasen nas súas ofertas os licitadores admitidos.

ES En cuanto al criterio de adjudicación económico, identificado con el número de orden 4º, se puntuará proporcionalmente a las **rebajas** sobre el presupuesto máximo autorizado que hubieran presentado en sus ofertas los licitadores admitidos.

[Fonte: D02 (2465)]

1133 **rebelle** [s. com.]

ES *rebelle*

GL Os tribunais que realizasen infructuosamente as pescudas a que se refire o artigo anterior, comunicaranlle o nome do demandado e os demais datos de identidade que lles consten ó rexistro central de **rebeldes** civís, que existirá con sede no Ministerio de Xustiza.

ES Los tribunales que hayan realizado infructuosamente las averiguaciones a que se refiere el artículo anterior, comunicarán el nombre del demandado y los demás datos de identidad que les consten al Registro central de **rebeldes** civiles, que existirá con sede en el Ministerio de Justicia.

[Fonte: CIV (1505)]

1134 **rebeldía** [s. f.]

ES *rebeldía*

GL A lei opta, pois, por afronta-la nulidade conforme a súa natureza e non segundo a similitude coas realidades que determinan a existencia doutros institutos, como o denominado recurso de revisión ou a audiencia do condenado en **rebeldía**.

ES La Ley opta, pues, por afrontar la nulidad conforme a su naturaleza y no según la similitud con las realidades que determinan la existencia de otros institutos, como el denominado recurso de revisión o la audiencia del condenado en **rebeldía**.

[Fonte: CIV (209)]

1135 **recadación** [s. f.]

ES *recadación*

GL As comunidades autónomas poderán actuar como delegados ou colaboradores do Estado para a **recadación**, a xestión e a liquidación dos recursos tibatarios daquel, de acordo coas leis e os estatutos.

ES Las Comunidades Autónomas podrán actuar como delegados o colaboradores del Estado para la **recaudación**, la gestión y la liquidación de los recursos tributarios de aquél, de acuerdo con las leyes y los Estatutos.

[Fonte: CON (818)]

1136 **recadador** [s.]

ES *recadador*

GL Anuncio do 2 de novembro de 1999, do **recadador** de zona da Coruña, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Allo Castelo, Antonio e trescentos corenta máis).

ES Anuncio de 2 de noviembre de 1999, del **recadador** de zona de A Coruña, por el que se relacionan procedimientos de apremio pendientes de notificar y se emplaza a los interesados que se señalan (Allo Castelo, Antonio y trescientos cuarenta más).

[Fonte: D04 (31)]

1137 **recadar** [v. t.]

ES *recadar*

GL Interposta tercería de mellor dereito, a execución forzosa continuará ata realiza-los bens embargados; o que se **recade** depositarase na conta de depósitos e consignacións para reintegrar ó executante nas custas da execución e para lles pagar ós acredores pola orde de preferencia que se determine ó resolve-la tercería.

ES Interpuesta tercería de mejor derecho, la ejecución forzosa continuará hasta realizar los bienes embargados, depositándose lo que se **recade** en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones para reintegrar al ejecutante en las costas de la ejecución y hacer pago a los acredores por el orden de preferencia que se determine al resolver la tercería.

[Fonte: CIV (4323)]

1138 **recaer** [v. t.]

ES *recaer*

GL O dito auto non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin seque-
ra parcialmente, a sentenza que poida **recaer** en xuízo ordinario ulterior.

ES Dicho auto no será susceptible de recurso, pero no prejuzgará, ni siquiera parcialmente, la sentencia que puidiere **recaer** en juicio ordinario ulterior.

[Fonte: CIV (819)]



1139 **recepción** [s. f.]

ES *recepción*

GL Dará fe, por si ou mediante o rexistro correspondente, do funcionamento do cal será responsable, da **recepción** de escritos cos documentos e recibos que os acompañen.

ES Dará fe, por sí o mediante el registro correspondiente, de cuyo funcionamiento será responsable, de la **recepción** de escritos con los documentos y recibos que les acompañen.

[Fonte: CIV (1430)]

1140 **receptor** [s.]

ES *receptor*

GL Se o domicilio onde se pretende practica-la comunicación é o lugar en que o destinatario teña o seu domicilio segundo o padrón municipal ou para efectos fiscais ou segundo rexistro oficial ou publicacións de Colexios profesionais, e non se encontra alí o dito destinatario, poderá efectuárselle a entrega a calquera empregado ou familiar, maior de catorce anos, que se encuentre nese lugar, ou ó conserxe do predio, se o tiver, advertindo ó **receptor** que está obrigado a lle entrega-la copia da resolución ou a cédula ó destinatario dela, ou a darlle aviso, se sabe o seu paradiro.

ES Si el domicilio donde se pretende practicar la comunicación fuere el lugar en que el destinatario tenga su domicilio según el padrón municipal o a efectos fiscales o según Registro oficial o publicaciones de Colegios profesionales, y no se encontrare allí dicho destinatario, podrá efectuarse la entrega a cualquier empleado o familiar, mayor de catorce años, que se encuentre en ese lugar, o al conserje de la finca, si lo tuviere, advirtiéndole al **receptor** que está obligado a entregar la copia de la resolución o la cédula al destinatario de la misma, o a darle aviso, si sabe su paradero.

[Fonte: CIV (1528)]

1141 **recibo** [s. f.]

ES *recibo*

GL Para os efectos de xustificación, soamente se admitirán os **recibos** ou facturas que se acheguen e que figuren na relación, especificando cada un deles a actividade realizada, a data da súa execución, así como o NIF do que subscribe, que deberá ser persoa allea á entidade receptora.

ES A los efectos de justificación, solamente se admitirán los **recibos** o facturas que se aporten y que figuren en la relación, especificando cada uno de ellos la actividad realizada, fecha de su ejecución, así como el NIF del que suscribe, que deberá ser persona ajena a la entidad receptora.

[Fonte: D09 (658)]

1142 **reclamar** [v. t.]

ES *reclamar*

GL No seo desta execución forzosa cabe a limitada oposición prevista no seu lugar, pero coa particularidade de que se conta o paso a un proceso ordinario en que se **reclame** a mesma débeda ou a devolución do que se puidese obter na execución derivada do monitorio.

ES En el seno de esta ejecución forzosa cabe la limitada oposición prevista en su lugar, pero con la particularidad de que se cierra el paso a un proceso ordinario en que se **reclame** la misma deuda o la devolución de lo que pudiera obtenerse en la ejecución derivada del monitorio.

[Fonte: CIV (532)]

1143 **reconto** [s. m.]

ES *reuento*

GL Así mesmo, se o contido da declaración demostra, nunha data de **reconto**, un censo inferior nun 70% á medida aritmética das cinco datas, o produtor deberá demostrar ante o Ilgga que tal censo obedece a prácticas habituais de xestión da explotación.

ES Asimismo, si el contenido de la declaración demuestra, en una fecha de **reuento**, un censo inferior en un 70% a la media aritmética de las cinco fechas, el productor deberá demostrar ante el Ilgga que tal censo obedece a prácticas habituales de gestión de la explotación.

[Fonte: D02 (1833)]

1144 **reconvención** [s. f.]

ES *reconvención*

GL De aí que se prohiba a **reconvención** que non garde relación coas pretensións do demandante e que, nos xuízos verbais, en xeral, se limite a acumulación de accións.

ES De ahí que se prohíba la **reconvención** que no guarde relación con las pretensiones del actor y que, en los juicios verbales, en general, se limite la acumulación de acciones.

[Fonte: CIV (132)]

1145 reconvir [v. t.]

ES *reconvenir*

GL Non se accederá á pretensión cando a dita parte acredite que lle competen dereitos ou defensas que, en relación co que sexa obxecto do xuízo, soamente pode facer valer contra a parte transmitente, ou un dereito a **reconvir**, ou que pende unha reconvención, ou se o cambio de parte puidese dificultar notoriamente a súa defensa.

ES No se accederá a la pretensión cuando dicha parte acredite que le competen derechos o defensas que, en relación con lo que sea objeto del juicio, solamente puede hacer valer contra la parte transmitente, o un derecho a **reconvenir**, o que pende una reconvención, o si el cambio de parte pudiera dificultar notoriamente su defensa.

[Fonte: CIV (676)]

1146 recoñecemento xudicial [s. m.]

ES *reconocimiento judicial*

GL A lei, que concibe con máis amplitude o **recoñecemento xudicial**, acolle tamén entre os medios de proba, como xa se dixo, os instrumentos que permiten recoller e reproducir, non só palabras, sons e imaxes, senón aqueles outros que serven para o arquivo de datos e cifras e operacións matemáticas.

ES La Ley, que concibe con más amplitud el **reconocimiento judicial**, acoge también entre los medios de prueba, como ya se ha dicho, los instrumentos que permiten recoger y reproducir, no sólo palabras, sonidos e imágenes, sino aquellos otros que sirven para el archivo de datos y cifras y operaciones matemáticas.

[Fonte: CIV (286)]

1147 recorrente [adx.-s. com.]

ES *recurrente*

GL Pero, para unha mellor tramitación, introdúcese a innovación procedemental consistente en dispor que o **recorrente** leve a cabo a preparación e a interposición perante o tribunal que dicte a resolución obxecto de recurso, remitíndose despois os autos ó superior.

ES Pero, para una mejor tramitación, se introduce la innovación procedimental consistente en disponer que el **recurrente** lleve a cabo la preparación y la interposición ante el tribunal que dicte la resolución recurrida, remitiéndose después los autos al superior.

[Fonte: CIV (326)]

1148 **recorrer** [v. i.]

ES *recurrir*

GL En razón da máis pronta tutela xudicial, dentro da seriedade do proceso e da sentenza, dispónse que, resolto o recurso de reposición contra as resolucións que non poñan fin ó proceso, non caiba interpor apelación e só insistir na eventual desconformidade ó **recorrer** contra a sentenza de primeira instancia.

ES En razón de la más pronta tutela judicial, dentro de la seriedad del proceso y de la sentencia, se dispone que, resuelto el recurso de reposición contra las resoluciones que no pongan fin al proceso, no quepa interponer apelación y sólo insistir en la eventual desconformidad al **recurrir** la sentencia de primera instancia.

[Fonte: CIV (317)]

1149 **rectificación** [s. f.]

ES *rectificación*

GL Será inescusable a presenza xudicial no interrogatorio das partes e de testemuñas, no recoñecemento de lugares, obxectos ou persoas, na reprodución de palabras, sons, imaxes e, de se-lo caso, cifras e datos, así como nas explicacións, impugnacións, **rectificacións** ou ampliacións dos dictames periciais.

ES Será inexcusable la presencia judicial en el interrogatorio de las partes y de testigos, en el reconocimiento de lugares, objetos o personas, en la reproducción de palabras, sonidos, imágenes y, en su caso, cifras y datos, así como en las explicaciones impugnaciones, **rectificaciones** o ampliaciones de los dictámenes periciales.

[Fonte: CIV (2353)]

1150 **recurso** [s. m.]

ES *recurso*

GL Mantense o sistema ordinario de denuncia dos casos de nulidade radical a través dos **recursos** ou da súa declaración, de oficio, antes de se dictar resolución que poña fin ó proceso.



ES Se mantiene el sistema ordinario de denuncia de los casos de nulidad radical a través de los **recursos** o de su declaración, de oficio, antes de dictarse resolución que ponga fin al proceso.

[Fonte: CIV (203)]

1151 **recurso contencioso-administrativo** [s. m.]

ES *recurso contencioso-administrativo*

GL En todo caso, non se poderá interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición.

ES En todo caso no se podrá interponer **recurso contencioso-administrativo** hasta que sea resuelto expresamente o se produjese la desestimación presunta del recurso de reposición.

[Fonte: D01 (526)]

1152 **recurso de aclaración** [s. m.]

ES *recurso de aclaración*

GL Deste xeito, non será preciso forza-lo mecanismo do denominado “**recurso de aclaración**” e poderanse evitar recursos ordinarios e extraordinarios fundados en incongruencia por omisión de pronunciamiento.

ES De este modo, no será preciso forzar el mecanismo del denominado “**recurso de aclaración**” y podrán evitarse recursos ordinarios y extraordinarios fundados en incongruencia por omisión de pronunciamiento.

[Fonte: CIV (181)]

1153 **recurso de alzada** [s. m.]

ES *recurso de alzada*

GL A partir do día seguinte ó da publicación deste acordo, conforme o disposto nos artigos 114 e 115 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, dispón do prazo dun mes para presentar **recurso de alzada** perante o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais.

ES A partir del día siguiente a la publicación de este acuerdo, en base a lo dispuesto en los artículos 114 y 115 de la citada Ley 30/1992, modificada por la Ley 4/1999, dispone del plazo de un mes para presentar **recurso de alzada** ante el conselleiro de Sanidad y Servizos Sociales.

[Fonte: D04 (1287)]

1154 recurso de amparo [s. m.]

ES *recurso de amparo*

GL Os **recursos de amparo** por invocación do artigo 24 da Constitución puideron delongar moito, ata agora, o horizonte temporal dunha sentenza irrevogable, xa excesivamente prolongado na xurisdicción ordinaria segundo a Lei de 1881 e as súas reformas posteriores.

ES Los **recursos de amparo** por invocación del artículo 24 de la Constitución han podido alargar mucho, hasta ahora, el horizonte temporal de una sentencia irrevocable, ya excesivamente prolongado en la jurisdicción ordinaria según la Ley de 1881 y sus posteriores reformas.

[Fonte: CIV (365)]

1155 recurso de apelación [s. m.]

ES *recurso de apelación*

GL En cambio, e a título de meros exemplos de regras singulares, pódese sinala-la tramitación preferente de tódolos recursos de queixa e dos **recursos de apelación** contra certos autos que non admitan demandas.

ES En cambio, y a título de meros exemplos de reglas singulares, cabe señalar la tramitación preferente de todos los recursos de queja y de los **recursos de apelación** contra ciertos autos que inadmitan demandas.

[Fonte: CIV (227)]

1156 recurso de casación [s. m.]

ES *recurso de casación*

GL O **recurso de casación** deberá fundarse, como motivo único, na infracción de normas aplicables para resolve-las cuestións obxecto do proceso.

ES El **recurso de casación** habrá de fundarse, como motivo único, en la infracción de normas aplicables para resolver las cuestiones objeto del proceso.

[Fonte: CIV (3474)]

1157 recurso de reposición [s. m.]

ES *recurso de reposición*

GL En razón da máis pronta tutela xudicial, dentro da seriedade do proceso e da sentenza, dispónse que, resolto o **recurso de reposición** contra as resolucións que non poñan fin ó proceso, non caiba interpor apelación e só insistir na eventual desconformidade ó recorrer contra a sentenza de primeira instancia.

ES En razón de la más pronta tutela judicial, dentro de la seriedad del proceso y de la sentencia, se dispone que, resuelto el **recurso de reposición** contra las resoluciones que no pongan fin al proceso, no quepa interponer apelación y sólo insistir en la eventual disconformidad al recurrir la sentencia de primera instancia.

[Fonte: CIV (317)]

1158 **recurso de revisión** [s. m.]

ES *recurso de revisión*

GL A lei opta, pois, por afronta-la nulidade conforme a súa natureza e non segundo a similitude coas realidades que determinan a existencia doutros institutos, como o denominado **recurso de revisión** ou a audiencia do condenado en rebeldía.

ES La Ley opta, pues, por afrontar la nulidad conforme a su naturaleza y no según la similitud con las realidades que determinan la existencia de otros institutos, como el denominado **recurso de revisión** o la audiencia del condenado en rebeldía.

[Fonte: CIV (209)]

1159 **recurso de súplica** [s. m.]

ES *recurso de súplica*

GL Para que poida prepararse o recurso de casación nos casos previstos nos números anteriores, é requisito necesario interpor previamente o **recurso de súplica**.

ES Para que pueda prepararse el recurso de casación en los casos previstos en los apartados anteriores, es requisito necesario interponer previamente el **recurso de súplica**.

[Fonte: CIV (5944)]

1160 **recurso extraordinario** [s. m.]

ES *recurso extraordinario*

GL A separación entre o recurso de casación e o **recurso extraordinario** dedicado ás infraccións procesuais ha contribuír, sen dúbida, á seriedade con que estas se aleguen.

ES La separación entre el recurso de casación y el **recurso extraordinario** dedicado a las infracciones procesales ha de contribuir, sin duda, a la seriedad con que éstas se aleguen.

[Fonte: CIV (351)]

1161 **recurso ordinario** [s. m.]

ES *recurso ordinario*

GL Fáiselles sabe-lo dereito que os asiste para interpoñeren **recurso ordinario** perante o director xeral de Transportes, dentro do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación desta cédula.

ES Se les hace saber el derecho que les asiste de interponer **recurso ordinario** ante el director general de Transportes, dentro del plazo de un mes, contado desde el día siguiente al de la publicación de esta cédula.

[Fonte: D01 (618)]

1162 **recurso potestativo de reposición** [s. m.]

ES *recurso potestativo de reposición*

GL Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, se é o caso, **recurso potestativo de reposición** no prazo dun mes contados desde o día seguinte ó da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir da citada data.

ES Contra la presente resolución, que es definitiva en vía administrativa, cabe interponer, en su caso, **recurso potestativo de reposición** en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de su notificación o bien directamente recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de A Coruña, en el plazo de dos meses contados a partir de la citada fecha.

[Fonte: D02 (2245)]

1163 **recusable** [adx.]

ES *recusable*

GL Só poderán ser obxecto de recusación os peritos designados xudicialmente. En cambio, os peritos non **recusables** poderán ser obxecto de tacha cando conorra neles algunha das seguintes circunstancias.

ES Sólo podrán ser objeto de recusación los peritos designados judicialmente. En cambio, los peritos no **recusables** podrán ser objeto de tacha cuando concurra en ellos alguna de las siguientes circunstancias.

[Fonte: CIV (2654)]

1164 **recusación** [s. f.]

ES *recusación*

GL Mención especial merece a decisión de que nesta lei se regule, na súa vertente estrictamente procedimental, o instituto da abstención e da **recusación**.

ES Mención especial merece la decisión de que en esta Ley se regule, en su vertiente estrictamente procedimental, el instituto de la abstención y de la **recusación**.

[Fonte: CIV (62)]

1165 **recusado** [adx.-s.]

ES *recusado*

GL Cando o recusado sexa o presidente ou un maxistrado do Tribunal Supremo ou dun tribunal superior de xustiza, un maxistrado da sala a que pertenza o **recusado**, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

ES Cuando el recusado sea el Presidente o un Magistrado del Tribunal Supremo o de un Tribunal Superior de Justicia, un Magistrado de la Sala a la que pertenezca el **recusado**, designado en virtud de un turno establecido por orden de antigüedad.

[Fonte: CIV (1227)]

1166 **recusante** [adx.-s. com.]

ES *recusante*

GL A recusación proporase por escrito que deberá expresar concreta e claramente a causa legal e os motivos en que se funde, achegando un principio de proba sobre eles. Este escrito estará asinado polo avogado e por procurador se interveñen no preito, e polo **recusante**, ou por alguén a rogo seu, se non sabe asinar.

ES La recusación se propondrá por escrito que deberá expresar concreta y claramente la causa legal y los motivos en que se funde, acompañando un principio de prueba sobre los mismos. Este escrito estará firmado por el abogado y por procurador si intervinieran en el pleito, y por el **recusante**, o por alguien a su ruego, si no supiera firmar.

[Fonte: CIV (1220)]

1167 **recusar** [v. t.]

ES *recusar*

GL Nos asuntos civís unicamente poderán recusa-las partes. O Ministerio Fiscal tamén poderá **recusar**, sempre que se trate dun proceso no que, pola natureza dos dereitos en conflito, poida ou deba intervir.

ES En los asuntos civiles únicamente podrán recusar las partes. El Ministerio Fiscal también podrá **recusar**, siempre que se trate de un proceso en el que, por la naturaleza de los derechos en conflicto, pueda o deba intervenir.

[Fonte: CIV (1185)]

1168 **reducción** [s. f.]

ES *reducción*

GL Ao amparo do artigo 166.2º da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6º do Estatuto dos traballadores, reconécese aos traballadores e traballadoras o dereito subxectivo de solicitar da empresa a xubilación parcial e a **reducción** da xornada no límite máximo legalmente previsto do 85% cando reúnan os requisitos legalmente establecidos é, en especial, o da idade, que non poderá ser inferior aos sesenta anos.

ES Al amparo del artículo 166.2º de la Ley de la Seguridad Social y del artículo 12.6º del Estatuto de los trabajadores, se le reconoce a los trabajadores y trabajadoras el derecho subjetivo de solicitar de la empresa la jubilación parcial y la **reducción** de jornada en el límite máximo legalmente previsto del 85% cuando reúnan los requisitos legalmente establecidos y, en especial, el de edad, que no podrá ser inferior a los sesenta años.

[Fonte: D16 (474)]

1169 **reembolso** [s. m.]

ES *reembolso*

GL A parte que pida a taxación de custas presentará coa solicitude os xustificantes de ter satisfeito as cantidades das que reclame o **reembolso**.

ES La parte que pida la tasación de costas presentará con la solicitud los justificantes de haber satisfecho las cantidades cuyo **reembolso** reclame.

[Fonte: CIV (2008)]

1170 **referendo** [s. m.]

ES *referéndum*

GL As decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a **referendo** consultivo de tódolos cidadáns.

ES Las decisiones políticas de especial transcendencia podrán ser sometidas a **referéndum** consultivo de todos los ciudadanos.

[Fonte: CON (453)]

ES *refrendo*

GL Os seus actos estarán sempre referendados na forma establecida no artigo 64, carecendo de validez sen ese **referendo**, agás o disposto no artigo 65.2.

ES Sus actos estarán siempre refrendados en la forma establecida en el artículo 64, careciendo de validez sin dicho **referendo**, salvo lo dispuesto en el artículo 65,2.

[Fonte: CON (265)]

1171 **regra** [s. m.]

ES *regla*

GL Ó longo de moitos anos, a protección xurisdiccional de novos ámbitos xurídico-materiais suscitou, non sempre con plena xustificación, **regras** procesuais especiais nas modernas leis substantivas.

ES A lo largo de muchos años, la protección jurisdiccional de nuevos ámbitos jurídico-materiales ha suscitado, no siempre con plena justificación, **reglas** procesales especiales en las modernas leyes sustantivas.

[Fonte: CIV (34)]

1172 **regulación** [s. f.]

ES *regulación*

GL Nesta lei evítase por igual tanto a prolixidade como o esquematismo, propio dalgunhas leis procesuais estranxeiras, pero alleo á nosa tradición e a un elemental pormenor na **regulación** do procedemento, que os destinatarios desta clase de códigos viñeron considerando preferible, como máis acorde coa súa certa e segura aplicación.

ES En esta Ley se rehuyen por igual, tanto la prolijidad como el esquematismo, propio de algunas leyes procesales extranjeras, pero ajeno a nuestra tradición y a un elemental detalle en la **regulación** procedimental, que los destinatarios de esta clase de Códigos han venido considerando preferible, como más acorde con su certera y segura aplicación.

[Fonte: CIV (41)]

1173 **reglamentación** [s. f.]

ES *reglamentación*

GL A **reglamentación** que desenvolva o réxime de concertos terá en conta as características específicas das cooperativas de ensino, co fin de facilitar a xestión dos seus recursos económicos e humanos.

ES La **reglamentación** que desarrolle el régimen de concertos tendrá en cuenta las características específicas de las cooperativas de enseñanza, a fin de facilitar la gestión de sus recursos económicos y humanos.

[Fonte: CAL (845)]

1174 **reglamento** [s. m.]

ES *reglamento*

GL As cámaras establecen os seus propios **reglamentos**, aproban autonomamente os seus orzamentos e, de común acordo, regulan o estatuto do persoal das Cortes Xerais.

ES Las Cámaras establecen sus propios **Reglamentos**, aprueban autónomamente sus presupuestos y, de común acuerdo, regulan el Estatuto del Personal de las Cortes Generales.

[Fonte: CON (363)]

1175 **regular** [v. t.]

ES *regular*

GL Polo que respecta á xurisdicción e á competencia, a lei **regula** a declinatoria como instrumento único para o control, por instancia de parte, deses presupostos procesuais, determinando que o dito instrumento teña de se empregar antes da contestación á demanda.

ES Por lo que respecta a la jurisdicción y a la competencia, la Ley **regula** la declinatoria como instrumento único para el control, a instancia de parte, de esos presupuestos procesales, determinando que dicho instrumento haya de emplearse antes de la contestación a la demanda.

[Fonte: CIV (97)]

1176 **reincidencia** [s. f.]

ES *reincidencia*

GL Comprende toda serie de documentos que son necesarios para reflectir as circunstancias de tempos asignados, investidos, actividades, unidades de traballo efectuado, tempos de espera, paros concedidos, etc. Dada a transcendencia da información que figura nestes documentos para a boa marcha da empresa, a omisión, falseamento ou negligencia na especificación destes datos poderá ser considerada como falta grave e a **reincidencia** dará lugar a aplica-la máxima sanción.

ES Comprende toda serie de documentos que son necesarios para reflejar las circunstancias de tiempos asignados, invertidos, actividades, unidades de trabajo efectuado, tiempos de espera, paros concedidos, etc. Dada la transcendencia de la información que figura en estos documentos para la buena marcha de la empresa, la omisión, falseamiento o negligencia en la especificación de estos datos podrá ser considerada como falta grave la **reincidencia** dará lugar a aplicar la máxima sanción.

[Fonte: D08 (278)]

1177 **reintegro** [s. m.]

ES *reintegro*

GL Estudio e detección dos motivos que xeran as solicitudes de **reintegro** de gastos por utilización da medicina privada por parte dos usuarios do Sergas.

ES Estudio y detección de los motivos que generan las solicitudes de **reintegro** de gastos por utilización de la medicina privada por parte de los usuarios del Sergas.

[Fonte: D01 (230)]

1178 **relación laboral** [s. f.]

ES *relación laboral*

GL O presente convenio colectivo establece as bases para as **relacións laborais** entre a empresa Pescanova Chapela, S.A.e os seus traballadores adscritos ó centro de traballo situado en Chapela-Redondela.

ES El presente convenio colectivo establece las bases para las **relaciones laborales** entre la empresa Pescanova Chapela, S.A.y sus trabajadores adscritos al centro de trabajo, situado en Chapela-Redondela.

[Fonte: D03 (1825)]

1179 **relator** [s.]

ES *ponente*

GL Cabe destacar unha singular énfase nas disposicións sobre a necesaria publicidade e presenza do xuíz ou dos maxistrados -non só o **relator**, se se trata de órgano colexiado- nos actos de proba, comparecencias e vistas.

ES Cabe destacar un singular énfasis en las disposiciones sobre la necesaria publicidad y presencia del Juez o de los Magistrados -no sólo el **Ponente**, si se trata de órgano colegiado- en los actos de prueba, comparecencias y vistas.

[Fonte: CIV (137)]

1180 **relatorio** [s. m.]

ES *ponencia*

GL Cando o relator non se conformase co voto da maioría, declinará a redacción da resolución e deberá formular motivadamente o seu voto particular. Neste caso, o presidente encomendaralle a redacción a outro maxistrado e disporá a rectificación necesaria na quenda de **relatorios** para restablece-la igualdade nela.

ES Cuando el ponente no se conformare con el voto de la mayoría, declinará la redacción de la resolución, debiendo formular motivadamente su voto particular. En este caso, el Presidente encomendará la redacción a otro Magistrado y dispondrá la rectificación necesaria en el turno de **ponencias** para restablecer la igualdad en el mismo.

[Fonte: CIV (1767)]

1181 **remanente** [s. m.]

ES *remanente*

GL Entregaráselle ó executado o **remanente** que poida existir unha vez finalizada a realización forzosa dos bens, satisfeito plenamente o executante e pagadas as custas.

ES Se entregará al ejecutado el **remanente** que puidere existir una vez finalizada la realización forzosa de los bienes, satisfecho plenamente el ejecutante y pagadas las costas.

[Fonte: CIV (4579)]

1182 **rematar** [v. i.]

ES *finalizar*

GL As solicitudes presentadas transcorridos vintecinco días naturais despois de **rematados** os prazos mencionados na alínea 1 e 2 b), consideraranse como non presentadas.

ES Las solicitudes presentadas transcurridos veinticinco días naturales después de **finalizados** los plazos mencionados en el apartado 1 y 2 b), se considerarán como no presentadas.

[Fonte: D02 (1652)]

ES *terminar*

GL Por separarse o poderdante da pretensión ou da oposición que formulase e, en todo caso, por ter **rematado** o asunto ou terse realizado o acto para o que se outorgou o poder.

ES Por separarse el poderdante de la pretensión o de la oposición que hubiere formulado y, en todo caso, por **haber terminado** el asunto o haberse realizado el acto para el que se hubiere otorgado el poder.

[Fonte: CIV (781)]

1183 **remate** [s. m.]

ES *fin*

GL Cuarto.-A Lei 11/1991, do 8 de novembro, da nova redacción ó artigo 21.2º da Lei 7/1983, establecendo a obriga de, por unha banda, formular e presenta-lo orzamento de ingresos e gastos ó protectorado con anterioridade ó inicio do exercicio económico e, por outra banda, a de efectuar

un inventario-balance, pechado na data do **remate** do exercicio, unha memoria das actividades realizadas durante o ano e da xestión económica do patrimonio, así como a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do ano anterior, que deberán presentarse ó protectorado no prazo de seis meses desde a data de peche do exercicio.

- ES** Cuarto.-La Ley 11/1991, de 8 de noviembre, de la nueva redacción al artículo 21.2º de la Ley 7/1983, estableciendo la obligación de, por una parte, formular y presentar el presupuesto de ingresos y gastos al protectorado con anterioridad al inicio del ejercicio económico y, por otra parte, la de efectuar un inventario- balance, cerrado en la fecha de **fin** del ejercicio, una memoria de las actividades realizadas durante el año y de la gestión económica del patrimonio, así como la liquidación del presupuesto de ingresos y gastos del año anterior, que deberán presentarse al protectorado en el plazo de seis meses desde la fecha de cierre del ejercicio.

[Fonte: D01 (513)]

ES *finalización*

- GL** Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, as comisións de acreditación farán pública a relación definitiva dos aspirantes que reúnen o requisito de formación, dentro dos dez días seguintes ó **remate** do prazo de reclamación.
- ES** Una vez resueltas las reclamaciones presentadas, las comisiones de acreditación harán pública la relación definitiva de los aspirantes que reúnen el requisito de formación, dentro de los diez días siguientes a la **finalización** del plazo de reclamación.

[Fonte: D09 (192)]

ES *remate*

- GL** A cesión verificarase mediante comparecencia ante o tribunal, con asistencia do cesionario, quen deberá aceptala, e todo iso previa ou simultaneamente ó pagamento do prezo do **remate**.
- ES** La cesión se verificará mediante comparecencia ante el tribunal, con asistencia del cesionario, quien deberá aceptarla, y todo ello previa o simultáneamente al pago del precio del **remate**.

[Fonte: CIV (4534)]

ES *terminación*

- GL** Se as partes non poñen fin ó litixio mediante acordo, conforme o punto anterior, pero están conformes en tódolos feitos e a discrepancia queda reducida a cuestión ou cuestións xurídicas, o tribunal dictará sentenza dentro de vinte días a partir do seguinte ó do **remate** da audiencia.

ES Si las partes no pusieran fin al litigio mediante acuerdo, conforme al apartado anterior, pero estuvieren conformes en todos los hechos y la discrepancia quedase reducida a cuestión o cuestiones jurídicas, el tribunal dictará sentencia dentro de veinte días a partir del siguiente al de la **terminación** de la audiencia.

[Fonte: CIV (3143)]

1184 **remisión** [s. f.]

ES *remisión*

GL Interpostos os recursos de apelación e presentados, de se-lo caso, os escritos de oposición ou impugnación, o tribunal que dictase a resolución obxecto de apelación ordenará a **remisión** dos autos ó tribunal competente para resolve-la apelación; pero se se solicitou a execución provisional, quedará no de primeira instancia testemuño do necesario para esta execución.

ES Interpuestos los recursos de apelación y presentados, en su caso, los escritos de oposición o impugnación, el tribunal que hubiere dictado la resolución apelada ordenará la **remisión** de los autos al tribunal competente para resolver la apelación; pero si se hubiere solicitado la ejecución provisional, quedará en el de primera instancia testimonio de lo necesario para dicha ejecución.

[Fonte: CIV (3388)]

1185 **remitir** [v. t.]

ES *remitir*

GL Se o recusado nega a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, o secretario xudicial, oído o que o recusado alegue, dentro do quinto día e practicadas as comprobacións que o recusado propoña e sexan pertinentes ou as que el mesmo considere necesarias, **remitiralle** o actuado a quen teña de resolver para que decida o incidente.

ES Si el recusado niega la certeza de la causa alegada como fundamento de la recusación, el Secretario Judicial, oído lo que el recusado alegue, dentro del quinto día y practicadas las comprobaciones que el recusado proponga y sean pertinentes o las que él mismo considere necesarias, **remitirá** lo actuado a quien haya de resolver para que decida el incidente.

[Fonte: CIV (1302)]

1186 **remoción** [s. f.]ES *remoción*

GL O auto que estime a tercería de dominio ordenará o alzamento da traba e a **remoción** do depósito, así como a cancelación da anotación preventiva e de calquera outra medida de garantía do embargo do ben ó que a tercería se referise.

ES El auto que estime la tercería de dominio ordenará el alzamiento de la traba y la **remoción** del depósito, así como la cancelación de la anotación preventiva y de cualquier otra medida de garantía del embargo del bien al que la tercería se refiriera.

[Fonte: CIV (4244)]

1187 **renda** [s. f.]ES *renta*

GL Nos xuízos sobre arrendamentos de bens, agás os que teñen por obxecto a reclamación de **rendas** vencidas, a contía da demanda será o importe dunha anualidade de renda, calquera que sexa a periodicidade con que esta apareza fixada no contrato. Non obstante, cando se reclame a posesión do ben arrendado aplicarase o disposto pola regra terceira deste artigo.

ES En los juicios sobre arrendamientos de bienes, salvo los que tienen por objeto la reclamación de **rentas** vencidas, la cuantía de la demanda será el importe de una anualidad de renta, cualquiera que sea la periodicidad con que ésta aparezca fijada en el contrato. No obstante, cuando se reclame la posesión del bien arrendado se estará a lo dispuesto por la regla tercera de este artículo.

[Fonte: CIV (2108)]

1188 **renda per cápita** [s. f.]ES *renta per cápita*

GL Estas axudas calcularanse en función dos nenos atendidos integrantes dunha unidade familiar cunha **renda per cápita** mensual inferior a 45.000 ptas., fidedignamente acreditada.

ES Estas ayudas se calcularán en función de los niños atendidos integrantes de una unidad familiar con una **renta per cápita** mensual inferior a 45.000 ptas., fehacientemente acreditada.

[Fonte: D07 (1077)]

1189 **rendemento** [s. m.]

ES *rendimiento*

GL A medición do **rendemento** do servizo público da educación superior universitaria e a rendición de contas á sociedade.

ES La medición del **rendimiento** del servicio público de la educación superior universitaria y la rendición de cuentas a la sociedad.

[Fonte: LOU (366)]

1190 **rendición de contas** [s. f.]

ES *rendición de cuentas*

GL Se o executante non logra a satisfacción do seu dereito mediante a administración, poderalle pedir ó tribunal que se poña termo a esta e que, logo de **rendición de contas**, se proceda á realización forzosa por outros medios.

ES Si el ejecutante no lograre la satisfacción de su derecho mediante la administración, podrá pedir al tribunal que se ponga término a ésta y que, previa **rendición de cuentas**, se proceda a la realización forzosa por otros medios.

[Fonte: CIV (4734)]

1191 **renovación** [s. f.]

ES *renovación*

GL Os que no momento de entrada en vigor desta lei estean contratados en universidades públicas como axudantes, poderán permanecer na súa mesma situación ata a extinción do contrato e da súa eventual **renovación**, conforme á lexislación que lles viña sendo aplicable.

ES Quienes a la entrada en vigor de la presente Ley se hallen contratados en Universidades públicas como ayudantes, podrán permanecer en su misma situación hasta la extinción del contrato y de su eventual **renovación**, conforme a la legislación que les venía siendo aplicable.

[Fonte: LOU (932)]

1192 **renunciante** [adx.-s. com.]

ES *renunciante*

GL Mentres non acredite nos autos a renuncia ou o cesamento e sexa tido por **renunciante** ou cesante, o procurador non poderá abandona-la representación do seu poderdante, na que deberá continuar ata que este pro vexa á designación doutro dentro do prazo de dez días.

ES Mientras no acredite en los autos la renuncia o la cesación y se le tenga por **renunciante** o cesante, no podrá el procurador abandonar la representación de su poderdante, en la que habrá de continuar hasta que éste provea a la designación de otro dentro del plazo de diez días.

[Fonte: CIV (776)]

1193 repeler [v. t.]

ES *repeler*

GL O tribunal **repelerá**, mediante auto, a formulación de toda cuestión que non se encuentre en ningún dos casos anteriores.

ES El tribunal **repelerá**, mediante auto, el planteamiento de toda cuestión que no se halle en ninguno de los casos anteriores.

[Fonte: CIV (2921)]

1194 reposición [s. f.]

ES *reposición*

GL Se se está persuadido de que se produciu unha grave infracción procesual, que reclama reposición das actuacións ó estado anterior a esa infracción, non cabe ver imposición irracional na norma que exclúe pretender ó mesmo tempo unha nova sentenza, no canto da tal **reposición** das actuacións.

ES Si se está persuadido de que se ha producido una grave infracción procesal, que reclama reposición de las actuaciones al estado anterior a esa infracción, no cabe ver imposición irracional en la norma que excluye pretender al mismo tiempo una nueva sentencia, en vez de tal **reposición** de las actuaciones.

[Fonte: CIV (354)]

1195 representación [s. f.]

ES *representación*

GL A obrigada **representación** mediante procurador e a imperativa asistencia de avogado configúranse nesta lei sen variación substancial respecto das disposicións anteriores.

ES La obligada **representación** mediante procurador y la imperativa asistencia de abogado se configuran en esta Ley sin variación sustancial respecto de las disposiciones anteriores.

[Fonte: CIV (93)]

1196 representante [s. com.]

ES *representante*

GL O **representante** poderá solicitar que a persoa identificada sexa citada en calidade de testemuña se xa non forma parte da persoa xurídica ou ente sen personalidade.

ES El **representante** podrá solicitar que la persoa identificada sea citada en calidad de testigo si ya no formara parte de la persoa jurídica o ente sin personalidad.

[Fonte: CIV (2469)]

1197 representar [v. t.]

ES *representar*

GL Polas persoas xurídicas comparecerá quen legalmente as **represente**.

ES Por las personas jurídicas comparecerán quienes legalmente las **representen**.

[Fonte: CIV (604)]

1198 requirimento [s. m.]

ES *requerimiento*

GL Para dotar de eficacia práctica esta obriga do executado prevese, á parte do apercibimento ó debedor das responsabilidades en que pode incurrir, a posibilidade de que se lle imponhan multas coercitivas periódicas ata que responda debidamente ó **requirimento**.

ES Para dotar de eficacia práctica a esta obligación del ejecutado se prevé, aparte del apercibimiento al deudor de las responsabilidades en que puede incurrir, la posibilidade de que se le impongan multas coercitivas periódicas hasta que responda debidamente al **requirimento**.

[Fonte: CIV (454)]

1199 requirir [v. t.]

ES *requerir*

GL Se o tribunal non considera atendible ou acreditada a escusa da testemuña ou do perito, manterá o sinalamento da vista e notificarállelo así a aqueles, **requiríndoos** para compareceren, co apercibimento que prevé o número segundo do artigo 292.

ES Si el tribunal no considerase atendible o acreditada la excusa del testigo o del perito, mantendrá el señalamiento de la vista y lo notificará así a aquéllos, **requiriéndoles** a comparecer, con el apercibimiento que prevé el apartado segundo del artículo 292.

[Fonte: CIV (1653)]

1200 **resarcimento** [s. m.]

ES *resarcimiento*

GL O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo das accións de **resarcimento** ou enriquecemento inxusto ou de nulidade do alleamento.

ES Lo dispuesto en el apartado anterior se entenderá sin perjuicio de las acciones de **resarcimiento** o enriquecimiento injusto o de nulidad de la enajenación.

[Fonte: CIV (4202)]

1201 **rescindir** [v. t.]

ES *rescindir*

GL Non se trata, é certo, dun recurso en sentido propio, pois a sentenza que se dicte non revogará outra sentenza non firme (nin **rescindirá** a firme), pero óptase por manter esta denominación, en beneficio do que resulta, polos precedentes, máis expresivo e comunicativo.

ES No se trata, es cierto, de un recurso en sentido propio, pues la sentencia que se dicte no revocará otra sentencia no firme (ni **rescindirá** la firme), pero se opta por mantener esta denominación, en aras de lo que resulta, por los precedentes, más expresivo y comunicativo.

[Fonte: CIV (383)]

1202 **rescisión** [s. f.]

ES *rescisión*

GL Celebrado o xuízo, no que se practicarás a proba pertinente sobre as causas que xustifican a **rescisión**, resolverá sobre ela o tribunal mediante sentenza, que non será susceptible de ningún recurso.

ES Celebrado el juicio, en el que se practicarás la prueba pertinente sobre las causas que justifican la **rescisión**, resolverá sobre ella el tribunal mediante sentencia, que no será susceptible de recurso alguno.

[Fonte: CIV (3632)]



1203 **resgardo** [s. m.]

ES *resguardo*

GL O **resgardo** acreditativo da garantía provisional.

ES El **resguardo** acreditativo de la garantía provisional.

[Fonte: D01 (1388)]

1204 **resolución** [s. f.]

ES *resolución*

GL Non son os prazos moi breves ningunha panacea para lograr que, en definitiva, se dicte, coas debidas garantías, unha **resolución** que provexa sen demora ás pretensións de tutela efectiva.

ES No son los plazos muy breves ninguna panacea para lograr que, en definitiva, se dicte, con las debidas garantías, una **resolución** que provea sin demora a las pretensiones de tutela efectiva.

[Fonte: CIV (157)]

1205 **resolución administrativa** [s. f.]

ES *resolución administrativa*

GL Unha vez cumprido o tempo establecido de suspensión, se o infractor, á vista dos informes que poden ser requiridos para o efecto, cumpriu as condicións establecidas e non foi sancionado por outras infraccións pesqueiras, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación acordará a remisión da sanción imposta sempre que a **resolución administrativa** sancionadora sexa firme e non recaese sentenza xudicial.

ES Una vez cumplido el tiempo establecido de suspensión, si el infractor, a la vista de los informes que pueden ser requeridos al efecto, ha cumplido las condiciones establecidas y no hubiera sido sancionado por otras infracciones pesqueras, el Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación acordará la remisión de la sanción impuesta siempre que la **resolución administrativa** sancionadora sea firme y no haya recaído sentencia judicial.

[Fonte: LPM (871)]

1206 resolución estimatoria [s. f.]

ES *resolución estimatoria*

- GL** Resolución estimatoria e alzamento do embargo.
 - ES** Resolución estimatoria y alzamiento del embargo.
- [Fonte: CIV (4243)]

1207 resolución interlocutoria [s. f.]

ES *resolución interlocutoria*

- GL** Ás **resolucións interlocutorias** ou non definitivas que se dicten en toda clase de procesos e instancias trala entrada en vigor desta lei seralles de aplicación o réxime de recursos ordinarios que nela se establece.
 - ES** A las **resoluciones interlocutorias** o no definitivas que se dicten en toda clase de procesos e instancias tras la entrada en vigor de esta Ley les será de aplicación el régimen de recursos ordinarios que en ella se establece.
- [Fonte: CIV (5687)]

1208 resolución xudicial [s. f.]

ES *resolución judicial*

- GL** A audiencia e o proceso seguirán o seu curso respecto da acción ou accións que, segundo a **resolución xudicial**, poidan constituí-lo obxecto do proceso.
 - ES** La audiencia y el proceso seguirán su curso respecto de la acción o acciones que, según la **resolución judicial**, puedan constituir el objeto del proceso.
- [Fonte: CIV (3087)]

1209 resolutorio [adx.]

ES *resolutorio*

- GL** Auto **resolutorio** da oposición por motivos de fondo.
 - ES** Auto **resolutorio** de la oposición por motivos de fondo.
- [Fonte: CIV (4003)]

1210 resolver [v. t.]

ES *resolver*

GL Se, dentro do prazo concedido no número anterior, a outra parte manifesta a súa oposición á entrada no xuízo do adquirente, o tribunal **resolverá** por medio de auto o que considere procedente.

ES Si dentro del plazo concedido en el apartado anterior la otra parte manifiesta su oposición a la entrada en el juicio del adquirente, el tribunal **resolverá** por medio de auto lo que estime procedente.

[Fonte: CIV (675)]

1211 respecto de [loc. prep.]

ES *respecto de*

GL En cambio, **respecto dos** dereitos fundamentais de natureza procesual, que se poden infrinxir ó longo de calquera litixio, esta lei descarta un ilóxico procedemento especial ante as denuncias de infracción e coida que as posibles violacións deben remediarse no seo do proceso en que se produciron.

ES En cambio, **respecto de** los derechos fundamentales de naturaleza procesal, cuya infracción puede producirse a lo largo y lo ancho de cualquier litigio, esta Ley descarta un ilógico procedimiento especial ante las denuncias de infracción y considera que las posibles violaciones han de remediarse en el seno del proceso en que se han producido.

[Fonte: CIV (224)]

1212 responsabilidade civil [s. f.]

ES *responsabilidad civil*

GL As certificacións e testemuños que acrediten ter rematado o proceso e terse nel reclamado ou interposto recurso cando se interpoña demanda de **responsabilidade civil** contra xuíces e maxistrados por danos e perdas causados no exercicio das súas funcións, con dolo, culpa ou ignorancia inexcusable.

ES Las certificaciones y testimonios que acrediten haber terminado el proceso y haberse en él reclamado o recurrido cuando se interponga demanda de **responsabilidad civil** contra Jueces y Magistrados por daños y perjuicios causados en el ejercicio de sus funciones, con dolo, culpa o ignorancia inexcusable.

[Fonte: CIV (2227)]

1213 **responsabilidade penal** [s. f.]

ES *responsabilidad penal*

GL A utilización inustificada ou abusiva das facultades recoñecidas na citada lei orgánica producirá **responsabilidade penal**, como violación dos dereitos e liberdades recoñecidos polas leis.

ES La utilización inustificada o abusiva de las facultades reconocidas en dicha ley orgánica producirá **responsabilidad penal**, como violación de los derechos y libertades reconocidos por las leyes.

[Fonte: CON (258)]

1214 **restitución** [s. f.]

ES *restitución*

GL De ser imposible a **restitución**, de feito ou de dereito, o executado poderá pedir ser indemnizado polos danos e perdas, que se liquidarán polo procedemento establecido nos artigos 712 e seguintes.

ES Si la **restitución** fuese imposible, de hecho o de derecho, el ejecutado podrá pedir que se le indemnicen los daños y perjuicios, que se liquidarán por el procedimiento establecido en los artículos 712 y siguientes.

[Fonte: CIV (3818)]

1215 **retractación** [s. f.]

ES *retractación*

GL A acción de **retractación** terá por obxecto obter unha sentenza que declare e lle imponha ó demandado, sexa ou non o predispoñente, o deber de retractarse da recomendación que efectuase de utiliza-las cláusulas de condicións xerais que se consideren nulas e de absterse de seguir recomendándoas no futuro.

ES La acción de **retractación** tendrá por objeto obtener una sentencia que declare e imponga al demandado, sea o no el predisponente, el deber de retractarse de la recomendación que haya efectuado de utilizar las cláusulas de condiciones generales que se consideren nulas y de abstenerse de seguir recomendándolas en el futuro.

[Fonte: CIV (5796)]



1216 retracto [s. m.]

ES *retracto*

GL Ás demandas baseadas no dereito a adquirirla propiedade dun ben ou conxunto de bens, xa sexa por posuír un dereito de crédito que así o reconece, xa sexa por calquera dos modos de adquisición da propiedade, ou polo dereito de **retracto**, de tanteo ou de opción de compra; cando o ben se reclame como obxecto dunha compravenda, ten preferencia como criterio de valoración o prezo pactado no contrato, sempre que non sexa inferior no caso dos inmobles ó seu valor catastral.

ES A las demandas basadas en el derecho a adquirir la propiedad de un bien o conjunto de bienes, ya sea por poseer un derecho de crédito que así lo reconoce, ya sea por cualquiera de los modos de adquisición de la propiedad, o por el derecho de **retracto**, de tanteo o de opción de compra; cuando el bien se reclame como objeto de una compraventa, tiene preferencia como criterio de valoración el precio pactado en el contrato, siempre que no sea inferior en el caso de los inmuebles a su valor catastral.

[Fonte: CIV (2098)]

1217 retroactiva [s. f.]

ES *retroactiva*

GL Salvo que se estableza outra cousa en disposicións legais de dereito transitorio, os asuntos que correspondan ós tribunais civís serán substanciados sempre por estes conforme as normas procesuais vixentes, que nunca serán **retroactivas**.

ES Salvo que otra cosa se establezca en disposiciones legales de Derecho transitorio, los asuntos que correspondan a los tribunales civiles se sustanciarán siempre por éstos con arreglo a las normas procesales vigentes, que nunca serán **retroactivas**.

[Fonte: CIV (570)]

1218 retrotraer [v. t.]

ES *retrotraer*

GL Admitida a intervención, non se **retrotraerán** as actuacións, pero o interviniente será considerado parte no proceso para tódolos efectos e poderá defende-las pretensións formuladas polo seu litisconsorte ou as que o propio interviniente formule, se ten oportunidade procesual para isto, aínda que o seu litisconsorte renuncie, se conforme, desista ou se aparte do procedemento por calquera outra causa.

ES Admitida la intervención, no se **retrotraerán** las actuaciones, pero el interviniente será considerado parte en el proceso a todos los efectos y podrá defender las pretensiones formuladas por su litisconsorte o las que el propio interviniente formule, si tuviere oportunidad procesal para ello, aunque su litisconsorte renuncie, se allane, desista o se aparte del procedimiento por cualquier otra causa.

[Fonte: CIV (635)]

1219 **reversión** [s. f.]

ES *reversión*

GL Cando os bens ós que se refire o primeiro inciso deste número deixen de ser necesarios para a prestación do servizo universitario, ou se empreguen en funcións distintas das propias da universidade, a Administración de orixe poderá reclama-la súa **reversión**, ou ben, se iso non fora posible, o reembolso do seu valor ó momento en que procedía a reversión.

ES Cuando los bienes a los que se refiere el primer inciso de este apartado dejen de ser necesarios para la prestación del servicio universitario, o se empleen en funciones distintas de las propias de la Universidad, la Administración de origen podrá reclamar su **reversión**, o bien, si ello no fuere posible, el reembolso de su valor al momento en que procedía la reversión.

[Fonte: LOU (709)]

1220 **revisión** [s. f.]

ES *revisión*

GL A **revisión** de sentencias firmes será solicitada á Sala do Civil do Tribunal Supremo ou ás salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, conforme o disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial.

ES La **revisión** de sentencias firmes se solicitará a la Sala de lo Civil del Tribunal Supremo o a las Salas de lo Civil y Penal de los Tribunales Superiores de Justicia, conforme a lo dispuesto en la Ley Orgánica del Poder Judicial.

[Fonte: CIV (3653)]

1221 **revogación** [s. f.]

ES *revocación*

GL Se a **revogación** da sentenza é parcial, só se devolverá a diferenza entre a cantidade percibida polo executante e a que resulte da confirmación parcial, co incremento que resulte de aplicarlle a esta diferenza, anualmente, desde o momento da percepción, o tipo do xuro legal do diñeiro.



ES Si la **revocación** de la sentencia fuese parcial, sólo se devolverá la diferencia entre la cantidad percibida por el ejecutante y la que resulte de la confirmación parcial, con el incremento que resulte de aplicar a dicha diferencia, anualmente, desde el momento de la percepción, el tipo del interés legal del dinero.

[Fonte: CIV (3811)]

1222 **revogar** [v. t.]

ES *revocar*

GL Non se trata, é certo, dun recurso en sentido propio, pois a sentenza que se dicte non **revogará** outra sentenza non firme (nin rescindirán a firme), pero óptase por manter esta denominación, en beneficio do que resulta, polos precedentes, máis expresivo e comunicativo.

ES No se trata, es cierto, de un recurso en sentido propio, pues la sentencia que se dicte no **revocará** otra sentencia no firme (ni rescindirán la firme), pero se opta por mantener esta denominación, en aras de lo que resulta, por los precedentes, más expresivo y comunicativo.

[Fonte: CIV (383)]

1223 **rexencia** [s. f.]

ES *regencia*

GL A raíña consorte ou o consorte da raíña non poderán asumir funcións constitucionais, fóra do disposto para a **rexencia**.

ES La Reina consorte o el consorte de la Reina no podrán asumir funciones constitucionales, salvo lo dispuesto para la **Regencia**.

[Fonte: CON (275)]

1224 **rexer** [v. t.]

ES *regir*

GL A acumulación de procesos que pendan ante distintos tribunais **rexeráse** polas normas das anteriores seccións deste capítulo, coas especialidades que se indican nos artigos seguintes.

ES La acumulación de procesos que pendan ante distintos tribunales **se regirá** por las normas de las anteriores secciones de este capítulo, con las especialidades que se indican en los artículos siguientes.

[Fonte: CIV (1113)]

1225 **réxime disciplinario** [s. m.]

ES *régimen disciplinario*

- GL** Corresponde ó rector da Universidade adopta-las decisións relativas ás situacións administrativas e **réxime disciplinario** para os funcionarios de administración e servizos que desempeñen funcións nela, con excepción da separación do servizo, que será acordada polo órgano competente segundo a lexislación de funcionarios.
- ES** Corresponde al Rector de la Universidad adoptar las decisiones relativas a las situaciones administrativas y **régimen disciplinario** para los funcionarios de administración y servicios que desempeñen funciones en las mismas, con excepción de la separación del servicio, que será acordada por el órgano competente según la legislación de funcionarios.
- [Fonte: LOU (691)]

1226 **réxime económico** [s. m.]

ES *régimen económico*

- GL** Igualmente serán acumulables os salarios, soldos e pensións, retribucións ou equivalentes dos cónxuxes cando o **réxime económico** que rexa para eles non sexa o de separación de bens e rendas de toda clase, circunstancia que terán que lle acreditar ó tribunal.
- ES** Igualmente serán acumulables los salarios, sueldos y pensiones, retribuciones o equivalentes de los cónyuges cuando el **régimen económico** que les rija no sea el de separación de bienes y rentas de toda clase, circunstancia que habrán de acreditar al tribunal.
- [Fonte: CIV (4273)]

1227 **réxime xurídico** [s. m.]

ES *régimen jurídico*

- GL** En cumprimento do previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de **réxime xurídico** das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o vencemento do prazo máximo para resolver as solicitudes de autorizacións de pesca marítima entenderase como silencio administrativo negativo.
- ES** En cumplimiento de lo previsto en el artículo 43 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de **Régimen Jurídico** de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, el vencimiento del plazo máximo para resolver las solicitudes de autorizaciones de pesca marítima se entenderá como silencio administrativo negativo.
- [Fonte: LPM (916)]

1228 rexistrador [s.]

ES *registrador*

GL O **rexistrador** fará constar por nota marxinal a expedición da certificación a que se refire o número anterior, expresando a data e o procedemento a que se refira.

ES El **Registrador** fará constar por nota marginal la expedición de la certificación a que se refiere el apartado anterior, expresando la fecha y el procedimiento a que se refiera.

[Fonte: CIV (4591)]

1229 rexistral [adx.]

ES *registral*

GL Cando o convenio se refira a bens susceptibles de inscrición **rexistral** será necesaria, para a súa aprobación, a conformidade dos acreedores e terceiros posuidores que inscribisen ou anotasen os seus dereitos no rexistro correspondente con posterioridade ó gravame que se executa.

ES Cuando el convenio se refiera a bienes susceptibles de inscripción **registral** será necesaria, para su aprobación, la conformidad de los acreedores y terceros poseedores que hubieran inscrito o anotado sus derechos en el Registro correspondiente con posterioridad al gravamen que se ejecuta.

[Fonte: CIV (4474)]

1230 rexistro [s. m.]

ES *registro*

GL Así, a lei esixe a intervención do fedatario público xudicial para a constancia, que faga fe, das actuacións procesuais levadas a cabo no tribunal ou perante el e reconece a recepción de escritos no **rexistro** que se poida ter establecido para o efecto, entendendo que a fe pública xudicial garante os datos do dito rexistro relativos á recepción.

ES Así, la Ley exige la intervención del fedatario público judicial para la constancia fehaciente de las actuaciones procesales llevadas a cabo en el tribunal o ante él y reconoce la recepción de escritos en el **registro** que pueda haberse establecido al efecto, entendiendo que la fe pública judicial garantiza los datos de dicho registro relativos a la recepción.

[Fonte: CIV (140)]

1231 rexistro da propiedade [s. m.]

ES *registro de la propiedad*

- GL** O mesmo día da súa expedición remitiráselle o mandamento por fax desde o tribunal ó **Rexistro da Propiedade**, onde se estenderá o correspondente asento de presentación, e quedará en suspenso a práctica da anotación ata que se presente o documento orixinal na forma prevista pola lexislación hipotecaria.
- ES** El mismo día de su expedición se remitirá el mandamiento por fax desde el tribunal al **Registro de la Propiedad**, donde se extenderá el correspondiente asiento de presentación, quedando en suspenso la práctica de la anotación hasta que se presente el documento original en la forma prevista por la legislación hipotecaria.

[Fonte: CIV (4401)]

S

1232 sala [s. f.]

ES *sala*

GL O perito designado polo xuíz, sección ou **sala** que coñeza do asunto deberá absterse se concorre algunha das causas legalmente previstas.

ES El perito designado por el Juez, Sección o **Sala** que conozca del asunto deberá abstenerse si concurre alguna de las causas legalmente previstas.

[Fonte: CIV (1205)]

1233 sala de goberno [s. f.]

ES *sala de gobierno*

GL Concorrerá para isto, en primeiro lugar, o presidente da sala ou sección, se non asistiu xa; en segundo lugar, os maxistrados da mesma sala que non visen o preito; en terceiro lugar, o presidente da audiencia; e, finalmente, os maxistrados das demais salas ou seccións, con preferencia dos da mesma orde xurisdiccional, segundo a orde que acorde a **sala de goberno**.

ES Concurrirá para ello, en primer lugar, el Presidente de la Sala o Sección, si no hubiere ya asistido; en segundo lugar, los Magistrados de la misma Sala que no hayan visto el pleito; en tercer lugar, el Presidente de la Audiencia; y, finalmente, los Magistrados de las demás Salas o Secciones, con preferencia de los del mismo orden jurisdiccional, según el orden que por la **Sala de Gobierno** se acuerde.

[Fonte: CIV (1761)]

1234 sala de xustiza [s. f.]

ES *sala de justicia*

GL Cando se recuse a tódolos maxistrados dunha **sala de xustiza**, un maxistrado dos que integren o tribunal correspondente, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non estea afectado pola recusación.

ES Cuando se recusare a todos los Magistrados de una **Sala de Justicia**, un Magistrado de los que integren el Tribunal correspondiente, designado en virtud de un turno establecido por orden de antigüedad, siempre que no estuviere afectado por la recusación.

[Fonte: CIV (1230)]

1235 **sala do civil** [s. f.]

ES sala de lo civil

GL A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial cando o recusado sexa o presidente do Tribunal Supremo, o presidente da **Sala do Civil** ou dous ou máis maxistrados da dita sala.

ES La Sala prevista en el artículo 61 de la Ley Orgánica del Poder Judicial cuando el recusado sea el Presidente del Tribunal Supremo, el Presidente de la **Sala de lo Civil** o dos o más Magistrados de dicha Sala.

[Fonte: CIV (1244)]

1236 **sala do contencioso-administrativo** [s. f.]

ES sala de lo contencioso-administrativo

GL Determinar que este acordo é firme en vía administrativa e pode ser recorrido potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o dictou ou ser impugnado directamente ante a **Sala do Contencioso-Administrativo** do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

ES Determinar que este acuerdo es firme en vía administrativa y puede ser recurrido potestativamente en reposición ante el mismo órgano que lo dictó o ser impugnado directamente ante la **Sala de lo Contencioso-Administrativo** del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

[Fonte: D06 (3144)]

1237 **sala do penal** [s. f.]

ES sala de lo penal

GL A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial cando o recusado sexa o presidente do Tribunal Supremo ou o presidente da **sala do penal** ou dous ou máis dos maxistrados da dita sala.

ES La Sala prevista en el artículo 61 de la Ley Orgánica del Poder Judicial cuando el recusado sea el Presidente del Tribunal Supremo o el Presidente de la **Sala de lo Penal** o dos o más de los Magistrados de dicha Sala.

[Fonte: CIV (5919)]



1238 sala do social [s. f.]

ES *sala de lo social*

GL Cando o recusado sexa un xuíz do Social, un maxistrado da **sala do social** do tribunal superior de xustiza, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

ES Cuando el recusado sea un Juez de lo Social, un Magistrado de la **Sala de lo Social** del Tribunal Superior de Justicia, designado en virtud de un turno establecido por orden de antigüedad.

[Fonte: CIV (5878)]

1239 sala do tribunal [s. f.]

ES *sala del tribunal*

GL Cando se recusen tódolos maxistrados dunha sala de xustiza, o maxistrado que corresponda por quenda de antigüidade dos que integren o tribunal correspondente, sempre que non estea afectado pola recusación, e se se recusan tódolos maxistrados que integran a **sala do tribunal** correspondente, un maxistrado designado por sorteo entre tódolos integrantes de tribunais do mesmo ámbito territorial pertencentes ó resto de ordes xurisdiccionais.

ES Cuando se recusare a todos los Magistrados de una Sala de Justicia, el Magistrado que corresponda por turno de antigüedad de los que integren el Tribunal correspondiente, siempre que no estuviere afectado por la recusación, y si se recusare a todos los Magistrados que integran la **Sala del Tribunal** correspondiente, un Magistrado designado por sorteo entre todos los integrantes de Tribunales del mismo ámbito territorial pertenecientes al resto de órdenes jurisdiccionales.

[Fonte: CIV (5914)]

1240 salario base [s. m.]

ES *salario base*

GL A cantidade resultante de efectuar a operación anterior será a que se engadirá ó importe anual do **salario base** durante os cinco primeiros anos.

ES La cantidad resultante de efectuar la operación anterior será la que se adicionará al importe anual del **salario base** durante los cinco primeros años.

[Fonte: D01 (346)]

1241 **salario bruto** [s. m.]

ES *salario bruto*

GL Estas gratificacións están incluídas dentro do **salario bruto** anual, recollido para cada categoría nos anexos II e IV. As datas de aboamento serán as regulamentarias nos dous casos citados.

ES Estas gratificaciones están incluídas dentro del **salario bruto** anual, recogido para cada categoría en los anexos II y IV. Las fechas de abono serán las reglamentarias en los dos casos citados.

[Fonte: D08 (363)]

1242 **salario mínimo interprofesional** [s. m.]

ES *salario mínimo interprofesional*

GL O salario destes traballadores será o **salario mínimo interprofesional** para as ditas idades e a duración non poderá ser superior a dous anos.

ES El salario de estos trabajadores será el **salario mínimo interprofesional** para dichas edades y la duración no podrá ser superior a dos años.

[Fonte: D10 (2899)]

1243 **salvo que** [loc. conx.]

ES *salvo que*

GL No xuízo practícase a proba e fórmulanse as conclusións sobre esta, finalizando con informes sobre os aspectos xurídicos, **salvo que** tódalas partes prefiran informar por escrito ou o tribunal o considere oportuno.

ES En el juicio, se practica la prueba y se formulan las conclusiones sobre ésta, finalizando con informes sobre los aspectos jurídicos, **salvo que** todas las partes prefieran informar por escrito o el tribunal lo estime oportuno.

[Fonte: CIV (304)]

1244 **saúde pública** [s. f.]

ES *salud pública*

GL Correspóndelles ós poderes públicos organizaren e tutelaren a **saúde pública** mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios.

ES Compete a los poderes públicos organizar y tutelar la **salud pública** a través de medidas preventivas y de las prestaciones y servicios necesarios.

[Fonte: CON (209)]

1245 se é o caso [loc. adv.]

ES *en su caso*

GL A celebración de eleccións aterase ás leis que, **se é o caso**, aproben as Cortes Xerais co fin exclusivo de coordena-lo calendario das diversas consultas electorais.

ES La celebración de elecciones se atenderá a las Leyes que, **en su caso**, aprueben las Cortes Generales con el exclusivo fin de coordinar el calendario de las diversas consultas electorales.

[Fonte: EST (367)]

1246 secretaría xeral [s. f.]

ES *secretaría general*

GL A **Secretaría Xeral** do Consello de Coordinación Universitaria sinalará o número de habilitacións que serán obxecto de convocatoria en cada área de coñecemento, en función do número de prazas comunicadas á citada Secretaría Xeral, co fin de garanti-la posibilidade de selección das universidades entre habilitados.

ES La **Secretaría General** del Consejo de Coordinación Universitaria señalará el número de habilitaciones que serán objeto de convocatoria en cada área de conocimiento, en función del número de plazas comunicadas a la citada Secretaría General, a fin de garantizar la posibilidad de selección de las Universidades entre habilitados.

[Fonte: LOU (596)]

1247 secretario xudicial [s.]

ES *secretario judicial*

GL O poder en que a parte lle outorgue a súa representación ó procurador deberá estar autorizado por notario ou ser conferido por comparecencia ante o **secretario xudicial** do tribunal que teña de coñecer do asunto.

ES El poder en que la parte otorgue su representación al procurador habrá de estar autorizado por notario o ser conferido por comparecencia ante el **Secretario Judicial** del tribunal que haya de conocer del asunto.

[Fonte: CIV (727)]

1248 sede [s. f.]

ES *sede*

GL En tódolos edificios xudiciais que sexan **sede** de tribunais civís existirá un servizo de recepción de notificacións organizado polo colexio de procuradores.

ES En todos los edificios judiciales que sean **sede** de tribunales civiles existirá un servicio de recepción de notificaciones organizado por el Colegio de Procuradores.

[Fonte: CIV (758)]

1249 **segredo oficial** [s. m.]

ES *secreto oficial*

GL O tribunal, comprobado o fundamento da alegación do carácter reservado ou secreto, mandará uni-lo documento ós autos, deixando constancia das preguntas afectadas polo **segredo oficial**.

ES El tribunal, comprobado el fundamento de la alegación del carácter reservado o secreto, mandará unir el documento a los autos, dejando constancia de las preguntas afectadas por el **segredo oficial**.

[Fonte: CIV (2808)]

1250 **segredo profesional** [s. m.]

ES *secreto profesional*

GL A lei regulará os casos en que, por razón de parentesco ou de **segredo profesional**, non se estea obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delictuosos.

ES La ley regulará los casos en que, por razón de parentesco o de **segredo profesional**, no se estará obligado a declarar sobre hechos presuntamente delictivos.

[Fonte: CON (125)]

1251 **segunda instancia** [s. f.]

ES *segunda instancia*

GL Despois do xuízo ou vista non poderá recusarse o perito, sen prexuízo de que aquelas causas de recusación existentes no momento de emiti-lo dictamen pero coñecidas despois daquela poderán serlle postas de manifesto ó tribunal antes de que dicte sentencia e, se isto non é posible, ó tribunal competente para a **segunda instancia**.

ES Después del juicio o vista no podrá recusarse al perito, sin perjuicio de que aquellas causas de recusación existentes al tiempo de emitir el dictamen pero conocidas después de aquélla podrán ser puestas de manifesto al tribunal antes de que dicte sentencia y, si esto no fuese posible, al tribunal competente para la **segunda instancia**.

[Fonte: CIV (1317)]

1252 **segundo** [prep.]

ES *en base a*

- GL** A partir do día seguinte ó da publicación deste acordo, en virtude do disposto no artigo 24.2º do R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, dispón do prazo de 10 días para presentar alegacións -no caso de non presentalas, **segundo** o artigo 13.2º do dito Real decreto 1398/1993, o inicio poderá considerarse proposta de resolución.
- ES** A partir del día siguiente a la publicación de este acuerdo, en virtud de lo dispuesto en el artículo 24.2º del R.D. 1398/1993, de 4 de agosto, reglamento para el ejercicio de la potestad sancionadora, dispone del plazo de 10 días para presentar alegaciones -en el caso de no presentarlas y **en base al** artículo 13.2º del mencionado R.D. 1398/1993, el inicio podrá considerarse propuesta de resolución.

[Fonte: D04 (1270)]

ES *según*

- GL** Con esta opción, alén de evitar unha reiteración constante en moitos artigos da expresión “xulgados e tribunais”, tense en conta que, **segundo** a lexislación orgánica, cabe que se siga perante tribunais colexiados a primeira instancia de certos procesos civís.
- ES** Con esta opción, además de evitar una constante reiteración, en no pocos artículos, de la expresión “Juzgados y Tribunales”, se tiene en cuenta que, **según** la legislación orgánica, cabe que se siga ante tribunales colegiados la primera instancia de ciertos procesos civiles.

[Fonte: CIV (54)]

1253 **seguridade cidadá** [s. f.]

ES *seguridad ciudadana*

- GL** As forzas e corpos de seguridade, baixo a dependencia do Goberno, terán como misión protexe-lo libre exercicio dos dereitos e liberdades e garanti-la **seguridade cidadá**.
- ES** Las Fuerzas y Cuerpos de seguridad, bajo la dependencia del Gobierno, tendrán como misión proteger el libre ejercicio de los derechos y libertades y garantizar la **seguridad ciudadana**.

[Fonte: CON (507)]

1254 **seguridade social** [s. f.]

ES *seguridad social*

GL En todo caso, terá dereito a un traballo remunerado e mais ós beneficios correspondentes da **Seguridade Social**, así como ó acceso á cultura e ó desenvolvemento integral da súa personalidade.

ES En todo caso, tendrá derecho a un trabajo remunerado y a los beneficios correspondientes de la **Seguridad Social**, así como al acceso a la cultura y al desarrollo integral de su personalidad.

[Fonte: CON (130)]

1255 **selar** [v. t.]

ES *sellar*

GL E para que así conste e lles sirva de aviso a todas aquelas persoas ás que lles poida interesa-la existencia do expediente, para os efectos do artigo 2042 da Lei de axuizamento civil, expido, **selo** e asino este edicto na Coruña, oito de novembro de mil novecentos noventa e nove.

ES Y para que así conste y sirva de aviso a todas aquellas personas a quienes pueda interesar la existencia del expediente, a los efectos del artículo 2042 de la Ley de enjuiciamiento civil, expido, **sello** y firmo el presente edicto en A Coruña, ocho de noviembre de mil novecientos noventa y nueve.

[Fonte: D01 (611)]

1256 **selo** [s. m.]

ES *sello*

GL Mediante documentos, calquera que sexa a súa forma e clase ou o soporte físico en que se encontren, que aparezan asinados polo debedor ou co seu **selo**, impronta ou marca ou con calquera outro sinal, físico ou electrónico, proveniente do debedor.

ES Mediante documentos, cualquiera que sea su forma y clase o el soporte físico en que se encuentren, que aparezcan firmados por el deudor o con su **sello**, impronta o marca o con cualquier otra señal, física o electrónica, proveniente del deudor.

[Fonte: CIV (5593)]

1257 sempre e cando [loc. conx.]

ES *siempre y cuando*

GL Un colitigante poderá solicita-lo interrogatorio doutro colitigante **sempre e cando** exista no proceso oposición ou conflito de intereses entre ambos.

ES Un colitigante podrá solicitar el interrogatorio de otro colitigante **siempre y cuando** exista en el proceso oposición o conflito de intereses entre ambos.

[Fonte: CIV (2435)]

1258 sen dúbida [loc. adv.]

ES *sin duda*

GL A separación entre o recurso de casación e o recurso extraordinario dedicado ás infraccións procesuais ha contribuír, **sen dúbida**, á seriedade con que estas se aleguen.

ES La separación entre el recurso de casación y el recurso extraordinario dedicado a las infracciones procesales ha de contribuir, **sin duda**, a la seriedad con que éstas se aleguen.

[Fonte: CIV (351)]

1259 sen máis trámite [loc. adv.]

ES *sin más trámite*

GL De non efectuar o pagamento no prazo antes mencionado, procederáse **sen máis trámite** á súa exacción en vía executiva.

ES De no efectuarse el pago en el plazo antes mencionado, se procederá **sin más trámite** a su exacción en vía ejecutiva.

[Fonte: D07 (1599)]

1260 sen máis trámites [loc. adv.]

ES *sin más trámites*

GL Transcorrido o termo sen que se produza a corrección, ou se se mantén a circunstancia de non-acumulabilidade entre as accións que o demandante pretenda manter, acordarase o arquivo da demanda **sen máis trámites**.

ES Transcurrido el término sin que se produzca la subsanación, o si se mantuviera la circunstancia de no acumulabilidad entre las acciones que se pretendieran mantener por el actor, se acordará el archivo de la demanda **sin más trámites**.

[Fonte: CIV (1044)]

1261 **sen menoscabo** [loc. adv.]

ES *sin menoscabo*

GL O administrador está obrigado baixo a súa responsabilidade, a conservar **sen menoscabo** os bens da herdanza, e a procurar que dean as rendas, produtos ou utilidades que corresponda.

ES El administrador está obligado bajo su responsabilidad, a conservar **sin menoscabo** los bienes de la herencia, y a procurar que den las rentas, productos o utilidades que corresponda.

[Fonte: CIV (5522)]

1262 **sen menoscabo de** [loc. prep.]

ES *sin menoscabo de*

GL E sempre que sexa posible, tales funcións desenvolveranse **sen menoscabo da** actividade profesional dos interesados e dentro da súa xornada ordinaria de traballo.

ES Y siempre que sea posible, tales funciones se desarrollarán **sin menoscabo de** la actividad profesional de los interesados y dentro de su jornada ordinaria de trabajo.

[Fonte: D07 (201)]

1263 **sen mingua de** [loc. prep.]

ES *sin mengua de*

GL A aplicación desta orde supón a posibilidade de axiliza-lo proceso de execución orzamentaria, beneficiando moi especialmente os propios administrados e **sen mingua da** soberanía do Parlamento, toda vez que o artigo 3º.1 dispón que na tramitación anticipada de expedientes de subvencións se poderá chegar, como máximo, ata o momento inmediatamente anterior ó da disposición ou compromiso de gasto.

ES La aplicación de esta orden supone la posibilidad de agilizar el proceso de ejecución presupuestaria, beneficiando muy especialmente a los propios administrados y **sin mengua de** la soberanía del Parlamento, toda vez que el artículo 3º.1 dispone que en la tramitación anticipada de expedientes de subvenciones se podrá llegar, como máximo, hasta el momento inmediatamente anterior al de la disposición o compromiso de gasto.

[Fonte: D08 (651)]

ES *sin menoscabo de*

GL A aplicación desta orde supón un paso moi importante na axilización do proceso de execución orzamentaria coas conseguíntes vantaxes para os administrados e **sen mingua da** soberanía do Parlamento, xa que non se poderán conceder efectivamente as subvencións ata a aprobación do crédito que vaia ampara-lo gasto.

ES La aplicación de esta orden supone un paso muy importante en la agilización del proceso de ejecución presupuestaria con las consiguientes ventajas para los administrados y **sin menoscabo de** la soberanía del Parlamento, ya que no se podrán conceder efectivamente las subvenciones hasta la aprobación del crédito que vaya a amparar el gasto.

[Fonte: D05 (334)]

ES *sin merma de*

GL Xustiza civil efectiva significa, en fin, mellores sentencias, que, dentro do noso sistema de fontes do dereito, constitúan referencias sólidas para o futuro e contribúan así a evitar litixios e a reforza-la igualdade perante a lei, **sen mingua da** liberdade para vulgar e da evolución e o cambio xurisprudencial necesarios.

ES Justicia civil efectiva significa, en fin, mejores sentencias, que, dentro de nuestro sistema de fuentes del Derecho, constituyan referencias sólidas para el futuro y contribuyan así a evitar litigios y a reforzar la igualdad ante la ley, **sin merma de** la libertad enjuiciadora y de la evolución y el cambio jurisprudencial necesarios.

[Fonte: CIV (12)]

1264 **sen prexuízo de** [loc. prep.]

ES *sin perjuicio de*

GL Convén reiterar, ademais, que de tódalas actuacións públicas e orais, en ámbalas dúas instancias, ficará constancia mediante os instrumentos oportunos de gravación e reprodución, **sen prexuízo das** actas necesarias.

ES Conviene reiterar, además, que de todas las actuaciones públicas y orales, en ambas instancias, quedará constancia mediante los instrumentos oportunos de grabación y reproducción, **sin perjuicio de** las actas necesarias.

[Fonte: CIV (305)]

1265 **sentenciar** [v. t.]

ES *sentenciar*

GL Non obstante o anterior, permitiráselle ó demandante solicitar, e ó tribunal **sentenciar**, a condena ó pagamento de cantidade de diñeiro, froitos, rendas, utilidades ou produtos cando esa sexa exclusivamente a pretensión formulada e se deixen para un preito posterior os problemas de liquidación concreta das cantidades.

ES No obstante lo anterior, se permitirá al demandante solicitar, y al tribunal **sentenciar**, la condena al pago de cantidad de dinero, frutos, rentas, utilidades o productos cuando ésa sea exclusivamente la pretensión planteada y se dejen para un pleito posterior los problemas de liquidación concreta de las cantidades.

[Fonte: CIV (1869)]

1266 **sentenza** [s. f.]

ES *sentencia*

GL Notifíqueselles esta **sentenza** ás partes, ás que se lles fará saber que en contra da dita resolución cabe o recurso de suplicación, que deberá anunciarlo o seu avogado ou representante legal designado para o efecto, perante este xulgado, no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza por comparecencia ou por escrito das partes.

ES Notifíqueseles esta **sentencia** a las partes, a las que se les hará saber que en contra de dicha resolución cabe el recurso de suplicación, que deberá anunciarlo su abogado o representante legal designado al efecto, ante este juzgado, en el plazo de cinco días contado a partir de la notificación de esta sentencia, por comparecencia o por escrito de las partes.

[Fonte: D13 (572)]

1267 **sentenza condenatoria** [s. f.]

ES *sentencia condenatoria*

GL Cando o demandado se conforme con tódalas pretensións do demandante, o tribunal dictará **sentencia condenatoria** de acordo co solicitado por este, pero se a conformidade se fai en fraude de lei ou supón renuncia contra o interese xeral ou prexuízo de terceiro, dictarase auto rexeitándoa e seguirá o proceso adiante.

ES Cuando el demandado se allane a todas las pretensiones del actor, el tribunal dictará **sentencia condenatoria** de acuerdo con lo solicitado por éste, pero si el allanamiento se hiciera en fraude de ley o supusiera renuncia contra el interés general o perjuicio de tercero, se dictará auto rechazándolo y seguirá el proceso adelante.

[Fonte: CIV (702)]

1268 **sentenza definitiva** [s. f.]

ES *sentencia definitiva*

GL Notifíquelles esta resolución ás partes facéndolles saber que contra ela non cabe recurso ningún, sen prexuízo do recurso de suplicación contra a **sentenza definitiva**, que se poderá anunciar dentro dos cinco (5) días seguintes ao da notificación deste auto, perante este xulgado, de que coñecerá, de ser o caso, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tal e como establecen os artigos 188 e seguinte da Lei de procedemento laboral.

ES Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso alguno, sin perjuicio del recurso de suplicación contra la **sentencia definitiva**, que podrá anunciarse dentro de los cinco (5) días siguientes a la notificación de este auto, ante este juzgado, del que conocerá, en su caso, la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia tal y como establecen los artículos 188 y siguientes de la Ley de procedimiento laboral.

[Fonte: D14 (629)]

1269 **sentenza desestimatoria** [s. f.]

ES *sentencia desestimatoria*

GL A apelación contra **sentencias desestimatorias** da demanda e contra autos que poñan fin ó proceso carecerá de efectos suspensivos, sen que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario a aquilo que se resolverse.

ES La apelación contra **sentencias desestimatorias** de la demanda y contra autos que pongan fin al proceso carecerá de efectos suspensivos, sin que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario a lo que se hubiese resuelto.
[Fonte: CIV (3347)]

1270 **sentenza estimatoria** [s. f.]

ES *sentencia estimatoria*

GL Se se pretendese unha condena en diñeiro, de facer, non facer ou dar cousa específica ou xenérica, a **sentencia estimatoria** determinará individualmente os consumidores e usuarios que, conforme as leis sobre a súa protección, deben entenderse beneficiados pola condena.

ES Si se hubiere pretendido una condena dineraria, de hacer, no hacer o dar cosa específica o genérica, la **sentencia estimatoria** determinará individualmente los consumidores y usuarios que, conforme a las leyes sobre su protección, han de entenderse beneficiados por la condena.
[Fonte: CIV (1876)]

1271 **sentenza firme** [s. f.]

ES *sentencia firme*

GL Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por **sentenza firme** para o exercicio de funcións públicas.

ES No estar separado del servicio de ninguna Administración pública en virtud de expediente disciplinario ni encontrarse inhabilitado por **sentencia firme** para el ejercicio de funciones públicas.
[Fonte: D11 (605)]

1272 **servidume** [s. f.]

ES *servidumbre*

GL O valor dunha demanda relativa a unha **servidume** será o prezo satisfeito pola súa constitución se consta e a súa data non fose anterior en máis de cinco anos.

ES El valor de una demanda relativa a una **servidumbre** será el precio satisfecho por su constitución si constare y su fecha no fuese anterior en más de cinco años.
[Fonte: CIV (2102)]

1273 **servidume de paso** [s. f.]

ES *servidumbre de paso*

GL a declaración de utilidade pública, que levará implícita a urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa e imposición de **servidumes de paso** sobre os bens e dereitos que se afecten;

ES la declaración de utilidad pública, que levará implícita la urxente ocupación, a los efectos de expropiación forzosa e imposición de **servidumbres de paso** sobre los bienes y derechos que se afecten;

[Fonte: D03 (3140)]

1274 **servizo activo** [s. m.]

ES *servicio activo*

GL O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade que a do novo, ou dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao **servizo activo**.

ES El plazo de toma de posesión será de tres días hábiles si el destino anterior radica en la misma localidade que la del nuevo, o de un mes si radica en localidade distinta o comporta el reingreso al **servicio activo**.

[Fonte: D14 (548)]

1275 **signatario** [s.]

ES *signatario*

GL Se a moción de censura non fose aprobada polo Congreso, os seus **signatarios** non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

ES Si la moción de censura no fuere aprobada por el Congreso, sus **signatarios** no podrán presentar otra durante el mismo período de sesiones.

[Fonte: CON (541)]

1276 **silencio administrativo** [s. m.]

ES *silencio administrativo*

GL De non haber resolución expresa no prazo anterior, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas por **silencio administrativo**.

ES A falta de resolución expresa en el plazo anterior, las solicitudes presentadas se entenderán desestimadas por **silencio administrativo**.

[Fonte: D02 (1558)]

1277 **senalamento** [s. m.]

ES *señalamiento*

GL Se se tratase dun xuízo verbal, o tribunal por medio de providencia fará un novo **senalamento** para a vista, citando as partes e o terceiro chamado ó proceso.

ES Si se tratase de un juicio verbal, el tribunal por medio de providencia hará nuevo **señalamiento** para la vista, citando a las partes y al tercero llamado al proceso.

[Fonte: CIV (648)]

1278 **sinatura** [s. f.]

ES *firma*

GL Os litigantes serán dirixidos por avogados habilitados para exercer a súa profesión no tribunal que coñeza do asunto. Non poderá proveerse a ningunha solicitude que non leve a **sinatura** de avogado.

ES Los litigantes serán dirigidos por abogados habilitados para ejercer su profesión en el tribunal que conozca del asunto. No podrá proveerse a ninguna solicitud que no lleve la **firma** de abogado.

[Fonte: CIV (785)]

1279 **sinistro** [s. m.]

ES *siniestro*

GL Non se imporán xuros por mora cando as indemnizacións sexan satisfeitas ou consignadas ante o xulgado competente en primeira instancia para coñecer do proceso que se derive do **sinistro**, dentro dos tres meses seguintes á súa produción.

ES No se impondrán intereses por mora cuando las indemnizaciones fuesen satisfechas o consignadas ante el Juzgado competente en primera instancia para conocer del proceso que se derivase del **sinistro**, dentro de los tres meses siguientes a su producción.

[Fonte: CIV (5935)]

1280 sistema educativo [s. m.]

ES *sistema educativo*

GL O Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector pesqueiro, no marco, cando proceda, do **sistema educativo** xeral, establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento.

ES El Gobierno, a propuesta del Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, regulará las titulaciones de los profesionales del sector pesquero, en el marco, cuando proceda, del **sistema educativo** general, estableciendo los requisitos de idoneidad y las atribuciones profesionales correspondientes a cada título, sin perjuicio de las competencias del Ministerio de Fomento.

[Fonte: LPM (398)]

1281 sistema tributario [s. m.]

ES *sistema tributario*

GL Todos contribuirán ó sustentamento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un **sistema tributario** xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, chegará a ser confiscatorio.

ES Todos contribuirán al sostenimiento de los gastos públicos de acuerdo con su capacidad económica mediante un **sistema tributario** justo inspirado en los principios de igualdad y progresividad que, en ningún caso, tendrá alcance confiscatorio.

[Fonte: CON (164)]

1282 sistema xurídico [s. m.]

ES *sistema jurídico*

GL Neste punto, e para termina-lo relativo ós recursos extraordinarios, semella oportuno recordar que, precisamente no noso **sistema xurídico**, a xurisprudencia ou o precedente goza de relevancia práctica pola súa autoridade e forza exemplar, pero non pola súa forza vinculante.

ES En este punto, y para terminar lo relativo a los recursos extraordinarios, parece oportuno recordar que, precisamente en nuestro **sistema jurídico**, la jurisprudencia o el precedente goza de relevancia práctica por su autoridad y fuerza ejemplar, pero no por su fuerza vinculante.

[Fonte: CIV (387)]

1283 **soar** [s. m.]

ES *solar*

- GL** Seguindo o contido do artigo 94 do Regulamento de xestión urbanística, cando a escasa contía dos dereitos dalgúns propietarios non permita que se lles adxudiquen predios independentes a todos eles, os **soares** resultantes adxudicaránelles en pro indiviso a tales propietarios.
- ES** Siguiendo el contenido del artículo 94 del Reglamento de gestión urbanística, cuando la escasa cuantía de los derechos de algunos propietarios no permita que se les adjudiquen fincas independentes a todos ellos, los **solares** resultantes se adjudicarán en pro indiviso a tales propietarios.

[Fonte: D09 (1223)]

1284 **sobresemento** [s. m.]

ES *sobreseimiento*

- GL** Tamén se disporá o **sobresemento** se, ó se inicia-la vista, non aparecen cumpridos os requisitos especiais que as leis esixan, por razón da materia, para a admisión da demanda.
- ES** También se dispondrá el **sobreseimiento** si, al iniciarse la vista, no apareciesen cumplidos los requisitos especiales que las leyes exijan, por razón de la materia, para la admisión de la demanda.

[Fonte: CIV (3113)]

1285 **sobreser** [v. t.]

ES *sobreseer*

- GL** Sen embargo, non se **sobreserá** o proceso no caso de que, conforme o número 4 do artigo 222, o efecto dunha sentenza firme anterior teña que ser vinculante para o tribunal que está a coñecer do proceso posterior.
- ES** Sin embargo, no se **sobreseerá** el proceso en el caso de que, conforme al apartado 4 del artículo 222, el efecto de una sentencia firme anterior haya de ser vinculante para el tribunal que está conociendo del proceso posterior.

[Fonte: CIV (3100)]

1286 sobresido [part.]

ES *sobreseído*

GL Se procedese segui-los trámites do xuízo verbal, porase fin á audiencia, citando as partes para a vista deste xuízo, agás que a demanda aparecese interposta fóra de prazo de caducidade que, por razón da materia, estableza a lei. Neste caso, declararase **sobresido** o proceso.

ES Si procediese seguir los trámites del juicio verbal, se pondrá fin a la audiencia, citando a las partes para la vista de dicho juicio, salvo que la demanda apareciese interpuesta fuera de plazo de caducidad que, por razón de la materia, establezca la ley. En este caso, se declarará **sobreseído** el proceso.

[Fonte: CIV (3107)]

1287 sociedade conxugal [s. f.]

ES *sociedad conyugal*

GL En tal caso, se este opta por pedi-la disolución da **sociedade conxugal**, o tribunal, oídos os cónxuxes, resolverá o procedente sobre división do patrimonio e, de se-lo caso, acordará que se leve a cabo de acordo co disposto nesta lei, suspendéndose entre tanto a execución no relativo ós bens comúns.

ES En tal caso, si éste optare por pedir la disolución de la **sociedad conyugal**, el tribunal, oídos los cónyuges, resolverá lo procedente sobre división del patrimonio y, en su caso, acordará que se lleve a cabo con arreglo a lo dispuesto en esta Ley, suspendiéndose entre tanto la ejecución en lo relativo a los bienes comunes.

[Fonte: CIV (3869)]

1288 sociedade de gananciais [s. f.]

ES *sociedad de gananciales*

GL Cando a execución se siga por mor de débedas contraídas por un dos cónxuxes, pero das que deba responde-la **sociedade de gananciais**, a demanda executiva poderá dirixirse unicamente contra o cónxuxe debedor, pero o embargo de bens gananciais deberá notificárselle ó outro cónxuxe, dándolle traslado da demanda executiva e do auto que despache execución co fin de que, dentro do prazo ordinario, poida oporse á execución.

ES Cuando la ejecución se siga a causa de deudas contraídas por uno de los cónyuges, pero de las que deba responder la **sociedad de gananciales**, la demanda ejecutiva podrá dirigirse únicamente contra el cónyuge deudor, pero el embargo de bienes gananciales habrá de notificarse al otro cónyuge, dándole traslado de la demanda ejecutiva y del auto que despache ejecución a fin de que, dentro del plazo ordinario, pueda oponerse a la ejecución.

[Fonte: CIV (3865)]

1289 **sociedade mixta** [s. f.]

ES *sociedade mixta*

GL Co fin de realizar un adecuado seguimiento das actividades destas empresas, créase o Rexistro de Empresas Pesqueiras en Países Terceiros, que inclúe tanto as **sociedades mixtas** como as empresas radicadas en países terceiros que cumpran determinados requisitos de emprego de traballadores españois e de participación no capital social.

ES Con el fin de realizar un adecuado seguimiento de las actividades de estas empresas, se crea el Registro de Empresas Pesqueras en Países Terceros, que incluye tanto a las **sociedades mixtas** como a las empresas radicadas en terceros países, que cumplan determinados requisitos de empleo de trabajadores españoles y de participación en el capital social.

[Fonte: LPM (78)]

1290 **societario** [adx.]

ES *societario*

GL As sentencias que se dicten sobre impugnación de acordos **societarios** afectarán a tódolos socios, aínda que non litigasen.

ES Las sentencias que se dicten sobre impugnación de acuerdos **societarios** afectarán a todos los socios, aunque no hubieren litigado.

[Fonte: CIV (1887)]

1291 **solicitante** [adx.-s. com.]

ES *solicitante*

GL Co sistema da Lei de 1881 e as súas reformas, a caución esixida ó **solicitante** eliminaba ese perigo, pero á custa de cerrar en exceso a execución provisional, deixándoa só en mans de quen dispuxese de recursos económicos líquidos.



ES Con el sistema de la Ley de 1881 y sus reformas, la caución exigida al **so-licitante** eliminaba ese peligro, pero a costa de cerrar en exceso la ejecución provisional, dejándola sólo en manos de quienes dispusieran de recursos económicos líquidos.

[Fonte: CIV (403)]

1292 **solicitud** [s. f.]

ES *solicitud*

GL Ademais, os tribunais poden rexeita-las **solicitudes** manifestamente infundadas mediante providencia motivada de maneira sucinta, sen que nestes casos teña de se substancia-lo incidente e dictarse auto.

ES Además, los tribunales pueden rechazar las **solicitudes** manifestamente infundadas mediante providencia sucintamente motivada, sin que en esos casos haya de sustanciarse el incidente y dictarse auto.

[Fonte: CIV (212)]

1293 **solo** [s. m.]

ES *suelo*

GL Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do **solo** de acordo co interese xeral para que se impida a especulación.

ES Los poderes públicos promoverán las condiciones necesarias y establecerán las normas pertinentes para hacer efectivo este derecho, regulando la utilización del **suelo** de acuerdo con el interés general para impedir la especulación.

[Fonte: CON (225)]

1294 **solo urbano** [s. m.]

ES *suelo urbano*

GL Os terreos que se pretenden expropiar están clasificados como **solo urbano** coa cualificación de sistema local rede viaria.

ES Los terrenos que se pretenden expropiar están clasificados como **suelo urbano** con la calificación de sistema local red viaria.

[Fonte: D08 (780)]

1295 **suba** [s. f.]

ES *subida*

GL Se concluído o ano 2000 a **suba** do IPC fose superior ó previsto, antes de transcorrido un mes da súa publicación efectuarase unha revisión porcentual igual á diferenza entre o IPC previsto e o real.

ES Si concluido el año 2000 la **subida** del IPC fuera superior al previsto, antes de transcurridos un mes de su publicación oficial se efectuará una revisión porcentual igual a la diferencia entre el IPC previsto y el real.

[Fonte: D07 (541)]

1296 **subcomisión** [s. f.]

ES *subcomisión*

GL O regulamento do Consello de Coordinación Universitaria determinará, de acordo co establecido nos números anteriores, o número, composición, forma de designación dos membros e funcións das **subcomisións** que teñan que constituírse.

ES El Reglamento del Consejo de Coordinación Universitaria determinará, de acuerdo con lo establecido en los apartados anteriores, el número, composición, forma de designación de los miembros y funciones de las **Subcomisiones** que hayan de constituírse.

[Fonte: LOU (355)]

1297 **subdelegación** [s. f.]

ES *subdelegación*

GL Tampouco poderá ser permitida a **subdelegación** a autoridades distintas do propio Goberno.

ES Tampoco podrá permitir la **subdelegación** a autoridades distintas del propio Gobierno.

[Fonte: CON (415)]

1298 **subministración** [s. f.]

ES *suministro*

GL Realiza-las contratacións de obras, servizos e **subministracións**, así como autoriza-los gastos de acordo co orzamento do centro, ordena-los pagamentos e visa-las certificacións e documentos oficiais do centro, todo isto de acordo co que establezan as administracións educativas.



ES Realizar las contrataciones de obras, servicios y **suministros**, así como autorizar los gastos de acuerdo con el presupuesto del centro, ordenar los pagos y visar las certificaciones y documentos oficiales del centro, todo ello de acuerdo con lo que establezcan las Administraciones educativas.

[Fonte: CAL (877)]

1299 **subministrador** [adx.-s.]

ES *suministrador*

GL Indicacións relativas á posibilidade de que os **subministradores** liciten por parte e/ou polo conxunto das subministracións requiridas.

ES Indicaciones relativas a la posibilidad de que los **subministradores** liciten por parte y/o por el conjunto de los suministros requeridos.

[Fonte: D04 (1563)]

1300 **suborno** [s. m.]

ES *cohecho*

GL Dentro do prazo sinalado no punto anterior, poderase solicita-la revisión sempre que non transcorresen tres meses desde o día en que se descubriren os documentos decisivos, o **suborno**, a violencia ou a fraude, ou en que se recoñeceu ou declarou a falsidade.

ES Dentro del plazo señalado en el apartado anterior, se podrá solicitar la revisión siempre que no hayan transcurrido tres meses desde el día en que se descubrieren los documentos decisivos, el **cohecho**, la violencia o el fraude, o en que se hubiere reconocido o declarado la falsedad.

[Fonte: CIV (3668)]

1301 **subrogación** [s. f.]

ES *subrogación*

GL Faranse consta-lo pagamento e a **subrogación** na marxe da inscrición ou anotación do gravame en que os devanditos acredores se subrogan e as dos seus créditos ou dereitos respectivos, mediante a presentación no rexistro da acta notarial de entrega das cantidades indicadas ou do oportuno mandamento xudicial, se é o caso.

ES Se harán constar el pago y la **subrogación** al margen de la inscripción o anotación del gravamen en que dichos acreedores se subrogan y las de sus créditos o derechos respectivos, mediante la presentación en el Registro del acta notarial de entrega de las cantidades indicadas o del oportuno mandamiento judicial, en su caso.

[Fonte: CIV (4609)]

1302 **subrogar** [v. t.]

ES *subrogar*

GL Nos supostos de cambio de titularidade, o novo titular quedará **subrogado** en tódolos dereitos e obrigacións do titular anterior.

ES En los supuestos de cambio de titularidad, el nuevo titular quedará **subrogado** en todos los derechos y obligaciones del titular anterior.

[Fonte: LOU (164)]

1303 **subscribir** [v. t.]

ES *suscribir*

GL Os programas de cooperación territorial serán desenvolvidos e xestionados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e polas comunidades autónomas, de acordo coas súas respectivas competencias, mediante os convenios que, para estes efectos, se **subscriban**.

ES Los programas de cooperación territorial serán desarrollados y gestionados por el Ministerio de Educación, Cultura y Deporte y por las Comunidades Autónomas, de acuerdo con sus respectivas competencias, mediante los convenios que, a estos efectos, se **subscriban**.

[Fonte: CAL (208)]

1304 **subsidiariamente** [adv.]

ES *subsidiariamente*

GL A Administración civil non poderá imponer sancións que, directa ou **subsidiariamente**, impliquen privación de liberdade.

ES La Administración civil no podrá imponer sanciones que, directa o **subsidiariamente**, impliquen privación de libertad.

[Fonte: CON (131)]

1305 subsidiariedade [s. f.]

ES *subsidiariedad*

GL Ademais, a **subsidiariedade** do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional non podía deixar de gravitar no tronso desta opción lexislativa.

ES Además, la **subsidiariedad** del recurso de amparo ante el Tribunal Constitucional no podía dejar de gravitar en el trance de esta opción lexislativa.

[Fonte: CIV (378)]

1306 subsidiario [adx.]

ES *subsidiario*

GL Se a lei expresamente establece o carácter **subsidiario** da responsabilidade dos membros ou integrantes das unións ou agrupacións a que se refire o punto anterior, para o despacho da execución fronte a aqueles será preciso acredita-la insolvencia destas.

ES Si la ley expresamente estableciera el carácter **subsidiario** de la responsabilidad de los miembros o integrantes de las uniones o agrupaciones a que se refiere el apartado anterior, para el despacho de la ejecución frente a aquéllos será preciso acreditar la insolvencia de éstas.

[Fonte: CIV (3879)]

1307 subsidio de desempleo [s. m.]

ES *subsidio de desempleo*

GL Artigo 10º.-Incompatibilidade. Ademais do previsto nos artigos 37 e 38 do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, a indemnización compensatoria é incompatible coa percepción, polo beneficiario, dunha pensión de xubilación, **subsidio de desempleo** ou calquera outra prestación pública análoga.

ES Artículo 10º.-Incompatibilidad. Además de lo previsto en los artículos 37 y 38 del Reglamento (CE) 1257/1999, del Consejo, de 17 de mayo, la indemnización compensatoria es incompatible con la percepción, por el beneficiario, de una pensión de jubilación, **subsidio de desempleo** o cualquier otra prestación pública análoga.

[Fonte: D02 (1554)]

1308 **substanciación** [s. f.]

ES *sustanciación*

GL As persoas a que se refire este artigo deberán comunicarlle ó tribunal calquera cambio de domicilio que se produza durante a **substanciación** do proceso.

ES Las personas a que se refiere este artículo deberán comunicar al tribunal cualquier cambio de domicilio que se produzca durante la **sustanciación** del proceso.

[Fonte: CIV (1516)]

1309 **substanciar** [v. p.]

ES *sustanciar*

GL Que o tribunal que deba entender da acción principal posúa xurisdicción e competencia por razón da materia ou por razón da contía para coñecer da acumulada ou acumuladas. Sen embargo, á acción que deba **substanciarse** en xuízo ordinario poderá acumulárselle a acción que, por si soa, se debería ventilar, por razón da súa contía, en xuízo verbal.

ES Que el tribunal que deba entender de la acción principal posea jurisdicción y competencia por razón de la materia o por razón de la cuantía para conocer de la acumulada o acumuladas. Sin embargo, a la acción que haya de **sustanciarse** en juicio ordinario podrá acumularse la acción que, por sí sola, se habría de ventilar, por razón de su cuantía, en juicio verbal.

[Fonte: CIV (1037)]

1310 **substitución** [s. f.]

ES *sustitución*

GL Se se declara procedente, por medio de auto, a recusación formulada conforme o previsto no artigo anterior, quedará sen efecto a vista e verificarase de novo no día máis próximo que poida sinalarse, ante xuíz ou con maxistrados hábiles en **substitución** dos recusados.

ES Si se declarase procedente, por medio de auto, la recusación formulada conforme a lo previsto en el artículo anterior, quedará sin efecto la vista y se verificará de nuevo en el día más próximo que pueda señalarse, ante Juez o con Magistrados hábiles en **sustitución** de los recusados.

[Fonte: CIV (1706)]

1311 **substituír** [v. t.]

ES *sustituir*

GL A lei suprime as denominadas “diligencias para mellor prover” e **substitú-eas** por unhas diligencias finais, con presupostos distintos dos daquelas.

ES La Ley suprime las denominadas “diligencias para mejor proveer”, **sustituyéndolas** por unas diligencias finales, con presupuestos distintos de los de aquéllas.

[Fonte: CIV (306)]

1312 **substituto** [s.]

ES *sustituto*

GL En caso de se confirma-la abstención, o secretario xudicial que se abstivo debe ser substituído polo seu **substituto** legal; en caso de denegarse, aquel deberá continuar actuando no asunto.

ES En caso de confirmarse la abstención, el Secretario Judicial que se haya abstenido debe ser reemplazado por su **substituto** legal; en caso de denegarse, deberá aquél continuar actuando en el asunto.

[Fonte: CIV (1198)]

1313 **subtracción** [s. f.]

ES *sustracción*

GL Acordada a intervención da herdanza en calquera dos casos a que se refiren os artigos anteriores ordenará o tribunal, por medio de auto, se é necesario e non se efectuou anteriormente, a adopción das medidas indispensables para a seguridade dos bens, así como dos libros, papeis, correspondencia e efectos do defunto susceptibles de **subtracción** ou ocultación.

ES Acordada la intervención del caudal hereditario en cualquiera de los casos a que se refieren los artículos anteriores ordenará el tribunal, por medio de auto, si fuere necesario y no se hubiera efectuado anteriormente, la adopción de las medidas indispensables para la seguridad de los bienes, así como de los libros, papeles, correspondencia y efectos del defunto susceptibles de **sustracción** u ocultación.

[Fonte: CIV (5469)]

1314 **subtraer** [v. t.]

ES *sustraer*

GL E como queira que, á vista dos artigos 161. 1, alínea b) e 53. 2 do mesmo texto constitucional, parece constitucionalmente inviable **subtraer** ó Tribunal Constitucional tódalas materias incluídas no artigo 24 da nosa norma fundamental, á doutrina constitucional hai que se ater.

ES Y como quiera que, a la vista de los artículos 161. 1, letra b) y 53. 2 del mismo texto constitucional, parece constitucionalmente inviable **sustraer** al Tribunal Constitucional todas las materias incluidas en el artículo 24 de nuestra norma fundamental, a la doctrina del Tribunal Constitucional hay que atenerse.

[Fonte: CIV (363)]

1315 **sucesión lexítima** [s. f.]

ES *sucesión legítima*

GL Na falta doutros medios, o tribunal ordenará mediante providencia que sexan examinados os parentes, amigos ou veciños do defunto sobre o feito de ter morto este ab intestato e sobre se ten parentes con dereito á **sucesión lexítima**.

ES A falta de otros medios, el tribunal ordenará mediante providencia que sean examinados los parientes, amigos o vecinos del difunto sobre el hecho de haber muerto éste abintestato y sobre si tiene parientes con derecho a la **sucesión legítima**.

[Fonte: CIV (5456)]

1316 **sucesorio** [adx.]

ES *sucesorio*

GL Comunicada a defunción de calquera litigante por quen deba sucedelo, o tribunal suspenderá o proceso e, logo de traslado ás demais partes, acreditados a defunción e o título **sucesorio** e cumpridos os trámites pertinentes, terá, se é o caso, por parte ó sucesor en nome do litigante defunto e terao en conta na sentenza que se dicte.

ES Comunicada la defunción de cualquier litigante por quien deba sucederle, el tribunal suspenderá el proceso y, previo traslado a las demás partes, acreditados la defunción y el título **sucesorio** y cumplidos los trámites pertinentes, tendrá, en su caso, por personado al sucesor en nombre del litigante difunto, teniéndolo en cuenta en la sentencia que se dicte.

[Fonte: CIV (664)]

1317 **sumariedade** [s. f.]

ES *sumariedad*

GL Calquera cidadán poderá reclama-la tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a sección I.^a do capítulo segundo ante os tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e **sumariedade** e, se fose mester, a través do recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional.

ES Cualquier ciudadano podrá recabar la tutela de las libertades y derechos reconocidos en el artículo 14 y la Sección primera del Capítulo segundo ante los Tribunales ordinarios de preferencia y **sumariedad** y, en su caso, a través del recurso de amparo ante el Tribunal Constitucional.

[Fonte: CON (246)]

1318 **sumario** [adx.]

ES *sumario*

GL A experiencia de ineficacia, inseguridade xurídica e vicisitudes procesuais excesivas aconsella, en cambio, non configurar como **sumarios** os procesos en que se aduza, como fundamento da pretensión de desafiuza-mento, unha situación de precariedade: parece moi preferible que o proceso se desenvolva con apertura a plenas alegacións e proba e finalice con plena efectividade.

ES La experiencia de ineficacia, inseguridad jurídica y vicisitudes procesales excesivas aconseja, en cambio, no configurar como **sumarios** los procesos en que se aduzca, como fundamento de la pretensión de desahucio, una situación de precariedad: parece muy preferible que el proceso se desenvuelva con apertura a plenas alegaciones y prueba y finalice con plena efectividad.

[Fonte: CIV (313)]

1319 **supletorio** [adx.]

ES *supletorio*

GL A falta de dereito propio de Galicia, será de aplicación **supletoria** o dereito do Estado.

ES A falta de Derecho propio de Galicia, será de aplicación **supletoria** el Derecho del Estado.

[Fonte: EST (243)]

1320 **suposto** [s. m.]

ES *supuesto*

GL Os **supostos** de presentación non inicial de documentos e outros escritos e instrumentos relativos ó fondo regúlanse con exactitude e substitúese a promesa ou xuramento de non telos coñecido ou podido obter con anterioridade pola carga de xustificar esa circunstancia.

ES Los **supuestos** de presentación no inicial de los documentos y otros escritos e instrumentos relativos al fondo se regulan con exactitud y se sustituye la promesa o juramento de no haberlos conocido o podido obtener con anterioridad por la carga de justificar esa circunstancia.

[Fonte: CIV (241)]

1321 **suspensión cautelar** [s. f.]

ES *suspensión cautelar*

GL De non presentala no prazo indicado e, en virtude do disposto no devandito artigo, procederáse á **suspensión cautelar** do pagamento da pensión.

ES De no presentarla en el plazo indicado y, en virtud de lo dispuesto en dicho artículo, se procederá a la **suspensión cautelar** del pago de la pensión.

[Fonte: D03 (3213)]

1322 **suspensión de pagamentos** [s. f.]

ES *suspensión de pagos*

GL O tribunal suspenderá a execución no estado en que se encontre en canto lle sexa notificado que o executado se encontra en situación de **suspensión de pagamentos**, concurso ou quebra.

ES El tribunal suspenderá la ejecución en el estado en que se halle en cuanto le sea notificado que el ejecutado se encuentra en situación de **suspensión de pagos**, concurso o quiebra.

[Fonte: CIV (4047)]

1323 **suspensivo** [adx.]

ES *suspensivo*

GL E, finalmente, admítese tamén a pre-xudicialidade civil, con efectos **suspensivos**, se non cabe a acumulación de procesos ou un dos procesos se encontra próximo á súa terminación.

ES Y, finalmente, se admite también la prejudicialidad civil, con efectos **suspensivos**, si no cabe la acumulación de procesos o uno de los procesos se encuentra próximo a su terminación.

[Fonte: CIV (123)]

1324 **suxeito xurídico** [s. m.]

ES *sujeto jurídico*

GL En caso de non se formularen aclaracións e precisións, o tribunal só decretará o sobresemento do preito se non é en absoluto posible determinar en qué consisten as pretensións do demandante ou, se é o caso, do demandado na reconvencción, ou fronte a qué **suxeitos xurídicos** se formulan as pretensións.

ES En caso de no formularse aclaraciones y precisiones, el tribunal sólo decretará el sobreseimiento del pleito si no fuese en absoluto posible determinar en qué consisten las pretensiones del actor o, en caso, del demandado en la reconvencción, o frente a qué **sujetos jurídicos** se formulan las pretensiones.

[Fonte: CIV (3117)]

ES *justiciable*

GL Pártese aquí de dous criterios inspiradores: por un lado, a necesidade de seguridade xurídica e, por outro, a escasa xustificación de somete-los mesmos **suxeitos xurídicos** a diferentes procesos e de provoca-la correspondente actividade dos órganos xurisdiccionais, cando a cuestión ou asunto litixioso pode resolverse razoablemente nun só.

ES Se parte aquí de dos criterios inspiradores: por un lado, la necesidad de seguridad jurídica y, por otro, la escasa justificación de someter a los mismos **justiciales** a diferentes procesos y de provocar la correspondiente actividad de los órganos jurisdiccionales, cuando la cuestión o asunto litigioso razonablemente puede zanjarse en uno solo.

[Fonte: CIV (127)]

T

1325 **tableiro de anuncios** [s. m.]

ES *tablón de anuncios*

- GL** No caso de o domicilio non constar no rexistro ou de a comunicación lle ser devolta ó rexistro por calquera motivo, o rexistrador practicará nova comunicación mediante edicto no **tableiro de anuncios** do rexistro, que se publicará durante un prazo de quince días.
- ES** En el caso de que el domicilio no constare en el Registro o que la comunicación fuese devuelta al Registro por cualquier motivo, el Registrador practicará nueva comunicación mediante edicto en el **tablón de anuncios** del Registro, que se publicará durante un plazo de quince días.
- [Fonte: CIV (4613)]

1326 **tableiro de edictos** [s. m.]

ES *tablón de edictos*

- GL** De conformidade co artigo 42.6º da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, por medio do presente anuncio, e publicación no **tableiro de edictos** do concello, notifícase o acordo que nel se contén a tódolos propietarios afectados descoñecidos, de ignorado enderezo, respecto dos cales non se poida practica-la notificación intentada.
- ES** De conformidad con el artículo 42.6º da Ley 1/1997, de 24 de marzo, del suelo de Galicia, por medio del presente anuncio, y publicación en el **tablón de edictos** del ayuntamiento, se notifica el acuerdo que en el se contiene a todos los propietarios afectados desconocidos, de ignorado domicilio, respecto de los cuales no se pueda practicar la notificación intentada.
- [Fonte: D09 (1245)]

1327 **tan pronto como** [loc. conx.]

ES *tan pronto como*

GL Se, malia a anterior prohibición, se substancia o novo incidente, **tan pronto como** conste o feito decretarase a nulidade do actuado por mor da solicitude, con imposición das custas ó que a presentase.

ES Si, a pesar de la anterior prohibición, se sustanciase el nuevo incidente, **tan pronto como** conste el hecho se decretará la nulidad de lo actuado a causa de la solicitud, con imposición de las costas al que la hubiere presentado.

[Fonte: CIV (1160)]

1328 **tanto por cento** [s. m.]

ES *tanto por ciento*

GL O grao de utilización expresa en **tanto por cento** a ocupación en horas do espacio prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas.

ES El grado de utilización expresa en **tanto por ciento** la ocupación en horas del espacio prevista para la impartición de las enseñanzas, por un grupo de alumnos, respecto de la duración total de estas enseñanzas.

[Fonte: D06 (2050)]

ES *porcentaje*

GL Para garanti-lo financiamento dos servizos antes referidos, a Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta adoptará un método encamiñado a fixa-lo **tanto por cento** de participación previsto no apartado 3 do artigo 45.

ES Para garantizar la financiación de los servicios antes referidos la Comisión Mixta prevista en la disposición transitoria cuarta adoptará un método encaminado a fijar el **porcentaje** de participación previsto en el apartado 3 del artículo 44.

[Fonte: EST (401)]

1329 **tarxeta de identificación fiscal** [s. f.]

ES *tarjeta de identificación fiscal*

GL Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da constitución legal da productora, da inscrición no Rexistro Mercantil e da **tarxeta de identificación fiscal**.

ES Fotocopia compulsada de la documentación acreditativa de la constitución legal de la productora, de la inscripción en el Registro Mercantil y de la **tarjeta de identificación fiscal**.

[Fonte: D06 (2229)]

1330 **taxa** [s. f.]

ES *tasa*

GL Estarán exentos do aboamento de **taxas** por dereito de inscrición os que foron admitidos no último proceso selectivo para o acceso á mesma categoría, de acordo coa base terceira da resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 30 de xuño de 1999 e corrección de erros do 13 de outubro de 1999.

ES Estarán exentos del abono de **tasas** por derecho de inscripción los que fueron admitidos en el último proceso selectivo para el acceso a la misma categoría, de acuerdo con la base tercera de la resolución de la Dirección General de la Función Pública de 30 de junio de 1999 y corrección de errores de 13 de octubre de 1999.

[Fonte: D05 (601)]

1331 **taxación** [s. f.]

ES *avalúo*

GL Os bens inmobles sairán a poxa polo valor que resulte de deducir da súa **taxación**, realizada de acordo co previsto nos artigos 637 e seguintes desta lei, o importe de tódalas cargas e dereitos anteriores ó gravame polo que se despachase execución a preferencia da cal resulte da certificación rexistral de dominio e cargas.

ES Los bienes inmuebles saldrán a subasta por el valor que resulte de deducir de su **avalúo**, realizado de acuerdo con lo previsto en los artículos 637 y siguientes de esta Ley, el importe de todas las cargas y derechos anteriores al gravamen por el que se hubiera despachado ejecución cuya preferencia resulte de la certificación registral de dominio y cargas.

[Fonte: CIV (4643)]

ES *tasación*

GL Non se incluírán na **taxación** os dereitos correspondentes a escritos e actuacións que sexan inútiles, superfluas ou non autorizadas pola lei, nin as partidas das minutas que non se expresen detalladamente ou que se refiran a honorarios que non se devengasen no preito.



ES No se incluirán en la **tasación** los derechos correspondientes a escritos y actuaciones que sean inútiles, superfluas o no autorizadas por la ley, ni las partidas de las minutas que no se expresen detalladamente o que se refieran a honorarios que no se hayan devengado en el pleito.

[Fonte: CIV (2015)]

1332 **tasación conxunta** [s. f.]

ES *tasación conjunta*

GL O Concello de Oleiros remitiu á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda na Coruña expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de **tasación conxunta**, para a adquisición dos terreos afectados pola ampliación da zona dotacional DEP-17 e M-5 en Iñás, de conformidade co artigo 145 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia (LSG).

ES El Ayuntamiento de Oleiros remitió a la Delegación Provincial de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en A Coruña expediente de expropiación forzosa, por el procedimiento de **tasación conjunta**, para la adquisición de los terrenos afectados por la ampliación de la zona dotacional DEP-17 y M-5 en Iñás, de conformidad con el artículo 145 de la Ley 1/1997, de 24 de marzo, del suelo de Galicia (LSG).

[Fonte: D10 (3329)]

1333 **tasación de custas** [s. f.]

ES *tasación de costas*

GL En todo tipo de procesos e instancias, a **tasación de custas** practícaraa o secretario do tribunal que coñeceu do proceso ou recurso, respectivamente, suxeitándose ás disposicións deste título.

ES En todo tipo de procesos e instancias, la **tasación de costas** se practícará por el Secretario del tribunal que hubiera conocido del proceso o recurso, respectivamente, sujetaándose a las disposiciones de este Título.

[Fonte: CIV (2014)]

1334 **taxador** [adx.-s.]

ES *tasador*

GL Para valora-los bens, designarase o perito **taxador** que corresponda de entre os que presten servizo na Administración de Xustiza.

ES Para valorar los bienes, se designará el perito **tasador** que corresponda de entre los que presten servicio en la Administración de Justicia.
[Fonte: CIV (4457)]

1335 **taxar** [v. t.]

ES *tasar*

GL Que na escritura de constitución da hipoteca se determine o prezo en que os interesados **taxan** o predio ou ben hipotecado, para que sirva de tipo na poxa.

ES Que en la escritura de constitución de la hipoteca se determine el precio en que los interesados **tasán** la finca o bien hipotecado, para que sirva de tipo en la subasta.

[Fonte: CIV (4745)]

1336 **técnica xurídica** [s. f.]

ES *técnica jurídica*

GL Noutra orde de cousas, a lei tenta utilizar unha linguaxe que, axustándose ás esixencias ineludibles da **técnica xurídica**, resulte máis próxima a calquera cidadán, con eliminación de expresións hoxe obsoletas ou difíciles de comprender e máis ligadas a usos forenses antigos que a aquelas esixencias.

ES En otro orden de cosas, la Ley procura utilizar un lenguaje que, ajustándose a las exigencias ineludibles de la **técnica jurídica**, resulte más asequible para cualquier ciudadano, con eliminación de expresiones hoy obsoletas o difíciles de comprender y más ligadas a antiguos usos forenses que a aquellas exigencias.

[Fonte: CIV (48)]

1337 **tenza** [s. f.]

ES *tenencia*

GL Queda prohibida a **tenza**, transporte, tránsito, almacenamento, transformación, exposición e venda de produtos pesqueiros de calquera orixe ou procedencia, que sexan de tamaño ou peso inferior ó regulamentado no ámbito internacional, comunitario, estatal e autonómico.

ES Queda prohibida la **tenencia**, transporte, tránsito, almacenamiento, transformación, exposición y venta de productos pesqueros de cualquier origen o procedencia, que sean de talla o peso inferior a lo reglamentado en el ámbito internacional, comunitario, estatal y autonómico.

[Fonte: LPM (568)]

1338 **terceiro** [s. m.]

ES *tercero*

GL A sentenza que se pronuncie sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario deixará a salvo os dereitos de **terceiros**.

ES La sentencia que se pronuncie sobre la inclusión o exclusión de bienes en el inventario dejará a salvo los derechos de **terceros**.

[Fonte: CIV (5483)]

1339 **terceiro poseedor** [s.]

ES *tercero poseedor*

GL Considerarase, así mesmo, **terceiro poseedor** a quen, no tempo a que se refire o número anterior, adquirise soamente o usufructo ou dominio útil do predio hipotecado ou embargado, ou ben a núa propiedade ou dominio directo.

ES Se considerará, asimismo, **tercer poseedor** a quien, en el tiempo a que se refiere el apartado anterior, hubiere adquirido solamente el usufructo o dominio útil de la finca hipotecada o embargada, o bien la nuda propiedad o dominio directo.

[Fonte: CIV (4627)]

1340 **tercería de dominio** [s. f.]

ES *tercería de dominio*

GL Se o verdadeiro titular non fai vale-los seus dereitos por medio da **tercería de dominio**, non poderá impugna-lo alleamento dos bens embargados, se o rematante ou adxudicatario os adquirise de modo irrevindicable, conforme o establecido na lexislación substantiva.

ES Si el verdadero titular no hiciese valer sus derechos por medio de la **tercería de dominio**, no podrá impugnar la enajenación de los bienes embargados, si el rematante o adjudicatario los hubiera adquirido de modo irrevindicable, conforme a lo establecido en la legislación sustantiva.

[Fonte: CIV (4201)]

1341 **tercería de mellor dereito** [s. f.]

ES *tercería de mejor derecho*

GL Quen afirme que lle corresponde un dereito a que o seu crédito sexa satisfeito con preferencia ó do acreedor executante poderá interpor demanda de **tercería de mellor dereito**, á que haberá que lle xuntar un principio de proba do crédito que se afirma preferente.

ES Quien afirme que le corresponde un derecho a que su crédito sea satisfecho con preferencia al del acreedor ejecutante podrá interponer demanda de **tercería de mejor derecho**, a la que habrá de acompañarse un principio de prueba del crédito que se afirma preferente.

[Fonte: CIV (4315)]

1342 **tercerista** [s. com.]

ES *tercerista*

GL De tratarse de bens o dominio dos cales sexa susceptible de inscrición nalgún rexistro, o dito título terá que estar inscrito a favor do **tercerista** ou do seu causante con data anterior á de inscrición da garantía, o que se acreditará mediante certificación rexistral expresiva da inscrición do título do tercerista ou do seu causante e certificación de non aparecer extinguido nin cancelado no rexistro o asiento de dominio correspondente.

ES Si se tratare de bienes cuyo dominio fuere susceptible de inscripción en algún Registro, dicho título habrá de estar inscrito a favor del **tercerista** o de su causante con fecha anterior a la de inscripción de la garantía, lo que se acreditará mediante certificación registral expresiva de la inscripción del título del tercerista o de su causante y certificación de no aparecer extinguido ni cancelado en el Registro el asiento de dominio correspondiente.

[Fonte: CIV (4853)]

1343 **termo** [s. m.]

ES *término*

GL Os alumnos do terceiro ciclo de educación primaria e dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria poderán participar no consello escolar nos **termos** que establezan as administracións educativas.

ES Los alumnos del tercer ciclo de Educación Primaria y de los dos primeros cursos de la Educación Secundaria Obligatoria podrán participar en el Consejo Escolar en los **términos** que establezcan las Administraciones educativas.

[Fonte: CAL (905)]

1344 **termos e condicións** [loc. s.]

ES *términos y condiciones*

GL Os estudantes gozarán da protección da Seguridade Social nos **termos e condicións** que estableza a lexislación vixente.

ES Los estudiantes gozarán de la protección de la Seguridad Social en los **términos y condiciones** que establezca la legislación vigente.

[Fonte: LOU (486)]

1345 **terreo** [s. m.]

ES *terreno*

GL Os **terreos** que se pretenden expropiar están clasificados como solo urbano coa cualificación de equipamento comunitario.

ES Los **terrenos** que se pretenden expropiar están clasificados como suelo urbano con la calificación de equipamiento comunitario.

[Fonte: D10 (3337)]

1346 **tesourería** [s. f.]

ES *tesorería*

GL As traballadoras en activo deberán acreditar a súa condición mediante a presentación dun certificado de vida laboral expedido pola **Tesourería** Xeral da Seguridade Social acompañado, se é o caso, da tarxeta do Servicio Público de Emprego que acredite que figuran en situación de mellora de emprego.

ES Las trabajadoras en activo deberán acreditar su condición mediante la presentación de un certificado de vida laboral expedido por la **Tesorería** General de la Seguridad Social acompañado, en su caso, de la tarjeta del Servicio Público de Empleo que acredite que figuran en situación de mejora de empleo.

[Fonte: D09 (482)]

1347 **tesouro** [s. m.]

ES *tesoro*

GL Advírtase que de non ser realizado este en tempo e forma haberá de aboala multa imposta no período de pagamento voluntario, a favor do **Tesouro** da Facenda galega, conta restrinxida da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

ES Adviértase que de no ser entablado éste en tiempo y forma habrá de abonar la multa impuesta en período de pago voluntario, a favor del **Tesoro** de la Hacienda gallega, cuenta restringida de la Consellería de Justicia, Interior y Relaciones Laborales.

[Fonte: D01 (877)]

1348 **testador** [s.]

ES *testador*

GL Calquera coherdeiro ou legatario de parte alícuota poderá reclamar xudicialmente a división da herdanza, sempre que esta non deba efectualar un comisario ou contador-partidor designado polo **testador**, por acordo entre os coherdeiros ou por resolución xudicial.

ES Cualquier coheredero o legatario de parte alícuota podrá reclamar judicialmente la división de la herencia, siempre que ésta no deba efectuarla un comisario o contador-partidor designado por el **testador**, por acuerdo entre los coherederos o por resolución judicial.

[Fonte: CIV (5395)]

1349 **testamentaría** [s. f.]

ES *testamentaría*

GL Para a división xudicial da herdanza a lei diseña un procedemento moito máis simple e menos custoso que o xuízo de **testamentaría** da Lei de 1881.

ES Para la división judicial de la herencia diseña la Ley un procedimiento mucho más simple y menos costoso que el juicio de **testamentaría** de la Ley de 1881.

[Fonte: CIV (521)]

1350 **testamentario** [adx.]

ES *testamentario*

GL Se por disposición **testamentaria** se estableceron regras especiais para o inventario dos bens da herdanza, formábase este con suxeición ás ditas regras.

ES Si por disposición **testamentaria** se hubieren establecido reglas especiales para el inventario de los bienes de la herencia, se formará éste con sujeción a dichas reglas.

[Fonte: CIV (5481)]



1351 **testar** [v. i.]ES *testar*

GL Se, en efecto, resulta que faleceu sen **testar** e sen parentes chamados pola lei á sucesión, mandará o tribunal, por medio de auto, que se proceda:

ES Si, en efecto, resultare haber fallecido sin **testar** y sin parientes llamados por la ley a la sucesión, mandará el tribunal, por medio de auto, que se proceda:

[Fonte: CIV (5457)]

1352 **testemuña** [s. f.]ES *testigo*

GL No que atinxe o interrogatorio de **testemuñas**, consideracións semellantes ás sinaladas verbo da declaración das partes aconsellaron que a lei opte por establecer que o interrogatorio sexa libre desde o principio.

ES En cuanto al interrogatorio de **testigos**, consideraciones semejantes a las reseñadas respecto de la declaración de las partes, han aconsejado que la Ley opte por establecer que el interrogatorio sea libre desde el principio.

[Fonte: CIV (284)]

1353 **testemuño** [s. m.]ES *testimonio*

GL As persoas que acrediten un interese lexítimo poderán acceder ós libros, arquivos e rexistros xudiciais que non teñan carácter reservado e obter, á súa custa, **testemuño** ou certificación dos puntos que indiquen.

ES Las personas que acrediten un interés legítimo podrán acceder a los libros, archivos y registros judiciales que no tengan carácter reservado y obtener, a su costa, **testimonio** o certificación de los extremos que indiquen.

[Fonte: CIV (1407)]

1354 **titor** [s.]ES *tutor*

GL Será **titor** do rei menor a persoa que no seu testamento nomeara o rei defunto, sempre que sexa maior de idade e español de nacemento; se non o nomeara, será titor o pai ou a nai, mentres permanezan viúvos.

ES Será **tutor** del Rey menor la persona que en su testamento hubiese nombrado el Rey difunto, siempre que sea mayor de edad y español de nacimiento; si no lo hubiese nombrado, será tutor el padre o la madre mientras permanezcan viudos.

[Fonte: CON (284)]

1355 **titularidade** [s. f.]

ES *titularidad*

GL As disposicións desta lei sobre subsistencia e cancelación de cargas serán aplicables tamén cando, de acordo co disposto nesta sección e na anterior, se transmita a **titularidade** de inmobles hipotecados ou embargados.

ES Las disposiciones de esta Ley sobre subsistencia y cancelación de cargas serán aplicables también cuando, de acuerdo con lo dispuesto en esta sección y en la anterior, se transmita la **titularidad** de inmuebles hipotecados o embargados.

